

Revista GaLEGa
de filoloxía

monografía 1

Os pronomes demostrativos

Xosé Manuel
Sánchez Rei

Revista Galega
de filoloxía

monografía **1**

Xosé Manuel Sánchez Rei

Os pronomes demostrativos:

do latín ao galego contemporáneo

Índice xeral

Nota preliminar	11
Principais abreviaturas non bibliográficas que aparecen no texto	13
Desenvolvemento das abreviaturas de localizacións xeográficas nos textos notariais da Idade Media	15
Capítulo 1. Do latín ao galego-portugués medieval	17
1.1. Latín clásico e latín popular: tendencias e resultados na Romania	17
1.1.1. Xeneralidades	17
1.1.2. Principais fenómenos na súa evolución	24
1.2. O latín galaico e a clase pronominal dos demostrativos	31
1.2.1. Problemas de interpretación e principios recorrentes	31
1.2.2. Achegamento aos pronomes demostrativos e problemas conexos	33
1.2.3. O latín escrito da Galiza medieval	38
1.2.4. Descendentes dos demostrativos latinos HIC, HAEC, HOC	41
Capítulo 2. Os demostrativos no galego-portugués medieval	47
2.1. As formas: orixe, evolución interna e resultados	47
2.1.1. Paradigmas xerais	47
2.1.2. Mudanzas e tendencias na lingua medieval	55
2.1.2.1. <i>O uso de formas reforzadas e de formas simples</i>	55
2.1.2.2. <i>A transformación da raíz nos descendentes do neutro latino</i> [‘e] > [‘i]	61
2.2. Contraccións das partículas prepositivas cos demostrativos	68
2.2.1. Preposición <i>a</i>	69
2.2.2. Preposición <i>de</i>	69
2.2.3. Preposición <i>en</i> (<i>em</i> , <i>ẽ</i>)	70
2.2.4. Preposición <i>sobre</i>	72
2.3. Outros pronomes demostrativos	72
2.3.1. <i>Atal</i>	72
2.3.2. <i>Elesso ~ eleiso</i>	73

Edita: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Depósito Legal: C-873/2002

ISBN: 84-9749-013-4

Distribúe: Baía Edicións

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

2.3.3. <i>Elo</i>	74
2.3.4. <i>Ende</i>	75
2.3.5. <i>Estoutro</i> (e <i>essoutro</i> , <i>aqueloutro</i>)	76
2.3.6. <i>Meesmo</i>	77
2.4. Algunhas notas en relación á diversidade dialectal da Baixa Idade Media no paradigma dos demostrativos: os pronomes masculinos e femininos con hipercaracterización no radical	80
2.4.1. Dificultades de interpretación	80
2.4.2. As formas hipercaracterizadas dos pronomes con flexión: latinismos ou preludios da situación dialectal moderna	82
Capítulo 3. Os séculos XVII-XVIII: preludio da situación (dialectal) moderna	87
3.1. Introducción: dificultades textuais	87
3.2. Os textos conservados como unha posíbel antesala da situación dialectal contemporánea	89
3.2.1. Teorías sobre o aparecemento das formas hipercaracterizadas no masculino	89
3.2.2. A documentación nas obras	91
3.2.2.1. <i>Textos redixidos en galego</i>	91
3.2.2.2. <i>Outros testemuños</i>	98
3.2.3. Conclusión: as variantes dialectais dos pronomes demostrativos e a situación dialectal contemporánea	100
3.3. As gramáticas portuguesas como fonte de información	103
Capítulo 4. O galego dos séculos XIX-XX	111
4.1. Variantes e subsistemas de paradigmas no galego contemporáneo	111
4.1.1. Estado moderno das variantes dialectais	111
4.1.1.1. <i>Formas masculinas hipercaracterizadas no radical</i>	112
4.1.1.2. <i>Formas dos femininos de T1 e T2</i>	114
4.1.1.3. <i>Formas do feminino de T3</i>	115
4.1.1.4. <i>Formas dos pronomes invariábeis</i>	116
4.1.1.5. <i>Pervivencia das formas reforzadas de T1 e T2</i>	118
1. A presenza na literatura decimonónica e nas obras dos primeiros anos do século XX	118
2. A documentación en falares dialectais portugueses	120

4.1.1.6. <i>A flexión de número nos pronomes masculinos</i>	123
4.1.1.7. <i>O fonema lateral palatal en T3</i>	126
4.1.1.8. <i>Outras particularidades dos demostrativos: relación entre forma e función na FN</i>	127
4.1.1.9. <i>A transformación da raíz <e> en <i> por analoxía</i>	128
4.1.2. Síntese: subsistemas de paradigmas no galego moderno	129
4.2. As variantes dialectais a través dos estudos lingüísticos e a súa incidencia na elaboración da norma común	134
4.2.1. Os demostrativos a través das gramáticas, dicionarios e outros traballos	135
4.2.1.1. <i>Do século XIX até 1936</i>	136
4.2.1.2. <i>De 1936 até a codificación normativa dos anos 70-80</i>	142
4.2.1.3. <i>Síntese: cadro esquemático dos paradigmas de demostrativos nos traballos sobre a lingua galega</i>	144
4.2.2. Do substrato dialectal á conformación do estándar moderno: breve repaso ás consideracións normativas	147
4.3. Achegamento á rendibilidade dos demostrativos dialectais na literatura contemporánea: os demostrativos con radical <i>	151
Capítulo 5. Conclusións	167
Bibliografía	171
1. Estudos especializados	171
2. Desenvolvemento das abreviaturas e siglas empregadas nas obras literarias	187

Para Carlos Loureiro

Nota preliminar

Aínda que as gramáticas históricas que existen hoxe en día en Galiza e en Portugal e tamén outra sorte de traballos clarifican a procedencia dos pronomes demostrativos, o certo é que, en xeral, poucas páxinas ocupan neles contributos, circunstancia que se torna lóxica e doada de comprender a termos en conta que tales obras son concibidas tomando a lingua no seu conxunto e non a abordaren exclusivamente un determinado paradigma gramatical de que esta dispón. Mais, dada a importancia que a posibilidade de sinalar e localizar algo ou alguén ten na linguaxe humana, pareceunos oportuno ocupármolos do seu percurso evolutivo desde o latín até a realidade dialectal contemporánea do noso idioma e verificarmos como se produciu esa viaxe diacrónica de máis de vinte séculos no que afecta as formas pronominais dos demostrativos. Se, como dicía Bühler na década dos anos trinta no seu xa clásico *Teoría da linguaxe*, os animais aínda non sinalan, e se esta capacidade de mostración é, subsecuentemente, intrínseca ao ser humano, centra o noso interese vermos como dita característica foi evoluíndo desde a época clásica do latín até a actualidade no que se refire á aparición de certas formas, á adaptación e mudanza de determinados elementos ou mesmo ao solpor devagariñado doutras unidades. O presente estudo, pois, é fundamentalmente morfolóxico, e non por considerarmos outras disciplinas, cal a sintaxe ou como a pragmática, menos relevantes para a descrición lingüística, mais por condicionantes de espazo alleos a nós.

O obxectivo elementar indicado no parágrafo anterior, o de ofrecermos unha perspectiva o máis ampla posíbel, dentro das nosas limitacións persoais, para a evolución morfolóxica dos demostrativos, non obsta para outras finalidades máis xerais, que se poden resumir no desexo de esta monografía coadruar na recuperación do prestixio, na dignificación e na normalización da nosa lingua. Daremos por válido este estudo, por tanto, se der contribuído a que, do punto de vista histórico, se coñeza mellor un dos seus sistemas de pronomes, e se servir, xa centrándonos na época estritamente actual, como máis un gran de area no proceso de normalización lingüística en que aínda nos achamos inmersos.

Para concluírmos estas palabras introdutorias, finalmente, só nos resta deixarmos constancia do noso agradecemento para con aquelas persoas, compañeiros, familiares e amigos, que xentilmente nos brindaron a súa axuda para a realización do presente traballo, pois as súas observacións e os seus comentarios aclaráronnos moitas das dúbidas que ían aparecendo no proceso das pesquisas e de elaboración desta monografía.

Principais abreviaturas non bibliográficas que aparecen no texto

a.d.e.: antes da nosa era

AFI: Alfabeto Fonético Internacional

al.: alemán

anc.: ancien (*antigo*, en francés, nos autores citados en que aparece)

ant.: antigo

arc.: arcaico

c.: *circa*, arredor de

cat.: catalán

cfr.: confróntese, véxase tamén

doc.: documento

esp.: español

fem.: feminino

FN.: Frase Nominal

for.: forma

fr.: francés

gal.: galego

ing.: inglés

invar.: invariábel

it.: italiano

masc.: masculino

mod.: moderno

ms.: manuscrito

P1: primeira persoa gramatical

P2: segunda persoa gramatical

P3: terceira persoa gramatical

pers.: persoa, persoal

port.: portugués

pron.: pronome

prov.: provenzal

RFE: *Revista de Filología Española*

rom.: romeno

sard.: sardo

s.d.: sen data explícita de publicación

s.f.: substantivo feminino

s.l.: *sine loco*, sen lugar explícito de publicación ou de referenciación xeográfica

s.m.: substantivo masculino

su.: meridional, do sur

s.v.: *sub voce* ou *sub vocibus*, para esta voz ou para estas voces

T1: primeira serie de pronomes demostrativos

T2: segunda serie de pronomes demostrativos

T3: terceira serie de pronomes demostrativos

v.: verso

vv.: versos

vs.: *versus*, en confronto con

Desenvolvemento das abreviaturas de localizacións xeográficas para os textos notariais da Idade Media¹

BA = Baiona (Pontevedra)

BAR = Barracido (A Coruña)

CAA = Caaveiro (A Coruña)

CC = Castro Cadelas (Ourense)

CHA = Chantada (Lugo)

CO = A Coruña

FRE = Freán (Lugo)

GU = A Guarda (Pontevedra)

LU = Lugo

MA = Maia (Douro Litoral)

MD = Montederramo (Ourense)

MF = Monfero (A Coruña)

MI = Miragaia (Douro Litoral)

MO = Monção (Minho)

MON = Monterroso (Lugo)

MR = Monterrei (Ourense)

OS = Oseira (Ourense)

PE = A Peroxa (Lugo)

¹ Nesta relación de abreviaturas só se tiveron en conta aquelas que fan referencia a textos redixidos en galego polo seu interese canto á localización xeográfica e dialectal. Os documentos notariais vehiculizados en latín, en consecuencia, non se encontran citados en dita tabela. No caso particular dos textos que aparecen en *DG*, hai que contemplar a súa referenciación xeográfica con certa cautela, pois en ocasións non parece ficar claro cal é a procedencia do documento. Por outra parte, a carón da abreviatura empregada para a localidade de que proveñen, inclúense, tamén só no caso daqueles escritos en galego, a data en que foron compostos.

PO = Pontevedra

QUI = Quiroga (Lugo)

SA = Salvaterra de Miño (Pontevedra)

SM = Carracedo (Bierzo)

SO = Sobrado dos Monxes (A Coruña)

ST = Santiago de Compostela (A Coruña)

TE = Tebra (Pontevedra)

TU = Tui (Pontevedra)

VA = Valença do Minho (Minho)

VI = Vilaboa, Veiga do Bolo (Ourense)

ZO = Zolle (Lugo)

Capítulo 1. Do latín ao galego-portugués medieval

1.1. Latín clásico e latín popular: tendencias e resultados na Romania

1.1.1. Xeneralidades

A chegada dos romanos a Galiza, coas súas posteriores conquista e imposición do idioma, varreu case por completo as linguas que se falaban nestes territorios, cuxos únicos testemuños actuais transparecen, alén da toponimia, nun escaso número de vocábulos frecuentemente non fáceis de identificar cun substrato determinado ou cunha fala prerromana concreta: *barro*, *berce*, *bidueiro*, *bourrar*, *bugallo*, *carrasco*, *cheda*, *lama*, *laxe*, *mato*², etc., son algunhas desas entradas lexicais aínda hoxe rexistrábeis no común da lingua, ao paso que topónimos como *Balsa*, *Barallobre*, *Bergantiños*, *Canzobre*, *Carballo*, *Céltigos*, *Coruña*, *Dumbría*, etc., fan parte dese legado prehistórico que se perennizou até os nosos días. A romanización do noroeste ibérico, máis tardía e difícil do que a levada a cabo noutras partes da Península Ibérica, cal as costas levantinas³, comeza no ano 139 a.d.e.⁴ coa incursión militar de Quinto Servilio Cepio e non se daría por concluída, do punto de vista bélico, até as campañas de Octavio Augusto nos anos 29-19 a.d.e., época en que se impón, se non definitivamente si ao menos a un nivel xeograficamente xeral, a *pax romana*.

² Véxanse ao respecto o estudos que sobre os substratos anteriores ao latín se desenvolven en Rivas Quintas (1994), en Ferreiro (1997: 18-19) ou en Mariño Paz (1998: 17-37). Vén sendo postulado aceite distinguir, por un lado, un elemento preindoeuropeu, dividido á súa vez nunha componente mediterránea ou euro-africana (que deixou voces cal *carqueixa*), nunha outra denominada tirrénica (que nos legou palabras como *codeso*, *morea* ou *veiga*) e nunha camada hispánico-caucásica (orixe dos actuais *coto*, *morango*, etc.); e, por outro, un elemento indoeuropeu, en que se diferencian dous estratos, o paracelta ou protocelta (con exemplos nos comúns *cabana* ou *páramo*) e o propiamente céltico (que deixou entradas como *camba*, *virar*, *lousa*, etc.).

³ Repárese na opinión de Mariño Paz (1998: 44), que nos di que “a romanización e latinización da Bética foi máis antiga e avanzou máis precozmente cá dos territorios ibéricos setentrionais. Para esta zona norte [...] hai testemuños que falan dunha máis prolongada permanencia das linguas indíxenas.”

⁴ En consonancia con Monteagudo (1999: 50), empregaremos as abreviaturas *a.d.e.* e *d.n.e.* para nos referirmos, respectivamente, a *antes da nosa era* e *despois da nosa era* por seren máis neutrais do que as recorrentes *a.C.* e *d.C.* (*antes de Cristo* e *depois de Cristo*).

Como adoita acontecer en todos os procesos de colonización, as falas agora subme- tidas ao latín gozaron dunha instábel situación de bilingüismo en relación a este ou, con maior probabilidade e propiedade científica, de diglosia, que foi evoluíndo para un abandono progresivo e gradual daquelas a favor do novo idioma, que operaba, ao paso, de árbitro no novo contexto lingüístico. É tamén posíbel que, nese solpor devagariñado das linguas prerromanas, se producise unha non menos instábel situa- ción de crioulización ou hibridación⁵, sempre sob os parámetros orientativos foca- dos para o latín, que decembraría plenamente co esquecemento das falas da Galiza antiga. Sexa como for, e en todo o caso, a lingua do Lacio acaba por se converter, co transcurso do tempo, no idioma habitual da población galaico-romana e de todas aquelas provincias que ían sendo incorporadas a Roma, mercé á vinda de colonos, militares e grupos populacionais, dando orixe, co decorrer histórico, ao galego-por- tugué medieval ou ibero-romance occidental e aos diferentes idiomas románicos.

Asenta a nova lingua, naturalízanse na Gallaecia e no resto da Península Ibérica⁶, mais con diferente grao de suceso a respecto doutras áreas romances, os seus para- digmas, estruturas morfosintácticas e léxico-semánticas e, asemade, como é obvio, as súas clases pronominais. Unha destas, a dos demostrativos⁷, presentaba un sis- tema trimembre partindo do grao de distancia en relación ao binomio emisor-recep- tor (maior ou menor proximidade), que, segundo se verá máis adiante, sofrería importantes remodelacións ao se habilitaren certas formas e ao se outras marxina- lizaren no percurso da clase pronominal deíctica. Para as referencias á proximida- de inmediata do falante ou primeiro termo (en adiante T1) existía HIC, HAEC, HOC, cuxo vínculo co falante abranxía o espazo físico, temporal e do coñecemento e que demarcaba unha maior proximidade sensíbel relativa ao emisor⁸. A súa clase com- pleta estaba composta polos elementos que seguen:

⁵ Para alén deste presumíbel proceso de hibridación, Monteagudo (1999: 61), baseándose en García y Bellido (1967: 18), coida que non se debe descartar a posibilidade de que en moitas rexións cántabras e galaicas se continuasen a utilizar as linguas prerromanas até entrada a Alta Idade Media, hipótese que lle parece “máis verosímil [...] sobre todo se temos en conta as condicións en que se produciu a latinización” no territorio galaico.

⁶ Agás, como é sabido, no territorio basco, en que se continuou a empregar unha lingua até os nosos días de moi diferente orixe á importada desde Roma e para a cal se levan barallado diversas hipóteses de filiación lingüística.

⁷ Seguimos no elementar a descrición para a morfosintaxe dos demostrativos latinos que aparece en Ernout / Thomas (1984: 187-193).

⁸ Na oralidade popular latina, segundo se indica en Ernout / Thomas (1984: 187), a frase nominal HIC HOMO servía como recurso expresivo para EGO, funcionalidade que se mantivo, a gandes trazos, no actual idioma galego: *este home cantou* ‘o home que está aquí cantou’ ou ‘eu cantei’. Nótese, no entanto, que na nosa lingua teremos de nos remeter ao contexto para sabermos a que persoa semántica se fai referencia. Na lingua contemporánea, constitúe un trazo de estilo coñecido tamén pola linguaxe literaria, en ocasións non coa palabra *home* mais tamén con outras posibilidades lexicais, como as seguintes: *Eu alí no timón, mandando á xente. ¡Orza! ¡Vira! Alí éravos coma un rei este vello* (Amado Carballo, *OPV* 33); *Mais, xa que tivo a caridade de lle vir faguer unha visitiña a ista vellez, dígame, ¿que pasa co mundo?* (Otero Pedrayo, *TI* 71); etc.

	Masculino		Feminino		Neutro	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
Nominativo	HIC	HI	HAEC	HAE	HOC	HAEC
Acusativo	HUNC	HOS	HANC	HAS	HOC	HAEC
Xenitivo	HUIUS	HORUM	HUIUS	HARUM	HUIUS	HORUM
Dativo	HUIC	HIS	HUIC	HIS	HUIC	HIS
Ablativo	HOC	HIS	HAC	HIS	HIS	HIS

As súas funcións no interior da cláusula, tal e como poñen de manifesto os exem- plos seguintes, podían orientarse cara a un uso substantivo, en que a noción de pro- nome semella ficar máis clara, ou tamén cara a unha utilización como forma adxa- cente: CHLAMYDEN ET MACHAERAM **HANC** (Plauto, *TLL*, VI, 3, 2740, 17-18); **HAEC** LOCA CIRCUM (Lucrecio, *TLL*, VI, 3, 2740, 12); **HAEC** QUAE SUPRA PRETIA POSITA SUNT (Cato, *TLL*, VI, 3, 2740, 24-25); **HOC** FACINUS PULCHRUMST, **HOC** PROBUMST, **HOC** LEPIDUMST, **HOC** FACTUMST FABRE (Plauto, *TLL*, VI, 3, 2740, 37-38); OMNES **HAEC** DECURIONES DECREVISSE (Séneca, *TLL*, VII, 3, 2739, 60); UNAM PETII A DOMINO: **HANC** REQUIRAM (*Vulgata*, *TLL*, VI, 3, 2740, 17-18); etc.

As formas ISTE, ISTA, ISTUD⁹, por súa vez, manifestaban un certo afastamento sen- síbel a respecto da persoa que emitía o enunciado, notábel en relación á anterior serie. O paradigma do segundo termo (a partir de agora T2), pois, era no latín clá- sico o que se expón a seguir:

	Masculino		Feminino		Neutro	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
Nominativo	ISTE	ISTI	ISTA	ISTAE	ISTUD	ISTA
Acusativo	ISTUM	ISTOS	ISTAM	ISTAS	ISTUD	ISTA
Xenitivo	ISTIUS	ISTORUM	ISTIUS	ISTARUM	ISTIUS	ISTORUM
Dativo	ISTI	ISTIS	ISTI	ISTIS	ISTI	ISTIS
Ablativo	ISTO	ISTIS	ISTA	ISTIS	ISTO	ISTIS

⁹ En época clásica e posclásica ISTE tamén podía ter un valor despectivo “qui s’explique par le fait que, dans la langue du barreau, il s’appliquait à la partie adverse, et aussi parce que, d’une façon générale, on est plus porté à voir les défauts de la personne à qui l’on a affaire que les siens”, aínda que “le

As construcións latinas que se ofrecen a continuación pretenden ilustrar o seu emprego: DA MI **ISTAS** VIGINTA MINAS (Plauto, *TLL*, VII, 2, 497, 71); **ISTAM** MACHA-ERAM LONGIOREM HABES QUAM HAEC EST (Plauto, *TLL*, VII, 2, 497, 73-74); HIC **ISTAM** COLLOCA CRUMINAM (Plauto, *TLL*, VII, 2, 497, 75); **ISTORUM** OBSCURAM DILIGENTIAM (Terencio, *TLL*, VII, 2, 503, 23); ME TAMEN **ISTA** OSCITANS SAPIENTIA [...] IN LIBERTATEM VINDICABIT (Cícero, *TLL*, VII, 2, 503, 84-1); C. LAELIUM [...]: AETATIS ILLIUS **ISTA** FUT LAUS TAMQUAM INNOCENTIAE SIC LATINE ELOQUENDI (Cícero, *TLL*, VII ,2, 404, 12-13); etc.

Finalmente, as formas de terceiro termo (T3) ILLE, ILLA, ILLUD, sinalaban aquilo considerabelmente afastado do falante, ficando fóra das súas referencias espacio-temporais máis inmediatas; aliás, denotaban un grao de proximidade menor en relación ás persoas que interviñan no discurso e marcaban un maior distanciamento a respecto da entidade situada fóra do acto comunicativo básico emisor-receptor. O seu paradigma era como segue:

	Masculino		Feminino		Neutro	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
Nominativo	ILLE	ILLI	ILLA	ILLAE	ILLUD	ILLA
Acusativo	ILLUM	ILLOS	ILLAM	ILLAS	ILLUD	ILLA
Xenitivo	ILLIUS	ILLORUM	ILLIUS	ILLARUM	ILLIUS	ILLORUM
Dativo	ILLI	ILLIS	ILLI	ILLIS	ILLI	ILLIS
Ablativo	ILLO	ILLIS	ILLA	ILLIS	ILLO	ILLIS

Confróntense os seguintes exemplos que din respecto á súa funcionalidade gramatical: **ILLE** MIHI SUAVIS ODOR, **ILLE** FRUCTUS IN TUO COLLO ATQUE OSCULUS SITUS EST (Fronto, *TLL*, VII, 1, 341, 76-76); OMNES **ILLAE** COLUMNAE, QUAS DEALBATAS VIDETIS (Cícero, *TLL*, VII, 1, 341, 2); **ILLE** QUI [...] STAT IN CONSPECTU MEO GENER (Cícero, *TLL*, VII, 1, 341, 84); QUI CUM ACCUSATORIBUS SEDET HERACLIDES **ILLE** TEMNITES (Cícero, *TLL*, VII, 1, 342, 1); QUISNAM CINADEUS **ILLE** VENIT? (Fedro, *TLL*, VII, 1, 341,69); SCIENTIAE ISTE [Paulus], **ILLE** [Petrus] POTENTIAE; DIVITIAS IMMORTALITATIS ILLE DISPENSAT, SCIENTIAE THESAROS ISTE LARGITUR (Aixelio, *TLL*, VII, 1, 346, 67-68), etc.

sens ‘laudatif’ n’était pas nécessairement exclu” (Ernout / Thomas 1984: 188). Repárese en que o T2 en galego tamén pode ser usado con matices pexorativos: *O bufón?... Ise é o de menos. É un pobre tolo* (Risco, *B* 13); *¿Un fillo no ferrocarril? ¿Ten un fillo na vía, esa?* (Ferrín, *ARRA* 127); etc.

Para alén destes usos mostrativos que poderíamos denominar primarios, nas relacións deícticas intratextuais adoitaba aparecer o binomio HIC...ILLE cunha certa diversidade de funcións cohesivas. Unha destas responsabilidades consistía en HIC remeter para o elemento precedente e ILLE se referir ao que vai ser citado a continuación, como se pode ver no fragmento tirado de Cícero: SED **HOC** COMMUNE VITIUM; **ILLAE** EPICURI PROPRIAE RUINAE (tirado de Ernout / Thomas 1984: 188). Noutras ocasións, o emprego no discurso de HIC e ILLE sinalaba a diferenza existente entre o enunciado en último lugar (HIC) e o dito con anterioridade a respecto deste (ILLE): CASAM ET INSULAM HABEO; **HAEC** IN TERRIS GALLAECORUM EST, **ILLA** IN HIBERNIA. Por último, debemos salientar aquí o valor indefinido da parella cando empregados correlativamente, cun significado moi próximo ao noso “un... (o) outro”, como se ve no seguinte caso extraído de Terencio: **HOC** LICET IMPUNE FACERE HUIC, **ILLI** NON LICET¹⁰.

Deixándonos de parte estas formas deícticas básicas, existían no latín outros paradigmas pronominais que tamén podían asumir responsabilidades demostrativas, seguramente por motivos morfolóxicos e funcionais, tales como, por exemplo, a semellanza de flexión, a posibilidade de poderen actuar ben como elementos adxacentes, ben cal termos nucleares na FN, e o feito de aludiren a un nome xa citado anteriormente no texto (Iordan / Manoliu 1989: 300). Estes pronomes, adoito denominados fóricos, funcionaban como demostrativos intratextualmente, circunstancia que os diferencia dos demostrativos propiamente ditos, que adoitaban sinalar extratextualmente¹¹. Tal era o caso da forma IS, EA, ID, moi rendíbel nas relacións de anáfora, de IDEM, EADEM, IDEM, produtivo a se comportar como un identificador, ou aínda de IPSE, IPSA, IPSUD, cuxas funcións se cinxían a identificar con noción opositiva, isto é: en canto sinalaban un ente, animado ou inanimado, singularizábano por se tratar deste mesmo obxecto ou ser e de ningún outro con que se puidese confundir. As formas clásicas dos tres pronomes eran as que se amosan a seguir:

	Masculino		Feminino		Neutro	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
Nominativo	IS	II (EI)	EA	EAE	ID	EA
Acusativo	EUM	EOS	EAM	EAS	ID	EA
Xenitivo	EIUS	EORUM	EIUS	EARUM	EIUS	EORUM
Dativo	EI	IS (EIS)	EI	IIS (EIS)	EI	IIS (EIS)
Ablativo	EO	IIS (EIS)	EA	IIS (EIS)	EO	IIS (EIS)

¹⁰ Véxase Ernout / Thomas (1984:188).

¹¹ Con todo, non sempre foi así, pois en textos tardíos, como a *Vulgata*, HIC pode asumir funcións de catáfora sobre todo para introducir o estilo indirecto.

	Masculino		Feminino		Neutro	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
Nominativo	IDEM	EIDEM	EADEM	EADEM	IDEM	EADEM
Acusativo	EUNDEM	EOSDEM	EANDEM	EASDEM	IDEM	EADEM
Xenitivo	EIUSDEM	EORUMDEM	EIUSDEM	EARUNDEM	EIUSDEM	EORUMDEM
Dativo	EIDEM	IISDEM (EISDEM)	EIDEM	IISDEM (EISDEM)	EIDEM	IISDEM (EISDEM)
Ablativo	EODEM	IISDEM (EISDEM)	EADEM	IISDEM (EISDEM)	EODEM	IISDEM (EISDEM)

	Masculino		Feminino		Neutro	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
Nominativo	IPSE	IPSI	IPSA	IPSAE	IPSUM	IPSA
Acusativo	IPSUM	IPSOS	IPSAM	IPSAS	IPSUM	IPSA
Xenitivo	IPSIUS	IPSORUM	IPSIUS	IPSARUM	IPSIUS	IPSORUM
Dativo	IPSI	IPSIS	IPSI	IPSIS	IPSI	IPSIS
Ablativo	IPSO	IPSIS	IPSA	IPSIS	IPSO	IPSIS

Os exemplos que se expoñen a seguir amosan a utilización dos tres pronomes anteriores: HIC SENSUS VERBI, VIS EA VOCIS ERAT (Ovidio, *TLL*, VII, 2, 459, 69); ISTO ANIMO ATQUE EA OPINIONE (Cícero, *TLL*, VII, 2, 459, 79); ODI ET AMO; QUARE ID FACIAM (Catulo, *TLL*, VII, 2, 459, 81); FUNDUM EODEM DIE [...] CIRCUMEAT; SI NON EODEM DIE, AT POSTRIDIE (Cato, *TLL*, VII, 1, 183, 39-40); FACIAM EX TRAGOEDIA COMOEDIA UT SIT OMNIBUS ISDEM VORSIBUS (Plauto, *TLL*, VII, 1, 17-18); EADEM NOS FORMIDO [...] TERROR IMPULIT (Plauto, *TLL*, VII, 1, 183, 18-19); TUSIM NON MI, SED IPSI SESTIO FERAT FRIGIUS (Catulo, *TLL*, VII, 2, 311, 81); NON EGO SUMPTUOSUS SUM, SED URBS IPSA MAGNAS IMPENSAS EXIGIT (Séneca, *TLL*, VII, 2, 311, 82-83); AUT TRIBUNI PLEBIS AUT IPSA PLEBS (Livio, *TLL*, VII, 2, 311, 83-84); etc.

En relación directa con estoutro subsistema de demostrativos fóricos e identificadores, así como tamén co deíctico ILLE, está a constante procura e utilización como pronome persoal suxeito de P3 dunha das formas susoditas, pois non existía unha entidade pronominal específica destinada a tales usos, o que redundaba

na súa indeterminación morfolóxica no sistema gramatical latino. Segundo Iso Echegoyen (1974: 462), o emprego dos persoais constituía un recurso enfático ou estilístico por o sistema de desinencias verbais abondar na identificación do actante do discurso ou da persoa en que recaía a acción¹²; con todo, isto non foi impedimento para que os utentes do idioma encarregasen tal desempeño de funcións semántico-sintácticas a calquer dos pronomes vistos nos parágrafos anteriores. En consecuencia, IS, HIC, ISTE, IPSE e ILLE asumiron desde moi cedo responsabilidades pronominais de suxeito para a P3, inclusive levando, conforme á súa elemental natureza primitiva, marcas connotativas de deíxe, como HIC, ISTE, ILLE, de referencia anafórica, cal IS, ou tamén de identificación adversativa, como a forma IPSE.

No entanto, esta diversidade formal fixo necesaria a selección de unicamente un só pronome para se comportar como suxeito, tal como acontecía cos enfáticos EGO e TU, en que só actuaban estas formas. No conxunto da Romania¹³ saíron vitoriosos desta problemática, en primeiro lugar, o deíctico ILLE¹⁴, antesala directa do pronome persoal tónico, dos pronomes átonos de acusativo e de dativo, do pronome identificador *o* ou artigo *e*, posterior e indirectamente, do demostrativo de maior afastamento en relación ao falante (T3); e en segundo lugar, nun posto marxinal se o compararmos coa maioritaria forma triunfante, o identificador IPSE, mais restrinxido xeograficamente ao dominio lingüístico do sardo: ILLE > gal. *el*, cat. *ell*, fr. *il*, it. *egli*, etc.; IPSE > sard. *isse* / *issu*.

¹² Non fica fóra da lóxica pensarmos nunha maior produtividade funcional de EGO, TU e ILLE, deixando de seren meramente índices formais dunha maior énfase, se repararmos en que a queda das desinencias do verbo, xeral na fala espontánea e tardía do latín, tivo que provocar, forzosamente, resultados homófonos no paradigma verbal, problema que se solventaría coa utilización dos susoditos pronomes: (EGO) CANTABAM, (ILLE) CANTABAT > EGO CANTABA, ILLE CANTABA, etc.

¹³ Alén do uso pronominal recto, debemos salientar que o emprego do oblicuo rexido por preposición tivo diferente suceso formal nas diversas linguas románicas: as formas de P3 dependentes dunha partícula prepositiva sérvienlles como ilustración a Dardel / Wüest (1993: 38-49) para estableceren dous ciclos de evicción casual distintos, cos seus respectivos protorromances, no conxunto dos territorios que formaron parte do imperio; o máis antigo deles ten como característica a habilitación da mesma forma para o suxeito e o complemento (*El vén e vou con el*), encanto que no restante se diferenciou claramente o suxeito do complemento en dúas entidades pronominais (*Il vient et je vais avec lui*). Ao primeiro, seguindo estes estudiosos, pertencen o sardo, o galego-portugués e o español; no segundo fican agrupados o catalán, o occitano, o francés, o retorrománico, o italiano e o romeno.

¹⁴ Véxase, a este respecto, o cadro comparativo dos resultados nas linguas romances en Lausberg (1981: 326). Aliás, cómpre lembrármolos de que xa un autor como Petronio, autor da obra de sabor popular *Satyricon*, habilita este pronome para o tornar persoal de P3, segundo se pode documentar no coñecido exemplo AT ILLE CIRCUMMIXIT VESTIMENTA SUA, ET SUBITO LUPUS FACTUS EST (Petronio, *S* 138).

Por outra parte, existía no latín a partícula presentativa ECCE¹⁵ (‘eis’, ‘velaqui’, ‘velaí’), a cal podía aglutinarse a algunhas palabras, maiormente na época arcaica do idioma ou na fala popular, para lle dar máis énfase ao enunciado e para lles proporcionar ás formas a que se xuntaba un apoio canto á súa estrutura fónica. Aos deícticos latinos non lles era descoñecida a citada partícula, como ben o demostra a circunstancia de poderen documentarse nos textos de Plauto (251-184 a.d.e.) ou de Terencio (190-159 a.d.e.), entre outros, construcións como as seguintes en número relativamente considerábel: ECCISTAM VIDEO (*TLL*, V, 2, 25, 23); HABEO ECCILLAM MEAM CLIENTAM, MERETRICEM ADULESCENTULAM (*TLL*, V, 2, 25, 36-37); SED ECCILLOS VIDEO INCEDERE PATREM, SODALIS ET MAGISTRUM (*TLL*, V, 2, 25, 17-18); NAM MEUS PATER INTUS NUNC EST ECCILLUM IUPPITER (*TLL*, V, 2, 25, 48); IN TIBE PATERAM, ECCAM (*TLL*, V, 2, 24, 60); IN IPSO TEMPORE ECCILLUM IPSUM OBVIAM (*TLL*, V, 2, 25, 66-67); etc.

Tamén existía a forma MET, que, con idénticas funcionalidades de reforzo do que ECCE, producía formas pronominais do tipo METIPSE, METIPSA, etc., rendíbeis principalmente nos niveis máis coloquiais do idioma e en textos literarios que reflectisen propositadamente, con maior ou menor acerto, a fala popular. Outro recurso enfático, por último, consistía na aglutinación de dous pronomes, nomeadamente un demostrativo e un identificador, dando lugar a posteriores e diversas formas nalgúns áreas románicas, como ISTE IPSU (> it. *stesso*), IPSE ILLU (> fr. ant. *esle*), etc., orixinadas tanto “por necesidades estilísticas” ou “porque el sentido deíctico se fue atenuando” conforme avanzaba o tempo (Jordan / Manoliu 1989: 301).

1.1.2. Principais fenómenos na súa evolución

Non obstante, esta complexa situación dentro do latín clásico, no que di respecto a procesos de reprobamento e de emerxencia de formas e funcións para os paradigmas de pronomes demostrativos, non foi estábel nin rixidamente asumida, xa que desde a época de César comezan a se insinuar as primeiras hesitacións e mudanzas do sistema primitivo. Estas, axudadas polo decorrer do tempo e polas tendencias lingüísticas nadas no seo dos rexistros máis populares da lingua, producirían unha auténtica remodelación do esquema latino inicial, ora no aspecto formal, ora

¹⁵ ECCE, cruzado con ATQUE ou con AC, aínda se pode encontrar nalgúns textos medievais galego-portugueses baixo a forma *aque* (Ferreiro 1999: 260, nota 316; 354): *Senhor fremosa, vejo-vus queixar / porque vos am'e ameí, pois vos vi; / e pois vos d'esto queixades de mi, / se én dereito queredes fillar; / aque-m'aquí eno vosso poder!* (LP, II 930); – *Señor Santiago, aque aquí o teu seruo que tu liuraste do laço da morte* (MS 5); e *a mea noite aque-vo-los santos / con Santa Maria* (CSM, I 220); etc. Por outra parte, conforme apunta Lorenzo (1977: 157), a pesar de que sempre se lle deu acentuación paroxítona á antecitada partícula, tamén pode lerse como unha forma oxítona: cfr. *Quand'est'oyu, 'a la ffe' / diss'el, 'eu yrei u é / aquel, e este que ssé / aquí ben enferrollado / farei soltar'. E en pe / sse levou e diss': 'Aqué / m'estou tod'aprestidado* (CSM, II 104).

no nivel funcional, cuxas consecuencias habían repercutir directamente na posterior conformación e caracterización da morfosintaxe romance.

Un dos motivos que coaduvou a acrecentar a perda de nidas fronteiras entre os componentes pronominais deícticos e os restantes anafóricos e identificadores foi, na opinión de Lausberg (1981: 347), a grande proximidade fonética que había entre os plurais HI e II, respectivas flexións de número de HIC e IS, provocando un certo grao de confusiónismo morfolóxico cuxa consecuencia directa se traduciu no desaparecemento de ambos os pronomes¹⁶; esta perda das dúas entidades pronominais viuse respaldada, segundo Iso Echegoyen (1974: 466), polos seus escasos corpos fónicos, pois se os confrontarmos con outras formas pronominais presentan unha breve realización oral. O seu solpor e posterior esquecemento posibilitou que ILLE, que xa non era raro na lingua a asumir funcións de P3, perdese unha boa parte das súas connotacións mostrativas e pasase a se comportar como un auténtico pronome persoal; no entanto, segundo se expuxo anteriormente, foi necesario reforzalo coa partícula ECCE caso de se utilizar co seu primitivo valor de sinalamento.

Outra mudanza de considerábel transcendencia, que veu tamén complicar a situación dos pronomes demostrativos e persoais no latín serodio e no protorromance, foi o nacemento dunha nova clase gramatical, inexistente na lingua do Lacio, como é a comunmente denominada “artigo” ou pronome identificador¹⁷, de uso unánime nos herdeiros lingüísticos de Roma. Aínda que a función deste morfema, tal e como hoxe a coñecemos, é característica da etapa románica, podemos remontarnos xa á propia lingua dos conquistadores itálicos para achar usos debilitados do paradigma demostrativo en que se preludian as futuras solucións neolatinas. Vimos antes que desde épocas clásicas adoitaba botarse man do identificador IPSE ou do deíctico (e anafórico) ILLE cando se tentaba pór de relevo un nome, identificalo ou pólo en contraste con outras palabras da mesma clase que concorrían no discurso. Ambos

¹⁶ Véxase Väänänen (1988: 213) ao afirmar que “resulta extremadamente difícil establecer la situación lingüística de un período dado, teniendo en cuenta que los textos a nuestra disposición no reflejan sino muy incompletamente la lengua hablada. Así *is* (al menos las formas oblicuas de más de una sílaba) e *hic* parecen conservar sus posiciones en la mayor parte de los textos tardíos, aún siendo suplantados a menudo por *ille* durante toda la latinidad, y por *ipse* al menos después del siglo I d. C.”

¹⁷ Sirva como ilustración neste sentido o rotundo testemuño de Quintiliano, quen, segundo salienta Nocentini (1990: 143), deixou escrito nas *Institutiones Oratoriae* a seguinte sentenza: PAULATIM A PHILOSOPHIS AC MAXIME STOICIS AUCTUS EST NUMERUS, AC PRIMUM CONIUNCTIONIBUS ARTICULI ADIECTI, POST PRAEPOSITIONES: NOMINIBUS APPELLATIO, DEINDE PRONOMEN, DEINDE MIXTUM UERBO PARTICIPIUM, IPISIS UERBIS ADUERBIA. NOSTER SERMO ARTICULOS NON DESIDERAT IDEOQUE IN ALIAS PARTES ORATIONES SPARGUNTUR. SED ACCEDIT SUPERIORIBUS INTERIECTIO (Quintiliano, *IO* 26) [a negra é nosa]. O grego, lingua indoeuropea como o latín, posuía nos seus repertorios morfolóxicos, contrastivamente, esta tipoloxía de morfemas, cuxos integrantes estaban suxeitos á flexión declinacional: *ὁ* (nominativo masculino singular), *ἡ* (nominativo feminino singular) e *τό* (nominativo neutro singular).

os pronomes, debido a unha utilización en progresivo avance á medida que máis nos imos afastando da antiga latinidade, tórnanse “tan frecuentes en baja época que se puede hablar de un articuloide” (Väänänen 1988: 214), cuxo emprego vén semanticamente condicionado e non por prescrición sintáctica. A isto débémolle sumar o lóxico debilitamento da fórese adxectiva até se converter nun simple identificador ou presentador do grupo nominal a que acompaña (Iso Echegoyen 1974: 469). Sexa como for, teremos de agardar até a segunda metade do século VIII d.n.e., segundo as teses máis ortodoxas¹⁸, para podermos documentar xa verdadeiros artigos; así as cousas, na parodia do *Pactus Legis Salicae*, que aparece ao final do propio texto do *Pactus*, lese o seguinte fragmento, en que xa se atestan os citados elementos pronominais¹⁹: SE ULLUS HOC FACIRE PRESUMSERIT, MAL. LEODARDI SOL. XV. CON<PONAT>, & IPSA CUPPA FRANGANT LA TOTA, AD **ILLO** BOTILIARIO FRANGANT **LO** CABO, AT **ILLO** SCANCIONO TOLLANT LIS POTIONIS. SIC CONVINIT OBSERVARE, APUD STAUBO BIBANT & INTUS SUPPAS FACIANT. CUM SENIOR BIBIT DUAS VICIS, SUI VASSALLI **LA** TERCIA BONUM EST (tirado de Väänänen 1988: 327).

Un asunto secundario para o tema que nos ocupa, mais non por iso carente de interese, radica na diferenciación a partir de ILLE, no caso da maioría da Romania, de dúas series de formas, unha en que recae a intensidade tonal e outra fonoloxicamente átona. Na época literaria latina vigoraba un acento de carácter melódico consistente nunha elevación da voz, que ía evoluíndo para un dinámico ou de intensidade conforme se ía perdendo a distinción longa / breve no vocalismo (cantidade) e á medida que ía gañando relevancia funcional a oposición aberta / fechada (cualidade) (Väänänen 1988: 73-75). Por volta do século III da nosa era, que se corresponde lingüísticamente co latín tardío, podemos falar xa dun acento de intensidade no sentido en que se desenvolvería nos posteriores idiomas neolatinos. Naquela altura tería comezo o desdoblamento da clase pronominal en dúas series, a tónica e a átona, que nos seguintes séculos, coas lóxicas diferenzas en cada territorio, se daría consolidado no conxunto das linguas romances. Segundo Lausberg (1981: 320) “a distinción entre os graus de acentuación vem já do latim vulgar”; formas rexistradas naquelas épocas para algúns substantivos, como as do *Appendix Probi* ARTICULUS (< ARTICULUS), SPECULUM (< SPECULUM), etc. (Väänänen 1988:

¹⁸ Hipóteses máis eclécticas ou heterodoxas prefiren non marcar *ex nihilo* o aparecemento do artigo, mais defender un longo proceso secular en que, de vagariño, se foron preludiando tales funcións (véxase ao respecto Nocentini 1990: 143). Calboli (1991: 71), dunha óptica diacrónica moito máis ampla, acode inclusivamente ao antigo indoeuropeu para comezar o desenvolvemento da nova clase morfolóxica: “à mon avis, plutôt que de développement du latin, il faudrait parler de développement des langues indoeuropéennes à partir d’une structure ancienne de la phrase”. Aliás, tense pretendido buscar exemplos de “proto-artigos” en Plauto, Petronio ou Apuleio, como apunta Neto (1988: 251), aínda que, na opinión do filólogo brasileiro, sen demasiado éxito.

¹⁹ Afirmar Väänänen (1988: 326): “Son dignos de especial nota en él [texto] la reducción de la flexión nominal a dos casos, así como la aparición del artículo y algunos fenómenos de vocabulario galorrománico”.

330), en que se observa a síncope da vogal átona, semellan ser proba desta mudanza, pois dificilmente nunha sílaba tónica operan estas elisións.

Dito isto, e seguindo aquí a explicación de Iso Echegoyen (1974: 469), ILLE desdobrouse acentualmente en dúas formas en que a tonicidade ou a ausencia desta posibilitou que o fórico se tornase, co paso do tempo, no pronome persoal suxeito de terceira persoa, fonoloxicamente con intensidade tonal, ou nun identificador e pronome clítico, caracterizados pola súa atonicidade: gal. *el* (pronome persoal) / *o* (pronome persoal acusativo e identificador), esp. *él* / (pronome persoal) / *el* (pronome identificador) / *lo* (pronome persoal acusativo), etc.

Máis outra modificación de relevo na estrutura morfosintáctica latina no seu progresivo devalar cara ás linguas románicas consistiu, sen lugar a dúbidas, quer na conservación, por un lado, quer na perda, por outro, dos tres graos de proximidade-afastamento²⁰ ao se eliminar HIC, xunto con IS, do esquema orixinal e pasar o T2, ISTE, a preencher o seu baleiro, aínda téndomos presentes os problemas de interpretación que de aquí se derivan. Os resultados romances perante tal conflito, para cuxo testemuño nos baseamos en Lausberg (1981: 348-349) e a quen remetem para datos de índole diacrónica e dialectal, ficarán solventados dos tres modos que seguen:

1. En primeiro lugar, minoritariamente en relación ao resto da Romania, deuse o mantemento dos tres graos mercé ao acrecentamento do dativo ético TI (< TIBI) para T2, circunstancia que permitiu diferencialo de T1 ao este partir de ISTE reforzado coa partícula ECCE. É o sistema que triunfou no italiano dialectal da Toscana e en xeral do centro desa Península mediterránea, ao paso que é a solución máis conservadora por manter o primitivo T2 latino no seu sitio no paradigma:

T1: ECCU ISTU (> *questo*)

T2: ECCU TI ISTU (> *cotesto* / *codesto*)

T3: ECCU ILLU (> *quello*)

2. En segundo lugar, aínda prouvo aos latino-falantes a alternativa de conservaren os tres graos de proximidade mais a introduciren para T2, que pasara para T1, un outro pronome. A forma innovadora corresponde ao identificativo IPSE²¹, que pasa deste modo a facer parte da clase deíctica

²⁰ Jordan / Manoliu (1989: 302) prefiren falar de sistemas bidimensionais simples, en que só se fai distinción entre proximidade e afastamento a respecto do acto do discurso, e bidimensionais que fan distinción tamén en relación ao falante (proximidade da segunda persoa e proximidade da terceira persoa).

²¹ Repárese en que o caso de IPSE é peculiar por ser un pronome de identidade que vén formar parte do paradigma dos deícticos, proceso, na opinión de Sáez Durán (1996: 556), aínda non “suficientemente

triumfando na Península Ibérica, nalgunhas falas italianas e na Sardeña, e acrecentando ou non a partícula ECCE ou ECCU:

T1: ISTE (> esp. *este*; ISTU > it. su. *stu*, ECCE ISTE > cat. *aquest*; etc.)

T2: IPSE (> esp. *ese*; IPSU > it. su. *ssu*; ECCE IPSE > cat. *aqueix*; etc.)

T3: ECCU ILLE (> esp. *aquel*, cat. *aquell*; ECCE ILLU > it. su. *quillu*; etc.)

3. En terceiro lugar, por último, existiu a posibilidade de rexeitar ambos os procesos para salvar os tres graos de proximidade, ficando, en consecuencia, o sistema de décticos reducido unicamente a dous termos²², T1 e T2. É a solución maioritaria que hoxe pode documentarse en provenzal, francés, italiano común, retorrománico e romeno, a fazer utilización ou a reprobación o reforzo ECCE:

T1: ISTU (> rom. *ăst*; ECCE ISTU > rom. *acest* / *cest*; etc.)

T2: ILLU (> rom *ăl*; ECCE ILLU > rom. *acel* / *cel*; etc.)

Porén, ambas as consecuencias, ou sexa, o triúnfo de sistemas trimembres de décticos ou o suceso dos bimembres, non deberon de desencadear en rigorosa e respectiva orde cronolóxica nin en harmónica sucesión e progresión xeográfica. Na nosa opinión, malia termos de aprehender os datos a través de fontes indirectas, como constitúen os textos escritos, a dupla solución debeu de alternar, por un lado, no decorrer diacrónico do outono latino, e, por outro, nos territorios en que máis tarde se falarían idiomas romances, non se podendo isolar ou delimitar con exactitude no tempo e no espazo o *cando* e o *como* durante a época de consolidación do protorromance.

explicado”. Nas súas palabras, está ben “probado que en latín tardío *ipse* proliferó en usos anafóricos (haciéndose equivalente de *ille*) y adnominales, pero no hay indicios de que en fase latina se diera el “salto” hacia su uso déctico. Esto parece ser una innovación de ciertos romances”. Teyssier (1981: 12) xulga que a forma IPSE chegou a se incorporar ao esquema dos demostrativos para a segunda persoa partindo de utilizacións anafóricas na conversa entre un interlocutor e un ouvinte, en que o emisor usaría un *esse* en anáfora a respecto de algo que xa fora mencionado polo antigo interlocutor, agora ouvinte; a isto Sáez Durán, sen o rexeitar totalmente, acrecenta que *esse* “llega a ser un déctico (esto es, a la capacidad de remitirse al contexto espacio-temporal) a través de su frecuente vinculación a la segunda persona, pero ello no quiere decir que sea un demostrativo ‘de segunda persona’” (1996: 558), concluíndo que “*esse* no mantiene relación permanente ni esencial con la segunda persona, ni señala distancia con respecto a ella” e que “ha llegado a ser un déctico a través de usos anafóricos en los que el referente es especialmente fácil de identificar”.

²² Paralelamente a estes fenómenos, hai que salientar unha análoga distribución da déixe adverbial, en que tamén se poden dar tres elementos básicos, *aquí*, *ai*, *alí* (á parte de *aquén*, *acá*, *acó*, *acólá*, *alá*, *aló* e *alén*), como no sistema galego-portugués e español, ou unicamente dous, como acontece en provenzal, francés, italiano estándar, etc.

Convén aínda facermos máis dous comentarios a respecto dos actuais pronomes demostrativos. O primeiro ten a ver coa componente estritamente formal e radica na recorrencia maioritaria que tiveron as formas reforzadas²³ coa partícula ECCE ou ECCU para a criación dos demostrativos románicos, cruzada posibelmente coa forma ATQUE ou AC, de onde saíría un hipotético *ACCU (Ferreiro 1999: 260, nota 356); unha simple ollada ás formas actuais da maioría de idiomas neolatinos proporciona podermos verificar dito éxito: *aqueix*, *acel*, *aquel*, *quello*, etc. Inclusive, linguas en que hoxe só existe a antecitada partícula de apoio en T3, como poden ser o iberorromance occidental ou o central (port. *aquele*, esp. *aquel*), coñeceron en tempos pasados os pronomes reforzados como *aqueste* ou *aquesse*, dos cales, como veremos en seccións seguintes, aínda se conservan testemuños dialectal e marxinalmente na oralidade dos nosos días.

O segundo aspecto a que cómpre facermos referencia está relacionado non xa coa morfoloxía como antes coa preferencia, tamén maioritaria, que parecen ter as linguas románicas por escolleren sistemas bimembres en vez de manteren as tres esferas décticas latinas. Para alén do feito de outras linguas europeas non romances, cal o inglés ou o alemán, se teren decidido a favor do sinalamento da proximidade ou do afastamento a través de dous termos (ing. *this* / *that*; al. *dieser* / *jener*; etc.)²⁴, é preciso notarmos que só, na actualidade, o español e o sistema lingüístico galego-portugués manteñen a tripla distinción²⁵. Mesmo en áreas en que esta estivo testemuñada

²³ Aínda que ao longo deste estudo preferimos a denominación formas “reforzadas” para o caso dos pronomes demostrativos formados coa partícula latina, acolléndonos deste modo ás convencións maioritarias, somos conscientes do incongruente de dita terminoloxía se a confrontarmos con outros decorrerres da diacronía da lingua: ninguén identifica *aquel* como forma reforzada face a *el*, aínda que o puidese facer etimoloxicamente, como non hai quen defenda que os locativos *aquí* ou *acó* son adverbios igualmente reforzados por proviren de *ACCU + HIC e *ACCU + HOC, respectivamente.

²⁴ Así por exemplo, no que se refire ao inglés, afirma Wandruszka (1979, II: 431) que nesta lingua se empregaron “durante mucho tiempo tres pronombres, cuyos dominios respondían aproximadamente a los dos de las tres personas del pronombre personal, *this* para el dominio de la primera, *that* para el dominio de la segunda y *yon, yond* para el de la tercera persona”.

²⁵ Para unha comparación entre varias linguas europeas no que se refire a esquemas décticos tricotómicos ou dicotómicos, véxase Wandruszka (1976, II: 423-438). Por outro lado, non está de máis sinalarmos que as dúas posibilidades de estruturación mostrativa, a trimembre e a bimembre, non constitúen as dúas únicas organizacións para a déixe que existen no conxunto das linguas: Leonetti, por exemplo, (1999: 69) cita o caso do malgache, falado en Madagascar, que posúe sete ámbitos para indicar a déixe; por súa vez, Ramallo (2000: 470) apunta o tlingit, lingua atabascana falada en Alasca, con catro esferas décticas (*yáa*, ‘este de aquí mesmo’; *héi*, ‘este de aquí perto’; *yóo*, ‘aquele de alí’; e *wéé*, ‘aquele moi afastado e adoito invisible’). Con todo, que haxa sistemas con máis de tres posibilidades de indicación non pode ser considerado como unha correspondencia exacta coa noción de tantas esferas equivalentes de mostración espacio-temporal. Como afirma este último investigador (Ramallo 2000: 470), o “feito de existiren sistemas múltiples non implica, necesariamente, que reflectan graos de distanciamento. Hai linguas nas que a oposición se establece entre visible/invisible, coñecido/descoñecido, animado/inanimado, etc. [...]. Así en kwakwuala (lingua india norteamericana) practicamente cada frase nominal está marcada polo seu status visible ou invisible respecto do que fala”.

na Idade Media, como a catalá (*aquest / aqueix / aquell*), non chegou nestes territorios á fala común contemporánea, a pesar de que algúns gramáticos as resgatasen dos textos antigos para as introduciren na variedade estándar, como sinala Badía Margarit (1952: 9)²⁶; o italiano común e literario unicamente coñece as formas *questo / quello*, ao paso que até no portugués popular de certas áreas do Brasil, segundo Mattoso Câmara (1997: 124), se perdeu a oposición *esse* e *este* face a *aquele*, de onde xorde “un sistema dicotómico *este (esse)*, próximo do falante, versus *aquele*, distante do falante”, sistema combatido pola “norma escolar” e distribuído, canto ás formas *este / esse*, xeograficamente²⁷. A mesma conclusión é a que aparece en Teyssier (1989: 146) cando di que no “portugués falado do Brasil observa-se uma tendência para confundir *este* e *esse*”, confusión que se encontra “nos escritores cujo estilo se esforça por imitar a linguagem espontânea, em geral a favor de *esse*”.

Así e todo, convén termos presente que non parece concordar con estes investigadores Bechara (1974: 321-322), quen ten serias dúbidas de que a simplificación de tres termos a unicamente dous sexa un proceso concluído ou cando menos maioritario: “Do exame de textos escritos –aínda aqueles vazados num registro coloquial para atingir, con eficiencia, um público numeroso e heterogêneo–, pode-se chegar facilmente à conclusão de que a época dessa simplificação no sistema gramatical do português ainda está muito longe, pois que tales textos reflectem uma consciência viva das oposições estabelecidas pela gramática entre os demonstrativos *este/esse/aquele*”. É importante non perdermos de vista o feito de que o texto que o levou a formular tal impresión responde a un estilo que é, nas súas propias palabras, un “excelente representante do uso da linguagem coloquial escrita do português do Brasil”, como é o caso da obra de Fernando Sabino intitulada *A mulher do vizinho*.

Finalmente, merece tamén ser sinalado a respecto dos sistemas ternarios no seu devalar cara aos bimembres a circunstancia de que a neutralización opera entre a forma referida ao falante e a correspondente en que se fai referencia ao ouvinte, nunca podendo ser efectiva a redución entre T2 e T3, por exemplo; os casos cita-

²⁶ Proba de que o catalán literario ou escrito non garda un paralelo exacto coa oralidade parece ser o feito de que Boix Fuster (1999: 233), indicando os catalanismos que se achan no español falado en Catalunya, apunte que o sistema normal do español *este, ese* e *aquel* fiquen reducido unicamente a *este* e *aquel* cando os falantes habituais da lingua propia dese país se expresan en castelán.

²⁷ En certa consonancia con esta neutralización da oposición existente entre T1 e T2, podemos aínda citar outras áreas do vasto e diverso mundo lusófono en que se aprecian similares tendencias reducionistas: no crioulo das illas de Cabo Verde, por exemplo, sendo pertinentes os tres graos de sinalamento déctico (Lopes da Silva 1984: 135), rexístrase o feito de o “pronome *esse*, na súa forma dialectal *ês* e *êz*” ter absorvido “totalmente as funcións de *este*, quando anteposto adjectivamente ao nome”, a pesar, con todo, de que “predicativamente tanto se emprega *êstê* como *ês*: *a minha casa é esta: na kázã ê êstê* (ou *ês*)” (Lopes da Silva 1984: 164). O fenómeno documentouse en máis crioulos de base lexical portuguesa, como en Damão, en que vigoraban *êst / êss* face a *aquêl*, e no así chamado “dialecto indo-portugués do Norte”, no cal existía *êst* en confronto con *aquêll* (véxase Dalgado 1998: 81, 118).

dos do catalán, do portugués popular dalgunhas zonas do Brasil, do italiano estándar, poñamos, acaen para exemplificar esta situación. A forma que adoita entrar en conflito é o pronome de T2 e, en menor medida, o elemento pronominal de T1; subsecuentemente, os paradigmas de T1 e T3, tal vez por presentaren maior contraste espacio-temporal entre si, costuman ser os protagonistas maioritarios dos esquemas décticos dicotómicos.

1. 2. O latín galaico e a clase pronominal dos demostrativos

1.2.1. Problemas de interpretación e principios recorrentes

Unha das eivas con que se enfrentan as persoas que se dedican á investigación da diacronía dunha lingua reside en as hipóteses que se tiraren teren de provir, necesariamente, de textos escritos; estes, se se conservaren, só proporcionan unha imprecisa parte da realidade lingüística por reflectiren falas submetidas ás leis da escrita. Tal apreciación é común aos textos que podemos adscribir, non sen algunhas dificultades, ás terras que conforman a Gallaecia romana, e inclusive a escritos moi afastados cronoloxicamente de tal época, tales como os da Idade Moderna e Contemporánea, que presentan similares problemas de interpretación filolóxica. Partindo, pois, desta consideración preliminar, cumprirá termos presentes os aspectos seguintes:

1. A (in)fidelidade dos textos en relación á oralidade

Tal e como dicíamos no anterior parágrafo, os textos non poden recoller toda a ferverza de fenómenos que se ían producindo na expresión oral. Abonda confrontarmos o caso de calquer lingua para nos decatarmos de que a escrita é un espello cóncavo ou convexo que reflecte moi imprecisamente a fala normal, a cal non costuma transparecer na súa cantidade e cualidade porque o nivel da oralidade sempre supón máis un grao de evolución do que o rexistro gráfico da lingua. Aplicándonos sen dificultades esta premisa xeral ao caso da Galiza antiga, xorden aínda algúns outros problemas que non se poden deixar de lado, como son, primeiro, a desigual formación filolóxica dos escribáns e o seu constante e progresivo aprendizado da escrita nunha época en que só unha ínfima parte da poboación sabía expresarse dese modo, circunstancia que podería estar detrás dalgunhas irregularidades²⁸;

²⁸ Nótese as seguintes palabras de Maia (1997: 15) referidas aos textos tabeliónicos do galego-portugués medieval, que xulgamos aplicábeis para o asunto que nos ocupa: “Além disso, os vários níveis de cultura dos notários [...] fazem com que os documentos notariais, com diferente intensidade, reflitam alguns traços dos dialectos e falares locais. Assim, os notários mais cultos só escassamente deixariam transparecer nos textos que escreviam particularidades da linguagem falada da região, ao passo que os notários pouco cultos, com muita maior facilidade, deixarão escapar traços da sua própria linguagem falada e da linguagem da região”.

segundo, o medio transmisor dos textos, a tradición manuscrita, estivo suxeito a continuas modificacións por os copistas poderen alterar a escrita orixinal mudando aquilo que consideraban incorrecto ou, no sentido contrario, a deixaren filtrar as súas carencias lingüísticas; e terceiro, o feito de unicamente unhas poucas persoas, xeralmente das elites culturais ou cun relativo acceso á cultura, teren a posibilidade de utilizaren a palabra escrita non pode condicionar as impresións que se extraeren ao respecto, mais antes servirá para cuestionar calquer delas no sentido de as nunca considerar absolutamente fiábeis nin directos indicios dos fenómenos que fan xermolando na linguaxe oral.

2. O conservadorismo do latín galaico

Resulta ser punto asente afirmar do latín da Gallaecia, como en xeral tamén do da Hispania, que presentaba a respecto doutras áreas románicas un certo grao de conservadorismo canto á fonética, á morfosintaxe e á componente semántico-lexical. Para explicar estas características tense pensado no feito de os colonos, maioritariamente, procederen da Baetica, territorio que usaría unha lingua máis culta e até arcaica nalgúns aspectos se comparada co Levante hispánico. Recentemente, Mariño Paz (1998: 47) ten secundado este punto de vista, aínda que con certas matizacións; ao seu ver “na Gallaecia producírase o triúnfo dun latín máis conservador por ser romanizada primariamente a partir da *Baetica*, unha zona de florecente cultura e activa vida cidadá onde se falaría un latín culto e mesmo arcaizante en que, así e todo, non faltarían os hábitos locais”²⁹.

Na realidade, aplicando este presuposto ao plano dos demostrativos, caso confrontásemos os resultados obtidos noutras rexións romances, ou sexa, de compararmos o triúnfo de esquemas trimembres ou bimembres, é obvio que o iberorromance mantén unha postura máis conservadora³⁰ ao respectar, aínda que con remodelacións de formas e de funcións, os tres campos deícticos do latín clásico cando as tendencias maioritarias na Romanía apuntaron, segundo dixemos, para a redución samente a dúas esferas da deíxe.

²⁹ Acrecenta Mariño Paz (1998: 47): “Ora ben, o que non se pode esquecer é que existiu tamén outra importante vía de comunicación polo leste, procedente de Asturica Augusta (Astorga) e dos establecementos militares que protexían as explotacións mineiras do Bierzo e da zona luguesa; en última instancia, esta vía unía o noroeste con Tarraco, a cidade mediterránea da que pasou a depender xa a partir do ano 13 a. C.”.

³⁰ Repárese no parecer de Badía Margarit (1952: 4) cando afirma que a “conservación del sistema latino en castellano y portugués se acostumbra a explicar por arcaísmo, por el cual pervivieron en el latín vulgar hispánico determinadas características de la lengua clásica que desconocen los demás romances”. Neste sentido, a continuidade dun sistema trimembre desde o latín clásico ao hispánico é cuestionada, entre outros estudiosos, por Díaz y Díaz (1960b: 241-242).

3. As fronteiras entre a oralidade e a escrita segundo as teses de Wright

Se se subscribir o postulado xeral de Wright (1989), o latín, tal e como hoxe o entendemos, nace das reformas carolinxias desenvolvidas en Franza a partir do século IX e que comezan a ser adoptadas na Península Ibérica desde a décimo primeira centuria³¹. Négase así a existencia de diferenzas lingüísticas interestráticas sob cuxa defensa existiría unha parte da poboación que falaría máis ou menos latín face a unha outra parte que se expresaría nun latín moi deturpado ou en protorromance, ao paso que se defende unha única lingua para todo o conxunto da sociedade. Con anterioridade ao renacemento carolinxio, por tanto, a forma gráfica da lingua latina agochaba modos de se ler moi diferentes, cada un correspondente a cada territorio ou área románica, situación que non impedía que unha mesma palabra fose escrita á maneira tradicional e pronunciada de tantos modos como zonas lingüísticamente diferenciadas houbera nas antigas provincias do imperio. Para os casos dos pronomes IS ou IDEM, que había séculos que desaparecieran da fala popular dos latino-falantes, ou aínda para outros fenómenos da morfosintaxe clásica que ficarían esquecidos no percurso diacrónico (sistema casual, algúns tempos verbais, certas partículas relacionais, etc.), solucionaríase o seu testemuño en documentos partindo da base de que eran considerados arcaísmos por parte dos lectores ou ouvintes, mais pronunciados segundo as novas tendencias, de moi similar modo a como na actualidade un falante de inglés pronuncia as formas antigas dos textos bíblicos sen que por iso fale con esas particularidades na súa vida diaria: “Cuando se lee en voz alta la versión autorizada de la *Biblia* (de 1611) en la iglesia, los ingleses modernos dan a palabras y morfemas arcaicos (tales como el *-est* de *thou makest*, 2.^a pers., o el *-eth* de *doeth*, 3.^a) la pronunciación que hubieran tenido si no fueran arcaísmos, sin preocuparse de cómo se pronunciaba a principios del siglo XVII lo que ahora es el fonema /θ/” (Wright 1989: 106).

1.2.2. Achegamento aos pronomes demostrativos e problemas conexos

Considerando estes tres principios conxunturais, podemos ter unha superficial visión de como se presentaba a clase demostrativa naquela altura baseándonos

³¹ Véxase Wright (1989: 187-188): “Se ha enarbolado como prueba concluyente de la teoría que el latín y el romance había coexistido como normas habladas y distintas durante siglos, y que el habla natural de los cultos apenas si había cambiado durante quinientos o más años, y que por lo tanto estaba tan alejada del romance popular que para entonces era necesario ‘traducirla’ [...]. Algunos de los comentarios filológicos parecen sugerir que la lengua vernácula era algo nuevo o ‘emergente’. Dificilmente puede tomarse esto en serio. Toda comunidad tiene su propia lengua vernácula por definición. No cabe ninguna duda de que la lengua vernácula ya existía en los siglos precedentes; lo que parece que es nuevo a principios del siglo IX es la alternativa latinizante. No hay por qué suponer que latín y romance fueran considerados como lenguas totalmente diferentes hasta por lo menos dos siglos después.” Un traballo do mesmo autor centrado na Galiza altomedieval, de menores dimensións mais de idéntico interese, é Wright (1991: 5-25).

en datos indirectos extraídos doutras disciplinas filolóxicas. Dunha perspectiva xeral, acabamos de apuntar o marcado carácter conservador do latín galaico (e hispánico) no seu conxunto se comparado con outras áreas (Díaz y Díaz 1960a: 196-197). Partindo deste postulado inicial, asistimos na fonética, dun modo semellante ao que acontecía nunha grande parte da Romania, á perda da oposición cuantitativa no vocalismo para dar paso á cualitativa, feito que reduce o sistema de vogais de dez elementos a sete nos niveis orais do idioma³²: $\check{A}$, $\bar{A}$ > /a/; $\check{E}$ > /ɛ/; $\bar{I}$, $\bar{E}$ > /e/; $\bar{I}$ > /i/; $\check{O}$ > /ɔ/; $\check{U}$, $\bar{O}$ > /o/; $\bar{U}$ > /u/³³. Segundo Väänänen (1988: 72), estas mudanzas, ao lado da perda da cualidade rítmica, impoñense como xerais por volta do século III d.n.e., aínda que, moi probabelmente, se non producisen ao mesmo tempo nin vertical nin horizontalmente no conxunto das sociedades romanas que conformaban o imperio.

Guiándomonos, pois, polas consecuencias directas destas alteracións xerais no xenio da lingua, coidamos poder afirmar que o paradigma dos pronomes demostrativos do latín falado na provincia da Gallaecia difería foneticamente no que di respecto aos antigos esquemas clásicos nas seguintes mudanzas: ISTA > *esta*, ISTU > *esto* ([‘e]); IPSA > *essa*, IPSU > *esso* ([‘e]), etc. Repárese máis unha vez en que, se acudirmos ás falas do centro da Península Itálica, se observa unha innovación por non se conservaren as formas ISTE, ISTA, ISTU para T2, mais que pasaron a se responsabilizar das funcións de T1. As unidades HIC, IS e IDEM, se se utilizasen na expresión oral, cuestión certamente problemática, estarían suxeitas ás mesmas pautas de comportamento fonético, aínda que teñamos de ser nesta cuestión sumamente cautelosos por non deixaren herdeiros pronominais directos no romance galaico.

Outras regras xerais do decorrer diacrónico morfofonético, como a redución das declinacións ou perda das desinencias casuais, semellan poder ampliarse aos defictivos, fóricos e identificadores: se para o conxunto da latinidade se dá por asente desde o propio latín falado da época clásica a queda dalgunhas consoantes finais índices do caso³⁴, como é a circunstancia dos acusativos en -M, non fica fóra da

³² Porén, este esquema, preludio do vocalismo galego, francés, italiano estándar, español, etc., non triunfou en todo o territorio lingüístico latino. Proba diso son outros sistemas de fonemas vocálicos en que a evolución se afasta considerabelmente do aquí exposto, como o do sardo, o do romeno ou o das falas da Sicilia (véxase Väänänen 1988: 71).

³³ Para un estudo pormenorizado de todas as particularidades do sistema vocálico latino no seu paso ao galego-portugués medieval, é de grande utilidade o traballo de Ferreiro (1999: 27-100). Por outro lado, convén indicarmos que no presente traballo, tal como vén sendo habitual nos últimos anos en obras e monografías especializadas, se empregará o Alfabeto Fonético Internacional ou AFI segundo aparece en Pullum / Ladusaw (1996).

³⁴ Tal proceso é atribuíbel a varios motivos, como son a tendencia, xa antiga, a simplificar casos (por exemplo o locativo), a habilitación en constante auxilio do sistema de preposicións no latín tardío, homonimias casuais, etc., que distaron moito de seren cronoloxicamente paralelas nos territorios romanos: lembrémonos, por exemplo, do mantemento no francés e no provenzal antigos de restos do sistema de declinacións (véxase ao respecto Jordan / Manoliu 1989: 230-242).

lóxica acrecentármolles á clase nominal, principal beneficiaria dese sistema morfosintáctico, a totalidade dos pronomes por seren tamén flexionábeis nestas casuísticas: ISTA(M) > *esta*, IPSA(M) > *essa*, etc. Con todo, a pesar de non modificar substancialmente o ocaso certo do sistema de declinacións, hai exemplos tardolatinos afastados dos cánones clásicos en diversas áreas da Romania en que se aprecia ás claras unha mudanza dos esquemas flexionais primitivos: dativo ILLUI (por ILLI), formado por analoxía con CUI, nominativo ILLI (clásico ILLE), etc³⁵; asemade, en certa relación con estas mudanzas flexivas, non estará de máis lembrármolos aquí de que o francés e o occitano, xunto ao romeno, mantiveron un sistema bicasual durante unha boa parte da Idade Media, factor que cómpre termos en conta para datar cronoloxicamente o desaparecemento dos paradigmas declinacionais.

No entanto, aínda que nos parezan ser unhas hipóteses coherentes, batemos coa dificultade testemuñal que supón a xa comentada exclusividade gráfica dos textos conservados. Nunha obra como a fragmentaria *Peregrinatio Aetherae*, datada recentemente entre os anos 363 e 431³⁶ d.n.e. “según indicios externos” (Posner 1998: 142) e para cuxa autora os estudos especializados non hesitan en a faceren nacer na Gallaecia³⁷, aparecen documentados todos os pronomes, nomeadamente aqueles que desenvolven funcións adxectivas, co fato latino clásico, sen que se poida achar ningún índice que nos faga pensar na pronuncia máis común a que antes aludíamos, problema que ficaría solucionado no suposto de aceptarmos as teses de Wright (1989). Aínda así, contamos nesta obra coa documentación asistemática de grafías fonéticas no canto das clásicas, como PLECAEMUS (no canto de PLICAREMUS), OBSDEBANT (en vez de OBSIDEBANT), CEPI (por COEPI), etc. (Väänänen 1987: 17). Para acharmos a orixe de tales incoherencias gráficas, isto é, a ocasional representación da oralidade nestes casos e o case total mantemento escrito das vogais etimolóxicas nos pronomes, seméllanos plausíbel acudirmos, principalmente, á tradición dos textos redixidos en latín, en que se proscribían dunha maneira case xeral as penetracións do rexistro falado no testemuño gráfico; e, secundariamente, á circunstancia de as formas pronominais constituíren un paradigma fechado, aínda que, segundo se viu, instábel, aprehendido só a través de documentos ou obras manuscritas e non asimilado desde a oralidade espontánea.

³⁵ Unha análise detallada dos resultados destas alteracións no(s) protorromance(s) pode verse en Dardel / Wüest (1993: 38-49).

³⁶ Máis preciso se mostra Väänänen ao situar cronoloxicamente, o cal, baseándose en estudos anteriores, apunta como datas mínima e máxima os anos 381 e 384 respectivamente (Väänänen 1988: 313).

³⁷ Escribe Fabbrini (1990: 26-27): “Da dove veniva Egeria? Che l'autrice sia gallica argomentando da quella menzione del Rodano come fiume a lei noto; ma più probabilmente ella è spagnola, della Galizia: questo è un altro dato che forse dovremmo accettare quasi come assodato, giusta la lettera di Valerio da Bierzo che parla appunto di questa pellegrina venuta dalla Spagna, dalla Galizia”.

Debemos ponderar, non obstante, que o testemuño morfolóxico da clase demostrativa non é cuantitativamente idéntico, pois aparecen nun maior número de ocasións as formas ILLE e IPSE se comparadas con outras casuísticas como HIC ou IS³⁸ (Nocentini 1990: 142-143), usadas aquelas como os comunmente coñecidos por artigos definidos. Esta presenza maioritaria dista moito de ser aleatoria ou casual, pois en ILLE depositanse funcionalidades de catáfora, preferentemente nas oracións de relativo, como se atesta na secuencia UBI SE TAMEN MONTES ILLI, INTER QUOS IBAMUS (tirada de Väänänen 1988: 314), e en IPSE recaen responsabilidades anafóricas³⁹. Por súa vez, ISTE concorre no “discurso diretto soppiantando HIC” (Nocentini 1990: 146) e conservando as súas primitivas funcións mostrativas clásicas aínda que como T1.

Por outro lado, continuando os usos populares e arcaicos do latín, rexístanse na *Peregrinatio* tres únicos e aparentes casos de demostrativos reforzados coa partícula ECCE: ECCE ISTA FUNDAMENTA, NAM ECCE ISTA VIA, QUAM VIDETIS e ECCE HIC EST IN DUCENTIS PASSIBUS (extraídos de Iso Echegoyen 1987: 58). Repárese, porén, na nula documentación do paradigma de ILLE coa antecitada partícula enfática, tal e como se podería agardar a termos en conta os resultados que deu non só no galego-portugués, mais tamén noutras linguas e falas neolatinas: de feito, os únicos pronomes que, de acordo co traballo de Iso Echegoyen (1987: 58), toleran o reforzo ECCE son os que citamos, e non deixa de ser curioso que non figuren outras unidades pronominais con dita partícula se tivermos presentes o *aquel* e *aquele* galego-portugueses medievais, o *aquell* do catalán, etc.

Á súa vez, escritos latinos provenientes doutras xeografías ibéricas, redixidos tres séculos máis tarde, no amañecer da época medieval, evidencian similares pautas de comportamento en relación ao antigo sistema de deícticos. No estudo de García Sanchidrián (1995: 547-551), baseado na correspondencia do bispo visigótico Braulio de Zaragoza (s. VII), obsérvanse algúns fenómenos do ámbito peninsular paralelos ou análogos aos que, unha vez emancipadas as linguas romances, tamén se poderían citar para o caso galego-portugués. Tomando como referencia tal traballo, e a pesar de que nas susoditas cartas fica latente “un clasicismo notable” (1995: 547), evidéncianse no epistolario brauliano certas mudanzas en marcha, resumidas nos puntos seguintes:

³⁸ O emprego destas formas non escurece a futura proxección que terían outros elementos como ISTE, IPSE ou ILLE. Mesmo en textos que non se cínxan rixidamente aos cánones latinos, como pode ser o caso da descrición da viaxe feita pola monxa galaica, aparecen documentados HIC e IS, a pesar de que se percibe, por toda a parte, “sobre todo tras la caída del Imperio, un crecimiento masivo de la frecuencia de ILLE e IPSE” (József 1977: 82).

³⁹ Véxase tamén o estudo dos demostrativos da *Peregrinatio* que desenvolve Väänänen (1987: 26). É tamén de utilidade o estudo de Mariano / Nascimento (1998: 25-46), onde se salienta que IPSE “é o pronome mais frequente no nosso texto: 241 ocorrências” (Mariano / Nascimento 1998: 25).

- a) o progresivo avance de ISTE cara ao lugar antes ocupado por HIC; este, debilitado non na frecuencia de utilización mais si nas súas funcionalidades cohesivas, aparece empregado, no entanto, no canto de IS.
- b) ILLE, pola súa banda, gaña terreo gramatical para o posterior desenvolvemento romance ao aparecer formando parte da oposición ISTE / ILLE, innovadora face á clásica HIC / ILLE, e, tamén, ao se documentar como pronome de terceira persoa e como un identificador, coa consecuente perda da noción deíctica ou anafórica primitiva.
- c) IS e IDEM, finalmente, diminúen a súa frecuencia de utilización, o primeiro a competir con HIC, ILLE e IPSE e o segundo confundíndose ás veces con IPSE⁴⁰. Á súa vez, IPSE ve diminuír a seu testemuño como forma enfática, encanto se atesta un uso considerábel do citado pronome como forma para P3 e, aliás, aínda que cunha decena de exemplos, con valores mais propios do campo mostrativo de T2 do que dos tradicionais latinos.

Seguindo no máis amplo ámbito ibérico, en que a través dos textos dos “escritores naturais da Hispânia se pode notar a prefiguración do quadro [deíctico] ibero-románico” (Neto 1988: 236), debemos mencionar o latín hispánico das inscricións, que proporciona exemplos en que, máis noutra ocasión, se aprecian algunhas mudanzas a respecto dos cánones clásicos. Deses primitivos e singulares textos parece desprenderse que IPSE e ISTE perderan as súas significacións orixinais evoluíndo para uns valores próximos dos actuais demostrativos, xa que, segundo Carnoy (1983: 247-249), a Península Ibérica “occupe une place à part dans les langues romanes par la predominance qu’elle a donné aux démonstratifs *iste* et *ipse* [...] sur *ille*, qui n’existe plus que comme article, et sur *hic*, rare déjà dans les inscriptions privées à l’époque latine”. Este mesmo investigador fai notar, aínda, que “dans Lucain, *iste* a supplanté à peu près les autres démonstratifs” (1983: 247)⁴¹.

Como parcial contrapunto ás anteriores circunstancias, contamos con textos non doadamente reducíbeis á expresión oral galaica en latín, como os de Hidacio ou Paulo Orosio, en que minguan considerabelmente os conflitos formais e funcionais das diferentes formas do pronome, sen dúbida por seren ambos os autores de persoas posuidores dunha cultura non habitual na Galiza da época e, quizá tamén, por un deles, Orosio, ter efectuado viaxes que deberon de influír nos seus usos lin-

⁴⁰ Véxase Väänänen (1988: 212): “Además, *ipse* reemplaza a *idem*, sobre todo hacia el fin del siglo II d. C., partiendo de los compuestos *hic ipse*, *ille ipse* [...]”.

⁴¹ Similares impresións parece ter Neto (1988: 236), o cal, a se basear precisamente en Carnoy e en Obermeier, cita o hispánico Lucano como un exemplo de escritor en que xa se insinúan as alteracións do sistema latino no seu devalar cara ao iberorromance.

güísticos. Non obstante, continuamos a remeter aos principios primeiro e segundo que sinalábamnos ao comezo desta sección e á conflitividade que supón identificar o uso escrito co uso oral, e, aliás, ao feito de que ninguén aprendía a escribir naquela altura a non ser que tivese o tempo necesario, que non sería pouco, e que fixese o esforzo de asimilar unhas pautas regradas de representación gráfica⁴² (Wright 1989: 85); de aí non resultar estraño que “aprender a escribir en la Edad Media llevara tanto tiempo; y es lógico concluir que la relativa corrección del latín escrito en la Europa de antes de la reforma [carolinxia] se debió más a la eficacia de la educación que al grado relativo de evolución de las lenguas vernáculas” (Wright 1989: 88).

1.2.3. O latín escrito da Galiza medieval

Abordamos aquí a casuística do sistema demostrativo latino tomándonos como referencia os textos tabeliónicos redixidos nese idioma durante a época altomedieval. O asunto non é menos interesante do que os temas anteriores pola situación lingüística do reino galaico: se por un lado o incipiente dialecto románico xa era, se non unha lingua de seu, un vehículo comunicativo que difería moi considerabelmente dos padróns itálicos, por outra parece lóxico presupormos que, consoante esa emancipación, ha influír na gramática dos documentos notariais, maioritariamente escritos seguindo a tradición lingüística do momento. Un factor que condiciona enormemente os eventuais achados que puidemos rexistrar non é estritamente lingüístico mais de carácter sociolóxico, como é a xa citada desigual (in)formación filolóxica que tiver o escribán responsábel do manuscrito, para alén das copias posteriores.

Escollemos para esta angueira aquelas redaccións civís cuxas datas de composición preferentemente non sobarden o século XI da nosa era por sermos sabedores da forte diferenciación que existía entre a fala normal dos galegos e galegas e o testemuño gráfico conservado, maior canto máis se ultrapase esa franxa cronolóxica. Influíu tamén nesta nosa decisión a maior riqueza filolóxica, do punto de vista romance e diacrónico, dos textos redixidos con anterioridade á difusión da reforma carolinxia, cuxo espallamento pola Europa cristá parece ter involuído cara ao latín clásico as tendencias protorromances.

Un feito intrínseco que ten a ver co suceso ou reprobación do uso das formas demostrativas é a propia índole desta tipoloxía de textos, xa que a súa marcada natureza de sinalamento e de anáfora torna case obrigatorio o rendemento dos pronomes decti-

⁴² Obviamente, a condición social determinaría o aprendizado das normas da escrita, pois dificilmente as clases menos privilexiadas poderían dispor libremente do seu tempo se se achaban en contextos de (semi)escravitude a respecto dos grupos máis poderosos. Por este motivo, rara vez os fillos ou as fillas dun labrego ou dun artesán poderían investir algunha parte do día en lle dedicaren unhas horas á asimilación de ditas regras.

cos: resulta imposible facer referencias constantes a unha propiedade rústica, poñamos por caso, sen utilizar partículas cohesivas que liberen da reiteración abusiva que suporía citar esa hipotética FN con que se negocia. Aliás, relacionado estreitamente con isto, está o noso deber de non esquecermos o preciso carácter mostrativo ou singularizador que debe ser inherente a estes escritos, pois para seren asimilados polo pobo ou para ficar ben claro o motivo que orixina a súa redacción cómpre un sistema que sexa o máis pertinente posíbel nesta tarefa de identificación.

Temos de apuntar, como primeiro dato, a desigual constatación, xa verificada no caso do latín tardío, que se reflicte nos documentos con que traballamos. Nos textos da catedral de Ourense (*DCO*) e do mosteiro de Celanova (*TC*) anteriores ao ano mil aparecen empregadas maioritariamente as formas *IPSE* e *ILLE* nas súas respectivas flexións de xénero, número e caso: *COMUTO UOBIS IPSA UILLA* (*DCO* 13); *HOMNIA UOBIS ILLUM COMUTO* (*DCO* 13); *ET DIVIDET IPSA VILLA QUM VILLA DE SANCTO FELICE* (*TC*, II 633); *ET SUNT IPSI VILLARES* (*TC*, II 660); etc. Outras entidades referenciais, como o paradigma de *IS* ou *IDEM*, tamén se rexistran nos textos, embora cunha presenza menor non comparábel aos pronomes citados: *HABEANT ET POSSIDEANT AD EORUM TU MORIEM* (*DMP* 6); *ET POSSIDEANT INIENUA EAM* (*DCO* 14); *ET CUM EIS ALII PARTES* (*TC*, II 695); etc.

Particularidade curiosa é a xeral utilización do paradigma de *HIC* na parte formulaística final destes escritos, en que se observa unha utilización continuadora da escrita clásica: *IN HANC CARTULA VENDICIONIS* (*DMP* 81); *TODA IN HANC KARTULA* (*TC*, II 632); *PENUS IN HANC SCRIPTURA CONTRAMUTATIONIS A ME FACTA MANUM MEAM SIGNUM* [...]. *VILONEM IN HANC SCRIPTURA MANU MEA ROBORAVI* [...] (*TC*, II 633); *COGNOMENTO ZEPZI IN HANC KARTULA* (*TC*, II 661); *CONTRA ANC SCRIPTURA COMUTATIONIS* (*DCO* 13); *IN ANC CARTULA* (*DCO* 14); *IN ANC KARTULA DONACIONIS* (*DCO* 15), etc. Nas partes interiores dos documentos, máis libres do punto de vista lingüístico, tampouco se descoñecen, porén, tales formas: *HEC OMNIA SUPRATAXATA CONCEDIMUS* (*TC*, II 635); *HAC MONITA AUDIENS ET MEUM IN PECTORE CONLOQUAS* (*TC*, II 637); etc.

Diferente estado de cousas que é necesario lembrarmos é o testemuño case unánime que tales documentos nos ofrecen ao respecto das formas decticas empregadas como presentadores ou identificadores, continuando así a tendencia que xa se manifestaba na lingua dos clásicos latinos e, en maior medida, na da latinidade tardía. Loxicamente, segundo se poderá deducir, este feito vai redundar positivamente na maior presenza do primitivo pronome demostrativo se a compararmos coa situación testemuñal doutras entidades pronominais: *ET DIUIDE PER ILLO TERMINO DE MORARIA ET IN ILLO DE RIAL ET FERE IN ALIO DE ASTURIANOS ET VADIT RIBA ARROGIO DE FEUROS ET FERE IN TERMINO DE PARDELLAS IN ILLA PENA SCORREGADORIA ET CONCLAUDE PER ILLA PRESA DE DOM PEPI ET VADIT PER ILLO RIUULO QUE DICITUR PORKAS ET CONCLAUDE PER ILLO TERMINO DE PENA KOUA ET DIUIDE PER*

ILLAS MAMOSNAS UNDE PRIMITER INUOCAMUS (*DMP* 78); ET DONAMUS DE **ILLA** UILLA AD MARTINUS ARUALDIZ TERA PRO LABORADURA [...] ET DONET INDE AD UOS DECIMO DIRECTO ET POST OBITUM AD **ILLE** MONASTERIO (*DMP* 45); QUE IACET SUPER **ILLA** MEA DOMO ET SUPER **ILLO** TORCULARE, QUOMODO SE LEVAT DE **ILLO** CANTO DE **ILLO** CELLARIO ET VAY PER **ILLAM** VESTRAM (*TC*, I 262); ET FILLARUNT **ILLO** MONOGU DONOS DE SANCTA CRUZE (*DCO* 13); FUERUNT IPSOS OMINES AD **ILLE** COMIDE [...] ET **ILE** EPISCOPO (*DCO* 14); etc.

Por outra parte, o T3 latino coñece a utilización como índice de acusativo ou como pronome persoal de P3, segundo parece desprenderse dos exemplos seguintes: DE **ILLA** VINEA [...] ET ABEO **ILLA** DE COMPARADELLA [...] ITA EX PRESENTI DIE UEL TEMPORE SIT **ILLA** DE IURI MEO (*DMP* 250); ABEAS TU **ILLA** FIRMITER ET OMNIS POSTERITAS TUA TEMPORIBUS SECLORUM (*DMP* 81); DAMUS UOBIS IPSA HEREDITATE [...] ET DAMUS UOBIS **ILLA** CUM QUANTUM IN SE OBTINET (*DMP* 90); DAMUS **ILA** (*DMP* 92); ET HUNC UOTUM NOSTRUM INRUPERET UOLUERIT QUOD NOS GRATANTER DOMINO DEO OFFERIMUS QUISQUIS **ILLE** FUERIT SI SE A TALIBUS CORRIGERE NEGLEXERIT (*DMP* 101); AD EPISCOPO DOMNO GUNSALUO ET **ILLE** DEDISSE ADHUC DE PRECTIO QUANTUM EXQUISSET (*DMP* 109); **ILLE** VERO EDUCERE MANDAVIT [...] RESPONDIT **ILLE** ET DIXIT [...] **ILLE** VERO AIT (*TC*, II 657); TUNC ORDINAVIT **ILLE** COMITÉ AD IPSO TETONE ET AD SUA MULIER **ILLI** OMICIDIO PARIARE [...]. **ILLOS** VERO NON HABUERUNT (*TC*, II 658), etc.

Canto ao uso funcional, por último, debemos apuntar que, a pesar de que non se deixasen de utilizar completamente os usos clásicos, semella apareceren formas latinas con responsabilidades mostrativas máis propias do romance do que dos padróns antigos. Deste modo, **IPSE** recibe funcións de T2 e **ISTE**, á súa vez, acolle valores de T1, malia a súa presenza nos textos non ser moi abundante: ET CONCEDIMUS VOBIS VILLAM NOSTRAM PROPRIAM HIC IN MORARIA [...] ET NOSTRAM RATIONEM IN MONTE KANIONE [...]. ET HABUIMOS **IPSAS** HEREDITATES (*TC*, I 260); ET TENEAMUS **IPSAS** HEREDITATES QUANTAS IN NOSTRO IURE SUNT [...] ET EST **IPSA** HEREDITAS ET **IPSAS** VILLAS TERRITORIO BUVALO (*TC*, II 681); OFFERO ET CONCEDO AD **ISTUM** LOCUM SANCTI QUOD VOCITANT CELLANOVA⁴³ (*TC*, II 749); etc.

Noutras áreas ibéricas a serie dos demostrativos aparece utilizada de modo, se non idéntico, ao menos non oposto canto a tendencias se refire, en relación ao latín medieval da Gallaecia. Os documentos estudados por Pérez González (1985), correspondentes á Chancelaría castelá e datados entre os anos 1158-1214, dan probas dunha loita entre a prescrición latina e os valores romances, pois en tales textos os “demostrativos aparecen lo mismo con los valores del latín normativo que con otros más recientes e innovadores” (Pérez González 1985: 159). O traballo deste investigador sinala o feito de se rexistraren, deste modo, as formas **ILLE**, que

⁴³ Estructura tirada dun documento de 1138.

é o máis frecuente, **IS**, cunha utilización igualmente abundosa, **ISTE** e **HIC**, dos cales o segundo aparece en xiros estereotipados, ou **IDEM**, que posúe unha escasa documentación. De todas as unidades pronominais, obsérvase que **IPSE**, aínda a conservar os seus usos tradicionais, parece equivaler a *ese*, e que **ISTE**, por súa vez, é utilizado en ocasións como unha forma presentadora, con significados moi próximos do artigo. Tamén se atestan formas desta partícula romance, finalmente, coa súa vestimenta románica, cal *el*, *los*, *la*, *las*, etc.

Por outro lado, o mesmo autor apunta que durante todo o latín medieval os demostrativos son reempazados por formas equivalentes nas relacións anafóricas, formadas a partir de certos participios, que tamén poden asumir o valor de **IDEM** (Pérez González 1985: 161), tales como **DICTUS**, **NOMITATUS**, **PREDICTUS**, **SUPRASCRIPTUS**, **PRETAXATUS**, etc⁴⁴. Os textos galaicos harmonizan con estas recorrentes solucións medievais, tal como se pon de manifesto nos exemplos seguintes: **TERMINATIONES** UERO **SUPRA NOMINATAS** (*DMP* 5); ET SI IN CLERICATU MANERE NOLUERIT, EA CAREAT ET **SUPRA DICTIS** UT **SUPRA DIXI** POST OBITUM MEUM CUM CETERIS **IAM NOMINATIS** RESTITUATUR (*DMP* 7); ID SUNT **PRENOMINATAS** (*TC*, II 628); CONCEDO IPSAS **IAMDICTAS** VILLAS (*TC*, II 629); EGO **ILLAS** CONCEDO AD DOMUNS DOMINI ET LOCO **PRAEDICTO** MONASTERII **SEPEDICTO** [...] SEDEANT IPSAS VILLAS **SUPRATAXATAS** DE IURI NOSTRO ABRASAS (*TC*, II 632); IN VILLA CUPLARIOS IN LOCUM **PREDICTUM** (*TC*, II 787); SI VERO ALIQUIS **ILLORUM** A **SUPRADICTA** CONVENIENTIA DEVIaverit (*DCO* 17); NOS IGITUR SUPER **PREDICTIS** (*DCO* 26); etc.

1.2.4. Descendentes dos demostrativos latinos **HIC**, **HAEC**, **HOC**

Ao contrario do que sucedeu con outros idiomas provenientes do latín, en que si houbo, ao menos dun xeito moi fragmentario, continuadores da subclase demostrativa de **HIC**⁴⁵, coa lingua de Galiza non se deu esa posibilidade de tradición morfolóxica ao ficar desbotado ese esquema polo noso percorrido diacrónico particular. No entanto, non podemos afirmar que tales pronomes desapareceron completamente do sistema gramatical por se teren conservado, aínda que marxinal e desigualmente, dentro da lingua. Son salientábeis en toda esta casuística de formas, primeiro, a súa perennización a se xun-

⁴⁴ Como acontece tamén no galego moderno mediante expresións cal *dito*, *antedito*, *sobredito*, *citado*, *antecitado*, *nomeado*, *xa dito*, *xa visto*, *xa tratado*, etc.

⁴⁵ O neutro **HOC**, por exemplo, pasou ao aragonés (*zo*), catalán (*co*), provenzal (*ço*) e frances (*ço*) con desigual suceso no seus decorreres históricos, encanto formas reforzadas con **ECCE** foron as etimoloxías do ant. fr. *icist*, *iceste*, *icil*, *icele* (< **ECCE** + **ISTE**, **ECCE** + ***ILLI**, **ECCE** + **ILLA**). Véxase ao respecto Väänänen (1988: 216) e Jordan / Manoliu (1989: 301). Repárese, por último, nos nomes de carácter estilístico das falas provençais e das francesas, respectivamente *langue d'oc* e *langue d'oïl*, formados sobre os respectivos adverbios de afirmación *oc* (< **HOC**) e *oïl* (< **HOC** **ILLI**). Non podemos deixar de nos lembrar de que tales particularidades lle serviran a Dante para clasificar as linguas romances consideradas na altura, en que distinguía aquelas que tiñan o adverbio *si* como partícula afirmativa, as que posuían para esa casuística *oc* ou as que utilizaban *oui*.

taren sempre a outra palabra, adoito proveniente da componente lexical, e, segundo, a súa perda do valor inicial de sinalamento como unidades pronominais deícticas. Non resultan menos importantes, como consecuencia do anterior, o seu trasvase de paradigma e a súa mudanza de significado, pois renegan do sistema fechado dos demostrativos para ingresaren nomeadamente no dos adverbios de tempo⁴⁶, case se esquecendo da súa significación deíctica orixinaria seducidos pola inmersión no mundo da semántica, que lles proporcionarán trazos sémicos pertinentes de que antes carecían.

De todos eses novos vocábulos o máis antigo é o adverbio de tempo *hoxe*⁴⁷ (< med. *hoje*), pois provén da forma HODIE, que, por súa vez, procede da unión de HOC + DIE. En textos redixidos en latín durante a Idade Media verifícase ás claras a perda da noción elementar de deíxe, como se manifesta nas secuencias morfosintácticas IDEO UT DE ODIE DIE (TC, I 334), ITA UT DE HODIE DIE (DMP 190), etc., que se mantiveran, do punto de vista formal e semántico, case inalteradas até os tempos presentes na expresión *a / no día de hoxe*. Na faixa do leste do país a evolución do termo latino deu como resultado o adverbio *hoi*, pronunciado co fonema vocálico velar medio aberto ou co medio fechado (ILG 1995: 350-351). A influencia provenzal durante o Medioevo provocou que se puidesen documentar construcións como a locución *des oimais* (< DE + EX + *oimais*)⁴⁸ ou a súa acomodación “ao espírito da lingua” en *des hojemais* (Ferreiro 1999: 356, nota 453), cos valores de ‘desde hoxe en diante’, ‘desde agora’, ‘desde entón’, ‘de aquí en diante’, etc.: *Des oge mais ja senpr’eu rogarei / Deus por mia morte, se mi-a dar quiser* [...] *E ja eu senpre serei rogador / des oge mais pola mia mort’a Deus* (LP, I 290); etc.

⁴⁶ Na realidade, segundo apunta Mair Parry (1991: 627), parece tratarse dun fenómeno panrománico segundo semella desprenderse do confronto dalgunhas linguas neolatinas; nas palabras desta estuda, “il est intéressant de noter que la plupart des restes de la série latine HIC dans les langues romanes se trouve dans les expressions temporelles: anc. français *ouan*, anc. italien *uguanno*, anc. espagnol *hogaño* < HOC ANNO; anc. espagnol *agora*, esp. mod. *ahora*, portugais moderne *agora* < HAC HORA; fr. *encore*, it. *ancora* < HANC HORAM; anc. fr. *anuit*, esp. *anoche* < HAC NOCTE; anc. fr. *encui*, anc. prov. *ancoi*, piém. [aŋkœj], cairese [iŋkøj] et autres formes analogues dans les dialectes italiens septentrionaux < HINC HODIE”.

⁴⁷ Dunha perspectiva dialectal, partindo do estado actual da lingua, son notábeis, aliás, outras variantes de desigual transcendencia e presenza. Unha destas é a forma [‘uɛ], oriunda, segundo Fernández Rei (1991: 81), dalgunhas áreas da provincia de Ourense e do sur de Lugo, de onde penetrou timidamente na lingua literaria finisecular: – *Moito madrugas uxe* (Curros, AMT 22). O paso de [‘o] para [‘u], pola súa vez, ten sido explicado recentemente pola influencia metafónica do [e] final. Diferentes casos son as despalatalizacións do fonema [ʃ], mais con diferentes graos articulatorios, que se dan nas costas da Coruña e de Pontevedra, ou o mantemento do homólogo sonoro na Limia Baixa e no galego de Samora, asemade con distintos resultados: [‘oɜ], [‘uɜ], [‘oɜɜ], etc. (véxase ILG 1995: 350-351).

⁴⁸ Así se atesta, por exemplo, nos versos de Pero da Ponte (Marinha López, *ôi-mais, a seu grado / se quiser Deus, será bõa molher*, LP, II 776), de Pero Garcia Burgalês (*Meus amigos, oy mais quero dizer / a quantos me veheren preguntar, / qual est’a dona que me faz moirer*, LP, II 823) ou de Roi Martinz d’Ulveira (*Oimais, amiga, quer’eu falar / con meu amigo*, LP, II 908), en que se omite a partícula inicial *des*.

Consérvase, finalmente, o cultismo adxectivo *hodierno* (< HODIERNU), propio de rexistros marcadamente formais ou literarios e criado por derivación xa na época clásica do idioma a partir de HODIE. Se a súa vitalidade na fala espontánea é tremendamente escasa, o seu testemuño nos dicionarios é asistemático se compararmos os galegos cos portugueses, pois vén recollido, por exemplo, no traballo de Costa / Melo (1993: 891, s.v.), encanto non figura, coidamos que sen motivo que o xustifique, na obra de Navaza Blanco / Lastra Muruais (1994: 477) ou na de Carballeira Anllo (2000: 1064), estes últimos a partiren dos postulados normativos oficiais⁴⁹. Os textos latinos medievais proporcionan algúns exemplos do antecitado nome adxectivo, frecuentemente a acompañar o substantivo DIES: ITA UT HAB **ODIERNO** DIE (TC, II 632); UT AB **HODIERNO** DIE ET TEMPORE STENT IPSAS VILLAS INTER NOS (TC, II 633); IN PROPRIE ANIME REMEDIUM AB **HODIERNO** DIE ET TEMPORE (TC, II 636); etc.

Sobranceira pervivencia do demostrativo latino de maior proximidade a respecto do falante é tamén a do adverbio *agora*⁵⁰ (< HAC HORA), con lenición consonántica /k/ > /g/ propia xa do romance: *Agora me foi mia madre melhor / ca nunca foi, des quando naci* (LP, I 524); *Agora deixa o conto a falar dos gregos* (CT 265); etc.

Deixándonos de parte as pronuncias dialectais do fonema velar oclusivo sonoro /g/, agrupábeis baixo o coñecido fenómeno da *gheada*, cómpre repararmos no feito de o fonema vocálico tónico se corresponder, en congruencia coa súa etimoloxía, - ò -, coa realización do fonema /‘o/, lóxica evolución que, así e todo, non é homologábel para o caso de *hora*, vocábulo historicamente constituínte do noso adverbio en que se ouve quer [‘ora], na Galiza atlántica, quer [‘ora], no interior e leste do país (Fernández Rei 1991: 40-44), cuxa causa leva sendo explicada pola acción metafónica do -a final. O popular *aora*, por outro lado, constitúe máis un españolismo gratuito irregularmente distribuído polo territorio galegófono: *que agora non [...] porque, aora todos tein motos* (tirado de Fernández Rei / Hermida Gulías 1996: 82)⁵¹; etc.

⁴⁹ Desde outras propostas de codificación do estándar galego, este adxectivo culto si é tido en conta, como é o caso de Alonso Estravís (1986, II: 1459, s.v.), onde tamén se recolle o substantivo *hodiernidade* (1986, II: 1459, s.v.).

⁵⁰ Característica morfolóxica desta forma adverbial, propia de rexistros coloquiais, é a súa aceptación do sufixo apreciativo -*inho*, que se non dá no anterior adverbio; particularidade sintáctica, aliás, é o seu condicionamento da disposición dos pronomes clíticos en virtude do seu valor e significado: *Agora cántoche un alalá* (‘neste momento’) vs. *Agora che canto un alalá* (‘logo, a seguir’).

⁵¹ A presenza deste españolismo en galego non pasou desapercibida a algúns estudiosos do noso folclore, como Pérez Ballesteros, quen apuntaba na década de 1880 o seguinte: “*Ahora* se dice en gallego *agora*” (CPG, II 19, nota 2); ou aínda: “Se dice *ahora* y *agora*” (CPG, I 205, nota 1).

Máis unha continuidade do paradigma de HIC témola no caso do nexa adversativo *pero* [pero] formado a partir do neutro < PER HOC⁵², rendibelmente produtivo na oralidade actual e desigualmente considerado na codificación normativa da lingua, en que concorre con *mais*⁵³. No galego-portugués medieval está abondosamente documentado, cunha cantidade maior de valores do que na actualidade, os cales iría perdendo durante os séculos seguintes a favor doutras expresións adversativas, como *aínda que*⁵⁴: **Pero** *me vós dizedes, mha senhor, / que nunca per vós perderey / a muy gram coyta que eu por vós ey* (LP, I 168)⁵⁵; **Pero** *me vos, donzela, mal que-redes, / por que vus amo, conselhar vus ey* (LP, II 809); etc.

Variantes arcaicas de *pero* son *perol* e os seus compostos respectivos, ou *sexa*, *empero* e *emperol*, proscritas no idioma moderno: *Se abelhas que eyxamẽ sobirẽ en aruor dalguu omẽ, se (o) outro as fillar ou as ensarrar ante que o dono d'aruor as possa auer, filheas, enpero que ena aruor façam eyxame* (FR 210); *Tare, padre de Abraã, empero que era bõo* (GE 134); etc.

Aliás, é obrigado apuntarmos as utilizacións, tamén antigas, das secuencias *mais pero* e *pero que*, que igualmente ficaron reprobadas na actualidade polo exame da diacronía: **Mays pero**, *assý mẽtre estaun falando, Diomedes ya auẽdo suas palau-ras grossas có os outros* (CT 296); **Pero que** *punh' en me guardar / eu, mha sen-hor, de vus veer* (LP, II 654); etc.

Cómpre sinalarmos, asemade, dunha óptica dialectolóxica circunscrita aos tempos presentes, a variante *peró* [pe'ro]), posibelmente mellor continuadora da primitiva pronuncia oxítóna, que se escoita nas falas máis orientais de Lugo e nas limítrofes do galego asturiano (Fernández Rei 1991: 104); nun nivel de lingua oral máis popular desaparece o fonema vocálico pretónico nesas áreas e no occidente da provincia da Coruña, dando así orixe á forma *pro*⁵⁶, rexistrada como marca diatópica

⁵² Huber (1986: 193) acode a etimoloxía diferente para dar conta da súa orixe, xa que atribúe á secuencia PRO HOC o nacemento deste nexa conxuntivo, contrariamente á teoría máis estendida na literatura lingüística (cfr. Nunes 1989: 354; Ferreiro 1999: 119, 207). Alén disto, o mesmo filólogo alemán non dubida en o integrar dentro dos demostrativos medievais que, estando xustificado historicamente, non é defendíbel, do noso punto de vista, dunha perspectiva paradigmática e funcional.

⁵³ Desde postulados oficiais, baseándose no seu emprego na lingua antiga e na contemporánea, son admitidas ambas as formas adversativas (véxase ILG / RAG 1995: 182-184), eclecticismo que non é defendido polas teses reintegracionistas, as cales priorizan a conxunción *mais* ou, tomando como referencia o portugués moderno, mesmo *mas*: “É claro que prescindimos do acento do advérbio [*máis*] se, como em português e brasileiro, utilizamos a conjunção *mas*, porque o seu carácter diacrítico já nom é necessário” (AGAL 1985: 91, nota 281).

⁵⁴ Sobre as particularidades na lingua primitiva de *pero*, véxase Mattos e Silva (1984: 129-152).

⁵⁵ Nótese a atracción que exerce sobre o clítico neste exemplo e no seguinte, non perpetuada na lingua moderna, na cal non é de regra tal imantización.

⁵⁶ Nótese a síncope da preposición *para*, *pra*, adoito utilizada na nosa literatura contemporánea: **Pra** *ir de Pontivy a Quelven había que cruzar o río Balvet* (Cunqueiro, CS 24); *Nela a principal funcção será pra os pobos que souperon agardar* (Otero Pedrayo, PM 113); **Pra** *o outro día sóupose a nova* (Risco, OPP 100); etc.

na expresión literaria contemporánea con estilística próxima da espontaneidade ou, aínda, asimilada consciente e produtivamente⁵⁷ como máis galega por diferencialismo a respecto do idioma de Castela: *Hai bos pasteiros por alí, pro pouca xente principal* (Cunqueiro, CS 52); **Pro**, *desembarcado, pasaba os días e as noites en Corme* (Cunqueiro, FE 62) *Viano tumbado e todo encollido como medio morto, pro lle non dixeron nada* (Lesta Meis, MR 32); etc.

Redución aínda máis inusual e estraña é *po*⁵⁸ [‘pɔ]), que só se acha na fala de forte carácter coloquial e que posúe uns testemuños escritos máis escasos; estas mostras atópanse nomeadamente en etnotextos dialectais: **Po** *disque bota lume pola boca [...] e eses disque son, cousas desas que quedaron no aire. Po eu n’as vin [...]. Vin quen as viu. Amasi oíno, quen as viu; po eu nunca as vin* (adaptado de Fernández Rei / Hermida Gulías 1996: 29-30)

Outro dos casos en que se mantivo unha forma demostrativa de HIC é o do adverbio *hogano* (< HOC ANNO)⁵⁹, con sonorización románica da consoante oclusiva velar xorda /k/ análoga á antecitada forma adverbial *agora* e con redución da xeminada -nn- a -n- segundo as tendencias xerais do decorrer histórico da lingua. Na actualidade está practicamente desaparecido ao ser desprazado por expresións temporais equivalentes, tales como *na actualidade*, *neste ano*, *no momento presente*, etc.: *e, por amor / de Deus, queredes-vos doer / de min, que ogano casei* (LP, I 73); *Item deuja por este pan a Pedro Lopez et ao archediago de Triacastela por antanno et por oganno seys terças de pan* (HGP 104, LU, 1414); etc. Non obstante, aparece ocasionalmente nalgún texto literario contemporáneo, como os seguintes versos de Leiras Pulpeiro e de Iglesia Alvariño: *como me case hogano, / heiche levar unha vela* (Leiras Pulpeiro, OC 176); *vai nestes versos do Nadal de hogano / baixo baixo, pra os amigos vellos* (Iglesia Alvariño, PGC 162); etc.

Finalmente, a pesar de non constituíren evolucións a partir da clase deféctica latina, debemos facer breve mención a determinadas expresións feitas e idiomatismos tirados directamente da lingua do Lacio, propias de rexistros sumamente formais ou de marcados estilos cultos: é o caso de *hoc est* (que compite con *id est*), cuxo correlato galego é *isto é*, da horaciana *hoc erat in votis* (tirada de Costa / Melo 1993:

⁵⁷ A rendibilidade da forma sincopada no plano da literatura escrita provocou que aparecesen manuais de aprendizaxe e dicionarios, orientados para o público infantil e xuvenil, que recomendaban a conxunción na súa forma reducida cando o galego, logo dunha ausencia secular na administración e no ensino, comezaba a beliscar as aulas escolares por volta dos finais dos anos setenta e dos primeiros dos oitenta. É o caso, por citarmos algúns exemplos, de *Gallego 1* (ILG 1975: 196), de *Galego 2* (ILG 1977: 247) ou aínda do *Dicionario básico* (ILG 1980: 209, s.v.).

⁵⁸ Cfr. a tamén coloquial forma *pa* (< *para*).

⁵⁹ Á parte de *hogano*, *agora* e *pero*, hai estudiosos que inclúen *onte* como máis un adverbio formado desde HAC NOCTE, como é o caso de Williams (1975: 163). Non obstante, traballos recentes (Ferreiro 1999: 356) prefiren retrotraer a respectiva etimoloxía a AD + NOCTE.

1783), traducida para *isto era o que quería*, da secuencia *ad hoc*, posta na nosa lingua en *para isto*, ou aínda da estrutura proveniente dos versos da *Eneida*, en que se le *hoc opus, hic labor* e que vertida á lingua de Galiza resulta ser *esta é a obra, este o traballo*, etc.

Capítulo 2. Os demostrativos no galego-portugués medieval

2.1. As formas: orixe, evolución interna e resultados

2.1.1. Paradigmas xerais

Após o percurso histórico do latín que derivou nas actuais linguas romances, comezan estas a se utilizar en rexistros gráficos durante o Medievo, aínda que, do punto de vista horizontal e cronolóxico, non todas se deron emancipado ao mesmo tempo na Romanía. Para o caso galego-portugués, a expresión escrita principia por volta do século XIII e desenvólvese, nos territorios de Galiza, até os comezos da Idade Moderna, período en que a produción de textos na nosa lingua coñece a súa etapa máis escura canto a cantidade e a calidade literaria se refire, cuxas causas, como é sabido, radican en factores motrices alleos ao país e derivados do acontecer político estatal. Entretanto, o galego-portugués do sur do río Miño continuou a se escribir e a se usar en todo o tipo de contexto, e a el nos remeteremos sempre que for necesario para comprobarmos ou verificarmos tal ou cal dato. Sexa como for, as modalidades de textos escritos conservados durante a época do Medievo no noso país abranxen a lírica, a prosa literaria e a prosa cívico-xudicial, e a esta tripla variedade de corpus nos teremos de referir para estudarmos o paradigma dos demostrativos no amañecer gráfico do noso idioma.

Logo de as tendencias evolutivas emerxentes durante a latinidade tardía teren chamado no territorio galaico, chégase á ratificación deses decorrerres subscrita polos textos medievais. No que se refire aos demostrativos, en consonancia co exposto nas páxinas anteriores, convén salientarmos, por un lado, o triúnfo dun sistema trimembre e cos seus respectivos graos de marcación espacio-temporal e, por outro, a continuidade dos usos populares do latín no tocante ao reforzo da partícula *ACCU⁶⁰ nas

⁶⁰ Algúns estudiosos da lingüística histórica galego-portuguesa salientaron esta continuidade, aínda que desigualmente: así, Nunes (1989: 247), Williams (1975: 161) ou Coutinho (1976: 256-257), por exemplo, retrotraen ao latín arcaico e popular o desenvolvemento da partícula de reforzo. Para outras linguas románicas, como o español, tamén se teñen indicado esas tendencias do latín antigo e coloquial, apuntando mesmo exemplos provenientes da *Peregrinatio Egeriae* (véxase Alvar / Pottier 1983: 107).

formas consagradas como deícticos, que alternan, nun primeiro momento, a carón das simples nas obras conservadas. Deste modo, e antes de entrarmos noutros pormenores, podemos convir que as formas documentadas durante o período medieval para as tres series son as seguintes:

a) Paradigma de T1(< ISTE, ISTA, ISTU; *ACCU + ISTE, ISTA, ISTU):

	Masculino	Feminino	Forma invariábel ⁶¹
Singular	este, aqeste	esta, aqesta	esto, aqesto, isto, aqisto
Plural	estes, aqestes	estas, aqestas	

Exemplos: *Onde diz sobre este lugar Lucas, obispo de Tuy, que estas prouas destes saberes nõ as poderiam fazer (GE 129); De morrerdes por mi gram dereit'ê, l amigo, ca tanto paresqu'eu bem, l que d'esto mal grad'ajades vos em (LP, I 190); E quẽ quer que contra isto ueer ou fazer algũa cousa moyra porende (FR 179); quitamos e arrenuçamos para todo sempre a uos, Fernã Pelaez, [...] e a toda uosa uoz por aqeste herdamẽto (HGP 195, GU, 1288); Aqesta un fillo houve que amava l mais ca ren (CSM, II 43); Et por segurãça de aqesto et por firmeđu de seér gardado (GE 48); que guardasse os béés dessa meyadade sobredita et agrauastes los en aqisto contra dereyto (HGP 199, SA, 1290); etc.*

b) Paradigma de T2 (< IPSE, IPSA, IPSU (e *ACCU + IPSE, IPSA, IPSU)):

	Masculino	Feminino	Forma invariábel
Singular	esse (e aquesse)	essa (e aquessa)	esso (e aquesso)
Plural	esses (e aquesses)	estas (e aquessas)	

Exemplos: *sabem os começos dos feytos que se em esse tẽpo fazem (GE 3); Tod'essa noite vigia tev'; e logo guarneceu (CSM, I 186); Mays esso pouco que eu vivo for; l poys assy é, non me quero deixar l d'eles (LP, I 335); isso mandamos enas cousas alheas (FR 227); etc.*

⁶¹ Preferimos a denominación de “forma invariábel” antes do que a máis estendida, “neutro”, por, con efecto, non ser fiel á realidade morfolóxica da lingua ao nesta non existir tal xénero consoante acontecía, contrariamente, no latín. Cfr. tamén Ferreiro (1999: 261) ao expor que no “devir histórico, a pesar da perda do neutro na flexión xenérica, fica unha forma invariábel en cada persoa (sen flexión de xénero nen de número, que algunhas gramáticas seguen, tal vez por inercia, denominando neutra)”. Neste sentido, e aínda que xa un gramático como Fernão de Oliveira, en 1536, sinalaba que *isto, iso* e *aquilo* son “de género indeterminado”, na actualidade existen denominacións máis acaídas, cal a de Herculano de Carvalho (1984: 29-48), quen dá en os chamar “masculinos indeterminados”, ou como a de Lagares Diez (2000: 208), o cal, a se basear nos mecanismos de concordancia, prefire identificados baixo a etiqueta de “masculinos invariábeis”.

c) Paradigma de T3 (< *ACCU + ILLE, ILLA, ILLU):

	Masculino	Feminino	Forma invariábel
Singular	aquel(e)	aquela	aquilo
Plural	aqueles	aquelas	

Exemplos: *Et estabeseceu en aquel dia que d'ali endeãte a igleia de Santiago fose chamada apostholic (MS 129); aquele eydo en que ora uos morades que nunca delle uos nõ uosa uoz façades foro (HGP 195-196, GU, 1288); Et dizeruos ey aquela rrazõ que me el disse (CT 235); Quando o conde Fernã Gonçalvez aquilo oyu, rrespondeulles assy (CGC 107); se se perder; peyte outro tão como aquilo era (FR 240); etc.*

Aínda que, conforme o tratado anteriormente, en certos textos da latinidade tardía xa se preludian os paradigmas e funcionalidades dos pronomes, cómpre facermos notar que nas obras conservadas do período medieval é observábel unha certa vacilación no tocante ás formas e ás súas correspondentes funcións⁶². Como afirma Lorenzo (1977: 606) para os textos da CGC, “todavía no están fijados totalmente los usos de *este*, *esse* y *aquel*, ya que muchas veces encontramos uno en lugar del otro”, fenómeno que, na nosa opinión, cómpre relacionármolo coa historia particular de IPSE, pronome inicialmente identificador no latín clásico á marxe do inicial esquema dos mostrativos, despois empregado con frecuencia como anafórico no latín tardío e posteriormente, co transcurso cronolóxico, incorporado ao sistema demostrativo⁶³. Nalgunha obra redixida por volta do século XIV, como os *Diálogos de S. Gregório*, os casos de ocorrencias de T1 e T3 elévanse, respectivamente, ás cifras de 1.052 e 1359, en claro contraste cos exemplos de T2, de que só se atestan 61 mostras (Teyssier 1981: 9); estes datos cuantitativos dan idea do caprichoso que era un sistema de pronomes demostrativos aínda en vías de se consolidar e, por tanto, sen unha fixación máis ou menos coherente. No entanto, nas obras de Gil Vicente (véxase Teyssier 1981: 26), autor pertencente xa ao século XVI, obsérvanse maiores cifras de T2 en relación a T1 e T3 (respectivamente, 583 para T2, 1.257 para T1 e 202 para T3) e, en xeral, as correspondentes formas “fonctionent très régulièrement comme démonstratifs de la première perssone (*este*), de la deuxième personne (*esse*) et de la troisième personne (*aquele*)”.

⁶² *Esse* tamén funcionou como deíctico e anafórico, igualmente cunha certa flutuación, noutras linguas peninsulares, como o castelán da Idade Media. Para este idioma é de interese o traballo de Sáez Durán (1996: 355-366).

⁶³ Véxase Teyssier (1981: 11), con quen compartillamos a seguinte apreciación: “Nous n’oublions pas, dans cette recherche que *esse* est sorti du ‘pronom d’identité’ latin *ipse*, et que d’autre part il est employé dans la langue moderne soit comme anaphorique pur, soit comme déictique de la deuxième personne”.

Nunha certa harmonía coas flutuacións de formas e funcións nos primeiros textos galego-portugueses, Mattos e Silva (1989: 165) vai alén dos casos medievais e chega a insinuar que existen analoxías entre a perda de oposición para T1 e T2 con función anafórica e esta mesma neutralización que se dá nalgúns falas populares dos dialectos do Brasil (cfr. Mattoso Câmara 1997: 124)⁶⁴. A conexión entre un e outro fenómeno lingüístico, parecéndonos moi digna de ser tida en conta, haberá que a corroborar coas obras escritas en portugués americano durante os séculos XVI-XX para verificar se esa tendencia se mantivo ao longo do tempo, en cuxo caso tería unha orixe ben antiga, ou se, pola contra, se trata dunha innovación recente asociada ás variantes do portugués brasileiro, tan interesantes en moitos aspectos e tan particulares, noutros, a respecto da norma padrón da Península Ibérica.

Como é lóxico, alén dos textos literarios en prosa, para que os estudiosos susoditos refiren estas circunstancias, tamén nas obras líricas se aprecian oscilacións canto ás formas demostrativas e a súa funcionalidade; así, por exemplo, poden atestarse casos no cancioneiro mariano en que se manifesta esta vacilación, frecuentemente na secuencia *desa vez*; nesta construción en particular nótanse valores máis propios do IPSE latino do que da forma demostrativa románica, isto é, connotando antes matices de anáfora e de identificación do que estritamente mostrativos: *E en tal guisa o acorreu / que o touro log'en terra caeu / e todo-los quatro pees tendeu, / assi como se quisesse morrer [...]. / E o touro s'ergeu dessa vez / nunca depois a null'ome mal fez* (CSM, II 124); *E ela mui sen sanna / o seu manto foi parar / u muito recebido / colb'ouve dos que y dar / fez o Soldan beyçudo [...]. / E avço dessa vez / aos que combatian / que Deus por ssa Madre fez / que dali u ferian / os colbes* (CSM, I 130-131); etc.

Tamén se achan na prosa tabeliónica e notarial, en que as necesidades da referencia anafórica e identificativa se tornan necesidades de primeira orde dada a natureza desta tipoloxía de textos e as consecuencias de que poderían ser vítimas os potenciais ouvintes⁶⁵: *Damos e houtorgamos áa dauãdita Steuaya Periz, nossa fila, a meyadade de todóo herdamêto desusso dito per tal preito so tal condiçon que se se essa Steuaya Periz, nossa fila, cassar per mandado e per outorgamêto do honrado padre e senhor dō Viçete, bispo do Porto, e per outorgamêto de my Tareyga*

⁶⁴ Repárese nalgúns dos exemplos que expón Mattos e Silva (1989: 165): *Ca este livro foi feito pelo nobre San Gregorio, que veo da liagem dos senadores de Roma e foi depois papa dessa meesma cidade; E quando me nembro do estado en que primeiramente vivi quando era monge, semelha-mi que estou en Manna ena riba do mar. E quando er cuido ora o estado en que vivo, semelha-me que me vou per esse mar ao desdado hu me Deus levar*; etc. [as negras son nosas] (véxase tamén Mattos e Silva 1989: 166-171).

⁶⁵ Apunta Maia (1997: 683) a respecto dos documentos tabeliónicos e da utilización oscilante dos demostrativos: “Verifica-se, porém, que, nalguns casos, não se encontra ainda totalmente fixado o emprego distinto das formas de cada um dos três grupos”.

Mēdiz, madre da dauãdita Seteuya Periz, essa Steuaya Periz auer (.).jogo a meyadade de todóo herdamêto (HGP 247, MA, 1284); *como fosse contéenda ontre dom Hanrrique, abbade do moesteyro de Oya et o conuêto desse lugar* (HGP 188, BA, 1281); *Cunusuda coussa ssey a quantos esta carta virem et ouujrem como eu Marja Iohanes con outorgamto de meu marjdo, Ioham Mjgéés, esse pressente et outorgante* (HGP 202, TE, 1295); *Conoçuda cousa seia a quãtos esta carta virẽ como eu Jhoã de San Jhoane, morador de Fafiaes, ensenbra cõ mia moler Maria Fernadez, essa presente et outorgãte* (HGP 204, TE, 1296); etc.

Destes tres paradigmas convén referirmonos a máis unha cuestión de relevo, como é o resultado obtido para os singulares masculinos. Con efecto, unha particular evolución explica que ditas formas proveñan, aparentemente, do nominativo (ISTE > *este*, IPSE > *esse*, etc) no canto de xurdiren da tendencia máis común, que fai retrotraer a maioría dos nomes galegos ao acusativo. A tradición filolóxica galego-portuguesa leva así explicado os actuais masculinos singular, como é o caso de Williams (1975: 161), Huber (1986: 193), Nunes (1989: 246-247) e, máis recentemente, Ferreiro (1999: 260). Pottier (1958: 34-35) atribúe a causa da evolución ao feito de o demostrativo acompañar sempre o substantivo como determinante cunha intensidade tonal máis relaxada do que a forma invariábel, que nunca pode desempeñar tal función; a partir de aquí, defende a existencia dunha forma non documentada, **est*, orixe do posterior *este*⁶⁶. Seguíndomos a súa proposta, os pasos terían sido os seguintes: ISTUM > **esto* (época preliteraria) > **est* (época preliteraria) > *este*, para o masculino, e ISTUD > *esto* (época preliteraria) > *esto* (lingua antiga), para a forma invariábel. Aliás, como apunta Mattos e Silva (1989: 156), o investigador francés confronta este proceso, en nota a rodapé, co caso de *aquel*, en que, segundo o seu parecer, se poderían observar similares pautas evolutivas canto á perda do *-e* final. Mais o seu postulado leva implícita a eiva de non posuírmos textos redixidos en galego-portugués durante a época que el denomina preliteraria, circunstancia que desmerece a súa argumentación ao non contarmos con esas evidencias escritas.

Así e todo, aínda que a teoría de Pottier nos puidese parecer certamente suxestiva, mais difícil de probar, pensamos que a orixe dos nosos *este*, *ese* e *aquel* debeu de

⁶⁶ Para o caso do español, lingua en que se aprecian análogas formas ás galego-portuguesas para o masculino singular, tamén se teñen indicado procesos similares: Alvar / Pottier (1983: 106) argumentan que, como o demostrativo ocorre anteposto ao substantivo, a inicial forma *esto* se apocopou paralelamente a outras mostras (cfr. *buen hombre / hombre bueno*), de onde xurdiría *est*; ao se repor a vogal final non podía acudirse a *-o* porque causaría a homonimia co neutro, de aí que non ficase máis remedio que se apropiar de *-e* ao non presentar este conflito. Acrecentan os autores que “por outra parte, *est* no podía subsistir por intolerancia de la lengua a finales en *-st* y la única vocal aceptable para resolver toda esta serie de aporías era la *-e* (no puede haber ni *-i* ni *-u*, y la *-a* es la forma marcada de femenino, como la *-o* de neutro); de ahí *este*. La explicación es válida para *ese* en la misma medida; acrecentada la crisis por la confusión de *es* con el verbo *ser* (“*es* hombre” = “ese hombre” o “es hombre”)).”

estar igualmente en motivos tamén homofónicos, mais non contemplando a apócope en que el se basea. É sabido que a maioría das voces galegas herdadas do latín proveñen do acusativo desta lingua, como no resto dos idiomas e dialectos peninsulares⁶⁷; se confrotarmos os probábeis (e case seguros) resultados na oralidade latino-galaica de ISTUM (acusativo clásico do masculino ISTE) e ISTUD (acusativo clásico do neutro ISTUD), pois, concluiremos uniformemente a pesquisa en *esto*, forma en que converxerían dous resultados que non se tiñan de confundir⁶⁸. De aí que fose preciso botar man do nominativo, solventando deste modo a homofonía protorro-mance. Explicación máis sinxela é, porén, facermos corresponder directamente a orixe dos actuais pronomes masculinos co nominativo, aínda que bate con algún problema de coherencia sintáctica: con efecto, temos as nosas dúbidas de que os galaico-romanos proferisen enunciados do tipo **Video este castelo* ou **Audio este homine*, en que a marcaxe da función sintáctica, por *este castelo* e *este homine* seren CD, exige un acusativo e non un nominativo; repárese, en consonancia con isto, en que o resultado de ILLE nestas casuísticas garda tal congruencia sintáctica, ao proceder de ILLU, acusativo, o actual pronome identificador *o* (**Video elu castelo* > *Vexo o castelo*; **Audio elu homine* > *Ouzo o home*).

Os plurais, á súa vez, foron refeitos analoxicamente a partir da forma resultante (*este* → *estes*, *esse* → *esses*, *aquell(e)* → *aqueles*) e mesmo xa poden encontrarse en textos pretendidamente redixidos en latín (*Subri · istis plasos · di susu dictos*, DG 7, s.l., s.d.); minoritariamente, tamén se poden rexistrar os etimolóxicos a carón dos analóxicos, tal como os que expomos a seguir: *Et de todos estos ño achamos que falasse Moysem ñno Genesis* (GE 15), *et estos erã cananeos* (GE 197), etc.; a autoctonicidade de tales plurais parece ficar lexitimada por se aínda hoxe rexistraren en falas do galego oriental (véxase 4.1.1.6) e, aliás, polos seguintes versos dos cancioneiros⁶⁹: – *Cabelos, los meus cabelos, / el-rey m'enviou por eles!* (LP, II 571)⁷⁰; etc.

⁶⁷ Di Ferreiro (1999: 225): “Na Ibero-Romania consolídase o acusativo como caso único, absorbendo definitivamente todas as funcións, mais con dúas consecuencias sintácticas fundamentais: a orde de palabras (suxeito + verbo + complementos), coa conseguinte fixación de función das palabras na frase, e, por outra parte, a utilización xeneralizada de preposicións”. Véxase tamén Ferreiro (1999: 225-226) para a manutención, minoritaria, doutros casos na nosa lingua.

⁶⁸ Segundo as tendencias da evolución fonética operativas no paso do latín ao romance occidental da Península Ibérica, í xera [e] e ñ evolúe para [o], de onde se infire que ÍSTŪ (acusativo de ISTE) e ÍSTŪ (acusativo de ISTUD) tiñan de terminar a producir unha solución foneticamente idéntica (para o percurso do vocalismo latino no seu paso ao galego-portugués medieval, véxase Ferreiro 1999: 27-99).

⁶⁹ Nótense aínda os exemplos seguintes, tirados da prosa: *e conuerteron muy poucos xristianos que por ellos en o qual tempo foran tornados a fe catholica* (CI 33); *pugnaron regeamente contra ellos* (CI 34); *Et foise pousar con ellos a Rocha de Santiago* (CI 44); etc.

⁷⁰ Con todo, a rima pode estar detrás da utilización do etimolóxico *elos*: na cantiga 25 de Johan Soares Coelho (LP, I 536) achamos, na primeira estrofe, *Fui eu, madre, lavar meus cabelos / a la fonte e paguei-m'eu d'elos*; no entanto, na terceira xa encontramos os plurais analóxicos: *A la fonte [e] paguei-m'eu d'eles, / aló achei, madr', o senhor d'eles*.

Convén salientarmos que en *elos* e, por extensión, en *estos*, *esos* e *aquelos* non se tornou preciso recorrer ao nominativo porque non había posibilidade de confusión cun imposíbel **estos* plural de *esto*, por tal forma ser invariábel, situación ben distinta ás presumíbeis evolucións de ISTUM (> *esto*) e ISTUD (> *esto*) comentadas nas liñas anteriores. É por este motivo que se gardan testemuños medievais e modernos, se ben restritos a unhas determinadas rexións da Galiza lingüística.

Cousa ben distinta son eses mesmos plurais tirados doutras linguas do noso contorno, como o asturo-leonés e o castelán, cuxas influencias provocan a entrada de formas alleas ao noso idioma. Deste modo, Cintra (1984: 416-417) documentou, no texto dos *Foros de Castelo Rodrigo*, variantes como *estos*, *aquestos* ou *aquelos*, apuntando que en dita obra “embora predominem as formas comuns ao leonés e ao castelano, não faltam exemplos” de plurais galego-portugueses. Pola súa parte, a lírica galego-castelá, redixida entre 1350-1450 nun galego fortemente castelanizado ou nunha *koiné* entre esta lingua e a da Meseta⁷¹, facilita atestarmos frecuentes exemplos en relación ao corpus de que se compón (63 textos): *Desque de vós me partí, / lume destos ollos meus / por la fe que devo a Deus / já más placer nunca vi [...]. / Choran con grant soedade / estos meus ollos cativos* (CD 125); *desque eu morrer les seja otorgada / a cada qual deles segunt fue mandada, / todo por manos de aquestos tutores* (CD 296); etc.

Para o masculino singular de T3 documéntanse quer a forma *aquele*, quer a forma *aquel*, cuxa oscilación na lingua medieval⁷² orixinou o galego común contemporáneo *aquel* e o portugués corrente moderno *aquele*. No entanto, na outra beira do Miño non é descoñecido o pronome *aquel* na linguaxe actual, aínda que é considerado como un popularismo ou como un trazo dialectal e arcaico, análogamente aos casos de *el* (face ao estándar *ele*); así o entenden Williams (1975: 161) ou Vasconcellos (1987: 108), este último a precisar que tales trazos se encontran principalmente na linguaxe popular “dans Trás-os-Montes”⁷³.

⁷¹ Sobre as características lingüísticas dese híbrido galaico-español en CD, véxase Polín (1997: 79-86) ou Mariño Paz (1998: 176-179), este último a explicar o hibridismo lingüístico de CD “principalmente como consecuencia do difundido hábito medieval de poetizar nunha lingua que non é a propia e que ademais alcanza un alto grao de convencionalismo” (Mariño Paz 1998: 178).

⁷² Afirmo sobre este particular Ferreiro (1999: 64): “Cando a consoante *l* procede da xeminada -LL-, o -e final perdeuse modernamente fronte a solucións antigas con mantemento da vogal”, tal como FOLLE > *fole* > *fol* ou MELLE > *mele* > *mel*. Para o caso concreto de *aquel*, afirma Williams (1975: 165), en certo paralelismo con Pottier, que na “próclise, *aquelle* perdeu a súa última sílaba e se tornou *aquel*”, como tamén acode á próclise Coutinho (1976: 257) para explicar dita forma. Pola súa parte, Lapa (1982: 143), centrándose no texto de CSM, pensa que a dualidade *aquel* / *aquele* ten máis a ver cunha licenza poética: “A interpretación textual das Cantigas torna-se sobretudo delicada, debido à existência, já ao tempo, de numerosas variantes, estropiadas nos apógrafos, destinadas a animar a composição literária e a servir os interesses da contagem silábica”; entre os exemplos que expón, como *per / por / par, el / ele*, etc., inclúe *aquel* / *aquele*.

⁷³ Para casos dos plurais *aqueis* (*aqueles*) e *eis* (*eles*), documentados en moitas falas trasmontanas dos finais do século XIX e principios do XX, segundo exporemos en 4.1.1.6, véxase tamén Vasconcellos (1985).

Noutra orde de cousas, continuándomos cos pronomes de T3, documéntanse na lingua medieval grafías como *aquelhe*, *aquelho*, *aquillo*, *aquello*, *aquillo*, etc., que nos merecen particular comentario: *saluo aquelhe nosso celeyro cō sa quintáa* (HGP 220, TE, 1302); *seus parêtes mays prouicos herdē eno seu auer e nō aquel nē aquela que o recebeo*, (FR 305); *e cō todo aquelho que en esse logo auiam* (HGP 250, MA, 1287); *todo aquillo que depoyos gaar seya tan ben em penhores* (FR 253); etc. A grafía <ll> non ofrece dúbidas para a considerarmos unha conservación gráfica latinizante do fonema /l/, en que a tradición perennizou a xeminada latina⁷⁴. No entanto, o caso do dígrafo <lh> ten presentado algún problema canto á súa explicación como alografía para dito fonema lateral; neste sentido, Michaëlis de Vasconcellos (1920: 7, s.v. *aquelha*) interpreta tal variante gráfica como un hispanismo a partir dalgún exemplo que aparece no *Cancioneiro da Ajuda*: na cantiga número 264, na terceira estrofe, pode lerse *e por én gran sabor / ei de mia morte (se mi-a quíser' dar / Amor e a que me fez gran pesar) veer d'aquela ren que mais ameí* (CA 516), ao que a editora, en nota a rodapé, indica que no manuscrito figuraba a grafía *d'aquelha*. Maia (1997: 685), pola súa parte, é da opinión de que as causas radican nunha vacilación ortográfica entre <l> e <lh> cando afirma que os testemuños de <lh> para o fonema lateral alveolar /l/ “não podem deixar de ser interpretadas como formas de tipo galego-português em que a lateral alveolar é representada pelo grafema composto lh: a introdução, no século XIII, da grafia lh para transcrever o fonema lateral palatal assim como o de nh para a nasal palatal levou algumas hesitações, inclusive ao uso de novos grafemas com outros valores”.

Aínda así, a explicación da profesora de Coímbra non acae para explicarmos o seu aparecemento nalgún outro caso en que, rexistrándose o dígrafo <lh>, a rima parece vir sancionar o fonema lateral palatal /ɫ/. Así, na emblemática cantiga 38 do referido *Cancioneiro*, comunmente coñecida como “Cantiga da Guarvaia”, achamos na primeira estrofe as palabras *parelha* (v. 1) e *vermelha* (v. 4), encanto, na segunda, por súa vez, aparecen no manuscrito *aquel dia* ỹ (v. 1) e *semelha* (v. 4), que levan tido diferentes interpretacións editoriais⁷⁵. Para este caso concreto dos versos de Pay Soarez de Taveirós, Michaëlis de Vasconcellos (1920: 7, s.v. *aquelha*) opina que a explicación debe buscarse nunha beliscadela do español e non nunha oscilación gráfica para representar o susodito fonema /l⁷⁶; nótese que no

⁷⁴ Repárese en que, por citarmos un caso máis recente, o sistema ortográfico portugués anterior ás reformas de Gonçalves Viana e Carolina Michaëlis de Vasconcellos, desenvolvidas a principios do século XX, aínda prescribía como canónicas as grafías *aquella*, *Galliza*, *gallego*, *Vasconcellos*, etc.

⁷⁵ Eis a lectura de Michaëlis de Vasconcellos: *E, mia senhor, des aquel di'ay! / me foi a mi muyñ mal, / e vos, filha de don Paay / Moniz, e ben vos semelha / d'aver eu vos guarvaya* (CA 82). Outra interpretación máis recente e distinta é a que se encontra en LP: *E, mia sennor, des aquel[la] / me foy a mi mui mal di'ay! / E vos, filla de don Paay / Moniz, e ben vos semelha / d'aver eu por vós guarvaya?* (LP, II 731).

⁷⁶ Outras teorías teñen defendido explicacións distintas, como é o caso de Lapa (1982: 247-248) ao afirmar que a “palavra rimante deve terminar en *-elha*. Só pode ser portanto *aquelha* [...]”. Efectivamente,

exemplo anterior non existen problemas canto á harmonía rítmica, ao paso que neste en particular as formas *parelha*, *vermelha* e *semelha* parecen non deixar outra posibilidade de lectura. Non obstante, quizá non deberían ser descartadas outras teorías, como pensar que se trata dunha tipoloxía de rima certamente singular; é por este motivo que nos parece moi interesante a hipótese que achega Montero Santalla (2000, I: 280-285), segundo a cal estaríamos perante un caso de simetría rímica interestrófica nos primeiros versos de cada estrofe por medio do provenzalismo *paria* combinado con *aquel dia*⁷⁷. Ofrecemos a seguir a súa lectura: *No mundo non me sei par[i]a / mentre me for como me vai, / ca já moiro por vós; e ai / miã senhor branca e vermelha, / queredes que vos retraia?: / quando vos eu vi em saia, / mao dia me levantei, / que vos entom nom vi fea! // E, miã senhor, des aquel dia / me foi a mi mui mal [e lai]; / e vós, filha de Dom Paai / Moniz, e bem vos semelha / d'haver em por vós guarvaia?, / pois eu, miã senhor d'alfaia, / nunca de vós houve nem hei / valia dũa correa* (tirado de Montero Santalla 2000, I: 284).

2.1.2. Mudanzas e tendencias na lingua medieval

Os paradigmas xerais que vimos de sinalar están tirados dos textos medievais no seu conxunto, isto é, abranxendo un amplo espazo de tempo en que, como se torna lóxico imaxinarmos, diversos procesos en marcha orientarían o posterior uso maioritario da serie dos demostrativos, ao paso que, por estas determinadas tendencias seren operativas, se irían preludiando certas variantes diatópicas, sociais e de rexistro no que di respecto aos pronomes mostrativos galego-portugueses. Vexamos, pois, os máis salientábeis aspectos do esquema de tales unidades pronominais durante os séculos do Medievo.

2.1.2.1. O uso de formas reforzadas e de formas simples

O primeiro asunto a que cómpre facermos referencia radica na dualidade morfolóxica que se atesta para T1 e T2, ou sexa, nas formas *este / aqueste* e *esse / aquese*. Nótese, antes de máis, que os pronomes de T3 non entraron nesta dupla posibi-

embora rara, a palabra aparece en galego-portugués antigo, sendo posiblemente un substrato lingüístico desaparecido já no século XIII [...] de presumível fundo asturo-leonês”.

⁷⁷ Di Montero Santalla (2000, I: 283-284): “Buscando um vocábulo terminado em *ia* que pudesse explicar paleograficamente a presença (por erro de copistas), no ms. de *parella*, poderíamos pensar em *porfia*, mas o sentido não se adapta bem. Depois de considerar outras possibilidades, optei, embora como hipótese ecdótica, por *paria*, s.f., forma talvez de origem provençal, derivada de *par* (mediante o sufixo abstracto *-ia*) como *parelha*, e mais ou menos sinónima destes outros vocábulos *par* e *parelha*. É verdade que este hipotético provençalismo *paria* s.f. não parece documentar-se na nossa língua medieval. No entanto, é provável que *paria* s.f., frequente na poesia trovadoresca provençal, existisse também na língua dos nossos trovadores, embora fosse de uso pouco frequente e exclusivamente literário; esta possibilidade deduz-se do facto de que em castelhano medieval existia *paria* s.f. com esse

lidade por ser preciso o reforzo *ACCU, pois, de este se non aglutinar ao pronome confluíría co pronome persoal de P3; por outra parte, téñase tamén presente que, segundo dixemos anteriormente, a mesma forma ILLE (> *el / ele*) é a antesala do clítico de acusativo e do pronome identificador *o* (< acusativo ILLU), motivo que sen dúbida coadxuvou na necesidade de diferenciar o demostrativo galaico⁷⁸.

O decorrer latino-romance, consoante se tratou máis arriba, facilita a circunstancia de podermos retrotraer á propia lingua do Lacio a utilización das formas reforzadas. Ora, o feito de se rexistraren os pronomes simples xunto aos reforzados semella ser indicio, por unha parte, de que tal recurso no iberorromance occidental non tivo o suceso que acadaría noutras xeografías románicas, en que a diacronía plebiscitou como canónicas as formas reforzadas; e, por outra, de que a utilización dos dous alomorfes non debeu de ser gratuíta, de onde se infire que nun primeiro momento puido existir unha distribución funcionalmente pertinente nesta duplicidade morfolóxica, de énfase ou de expresividade⁷⁹.

A confrontación dos textos medievais en relación á época en que se escribiron dá mostras de como, á medida que transcorría o tempo, as formas reforzadas ían tendo unha menor frecuencia de aparecemento, ao paso que, por outra banda, convén apuntarmos que xa posuían unha utilización menor a respecto das simples durante todo o período medieval. Na prosa literaria da Baixa Idade Media, poñamos por caso, vai mingando a súa atestación: así as cousas, Martínez-López (1963: XLV) afirma que no texto da *GE*, obra redixida nos comezos do século XIV, “aquestas, aqueste y aquesto son muy poco frecuentes”, testemuño que é aplicábel, aliás, para *MS*, obra escrita a finais do XIV ou a principios da centuria seguinte; para o manuscrito da *CGC*, Lorenzo sinala que se trata de variantes moi pouco representadas (1977: 157); o mesmo investigador (Lorenzo 1985: 126), asemade, rexistra os reforzados na *Crónica Troiana*, aínda que con menos exemplos do que os simples. Canto á prosa notarial e civil, evidéncianse análogas recorrencias: nos textos tabeliónicos estudados por Maia, redixidos durante os séculos XIII e XVI, encóntranse

mesmo significado. Assim, *paria* seria um de tantos provençalismos trovadorescos de formação similar (*arlotia, bailia, drudaria, felonia, folia, jograria, maloutia, merchandia, messageria, mongia, oufania, preitesia ou tricharia*, para além doutros vocábulos mais usuais como *alegria, covardia, heregia ou maestria*)”.

⁷⁸ Así o parece entender Ferreiro (1999: 260) cando di que o susodito reforzo para ILLE “é lóxico tendo en conta o desgaste a que está sometida esta forma por dar lugar tamén ao artigo e ao pron. pers. de terceira persoa (suxeito e C.D.)”.

⁷⁹ Di Nunes (1989: 248): “No século XV não havia diferença sensível entre os pronomes simples e os reforzados. É provável, porém, que nos primeiros tempos houvesse tal ou qual ênfase que os diferenciase no seu emprego”; concorda coa opinión de Nunes a profesora Mattos e Silva (1989: 157), pondo aínda dous exemplos de *este* e *aqueste* en que, segundo o punto de vista desta estudiosa, se deposita na forma reforzada unha maior énfase: “Leva *este pan* e deita-o em tal lugar que o non possa homem do mundo achar” e “Leva, leva seguro *aqueste pan* e deita-o en tal lugar hu o non possan achar”.

os pronomes reforzados da primeira serie, mais indícasenos que tales formas “ocorrem ainda com alguma frequência no século XIII, mas são relativamente raras no século seguinte”, e que “as formas simples são gerais em todo o período estudado” (Maia 1997: 688); na mesma liña, Ferreira (1987a: 403) destaca o escaso emprego das formas reforzadas en relación ás simples, a pesar de que o texto con que traballou, o *Foro Real* de Afonso X, foi escrito nunha época relativamente temperá.

Paralelamente ás obras en prosa, contamos cos exemplos provenientes da literatura lírica, en que tamén se achan testemuños dos pronomes reforzados que convén matizarmos. É certo que tanto no cancionero profano (*LP*) como no relixioso (*CSM*) se poden atestar mostras dos demostrativos a que fixemos referencia, e, aliás, é tamén comprobábel que, no seu conxunto, a lírica proporciona un número de casos máis abondoso do que a prosa. Mais isto pode ser debido non tanto ao estado da oralidade medieval como antes aos recursos expresivos de que o autor fai uso: se Maia afirmaba que a partir do século XIV as formas reforzadas son raras nos documentos tabeliónicos e se temos en conta que a escola galego-portuguesa comeza o seu solpor por volta dos meados de dito século, podemos pensar nesa licenza expresiva dos poetas medievais como posíbel causa que xustifique o seu emprego, mellor do que atribuírmos o testemuño documental á súa normalidade canto ao uso durante o outono da Idade Media. Parece corroborar esta hipótese o feito de as composicións en portugués do *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*, texto que sae do prelo en 1516⁸⁰, posuíren un número relativamente abondoso de construcións en que os pronomes reforzados son empregues, sempre, como é lóxico, a compartillaren a súa utilización coas formas simples: *Aquestes que vous deixaram* (*CR*, III 339), *Naquesta pena mui alta* (*CR*, IV 114), etc. Á súa vez, da comparación entre *CSM* e *LP* é notábel a maior frecuencia con que se rexistran os pronomes reforzados na primeira obra, situación que, máis nunha ocasión, coidamos que está relacionada coa recursividade expresiva do respectivo autor antes do que con diferenzas de índole lingüístico-cronolóxica. Doutro lado, non se ten de perder de vista que en *CSM* son utilizados frecuentemente versos máis longos do que en *LP*, circunstancia que pode estar detrás do uso de *aqueste*, trisilábico en confronto co bisilábico *este*, nesta tipoloxía de composicións.

Así e todo, aínda no *Livro da Vertuosa Benfeytoria*, redixido no século XV, *aqueste*, *aquesta* e *aquesto* aparecen cunha relativa frecuencia (*aqueste mundável curso*, *LVB*, 19; *aquestes respeytos*, *LVB* 5; *daquesta douctrina*, *LVB* 19; *E aquesto*

⁸⁰ Convén, aínda así, non nos esquecermos de que *CR* é unha compilación de textos anteriores e non unha obra de autoría individual. O problema de os textos seren compilados ou editados posteriormente semella ser a causa do menor testemuño de *aqueste*, etc., pois, segundo nos informa Mattos e Silva (1989: 157, nota 13), versións ulteriores puideron modificar a súa recorrencia: “É interessante notar que na versión quatorcentista dos *Diálogos* [de S. Gregório] (1416) a predominancia de *este* sobre *aqueste* é aínda maior”.

começou de fazer, LVB 19; etc.), e tamén se documentan na obra de Gil Vicente, mais moi puntualmente: segundo Teyssier (1981: 26), o dramaturgo utiliza 22 casos entre T1 e T2 de formas reforzadas en confronto cos 1792 de T1 e T2 de demostrativos simples; en consonancia con estes datos, ditas formas non son escasas nas composicións galego-castelás de entre 1350 e 1450 (*aquesta cuita taman-na*, CD 112; *daquesta rossa novela* / [...] *andarei sirvendo aquesta / rosa de gentil floresta*, CD 143; *Con pesar que tenno migo / e tristeza todavia, / aqueste trebello digo*, CD 268; etc.). No caso concreto da literatura portuguesa, a súa presenza diminúe considerabelmente durante a época seguinte, mesmo na lírica, en que a súa utilización podía estar explicada por necesidades de medida, da xa citada vontade enfática ou de precisión na simetría rímica; deste modo, nunha antoloxía actual da lírica camoniana (Camões, DC)⁸¹ verifícase o uso unánime das formas simples, ao paso que, tamén, nunha escolma recente de sonetos escritos na outra ribeira miño-ta entre os séculos XVI-XVIII (RF), se corrobora a documentación de unicamente *este* e *esse*.

Problema á parte é o testemuño documental das formas reforzadas para T2, para as cales “muito poucos exemplos têm sido notados” (Williams 1975: 162)⁸². Con efecto, non aparecen en ningún dos textos que antes sinalábam⁸³, situación que aínda vén complicar máis o solpor das correspondentes ao T1 e de onde se podería deducir que o seu ocaso foi anterior aos demostrativos da serie *este*, *esta*, *isto*. Unha opinión sería pensarmos que nunca existiron como tales, mais semellante hipótese fica automaticamente descartada, primeiro, por se conservaren residualmente nos nosos días no espazo lingüístico galego-portugués, identificadas como formas dialectais, arcaicas ou populares (véxase 4.1.1.5), e, segundo, por se teren dado noutras áreas románicas do noso contorno máis inmediato, en que aínda continúan a vigorar, como o caso do catalán setentrional. Na verdade, se ben con pouquísimas mostras na lingua medieval, Vasconcellos (1966: 53) cita dous casos no idioma antigo tirados de CR para o feminino singular: *Assi que, quem se quer bem, / e algũu prazer*

⁸¹ E o mesmo se podería sianlar para *Os Lusíadas*, xa que no traballo de Geraldo da Cunha (1980), aínda se rexistrando formas como *estoutro* ou *essoutro*, non aparece ningún caso de *aqueste* ou *aquesse*. Neste sentido, Machado (1989, III: 330, s.v. *isto*), aínda, achega un exemplo de *aquestas* procedente de Camões (*E ja que vos confessey / aquestas fraquezas minhas*), ao paso que proporciona a información de o demostrativo reforzado chegar ao século XVI ilustrándoa cun outro caso, nesta ocasión de de Bernardim Ribeiro (*Em aquisto Jano ouvindo / não se pôde em si sofrer*).

⁸² Algúns traballos especializados abordaron esta ausencia de diferente modo, como Nunes (1989: 247) pondo un asterisco (*) nas formas *aqnessa* e *aqnesso*, encanto outros, como Coutinho (1976: 257) ou Neto (1988: 235), non hesitan en as incluíren dentro do paradigma; aliás, a gramática histórica máis recente de que temos noticia (Ferreiro 1999) sitúaa igualmente no marco do esquema xeral, mais a proporcionar a información de seren variantes raras nos textos antigos (1999: 260-261).

⁸³ Neste sentido é ben explícita a declaración de Mattos e Silva (1989: 156) ao afirmar que no texto medieval con que traballou “ressalta de inmediato a ausência da forma reforçada ou composta [...]” para os pronomes de T2”.

quiser, / fuja daquessa molher (CR, III 179); *ũa dama que dizia: / tende mñao naquessa besta!* (CR, III 317). Asemade, en nota a rodapé, refire exemplos tomados de certos falares locais⁸⁴, a que habería que acrecentar, aínda, un outro exemplo, máis serodio en relación ao do *Cancioneiro*, tirado do vicentino *Auto dos Físicos*, en que se pode ler na boca do “moço”: *Diz que boa prol vos faça / aquesa vossa doença* (Gil Vicente, CO, II 592-593)⁸⁵.

Outros testemuños de *aqueste* e de *aquesse* son os que se encontran no *Auto de Santiago*, de Afonso Álvares* (Álvares, AS), publicado no século XVII: para as formas reforzadas de T1 áchanse sete casos de demostrativos (*naqueste marteiro*, 161; *daquesta prisão*, 193; *daqueste perigo*, 204; *aquestes pomposos*, 219; *aquesta romagem*, 287; *aquesta Senhora*, 307; *aquisto*, 659), ao paso que para as correspondentes a T2 se detectan somente dous exemplos (*daquesse destroço*, 362; *daquessa Senhora*, 371). Até aquí nada hai de particular, pois o cómputo numérico dos segundos casos en relación aos demostrativos de T1 é harmónico coas obras anteriores a termos en conta o feito de unicamente se rexistraren en dúas ocasións. A documentación dos pronomes reforzados, como é lóxico, non impide acharmos tamén as súas correspondentes unidades simples e até poden aparecer estilisticamente combinadas unhas e outras, como se aprecia no seguinte exemplo: *Irmãos, notareis / isto que digo, e não duvideis, / pois que por Ela me foi revelada: / é que sonhei a noite pasada / convosco aquisto que agora direi* (vv. 655-659).

Mais o que ten de singular o texto de AS a respecto doutras obras lusitanas anteriores ou contemporáneas é o feito de algunhas personaxes empregaren outros códigos lingüísticos alén do portugués con testemuños certamente notábeis para as formas pronominais que nos ocupan. Ademais do español, que presenta nestas casuísticas os mesmos elementos do que o portugués (*aqueste* e *aquesse*), é digna de nota tamén a caracterización lingüística dunha personaxe, “um Mouro” como nos indica Afonso Álvares, en cuxos parlamentos se achán curiosas formas reforzadas para T1 e para T2: ou ben desaparece a primeira sílaba, *a-*, ou ben o *-s-* interior da serie de *aqueste* ou o dígrafo *-ss-* da de *aquesse* figuran grafados con <x>; así as cousas, os pronomes de T1 aparecen rexistrados en catro ocasións con tales particularidades (*naquexte cidade*, 2; *naquextas piós*, 26; *queste cristo*, 61;

⁸⁴ Véxase tamén Vasconcellos (1985) e Vasconcellos (1987: 108).

⁸⁵ O exemplo tamén é citado por Teyssier (1981: 27), de onde tiramos a referencia.

* Queremos deixar constancia da nosa gratitude co profesor Juan M. Carrasco González por nos deixar consultar as probas de imprensa da referida obra, que será publicada en breve na Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, Serie Verde: Literatura Teatral en Lingua Portuguesa, dependente do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña. Debido, pois, a que o texto se encontra depositado para a súa eminente edición, optamos neste caso por facermos as citacións correspondentes ao *Auto* polo número dos versos e non polo sistema que adoptamos neste traballo, en que se sinalan polo número de páxina.

*daquex*te lugar, 130), encanto as formas de T2 se documentan igualmente catro veces con eses mesmos fenómenos fonéticos (*aquexa brofia*, 39; *quessa moler*, 108; *aquexa profia*, 115; *aquexas orelhas*, 128). A este respecto, hai que notar que o cómputo dos demostrativos medievais, se sumarmos ás cifras anteriores os exemplos da personaxe musulmana, se acrecenta en once testemuños de T1 e seis casos para T2, o que lle confire ao *Auto de Santiago* unha documentación relativamente notoria se confrontada con outros textos da altura ou mesmo anteriores.

Ao noso entender, o que explica tanto a utilización dos pronomes compostos xunto aos simples na obra e, tamén, o que pode explicar resultados como *quessa* ou *queste*, é, máis nunha ocasión, a necesidade métrica. Para esta finalidade, o autor do texto acode a unidades lexítimas mais posibelmente sentidas xa como arcaicas e até fai que o protagonista arábigo as use, aínda que coas anteditas singularidades. Deste modo, mantense a simetría rítmica grazas á axuda duns pronomes dentro do sistema mais non da (para)norma seiscentista lisboeta.

En xeral, os escasos exemplos que se poden expor para as formas reforzadas de T2 non se poden desligar da recorrencia dos pronomes simples nesta mesma serie. Vimos ao comezo desta sección que tales pronomes, sobre todo nalgúnhas obras, non teñen unha documentación comparábel a T1 e T3 nin posúen aínda unha distribución de funcionalidades fixada, de aí que, en xeral, parece lóxico presupormos que os demostrativos compostos, minoritarios en relación aos simples, se sentisen afectados por esta dupla situación: *este* predomina en toda a Idade Media en relación a *aqueste* e *esse*, á súa vez, non se documenta coa mesma frecuencia do que as formas equivalentes de T1 e T3, de onde é congruente que *aquesse* estexa tan pouco representado dado que se trata dunha variante minoritaria dunha forma que xa non é frecuente.

Pensamos que a explicación do ocaso de *aqueste* e do raro *aquesse* debe buscarse na pertinencia funcional canto ás funcións deícticas básicas, pois a existencia dos dous resultados non estivo condicionada por motivos fonético-sintácticos, como está hoxe en día en galego a distribución das formas do clítico de acusativo (*o / lo / no*), nin aínda por delimitacións xeográficas, cal as regras de formación de plural das palabras acabadas en *-n* (*corazóns*, *corazós*, *corazois*, *corazóis*). Se, como afirmaba Nunes, nos primeiros tempos existía unha diferenciación de natureza enfática entre *este* e *aqueste*, *esse* e *aquesse*, desde o momento en que tal distinción entra en conflito só podían aparecer dúas únicas solucións: a primeira, que simplifica o paradigma, dá en as tornar sinónimas, cuxa consecuencia directa se traduce no resultado maioritario que é esquecer unha das dúas formas (a dos demostrativos reforzados). A segunda aprofunda ou incide nesa diferenza enfática inicial, tornándoa, se non pertinente do punto de vista da mostración, polo menos oportuna do punto de vista expresivo, situación decerto minoritaria no territorio lingüístico galego-portugués; esta parece ter sido a escolla que callou nalgúns falaes dialectais,

tais, como Monsanto, na Beira Baixa, en que, segundo nos informa Buescu (1984a: 107), existen diferenzas de valor entre *este* e *aqueste*, *esse* e *aquesse*, ao que a estudiosa engade aínda que, como *este* e *esse* se senten como menos expresivos, son reforzados polos “advérbios *aquí*, *aí*, respectivamente”. Neste sentido, tamén Álvarez (1996: 164) fai constar que nunha obra contemporánea da literatura galega, os *Ensayos poéticos* de Fernández y Morales, en que se utilizan as formas simples e as reforzadas, a deíxe parece ser máis acusada con estas últimas.

Mais, aínda, o testemuño non ficou restrito á época medieval, pois somos da opinión de que debeu de vigorar, marxinalmente, ao longo dos séculos seguintes; de así non ser, non poderíamos explicar que tales formas continúen a se encontrar espalladas en certas rexións do espazo lingüístico galego-portugués, como a citada fala de Monsanto, que fosen utilizadas na época dos Seculos Escuros e, asemade, que se poidan achar nalgúns textos da literatura contemporánea.

Repárese, por outro lado, en que as formas de T3 *aquel* / *aquela* non podían correr a mesma sorte do que os seus compañeiros de paradigma, ou sexa, arcaizárense e desapareceren ou conservárense ficando nun segundo plano na lingua, porque *el* / *ele* se consagrou como pronome persoal tónico de P3, seguindo deste modo algunhas tendencias xa apuntadas para o propio latín, e *elo*, pola súa parte, deixou de se empregar no paso da Idade Media á Moderna. Resultará, así, un sistema etimoloxicamente desigual canto ao aditamento do reforzo *ACCU na linguaxe corrente (*este*, *ese*, *aquel*), sistema que, como é lóxico, nada afecta as necesidades de situación deíctica.

2.1.2.2. A transformación da raíz nos descendentes do neutro latino [‘e] > [‘i]

Para as formas invariábeis dos pronomes demostrativos produciuse un proceso de hipercharacterización que as individualiza, do punto de vista fonético, a respecto do masculino e do feminino, documentándose en certas tipoloxías textuais, cal a prosa, “con maior frecuencia segundo avanzamos no tempo” (Ferreiro 1999: 261). É así que das antigas *esto*, *esso* e *aquelo* se pasou a *isto*, *isso* e *aquilo*, sistema único no portugués contemporáneo que tamén se documenta actualmente en Galiza aínda que cunha distribución xeográfica que non cobre todo o territorio. A transformación das ditas formas invariábeis suscita algunhas cuestións de relevo, como, por exemplo, as causas de tal hipercharacterización e a cronoloxía en que se produciu a mudanza na vogal tónica dos deícticos. Os motivos do primeiro aspecto teñen sido explicados mediante diversas teorías⁸⁶, de diferente transcendencia, como as que se comentarán a seguir:

⁸⁶ Un breve resumo dalgunhas das distintas tentativas de explicación pode verse en Williams (1975: 162).

Meyer-Lübke (1974, I: 105) encontra na fonética sintáctica a orixe do cambio. Consoante o seu ver, a pronuncia como [w] final dunha construción do tipo *istu es vero* axiu no sentido de condicionar a fechazón da vogal tónica⁸⁷. A súa opinión, non obstante, non clarificaría outros casos en que tal proceso non obtería os mesmos resultados, tal como *illu es vero* (> arc. *elo*, mais nunca **ilo*⁸⁸), mentres que, segundo se parece deducir, defende unha conservación como *-u* final nunha época, a latinidade tardía e a Alta Idade Media, en que a oralidade protorromance xa se tería decantado polo paso a *-o* neses contextos.

A comezos do século XX, García de Diego (1984: 60 e nota 5) acha que a orixe de *isto* / *isso* / *aquilo* debe buscarse nas formas *iste*, *ise*, *aquil* e *il*, as cales, “a causa de una *i* final”⁸⁹, se converteron nas actuais formas dialectais. Os pasos seguidos serían, ao seu ver, os seguintes: no primeiro xéranse as formas masculinas con *i-* a través dos estadios *ĪPSE* > *ese* > *esi* > *ise*; no segundo, por analoxía, as formas invariábeis adoptan tamén a alteración no radical, de onde se conclúe nos pasos *iste* → *isto*, *ise* → *iso* ou *aquil* → *aquilo*. Tamén Vasconcellos (1966: 54), para os pronomes con flexión de xénero e número, semella opinar de idéntico modo cando explica que o “*i* de *isto*, *isso*, *aquilo*, deberá explicar-se como o dos pronomes galegos *iste*, *ise*, *il* [: *isto* é, por **illi* (com Umlaut), por influència de *qui*”], ou aínda Cavacas (1920: 140), que defende a visión de García de Diego para os demostrativos masculinos con <*i*>. Tal punto de vista, no entanto, non corresponde á realidade dialectal da lingua contemporánea no territorio galego (dunha perspectiva xeral, pode afirmarse que *isto* aparece moi puntualmente en zonas galegas de *iste*, ou sexa, distando moito de ser común, e viceversa: nalgunha rexión de *isto* pode aparecer, esporadicamente, algún caso isolado de *iste*), nin coas diacronías respectivas das dúas ribeiras miñotas (*isto* xeneralizouse en Portugal ao paso que en Galiza

⁸⁷ Cfr. as palabras do romanista suízo: “Mais il faut mentionner le portugais *isto* neutre à côté de *esto* masculin. La forme du masculin est formée sous l’influence des autres masculins en *o*, *istu* remonte directement à *istu[d]* et doit sa voyelle à des combinaisons telles que *istu es vero* et autres analoges. Ce fait explique pourquoi il n’y a que les pronoms qui possèdent cette forme avec *i*” (Meyer-Lübke 1974, I: 105).

⁸⁸ Véxase, porén, Carballo Calero (1979: 191) cando apunta que na lingua literaria moderna se poden achar exemplos de *ilo*, aínda que afirma non existir un correlato na oralidade contemporánea. Unha das mostras a que seguramente se refire Carballo é a seguinte utilización que fixo deste pronomes Viqueira: *Mais non sômente por isto cobizamos que s’insine na nosa fala. Hay para ilo outros motivos* (Viqueira, *EPO* 148).

⁸⁹ Véxase tamén García de Diego (1981: 213), onde insiste nesta súa teoría aplicándoa a toda a Iberorromania: “La lengua antigua [a española] usaba a veces *esti*, *esi*, *aquelli* y por inflexión de *e* ante *i* usaba *iste*, *ise*, *aquil*, que conocen varios dialectos españoles”. Para alén da lingua galega, posibelmente se estivese a referir a algunhas falas asturo-leonesas, en que se coñecen os pronomes demostrativos con hipercaracterización no radical: *pudia mu bien decisi: qui n’iste pinturisquin, á la par qui endustrioso Miranda, taba aquil dia representá la nun mas allá humanina billez a [...]. La misiquina n’isti dia foi cantá pur allegriquin coru di entantiles vociquines di les niñines dil culegiu, qui magnánimamenti á isti pueblin ha donáu* (CP 10); etc.

concorre aínda ao lado de *esto*) nin tampouco coa continuidade lingüística territorial galego-portuguesa (as partes do país en que vigoran as formas invariábeis con *i-* aparecen en rexións moi afastadas entre si, desconexas, por tanto, no que á progresión xeográfica se refere).

Unha hipótese que ten sido asinada con singular suceso, sobre todo nos estudos filolóxicos portugueses, é a que ve na pasaxe de [‘e]sto > [‘i]sto a influencia metafónica⁹⁰ da vogal postónica final, [o], que tende a fechar un grao o elemento vocálico acentuado anterior; suscribiron esta explicación, por exemplo, Michaëlis de Vasconcellos (1920: 7, s.v. *aquelo*; 8: s.v. *aquesto*; 45: s.v. *isto*), Coutinho (1976: 257), Huber (1986: 59, § 87, nota), Mattos e Silva (1989: 158) ou Maia (1997: 416-420). No entanto, acudir á metafonía para achar os motivos da mudanza encontra algunhas contradicións se confrontarmos outras mostras en que semellante influencia non foi operativa; deste modo, segundo Lorenzo (1987: 453-454), a inflexión non pode ter sido a responsábel do paso de [‘e] a [‘i] porque, por un lado, de o ser efectivamente, batería con palabras como *seco*, *acedo*, *espeso*, etc., en que non se produciu tal influxo da vogal final, e, por outro, por os demostrativos masculinos con [‘i] e os femininos e invariábeis con [‘e] tampouco acharen explicación convincente na inflexión metafónica⁹¹.

De distinta opinión é Cavacas (1920: 139), para o cal a transformación dos radicais con <*e*> en <*i*> foi debida á influencia da linguaxe culta do que a ningún proceso de inflexión metafónica⁹². Non obstante, a pouco que se faga un exercicio de reflexión, tal punto de vista non ten argumentos demasiado sólidos: non é defendíbel a repararmos nas documentacións temperás que de *isto* se teñen, nin a pensarmos por que nos demostrativos invariábeis operou o peso da tradición clásica e noutras series pronominais, como as persoais ou os deícticos con flexión de xénero e número, se obviou (cfr. **ile*, **aquile*, etc.). Aínda máis, cinxíndomonos aos territorios estritamente galegos, semellante teoría fica desmontada polo infeliz devir político que condicionou o desenvolvemento sociocultural do noso país: o influxo erudito que recibía a lingua galega durante a época de emerxencia e asentamento definitivo das variantes dialectais que hoxe se coñecen distaba moito de ser mediterráneo

⁹⁰ Para unha perspectiva xeral da metafonía en galego, véxase Álvarez Blanco (1988a: 141-157) e Freixeiro Mato (1998b: 86-91). Este último tamén apunta como posíbel caso de metafonía a evolución de *esto* > *isto*, mais subliñando que, de o ser, fica agrupado con outras casuísticas “de carácter secundario” (Freixeiro Mato 1998b: 90).

⁹¹ Acerca da metafonía, non obstante, convén salientarmos o seu carácter un bocado caprichoso, isto é, non se pode esquecer que non é igualmente operativa en todas as casuísticas en que se esperaría a súa acción.

⁹² Sinala Cavacas (1920: 139): “Há todavia a dificuldade desta forma poder aparecer tardiamente na lingua portuguesa: portanto pode opinar-se que as formas neutras dos pronomes corresponden, não a uma evolução viva de *istu*, *ipsu*, **eccuillu*, mas a uma formação erudita, pela importação daquelas formas nos livros, com *i* alterado”.

ou latino, mais mesetario, e isto non foi óbice para se fixaren en certas áreas do país as formas invariábeis con radical <i>.

Lapa (1936: 304), comentando a versión orixinal alemá da *Gramática do Português Antigo* de Huber, apunta unha outra hipótese, segundo a cal o adverbio *aquí* influiría sobre o invariábel *aquesto*, converténdoo na forma innovadora *aquis-to*. A partir desta variante, e por analoxía, o resto das formas invariábeis adoptarían a fechazón da vogal tónica, regularizándoa no paradigma estritamente portugués conforme máis ía avanzando o tempo. Para Williams (1975: 162), a mudanza produciuse en cadea, pois, segundo escribe, as “formas *isso* e *isto* apareceram muito antes do que *aquilo*”. Plausíbel e interesante parecer, sen dúbida, o do excelso humanista de Anadia que, porén, tampouco pode responder satisfactoriamente a algunhas cuestións: se, con Lapa, xulgamos que *aquí* influenciou *aquesto* xerando *aquis-to*, e que este, por súa vez, operou sobre *esto*, de onde o *i*- radical se propagou ás outras formas invariábeis, falta responder a como é que unha forma, *aquis-to*, que non é demasiado frecuente e que conforme avanza o tempo se rexistra aínda moito máis esporadicamente, puido, a partir dunha altura determinada, mudar as vogais tónicas doutros pronomes. Aliás, bate cun outro dato de certo relevo: xusto cando as formas reforzadas comezan a recuar aínda máis, principian a se tornar xerais en todo o territorio portugués os pronomes invariábeis coa raíz <i>; dito de diferente xeito, o devalo e desaparecemento dos demostrativos reforzados, polo menos nos textos conservados, vén coincidir coa expansión xeneralizada dos pronomes con *i*- na raíz, factor que, segundo o noso punto de vista, se presenta incongruente co postulado defendido por Lapa.

Pottier (1958: 34) pensa que a relaxación e o enxordecemento das vogais finais portuguesas nos demostrativos hai que a procurar no propio sistema de pronomes, criticando a apoloxía *sine conditio* da teoría metafónica, dado que “tous les mots portugais en *-esto*, *-esso*, *-elo*, ou *-odo* ne passent pas à *-isto*, *-isso*, *-ilo*, *-udo*, tant s’en faut” e engadindo que a metafonía “n’apparaît donc que comme une condition *permissive* du passage *e > i* et *o > u*, mais non suffisante”. Para este estudioso, a articulación relaxada das vogais finais non permitía a distinción co masculino, de aí que o proceso metafónico, antes do que causa, foi consecuencia da necesidade de os falantes distinguiren entre as formas masculinas do singular e as formas invariábeis. A isto convén apuntarmos que o encerramento dos fonemas vocálicos finais é, certamente, unha característica da lingua portuguesa contemporánea, mais temos as nosas dúbidas de que nos séculos medievais as vogais en posición final se caracterizasen pola mesma circunstancia fonética. Por outra parte, faltan textos que poidan verificar este punto de vista, situación que aínda vén tornar máis complexo de defender o postulado de Pottier.

Machado (1989, III: 330, s.v. *isso* e *isto*) é da singular opinión de que as variantes *esto* / *isto* ben se poden deber a unha oscilación dialectal⁹³, a segunda co suficiente suceso como para se impor de modo exclusivo en todo o espazo portugués, situación que non explica, dada esa dicotomía xeográfica, as causas da mudanza de [‘e] en [‘i] no radical. Perante este feito, parécenos que a xeolinguística non é quen de clarificar por que as formas co fonema palatal fechado triunfaron en todas as rexións lusas contrariamente ao que aconteceu en Galiza, en que só se atestan en determinadas zonas, as cales, insistíndomos máis unha vez, non presentan na actualidade continuidade territorial.

Segundo se poderá deducir do confronto das teorías sinaladas, chama a atención o feito de a maioría dos estudiosos portugueses, salvando algunhas excepcións, non ter uns coñecementos demasiado profundos acerca do galego e da situación en que se desenvolveu cando o país ficou apenumbado pola órbita española. É por esta circunstancia que algúns dos puntos de vista que veñen de ser citados encontran en Galiza e na súa lingua importantes eivas que non son quen de as solventar, cal o postulado de Cavacas ou de Machado. Non parte de tal situación o parecer de Ferreiro (1999: 37, 261), segundo o cal a pasaxe de [‘e] > [‘i] se debeu de dar “por un proceso de hipercharacterización destas formas invariábeis fronte ás formas regulares, masculina e feminina”; na realidade, caso confrontásemos as flexións destas, batemos cos morfemas de número e de xénero, inadmisíbeis para os demostrativos invariábeis dada a súa natureza. Acrecenta como posibilidades que teñen sido especialmente recorrentes, aínda, a opinión de Lapa e teoría a tradicional metafónica, a pesar de que esta última “non poida xustificar satisfactoriamente a fechazón da vogal tónica”⁹⁴.

Pola nosa parte, dado que algunhas hipóteses nos parecen máis críbeis do que outras (a teoría de Ferreiro ou a metafónica en relación á de Pottier ou á de Machado), e dado tamén que non existe entre as máis recorrentes, aínda na actualidade, unha capaz de dar resposta satisfactoria a todos os investigadores de lingüística histórica, subscribimos o postulado do profesor Ferreiro por nos parecer o máis coherente canto ás necesidades de identificación ou hipercharacterización que singularizaron os demostrativos invariábeis na forma en que hoxe os usamos. No entanto, non desbotamos completa-

⁹³ Machado (1989, III: 330, s.v. *isso*) sustén que “não podemos [...] aceitar a doutrina de que *isso* provém [...] de *esso*; a substituição deste por aquele reflecte, quanto a mim, uma imposição dialectal; quer dizer: o lat. *ipse* originou numas regiões *esso*, noutras *isso*; circunstâncias diversas permitiram a ascensão e o temporário predomínio da primeira destas formas; nos fins do século XV ou princípios do seguinte, também neste ponto houve modificações na linguagem literário [sic], arrastadas pela supremacia então alcançada por certos falares regionais. As evoluções *ipsu- < esso* e *ipsu- < isso* [sic] são, pois e quanto a mim, independentes; o mesmo teria acontecido com *istu- < esto* e *istu- < isto* [sic]”.

⁹⁴ Di tamén Ferreiro (1999: 37, nota 20): “Lémbrese que, por exemplo, nunca se documentou unha forma **ilo* en lugar do arc. *elo* (< *illu*)”, encanto acrecenta que se costuma “citar tamén a evolución SENSÜ > *siso* como exemplo de metafonía, así como a vacilación *-edo* ~ *-ido* (< *-étu*) en numerosísimos topónimos (*Carballedo* / *Carballido*, *Codesedo* / *Codesido*, *Louredo* / *Lourido*, etc.). Mais para o resultado *siso* tamén se podería pensar na influencia de *xulzo* (ou, senón, a través de *sisudo*, forma harmonizada de *sesudo*), mentres que a toponimia presenta problemas específicos de evolución”.

mente a posíbel acción metafónica como teoría, séndomos sabedores, con todo, de que outros exemplos de inflexión poden ser desmontados a compararmos solucións maioritarias no territorio galego-portugués en que tal influencia se non produciu.

En relación ás formas invariábeis con *i*- resta aínda falarmos da súa documentación e vermos como se foi espallando progresivamente o seu uso. Resulta ser punto asente considerar os demostrativos coa vogal palatal fechada como innovadores en relación aos que presentaban o fonema /e/ no radical, ao paso que é postura tamén comunmente aceita afirmar que ditas variantes con *i*- “aparecen só moi esporadicamente na lírica trobadoresca” (Ferreiro 1999: 261) e que se van tornando cada vez máis frecuentes á medida que transcorre o tempo, sobre todo na prosa. De aí que teñamos de considerar arriscado buscarmos durante os séculos VIII e IX mostras de formas invariábeis co fonema palatal fechado tal e como hoxe as coñecemos, pois antes serían arcaísmos gráficos do que as primeiras documentacións⁹⁵; un apuntamento interesante neste sentido pode ser tirado dos textos notariais da actual provincia de Pontevedra⁹⁶, en que Maia, xa nunha altura temperá, durante os séculos XIII e XIV, achou numerosos casos de formas invariábeis con <i>, empregadas ás veces no mesmo documento, a carón dos pronomes con <e>, “reflectindo o estado de flutuação fonética da lingua da época” (Maia 1997: 685); os seguintes exemplos pertencen respectivamente a 1288, 1296 e 1296: *Et per aquisto ficamos auíddos [...]. Et por isto séer verdade [...]. Isto foy o chamã o parladoyro d'Oya [...]. Eu [...] a esto presente fuy* (HGP 196, GU, 1288); *qual quer das partes cõtra esto uíir quiser [...] en Torono, a isto presẽte ffuy* (HGP 204-205, TE, 1296); *Damos a uos todo isto [...] que contra esto quisser uíir [...] deuemos uos anparar uos cõ esto [...] a isto foy pressente* (HGP 206, BA, 1296); etc.

Sexa como for, da análise dalgunhas obras medievais poden tirarse evidencias do progresivo espallamento de *isto*, *iso* e *aquilo* na xeografía lingüística galego-portuguesa canto á frecuencia con que se rexistran tales formas. Os documentos tabeliónicos escolmados en HGP, que abranxen do século XIII ao XVI, presentan diferenzas no que di respecto á cronoloxía, documentándose nos primeiros, na zona actualmente portuguesa, tanto formas con <e> como con <i>, de onde estas se farían xerais á medida que ía transcorrendo o tempo. No entanto, o proceso de emerxencia e suceso unánime dos pronomes con <i> foi longo e non se vería concluído até os inicios da Idade Moderna: se *aquesto*, por exemplo, aparece nun texto nota-

⁹⁵ Por este motivo, pensamos que o exemplo que cita Melo (1985: 44) tirado dun documento redixido en latín no ano 874 na actual provincia portuguesa do Minho, en que aparece *Et qui minima fecerit, et istum placitum exesserit, pariet parte de que isto placito obseruaerit X boues*, é debido a un latínismo e non a unha mostra do pronome galego-portugués.

⁹⁶ Cómpre apuntarmos que a maior parte da actual provincia de Pontevedra é unha das rexións galegas en que se rexistran modernamente as formas invariábeis do demostrativo *isto*, *iso* e *aquilo* (véxase 4.1.1.4).

rial datado en 1282 (HGP 246, MA), e se tamén textos lusos do século XV pertencentes ao Miño e ao Douro Litoral conteñen pronomes como *esto* (HGP 289, MO, 1404; HGP 291, VA, 1411; HGP, 294, VA, 1416; etc.), tal situación, e a pesar de ir esmorecendo progresivamente o emprego destas formas, abranxe outros tipos de prosa; dentro desta cómpre citar a obra de Fernão Lopes⁹⁷, en que *esto* aínda é maioritario (97 casos face aos 37 de *isto*), ou tamén LVB, en que, asemade, se atestan ditas formas: *E antre os outros que nos em esto derom ensinança* (LVB 64); *mas por esso son mayores* (LVB 86); etc. Durante a centuria seguinte, porén, un autor como Gil Vicente usa xa unicamente os demostrativos con <i>, ao paso que un gramático cal Fernão de Oliveira só describe *isto*, *isso* e *aquilo*, obviando así calquer outra variante con radical <e> (cfr. Nogueira 1933: 94).

No territorio situado ao norte do Miño a situación non foi exactamente a mesma. O texto da GE non proporciona ningún caso de hipercaracterización nestes pronomes, á semellanza do que acontece con MS, tal vez polo feito de as dúas obras teren sido escritas nunhas rexións en que xa triunfaran definitivamente a nivel dialectal os demostrativos invariábeis con <e>. No caso de apareceren ambas as variantes, a cantidade testemuñal dunha e doutra non é equivalente: a tamén galega CT inclina a balanza a favor das formas con <e> no que á proporción numérica se refire (cfr. Lorenzo (1985: 126) para o relativo ás cifras absolutas), encanto que o texto da CGC, igualmente, nos obriga a verificarmos similares tendencias no tocante ao uso (véxase Lorenzo 1977: 155-156, 598, 603-303); na mesma situación se acha o cancionero relixioso de CSM, en que, sen seren descoñecidas as formas con raíz <i>, son minoritarias en relación ás que posúen o radical máis conservador. En relación, aínda, á diverxente sorte corrida polos demostrativos en Galiza e en Portugal, podemos citar o parecer de Souto Cabo (1993: 536 e 544, mapa 4), quen, do confronto do período antigo co contemporáneo canto ás áreas en que se rexistran as formas hipercaracterizadas, di que as zonas en que durante o Medioevo vigoraban as formas *isto*, *iso*, *aquilo* viron diminuír a súa extensión canto a esta particularidade morfolóxica: “O estado que deixam transparecer os documentos medievais, estando mui próximo do presente, mostra por um lado umha maior extensão da forma citada [*isso*, *isto*, *aquilo*] [...] e por outro a convivência das duas variantes, que só posteriormente se viriam regularizar nas diversas zonas geográficas”⁹⁸.

Finalmente, un asunto nos chama a atención, cal é a circunstancia de, en todo o dominio exclusivamente portugués, non se poder na actualidade documentar en ningunha rexión algún sobrevivente das formas invariábeis con <e>. Os exemplos que cita Vasconcellos (1900: 355) para a zona de Miranda *esto* / *aquesto* / *isto*, *esso* / *isso* e *aqueilho* / *aquilho* non nos serven, loxicamente, por seren, antes do que continua-

⁹⁷ Os datos que apuntamos para o cronista e para Gil Vicente están tomados de Teyssier (1981: 17, 26).

⁹⁸ Para unha relación de puntos e zonas en que os textos presumiblemente alí escritos fornecen exemplos dos demostrativos con <i>, véxase Souto Cabo (1993: 540, nota 19).

dores dos demostrativos medievais, cruzamento de paradigmas entre a modalidade de asturo-leonés falada nese territorio e os pronomes invariábeis na moderna lingua portuguesa. Non descartamos, aínda, que nalgunha rexión puidesen existir até os nosos días ou até tempos recentes nun nivel popular e dialectal, isto é, marxinalmente en relación á norma común, a pesar de que toda a literatura clásica e contemporánea do país irmán non nos ofrece ningún exemplo ao respecto.

2.2. Contraccións das partículas prepositivas cos demostrativos

Máis un tema que merece ser tratado nestas páxinas é a solución ao encontro entre unha partícula relacional, nomeadamente un nexo prepositivo, e un pronome demostrativo. Os fenómenos de fonética sintáctica⁹⁹ que se observan nesta casuística non sempre son coincidentes coa lingua actual canto a resultados e niveis de fala, circunstancia que pon de manifesto, naquela altura, unha aínda non fixada sistematización destes encontros no interior da cláusula¹⁰⁰. As diferenzas, por tanto, entre o texto gráfico e o oral, hoxe ben perceptíbeis, non estaban tan clarificadas na Idade Media e así o parece entender Freixeiro Mato (1998b: 195), quen, a tratar a oralidade contemporánea, apunta que as crases, elisións e contraccións entre dúas palabras se marcaron “caprichosamente en épocas anteriores, incluíndo tamén as transcripcións modernas dos poemas trobadorescos medievais galego-portugueses”, ao que habería que acrecentar outras tipoloxías de textos, carentes, en moitos casos, dunha regra omnivalente.

A situación das partículas prepositivas é especialmente particular por seren a maioría delas átonas e por, aínda existindo un reducido número identificado polo acento fonolóxico, findaren en vogal átona (*segundo*, *consoante*, etc., excepto *até*). A isto cómpre engadir que algúns dos usos medievais se tornaron canónicos na actual lingua escrita, ao paso que outros só se poden rexistrar na linguaxe oral nun nivel popular. Ora, dado que non todas as preposicións presentan na lingua medieval casuísticas de secuencias en que contraen cos demostrativos¹⁰¹, limitámonos a expor aqueles casos en que si se poden rexistrar tales fenómenos nun número suficientemente representativo¹⁰².

⁹⁹ Para un estudo da casuística das tendencias que se aprecian en fonética sintáctica na oralidade actual galega, véxase Freixeiro Mato (1998b: 191-216), útil tamén para outras etapas da nosa lingua.

¹⁰⁰ Con todo, repárese en que a falta dunha codificación do idioma até tempos recentes coadxuvou na oscilación que se manifesta durante todo o galego escrito, que non comezaría a remeter até hai uns anos.

¹⁰¹ Deste modo, por exemplo, Martínez-López (1963: XLV) afirma que no texto con que traballou “-de- y -sobre- son las únicas preposiciones que dan lugar a contracción”, ao paso que Maia (1997: 686), á súa vez, só considera as partículas *a*, *en*, *de* e *sobre* como posíbeis nexos que contraen cos pronomes demostrativos. Alén destes casos, é posíbel acharmos, minoritariamente, outras partículas relacionais unidas aos pronomes, cal *ante*: *et andarō en preyto antesse juiz* (DG 42, MF, 1258-1261).

¹⁰² Os exemplos que se citan a seguir están tirados única e exclusivamente da prosa, pois noutro tipo de textos, como a lírica, pode haber condicionantes de ritmo e de medida que veñan xustificar a contracción ou deslexitimala.

2.2.1. Preposición *a*

A forma relacional *a*, índice formal que introduce o CI e, ás veces, o CD, non contrae cos pronomes de T1 e T2 nas súas variantes simples¹⁰³, mais non así cos equivalentes para as formas reforzadas destes mesmos demostrativos ou aínda con T3, en que pode darse tal fenómeno: *Quē ááquesto quiser passar áá outra parte* (HGP 79, MON, 1286); *vaamos contra aaquel ome* (CGC 181); *peyten .III. tanto aaque-lles a que o roubarō* (FR 268); *Deus mādou aAbraã quese sayssse de sua terra et se fosse aaquela quelle El mādaria* (GE 199); etc. En ocasións, aínda que moi puntualmente, aparece mesmo a redución por crase entre o nexo e a primeira sílaba do pronome a un único elemento vocálico¹⁰⁴: *per outorgamēto das partes sobredictas aquisto presente ffuy* (HGP 193, TE, 1287); *et que a nos et aqueles outros que a testar ualla seu dereyto* (HGP 150, MD, 1313); etc.

Etimoloxicamente, debemos aínda citar a construción *adessora*, formada por aglutinación (< AD IPSA HORA), ‘de súbito’, ‘repentinamente’, que se pode achar nos textos antigos: *Entrou hūu home adesora* (MS 23); *Ihesus, fillo de Anānias, adesora começou de braadar* (MS 33), etc. Como anota Pensado no texto que editou (MS 33, nota 2), debido a unha falsa descomposición, modernamente foi interpretado como *a des hora*, en que *des* se identifica “como un prefijo privativo”¹⁰⁵; resultados desa interpretación errónea poden ser *essa ora*, *en essa ora* e *a essa hora*, aínda que tamén concorren polas obras medievais: *Et essa ora dom Ordoño, o Mao, ouuesse de yr para mouros* (CGC 125)¹⁰⁶; *Et disso essa ora Rroy Velasquez que nō daua nada* (CGC 214); *Et poso logo en ela en essa ora* (CGC 156); *et desý entrarōsse todos dentro en essa ora* (CT 257); *Et a esa ora disserō os jnfantes* (CGC 181); etc.

2.2.2. Preposición *de*

A partícula *de* sofre habitualmente elisión do seu elemento vocálico e fica unida ás tres series de pronomes demostrativos, uso que se mantivo até os nosos días e que

¹⁰³ Cfr. aínda as pasaxes a seguir, en que os criterios de edición seguidos polos seus responsábeis obrigan a manter unidos o nexo prepositivo e o pronome: *et por te nō queymar ñe tostar aesta sesta tam grande vayte pera hu desta soōbras* (GE 250); *Aestas rrazōes estauā Tare et Adiara* (GE 143); *et aestes mājebos nolles façades mal* (GE 207); *aesses seus fillos* (DG 46, CAA, 1261); etc.

¹⁰⁴ Nótese os estándares portugueses actuais *àquele* (< a + *aquela*), *àquela* (< a + *aquela*) e *àquilo* (< a + *aquilo*).

¹⁰⁵ Refírese tamén o editor o feito de nunca ter sido tomada en consideración nos dicionarios e vocabularios modernos, agás nalgún caso isolado. Unha destas excepcións é IF (1933: 225), en que, baixo a voz castelá REPENTE (de), se recollen as equivalencias galegas *súpeto*, *a desora* e *de sobre venta*; nótese a segmentación antes aludida.

¹⁰⁶ Cfr. a expresión *aquela ora*, con que alterna con tal significado: *Aquela ora disso Aluar Sanchez* (CGC 177); *aquela estrela nūca apareceu mais que aquela ora que Ihesucristo nasceu* (MS 215); *Et aquela ora moueose et foy ante eles* (MS 217); etc.

se viu refrendado pola lingua escrita: *a bondade d'este omẽ boo* (MS 14); *príncipe et señor desta hoste* (CT 279); *destes seus netos* (GE 267); *cõ desejo desto* (GE 187); *desse moesteyro* (HGP 249, MA, 1287); *algun dessa semel* (HGP 141, MR, 1292); *sen enpeço daquel fillo* (FR 306); *Os pobos d'aqueles lugares* (MS 29); *cõmo se vay daquela parte parte* (GE 63), etc. Porén, tampouco se descoñece a falta de contracción: *de ante nẽ de aquel tẽpo a acá* (CT 257); etc.

2.2.3. Preposición en (em, ẽ)

De todas as partículas relacionais quizá sexa esta a que máis comentarios mereza no que di respecto á súa xunción ao pronome demostrativo. Con efecto, comparando os usos prescritos como estándares na actualidade (*neste, nese, naquel*) coa lingua medieval, chama a atención, primeiro, o proceso que conduciu desde *en este* a *neste*, con aférese do *e-* inicial da preposición, e segundo, o feito de se poder rexistrar a queda do *-n-* intervocálico na secuencia *eneste* etc., harmonizando coa tendencia ao desaparecemento de dito fonema e posterior nasalación das vogais no noso sistema lingüístico durante a evolución latino-romance; así e todo, esta particularidade do idioma antigo non progresou diacronicamente, de tal modo que hoxe, nos dous modelos de lingua padrón das respectivas marxes miñotas, é de regra o resultado *neste*. Podemos, pois, distinguir a grandes trazos os seguintes tipos de solucións, polo menos no nivel escrito, que se atestan na lingua medieval e en ocasións inclusivamente no mesmo texto:

1a) A preposición aparece formalmente separada do demostrativo. Tal resultado está documentado en galego-portugués medieval desde os primeiros tempos até, na outra beira do Miño, épocas ben serodias: *et en este mundo* (MS 17); *em esta historia* (GE 169); *Estando en esto* (MS 28); *en aqeste día* (CT 319); *em aquel dia* (MS 45); *ca en aquela hora* (CT 249); *En aquella sazõ* (CGC 29); *em aquilo donde forom* (GE 141); etc.

1b) A preposición aparece aglutinada ao demostrativo. Documentáanse exemplos en que a partícula relacional se rexistra soldada ao pronome, paso, aparentemente, seguinte ao anterior: *eneste prazo* (FR 222); *non seya mais ouuido enesta razõ* (FR 165); *e o alcayde que de o juyzo enesto façao conprir* (FR 194); *enaquel grao que diz a ley* (FR 143); *ẽnaquel lugar* (HGP 142, MR, 1292); etc.

2a) A preposición, aglutinada ao pronome, sofre aférese do seu elemento vocálico “polo seu carácter átono” (Ferreiro 1999: 204), evolución que, segundo Williams (1975: 162), non aconteceu ao mesmo tempo nos tres termos da deixé pronominal: com *aquel(e)* ocorreu en época temperá,

ao paso que as combinacións con *este* e *esse* “não atingiram o seu estágio senão no século XV”¹⁰⁷: *nestes primeyros quatro anos* (HGP 177, PE, 1499); *confessar contra outrũ que foy cũ el naquel feyto ou enoutro* (FR 171); *naquelles logares hu é teuer por ben* (FR 212); etc. Nótese que tal resultado tamén triunfou no pronome identificador *o* a través dos pasos IN ILLU > **en lo* > *enno* > *eno* > *no* (véxase Ferreiro 1999: 204).

2b) O resultado da aglutinación pode mesmo sufrir a queda do *-n-* intervocálico, nasalándose consecuentemente o fonema vocálico da preposición (*desponho de mhas cousas ẽesta maneira*, HGP 252, MI, 1309). Un paso adiante no decorrer evolutivo consiste na perda da nasalidade vocálica, ficando a secuencia en hiato (*totalas cousas que son escritas ẽeste prazo soa pẽa de suso escrita*, DG 76, MF, 1279; *nẽ busquemos eesta praça de suso dita*, DG 51, SO, 1265; *da qual carta o tenor tal é commo diz encima et a rogo del ẽeste treslado meu sinal y pugi*, HGP 206, BA, 1296; *outras cousas commo faz cada úũ dos outros bóos seruiçaes que auedes ẽessa ffigresia*, HGP 136, OS¹⁰⁸, 1285 etc.) ou, e isto significa máis un grao de evolución, producíndose a crase entre os dous elementos vocálicos (*que a tenades en todos uossos dias os que esse lugar fordes moradores*¹⁰⁹, HGP 79, MON, 1286). Outros resultados son *iinsto*, de que Maia (1997: 687) afirma telo documentado unicamente en tres textos notariais, e *enste* (e *eense*) que Martínez-López (1963: XLV) atribúe a unha “excepción en una anotación del escriba” (*Moyto mal me fizo enste dia*, GE 16); *éénsta guisa* (DG 36, MF, 1258-1261); *éénse lugar stauã* (DG 41, MF, 1258-1261); *éénse lugar* (DG 43, MF, 1258-1261), etc.

É preciso notarmos que as formas xeradas do resultado *eneste* non constitúen senón máis unha casuística dentro da evolución do *-n-* intervocálico en galego-portugués canto á súa particular historia: a queda deste fonema nasalou a vogal precedente e o percurso cronolóxico ora inhabilitou esa nasalidade, ora produciu unha consoante nasal (cfr. BONU >

¹⁰⁷ Escribe Lorenzo (1977: 606) sobre as contraccións con *este* en CGC: “Normalmente contrae con la preposición DE [...]; en cambio no lo hace con la preposición EN”. En parecidos termos se expresa Maia (1997: 687) referíndose aos textos notariais galego-portugueses no tocante á combinación da preposición co demostrativo: “São relativamente pouco numerosas as formas resultantes da união da referida preposição [en] com o pronome”. O paso do tempo conformaría os resultados actuais: así as cousas, en CR xa se encontran as solucións modernas: *Neste mal que me fazeis* (CR, II 285); *Nesta viagem e ida* (CR, II 29); *Nisto nom haja debate* (CR, III 159); etc.

¹⁰⁸ Nótese, con todo, que os acentos dispostos na letra <e> neste exemplo e nos anteriores poden estar a indicar a nasalación da vogal, feito que nos fai contemplar tales mostras cunha certa cautela.

¹⁰⁹ Exemplo citado tamén por Maia (1997: 687), de onde tiramos a referencia.

bõo > *bon* / *bo*; GANATU > *gãado* > *gando* / *gado*; etc.). Tamén nos demostrativos, segundo se viu, se observan tales fenómenos; destes, a desnasalización e a crase entre as vogais, supondo un grao de evolución notábel, non podía triunfar na lingua por se producir conflito coas formas sen preposición do pronome, factor que debeu de estar detrás do suceso unánime de *neste*: *Esta muller traballa en Vigo* / **Moramos esta praza* (< *ēsta* < *enesta*).

2.2.4. Preposición *sobre*

Condenada no modelo actual de lingua escrita facendo contracción cos pronomes demostrativos, podemos achar nos textos antigos exemplos en que se produce tal fenómeno entre o *-e* final do nexo *sobre* e o elemento vocálico tónico da forma pronominal, aínda que tal combinación non é sistemática. É de salientar a súa ocorrencia con T1: *Et diz ainda Jeronymo sobresta rrazon* (GE 33); *sobreto apello Maria Rodríguez a uos* (DG 13, ST, c. 1253); *e sobristo diz* (DG 37, MF, 1258-1261); *ley do rreyno que hj á sobr'esta rrazõ* (HGP 258, MA, 1345); *sobr'esto cõ quanto al eu y mãdar* (HGP 76, QUI, 1281); *Sobreto rrepondeo Deus aAbraã* (GE 200); *Sobr'esto falaras cõ el* (MS 94); *Pero dizẽ todos sobreto* (GE 32); etc.

2.3. Outros pronomes demostrativos

Para alén dos demostrativos sinalados no apartado anterior, que son as unidades básicas do sinalamento, outras formas pronominais poden desempeñar funcións equivalentes a aqueles, sobre todo nas deíxe reflexiva ou textual. Esta circunstancia é o que explica que nalgunhas gramáticas modernas figuren inventariados como demostrativos elementos que, desde perspectivas máis tradicionais, aparecen en cadros de paradigmas doutros pronomes: Saco Arce (1886: 59-60) ou Filho (1975: 74), por exemplo, consideran *tal* como demostrativo. Na Idade Media algunhas desas formas tamén se achaban en similares pautas de comportamento como demostrativos e deles imos ocuparnos brevemente nas páxinas inmediatamente a seguir. Hai que ponderar que algúns deses resultados aparecen na época medieval, como *mesmo* (e variantes), mentres que doutras solucións a única referencia que se ten é a correspondente a eses tempos pretéritos, cal *eleiso* ou *elessso*.

2.3.1. *Atal*

Aínda que o pronome identificador *tal* (< TALE) continuou a se empregar como forma pronominal anafórica na lingua contemporánea, algunhas particularidades morfolóxicas relativas a esta partícula son exclusivas da época medieval. Para alén da forma común co idioma moderno (cfr.: *podería agora dizer tal folia per que see-*

ría preso, CT 295), cómpre salientarmos porén a variante *atal*, formada por prótese a partir do resultado *tal*: *E se peruẽtura elha nõno sabia que atal era, partasse del logo e nõ aya nẽhũa pẽa* (FR 283); *que eu primeiramente vi, l per bõa fẽ, atal molher* (LP, II 947); *Nostro Senhor lle ponha i l conselho, se a el prouguer' l atal per que lh'a tolha ẽn* (LP, II 947); *Et os bõos angeos nõca ataes cousas vẽem* (GE 142); etc. Ocasionalmente, pode rexistrarse coa preposición *a* algutinada: *Per u quer que uadã so signo de San (C)osmede áatal preyto et áatal foro damos a uos os ditos casas* (HGP 91, CHA, 1335).

2.3.2. *Elesso ~ eleiso*

Referímonos en seccións anteriores a que no latín tardío, continuando determinadas tendencias da fala popular, podían aparecer certas combinacións de pronomes deícticos xerando novas formas, como as italianas *stesso* (< ISTE + IPSU) e *desso* (< ID + IPSU), a do francés antigo *esle* (< IPSE + ILLU) ou as do castelán arcaico *eleiso* (< ILLE + IPSU), *súyose* (< SUUS + IPSE) e *sise* (< SIBI + IPSI)¹¹⁰. Nótese que en tales exemplos sempre hai un elemento fixo, cal é o pronome de identidade, que igualmente concorre neste procedemento de creación de novas formas pronominais no galego medieval, xa que da unión de ILLE + IPSE se xerou o raro e arcaico *elesso*. Na realidade, o único testemuño que se del ten é o que aparece no *Elucidário* de Joaquim de Santa Rosa de Viterbo (Fiúza 1993, II: 210), redixido nos finais do século XVIII, en que se identifica, sob a forma *eleiso*, o valor de “ele mesmo”. Comentando a obra do presbítero portugués, Vasconcellos (1927: 145), non obstante, é partidario dunha outra lectura¹¹¹, xa que tal demostrativo “parece representar directamente *ille-ipsum*, mas o máis provável é que se escrevesse *i* por *s*, e aquela fôrma representa pois *elessso*”, opinión que foi tida en conta por Williams (1975: 163), que secundou a interpretación leiteana.

Porén, a escaseza documental do referido pronome, de que só coñecemos a nota do *Elucidário* e as palabras de Vasconcellos e de Williams, condiciona clarificarmos cal era a súa forma real, alén de tamén non nos clarexar se trataba dun pronome encontrado en máis ocasións noutros textos galego-portugueses. Ignoramos, igualmente, a que época se podería adscribir, mais, ao non o documentarmos nas obras que manexamos neste estudo, todo parece indicar que se correspondería cos séculos de xestación do

¹¹⁰ Véxase neste sentido Iordan / Manoliu (1989, I: 300-301); para os casos do castelán antigo, véxanse os traballos de García de Diego (1981: 213) e de Menéndez Pidal (1989: 258).

¹¹¹ Repárese en que o *Elucidário* pode, non obstante, non ser un fiel testemuño lingüístico: a pesar de que o texto é “preciosísimo instrumento de traballo, sob vários aspectos, tanto mais que grande número de documentos lá aproveitados se perderam depois”, o próprio Vasconcellos (1927: 111) cita, antes de principiar o artigo, a circunstancia de nesa obra existiren “muitas cousas dignas de reparo (que podem guiar por falso caminho pessoas incautas), por exemplo, letras trocadas, faltas de til, palavras que nunca existiram: o que tudo resultou de imperfeita leitura de manuscritos, ou de erros tipográficos”.

romance galaico e, por tanto, cuns textos en que a o grao de emancipación escrito a respecto do latín aínda non estaba suficientemente desenvolvido. Con todo, un dato pode ser tido en conta, cal é o feito de o seu homólogo español, *eleiso*, se rexistrar nas *Glosas Silenses*, isto é, nun texto redixido por volta do século X na actual Ríoxa.

2.3.3. Elo

A pesar de que o neutro latino de T3 ILLUD se conservou no pronome invariábel *aquilo* (< *aquelo*), na lingua antiga tamén concorre nos textos a foma *elo*, descendente directa da forma clásica sen a aglutinación do reforzo *ACCU, aínda que “já não tinham esse valor [o de neutro latino] no antigo galego-português” (Maia 1997: 486). Convén lembrármonos de que, en relación ás variantes con que se documentan os pronomes na Idade Media, non se coñece unha forma **ilo*, feito que debe de estar ligado ao seu temperán ocase como pronome medieval polo menos na outra beira do Miño: *hũa vez que contra elo pasar et o nõ conplir [...] et por que esto seja firme outorgo delo esta carta* (HGP 64, BAR, 1434); *poys que ueẽo a ydade mayor para elo [...] eu quando soo para elo* (CGC 213); *cõmo laurador que traballaua por ello [...]. Et avia Adam grande dolor et tristeza dello* (GE 8); etc.

Á semellanza do comentado anteriormente para *atal*, *elo* desapareceu do galego-portugués e hoxe non se encontra en ningún dos dous países¹¹²; para o caso de Portugal, segundo Lorenzo (1977: 518), a forma foi coñecida até polo menos o século XVI, e o mesmo se pode pensar para o galego a teor dalgúns datos de que dispomos¹¹³, aínda que se poida documentar durante os séculos medios (*A Deus dará conta dello*, SEI 16; *sen pensare nelo*, Sarmiento, C 180), en cuxos casos tampouco se debe descartar o influxo do español. As súas funcións pasaron a ser desempeñadas por outros pronomes demostrativos, cal *isto* ou *iso*, como se desprende das palabras de Freixeiro Mato (2000: 121) cando afirma que “a forma *elo* non ten vixencia no galego actual e portanto o seu uso non se debe considerar correcto; a lingua habilitou outros recursos no seu lugar: o normal é utilizarmos un demostrativo invariábel ou outra construción equivalente”. Contrastivamente, para Álvarez / Regueira / Monteagudo (1993: 161) o seu uso é válido “nalgúns frases feitas”, como *estar a elo*, acrecentando, aínda, que “se o seu uso non é incorrecto debe terse presente que se trata dunha forma antiga, en total desuso”.

¹¹² Do punto de vista sintáctico, o profesor Veiga Arias (Pérez / Veiga 1998: 14), tomando como referencia os valores de *il* nos versos de Curros *Mentira ou verdade, il corre / Déndesd’a vila hastr’a aldea / Que pra no outono casárense / Teñen a roupa xa feita* (Curros, AMT 14), xulga que a función fórica do pronome “se trata de una pervivencia del mismo uso del pronombre latino *ille* en frases del tipo ‘*illud* miror quod...’”, definíndoa como un “caso de arcaísmo fenomenal”.

¹¹³ Así se parece desprender do feito de se documentar nalgún texto tabeliónico do derradeiro período medieval, como un documento de 1506 proveniente de Pontevedra (*sobre elo noso solēpne*, HGP 243, PO).

2.3.4. Ende

Do latín INDE provén o pronome adverbial típico da lingua do Medievo *ende*, cun valor, a depender do contexto, similar a ‘disso’, ‘del’, ‘dela’, ‘deles’, ‘delas’, ‘por isso’, ‘por isto’, etc. Dado o seu significado ás veces impreciso, en que existen varios matices, a súa inclusión dentro dos pronomes demostrativos non foi considerada por algúns estudiosos (véxase Nunes 1989: 246-250), encanto outros (Huber 1986: 193; Maia 1997: 693) non hesitaron en o integrar dentro do paradigma. En consonancia, pois, coa súa significación, e seguindo os exemplos anteriores, pensamos que cómpre situalo dentro das formas que se levan estudando ao longo destas páxinas como trazo típico dos pronomes medievais¹¹⁴: *E pois entrou en Tolosa, foi logo fillar pousada / en casa dun grand’erege, non sabend’end’ele nada / mas quando o viu a gente, foi ende maravillada* (CSM, II 183); *fezemos ende fazer duas cartas partidas per a. b. c. feitas per Martin Perez* (HGP 48, CO, 1282); *fazerlles emos tal dāno et tal destroymento en sua terra, ante que nos ende partamos* (CT 246); *Et foy tamaño o auer que acharō que nõ leuarō ende o meo* (CT 255-256); *hedificou ende moy grande et nobre egllesia* (CI 43); etc.

Ende sofreu apócope da sílaba final, de onde resultou *én*, que, xunto á forma plena, posúen ambas unha frecuencia extraordinaria de aparecemento na lingua antiga, en ocasións no mesmo texto¹¹⁵: *Pode voss’amigo dizer, / amiga, ca vus quer gram ben, / e quer-vo-lo, mays eu por én, / nunca veja do meu prazer* (LP, II 733); *En Beorges un judeu / ouve que fazer sabia / vidro, e un fillo seu / –ca el en mais non avia, / per quant’end’aprendi eu* (CSM, I 63); *Poi-lo crischão assi fis / fez o judeu, a poucos dias / con seu aver quant’ele quis / gāou en bas merchandias* (CSM, I 119); etc.

A sorte do antigo *ende* consistiu, pois, en desaparecer, aínda que en textos literarios posteriores á época medieval, como algúns dos séculos XVI-XVIII, pode tamén encontrarse. Inclusivamente, en obras contemporáneas detéctase algunha mostra do pronome na súa forma plena, especialmente na construción *ende* + xerundio; un destes exemplos é o que se encontra nos seguintes versos de Noriega Varela: *ende nos chegando a hora / de salir –nun cadaleito / de pino–, pra durmir fóra* (Noriega, OC, I 483).

¹¹⁴ En confronto co que acontece noutras linguas do noso contorno, cal francés ou italiano, a susodita forma desapareceu na actualidade do sistema lingüístico galego-portugués, só parcialmente se conservando na conxunción adversativa *porén* e nas conxuncións de marcado uso literario *endebén* e *endemal*: *E... beilóu, beilóu, hastra abafarse. Endebén desquitábase dos tempos idos e, de envexosa, trocábase en envexada* (Amado Carballo, OPV 20); *Tivo un presentimento. Vistēuse apresamente e corréu na drecedeira da casa do seu noivo. Endemal se non enganara* (Amado Carballo, OPV 25); etc. A respecto da recepción de INDE nas linguas ibéricas, pode verse Badía Margarit (1951: 62-74).

¹¹⁵ Véxase Ferreiro (1999: 363), quen singulariza esta forma e igualmente *i* pola súa documentación nos textos antigos: “Finalmente, os denominados adverbios pronominais (ou pronomes adverbiais) *i* (de *ibi*) [...] e *ende* (coa forma apocopada *én* [...]), procedente de *inde*, merecen unha consideración especial polo seu amplísimo uso na lingua medieval”.

2.3.5. *Estoutro* (e *essoutro*, *aqueloutro*)

Para alén dos pronomes medievais reforzados con *ACCU xa vistos en páxinas anteriores ou aínda do raro *eleiso*, debemos facer mención a outras formas demostrativas compostas a partir das formas simples dos deícticos con aglutinación do pronome identificador *outro*, isto é, *estoutro* (← *este* + *outro*), *essoutro* (← *esse* + *outro*) e *aqueloutro* (← *aquel* + *outro*). A respecto de tales formacións, xorden, no entanto, algunhas cuestións de relevo que non podemos pasar por alto. A primeira delas ten a ver co seu escaso testemuño nos textos galego-portugueses, pois, en *LP*, por exemplo, só se rexistran en dúas ocasións, sempre se encontrando en autores que desenvolveron a súa actividade poética nos fins do século XIII (Johan Baveca no primeiro caso e Men Rodríguez de Briteiros no segundo): *E o rafeç'ome que vai seu amor / empregar u desasperado for, / este faz mal, assi Deus me perdon / e est'e sandeo e estoutro non* (*LP*, I 421); *Un sangrador de Leirea / me sangrou estoutro dia* (*LP*, II 664).

O conxunto dos demais textos que manexamos seguen a liña da pouca ou nula representatividade destes pronomes compostos: nin Martínez-López (1963: XLV) achou mostras en *GE*, nin Lorenzo (1977: 603-606) encontra no texto da *CGC* exemplo ningún de *estoutro*, nin aínda Ferreira (1987b: 128-129) para *FR* ou Maia para os textos notariais de *HGP* atestaron testemuños desta forma, circunstancia que vén redundar na súa consagración en épocas posteriores e no carácter marxinal con que se documenta durante a Idade Media.

O segundo dos aspectos a que hai que facer referencia é a documentación incompleta do paradigma, pois nin *aqueloutro* nin *essoutro* figuran nesa mesma obra compilatoria. Para o caso concreto de *essoutro*, segundo se poderá deducir, non se torna demasiado difícil achar unha explicación convincente a termos en conta que *esse* posúe unha frecuencia de aparecemento moito menor do que as formas de T1 e T3, que repercutía, como vimos anteriormente, nos testemuños de *akesse* (véxase 2.1.2.1). No que se refire a *aqueloutro*, e tamén en relación a *essoutro*, non debemos obviar que na época en que se datan estes dous testemuños, ou sexa, na segunda metade do século XIII, aínda o paradigma dos demostrativos canto ás súas funcións se achaba en proceso de se fixar, circunstancia que, unida ao carácter de innovación que tales formas representan, debeu de influír nos seus inexistentes testemuños.

En terceiro lugar, por último, convén resaltarmos o feito de en textos posteriores ás cantigas, dentro aínda do período medieval, podermos achar algúns exemplos, o que vén corroborar, máis unha vez, a súa cronoloxía serodía na Idade Media. Así as cousas, as rubricas explicativas do cancionero profanos¹¹⁶, paratextos redixidos

¹¹⁶ Para un completo estudo destes textos, véxase Lagares (2000), que define as rubricas explicativas como “aqueles breves textos en prosa que, situados próximos á cantiga a que se referen, indican cal é o tema da composición ou ofrecen información adicional sobre ela. Pertencen portanto a esta categoría todas

nos restantes séculos do Medievo, presentan, dun total de 74 composicións, a singular cifra de cinco¹¹⁷ casos se nos lembrarmos de dous únicos exemplos dun total de perto de 1680 cantigas trobadorescas. A súa constatación debe ser ponderada pois, para alén da cantidade, os deícticos son elementos de primeira orde no xénero epigráfico, xa que, nas palabras de Lagares (2001: 32), o demostrativo “é, precisamente, o sinal que indica a qué poema, ou grupo de poemas, vai referida a información”: *Ar fez estoutro cantar a ñu cavaleiro* (*RU* 147); *Estoutro cantar fez a ña* (*RU* 156); *Estoutro cantar fez de mal dizer a un cavaleiro* (*RU* 157); *Estoutra cantiga fez Pero d'Ambrõa a Pedro d'Armea, por estoutra de cima que fezera* (*RU* 173).

Segundo se verá en seccións seguintes, a sorte dos compostos tipo *estoutro* en relación aos reforzados como *aqueste* foi absolutamente diverxente, pois, encanto os primeiros, após se documentaren esporadicamente na lingua medieval, como se acaba de tratar, lograron triunfar no sistema lingüístico sendo aínda hoxe bastante comúns, os segundos, rexistrados cunha relativa frecuencia nos textos do Medievo, foron desaparecendo gradualmente á medida que transcorría o tempo, atestándose aínda na actualidade mais dunha maneira totalmente residual e sen ulterior transcendencia no seo dos paradigmas pronominais mostrativos.

2.3.6. *Meesmo*

Na lingua latina¹¹⁸, o inicialmente pronome de identidade IPSE era frecuentemente empregue no grao superlativo, isto é, IPSISSIMUS, cal unha marca de énfase de que o falante ou o escritor se servían para resaltaren algunha forma no discurso. Deste modo, como nos informa Väänänen (1988: 216), tal pronome de identidade é utilizado por Petronio en catro ocasións co significado de “amo”. Por outra parte, segundo se tratou anteriormente (véxase 1.1.1.), existía no latín, xunto a ECCE, a partícula sufixal MET, que, sendo tamén utilizada como un reforzo ou como unha marca de énfase, costumaba situarse despois das formas a que se unía habitualmente, producindo secuencias como EGOMET; a estas aínda adoitaba unírselles o pronome de identidade, xerando así expresións do tipo EGOMETIPSE, condenadas, consoante nos informa o mesmo estudioso, por gramáticos como Donato.

aquelas que mostran a (ou contra) qué persoa está dirixida a cantiga, fundamentalmente nas de escarnio que [...] son as máis favorecidas pola presenza deste tipo de rubricas” (Lagares 2000: 29).

¹¹⁷ Tamén se documenta o estadio morfolóxico anterior de tales demostrativos, ou sexa, ambos os pronomes separados graficamente, nun total de nove ocasións: *Esta outra cantiga fez a Afons'Eanes do Coton* (*RU* 158); *Esta outra cantiga fez a un cavaleiro* (*RU* 159); *Esta outra fez a un escudeiro* (*RU* 159); etc.

¹¹⁸ Seguimos aquí no elemental a descrición de Väänänen (1988: 216) e de Jordan / Manoliu (1989: 305-306).

Para o caso do galego-portugués, maioritariamente, MET termina por se soldar ao pronome de identidade na súa flexión no grao superlativo, IPSIMUS (< IPSISSIMUS, por haploloxía), de onde resulta METIPSIMUS, antesala do medieval *meesmo* (< *medesmo* < *medipsimo*). Dúas cuestións deben ser destacadas: a primeira, apropiándonos das palabras de Ferreiro (1999: 110), radica na lenición consonántica sufrida pola oclusiva dental xorda, pois para o feito de ter desaparecido o -T- primario latino, evolución non demasiado frecuente, “poderíamos pensar na desaparición de -T- de MET pola consciencia da aglutinación con IPSIMU”; a segunda ten a ver co valor identificador de IPSE, funcionalmente recuperado mercé ao resultado das formas aglutinadas¹¹⁹: *E esto meesmo mandamos* (FR 239); *dese méésmo lugar* (HGP 91, CHA, 1335); *desse meesmo lugar* (HGP 150, MD, 1313); *omēs amadores desy méésmos* (GE 221); *en aquela meesma sazō* (CT 251); *dizendo aquellas palauras meesmas* (CGC 399); etc. A forma coincidente coa moderna, *mesmo*, con crase das dúas vogais, aparece tamén na lingua antiga, embora sexa moito menos frecuente: *et esso mesmo* (HGP 150, MD, 1313); *et esse dia mesmo formou ho omē* (GE 4); etc.

Outrosí, xunto a *meesmo* aparecen no idioma arcaico outras solucións diverxentes que non terían ulterior transcendencia ao se esqueceren no longo exame da diacronía. Unha destoutas variantes é *meesme*, para a cal Maia (1997: 692) apunta o étimo *MEDIPSIMI, “corrente no latim vulgar da Península Ibérica” cruzado con *misme*¹²⁰, forma “largamente representada em Berceo”. Ferreiro (1999: 68, nota 48), por súa vez, cita algúns exemplos de nomes co paso de -o > -e (*Giraldō* > *Giralde*, *Nuno* > *Nune*, etc.) “sen dúbida por influencia galo-románica”, entre os cales ben podería figurar o noso pronome identificador. Sexa como for, nos casos seguintes aparecen estas formas con -e, cunha documentación lonxe de ser esporádica en certos textos antigos: *Et tina rrey Calrros da sua terra meesme quoreenta mill caualeiros* (MS 102); *outrossy llj dou .xij. ouellas per esse méésme pleyto* (HGP 186, GU, 1278); etc.

Unha outra variante é *mēesme* que, á semellanza do caso anterior, posúe poucas documentacións testemuñais: *en aquela maneira mēesme* (MS 26); etc. Para Maia (1997: 692), “o til pode ter valor fonético, assinalando a vogal tornada nasal por influencia de m-”, postulado que compartillamos a teor doutros casos paralelos (cfr. MEA > *mia* > *mīa* > *mīnha* > *mīña*)¹²¹. Formas análogas con nasalación de e son *mēesmo* e *mēesma*, que se documentan esporadicamente: *Ca Deus en ssi mēesmo*

¹¹⁹ Repárese no dito anteriormente para os valores de *esse* nos textos medievais e a súa non sempre equivalencia co actual *ese*.

¹²⁰ Cfr. un documento galego de 1282, en que aparece *desse mījsme lugar* (HGP 48, CO). Véxase tamén Corominas (1976, III: 387-388, s.v. *mismo*), quen apunta, como fai tamén Maia, que nas obras do español Gonzalo de Berceo aparece esta singular variante.

¹²¹ Para máis exemplos en que unha consoante nasal explosiva torna nasais os elementos vocálicos seguintes, véxase Ferreiro (1999: 134-134), que afirma que esta influencia “debeu ser un proceso antigo”

ele mingua non á / nen fame nen sede nen frio nunca ja (CSM, I 179); *log’a santa verdadeira Madr’e Sennor das sennores / troux’aquel canto mēesmo que el ouvera comprado* (CSM, III 223). A este respecto, dada a vacilación para representar as vogais nasais, adoito con til (~) mais sen seren descoñecidas outras solucións, como <n>, apareceu, por ultracorrección, por unha falsa etimoloxía ou por oscilación gráfica para a representación das vogais nasais, a forma *menesmo* (*cō essa menesma grana*, HGP 76, QUI, 1281; cfr. BONA > *bōa* ou *bona*), de que moderadamente se ten feito, do noso punto de vista, algunha valoración non sempre afortunada¹²²; a mesma flutuación ortográfica para representar o elemento vocálico nasal foi o que levou o escribán ou, inclusivamente, o editor, a perpetuar unha linearidade como *et oconvento desse méénsmo lugar* (DG 25, SO, 1257).

Finalmente, cómpre referirmonos á esporádica forma *medés*¹²³, variante oxítone cunha vogal de grao medio fechada [‘e]¹²⁴. Ten sido citada a etimoloxía METIPSE no canto de METIPSIMUS (Ferreiro 1999: 155, 269), aínda que tampouco se deban des-

de “relativa extensión na lingua”. Neste sentido, son de interese os casos que cita o autor para *mundo* (< MOLITU), participio irregular de *moer*, ou os rexistrados na lírica trobadoresca *mūu*, *nūu* e *cūu*, a terceira cunha nasalación que “ben puido ser arrastrada polas rimas (de aparición moi frecuente, ademais, coa forma arcaica *ūu* do indefinido”. O mesmo estudioso (Ferreiro 1999: 134, nota 134), para alén doutros casos medievais, cita a pronuncia do estándar portugués de *muito*, que se realiza comunemente con ditongo nasal. Véxase tamén Michaëlis de Vasconcellos (1956: 338-339). Aliás, en harmonía co apuntado para *eneste* / *ēeste* / *éeste*, non descartamos a posibilidade de os acentos acima das vogais poderen ser representacións da nasalidade.

¹²² O eclesiástico Cuveiro Piñol (1876: 206) recolle *menesmo* no seu dicionario (“el mismo, el que no se equivoca con otro, ó no hay duda de que sea el mismo”), circunstancia que puido ser a causa de que García de Diego dixese do pronome que está vivo a pesar de ser “poco usado” (1984: 99) ou de que Michaëlis de Vasconcellos (1956: 207) se referise a el a afirmar que se trata dunha forma “usada na Galiza”. Esta autora cita a posibilidade (1956: 207) de poder ser un cultismo, e non nos parece demasiado críbel a etimoloxía proposta: “Se essa forma [*menesmo*] fôsse meramente erudita podíamos imaginar influxo dos *Menechmos* = (Irmãos Gémeos) de Plauto”, embora máis adiante apunte a teoría da nasalación a partir do *m-* explosivo. No tocante á súa documentación literaria contemporánea, posúe algún testemuño moi minoritario, como o seguinte, datado en 1922 na obra de Cotarelo Valledor *Trebón: Vostede... ti... ¿é-re-lo valente? / Manoel: Mēesmo* (Cotarelo Valledor, T 91); para este singular exemplo, antes do que pensarmos nunha presumíbel existencia de tal variante, coidamos que o escritor da Veiga debeu de ler ou ben manexar o traballo de Cuveiro.

¹²³ Entre *meesmo* (e variantes) e *medés* non parece “ter havido diferença alguma de significação, a julgar destes exemplos extraídos da Regra de S. Bento [...]: *esse medes propheta*, pág. 36, *dessasme dessas horas*, 37, *essas meesmas horas*, 36, *esta medes ordem*, id., *essa meesma hora*” (Nunes 1989: 249). Por outra banda, en relación a *medes*, cita Michaëlis de Vasconcellos (1956: 339) a variante *mendês*, encanto Vasconcellos (1966: 54) engade a este polimorfismo a forma *mendes*, paroxítona, “que porém soaria *mēndes* pois rima con *tendes*”. Noutra orde de cousas, segundo Nunes (1989: 249, nota 4), tal pronome coñeceu a flexión de número a través do plural *medeses*, “que não é sem exemplo”.

¹²⁴ Aínda así, Williams (1975: 163) cita o caso de *medes* a rimar con *pes*, ou sexa, unha rima en consonancia cuxo elemento vocálico, aparentemente, se corresponde con [e]. Na realidade, pensamos que se trata dun erro de interpretación a partir do primeiro exemplo que expomos, en que *pes* non se está a referir ás extremidades mais ao verbo *pesar*; o dato tirouno da obra de Lang *Das Lieberbuch des Königs Denis von Portugal*, publicada na Halla no ano 1894.

cartar outras orixes ou influencias, como as occitánicas¹²⁵, dado o pouco habitual que resulta ser o desaparecemento do *-e* final neste contexto en particular: *E a nav'alumeada aquela ora medes / foi toda con craridade; e cada ñu empres / a fazer sas orações aa Sennor mui cortes* (CSM, III 127); *A que mi faz querer mal mi medes / e quanto amigo soia aver / e des[as]perar de Deus, que mi pes* (LP, I 178); *Ūa pastor se queixava / muit'estando noutro dia, / e sigo medes falava* (LP, I 237)¹²⁶.

Esta forma correría a mesma sorte do que outras que desapareceron da lingua antiga xa en época medieval ou nos séculos inmediatamente posteriores, como os citados casos de *eleiso* ~ *ellessu* ou de *elo*. A comezos do XVII era un pronome considerado xa arcaico, como o parece probar o feito de que o gramático Nunes do Leão o incluíse nunha tabela “de vocábulos antigos portugueses que se acham em escrituras”, acrecentándolle o seu valor na altura: “o mesmo” (Buescu 1983: 293).

2.4. Algunhas notas en relación á diversidade dialectal da Baixa Idade Media no paradigma dos demostrativos: os pronomes masculinos e femininos con hipercaracterización no radical

2.4.1. Dificultades de interpretación

Obviándonos a postura de Machado (1989, III: 330), segundo a cal o triúnfo en portugués das formas invariábeis con <i> sobre aquelas que presentaban <e> se debeu a diverxentes resultados rexionais, impóndose ao largo e longo os pronomes das áreas en que a solución fora *isto*, *isso* e *aquilo*, xorde a cuestión de se nos textos conservados da Idade Media se poden verificar algunhas tendencias dialectais canto aos testemuños documentais que se nos ofrecen. O asunto, tan interesante como complexo, bate coa escaseza de datos fidedignos ao respecto, co incipiente estado en que se achan os estudos de dialectoloxía medieval en Galiza e, tamén, cos poucos datos que se coñecen dos autores medievais, que coadxuva na pouca pertinencia de adscribirmos algunhas variantes a fenómenos diatópicos que hoxe, dunha óptica sincrónica, serían identificadas unanimemente como dialectalismos¹²⁷.

¹²⁵ Cfr. a solución provenzal *mateis* (cat. *mateix*).

¹²⁶ Repárese en que os escasos testemuños que de *medês* se conservan para a lírica do cancionero profano proveñen da fecunda obra poética de D. Dinís, de onde se extraeron os exemplos que se citan. No resto das cantigas galego-portuguesas medievais, polo menos na edición de LP, non se documenta esta forma pronominal.

¹²⁷ Afirma ao respecto Mariño Paz (1998: 129): “A investigación no eido da nosa dialectoloxía medieval constitúe, sen dúbida, un reto atraente e un labor en que as dificultades nos asaltan a cada paso. Sucede, para empezar, que non contamos hoxe con ningún testemuño de ningún observador da época

Mais negarlles aos textos tardomedievais toda a información sobre a variabilidade xeográfica que nos puideren proporcionar supón deslexitimármolos en relación a outros fenómenos de marcado carácter dialectal que se poden pesquisar xa no outono do Medioevo. Deste xeito, a neutralización entre o dativo de terceira persoa singular e o equivalente ao plural e dos seus respectivos conglomerados pronominais, isto é, *lle* / *lles*, *llo* / *llolo*, transparece nalgúns documentos notariais da Idade Media (véxase Álvarez 1994), do mesmo modo que unha incipiente diferenciación entre un galego occidental e outro oriental pode derivarse da análise da formación de plural para as palabras acabadas en *-n*¹²⁸. O problema dos demostrativos resulta aquí non tanto de comprobarmos o número de grafemas que se usan nas respectivas formas (*lle* / *lles*) como antes de sabermos que se agocha tras unha letra como <e> ou como <i>.

O tipo de texto con que se traballar, por outra parte, pode condicionar as conclusións que se del extraeren: sendo certo que a lírica ou a prosa literaria poden coadxuvar na comprobación dalgúns fenómenos, pensamos que, cos subsecuentes problemas derivados, é a prosa notarial a que mellor pode reflectir o estado da lingua dunha determinada rexión. Os escribáns, lonxe de pretenderen unha expresividade literaria nos seus textos, a que propositadamente non dotan de recursos estilísticos, proporcionan, ao noso ver, unha maior información ao respecto ao non se sentiren na necesidade de se acolleren a unha combinación rímica, de ritmo ou a unha coine elaborada, máis ou menos congruentemente respectada ao longo de todo o texto, aínda que neste sentido as opinións dos investigadores non sempre foron unánimes mais, “por veces, diametralmente opostas e até contraditórias (Maia 1997: 12)”¹²⁹. Convirá

que puidese informarnos, por moi incompleta e vagamente que fose, sobre a variación diatópica galega nalgunha das etapas do longo ciclo medieval. O investigador, por tanto, debe cifrar toda esperanza de obter algúns resultados de certa solidez no estudio dos textos escritos do período que deron chegado ata nós. Ora ben, os textos escritos rara vez son fontes idóneas para a análise da variación dialectal habida en determinados momentos do pasado, xa que a lingua escrita non se concibe nunca e en ningún lugar como unha simple transcripción do falar dos escritores ou do colectivo humano en que estes habitualmente se moven”.

¹²⁸ Véxase Mariño Paz (1998: 132): “Para a delimitación de dúas grandes zonas occidental e oriental naquel período semella singularmente apropiado analiza-la procedencia xeográfica dos tipos de plural innovadores que se rexistran nos instrumentos notariais galegos para as palabras que en singular remataban en <-an> ou en <-on> [...]. Pois ben, débese ter en consideración que en documentos lugueses e ourensáns redactados a partir da segunda metade do século XIV se encontran por veces as solucións <-ás> ou <-aas> (*Ramiráds*, *Ramyraas*, *Goyaaas*), que anuncian as que hoxe son propias do bloque central, con desnasalización vocálica, asimilación e crase a partir do antigo hiato *-aes*”.

¹²⁹ Sobre os problemas de interpretación filolóxica dos textos tabeliónicos é de interese Maia (1997: 4-17), quen cita a posibilidade da existencia nunha zona dunha linguaxe mellor considerada socialmente como factor que pode invalidar as informacións lingüísticas contidas nun documento notarial: “Por outro lado, condicionam tamén o valor dos documentos antigos, sob o ponto de vista considerado, a existencia ou a ausencia, na zona abrangida [...], de un tipo de linguaxe dotado de maior prestígio, e com suficiente forza de irradiação para sobrepor-se aos falares locais que iam sendo progressivamente assimilados” (Maia 1997: 15).

termos presente, no entanto, que os textos tabeliónicos posúen unha serie de convencións fixas, como se evidencia do confronto das partes estritamente formulísticas; de aí que, tamén, en determinados aspectos, teñan de ser contemplados cunha certa dose de cepticismo.

2.4.2. As formas hipercaracterizadas dos pronomes con flexión: latinismos ou preludios da situación dialectal moderna

Aos problemas xerais aducidos nos parágrafos anteriores vénselles sumar un de índole diferente, como é o da oscilación gráfica. Quer sexa un texto literario, quer sexa un texto civil, batemos coa eiva de sabermos cal é o grao de servilismo que o autor denota en relación ao sistema ortográfico latino. Deixando de parte certas casuísticas en que as grafías clásicas ou as tentativas de asimilación a estas se evidencian claramente (cfr. *cocsa*, por *cousa*; *derecto*, en vez de *dereito*; *et*, no canto de *e*; *feycto*, por *feito*; *mill*, por *mil*; *octro*, en vez de *outro*; etc.¹³⁰), atéstanse nalgúns textos pronomes con aparente raíz <i> que deben sen considerados con toda a cautela: se acreditamos nos documentos notariais canto á insinuación da existencia de formas como *isto*, *aquisto*, *iso* e *aquilo*, por exemplo, en congruencia coa mesma lóxica poderemos argüír que os demostrativos masculinos (e femininos) con <i> que se puideren rexistrar son, na realidade, representacións de fenómenos dialectais. Ora, a tal presuposto enfróntase, por un lado, a continuidade histórica e territorial desas variantes hipercaracterizadas, ou sexa, se se manteñen hoxe en día nas rexións en que se documentan na Idade Media; e, por outro, se esas grafías obedecían, de feito, á diversidade dialectal ou se, pola contra, se deberon ás susoditas grafías latinizantes.

Analisemos, pois, algunhas mostras de demostrativos con flexión de xénero e número redixidas durante os séculos XIII e XIV¹³¹. Antes de máis, cómpre clarificarmos que se tratan, todas elas, de formas esporádicas en relación á totalidade de textos con que traballamos, situación que condiciona, de entrada, o grao de información que nos puideren proporcionar. Deste modo, entre outros textos que se poderían certamente citar, temos:

- a) o *Testamento de Estevo Peres* (Doc. 1), redixido en 1230¹³², en que figura *fazu ista mada* (tirado de Souto Cabo 1996a: 28).

¹³⁰ Para a interpretación de determinadas grafías en textos latino-galaicos e de grafías latinizantes en textos galego-portugueses a alternaren xa coas romances, véxanse Veiga Arias (1983), Castro (1991: 192-240) e Maia (1997: 297-507).

¹³¹ Para o desenvolvemento deste apartado tivemos moi en conta o traballo de Souto Cabo (1993).

¹³² Datamos en 1230 este caso de acordo con Souto Cabo (1996a: 28), aínda que, conforme con algúns datos que nos achegou o profesor Ramón Mariño Paz, tamén se podería pensar en que foi escrito anos máis tarde, arredor de 1260.

- b) un escrito ourensán de 1244 (Doc. 2) que nos proporciona o seguinte exemplo: *Ista é carta de foro que faz dona Toda a estos homees que poblan esta pobla de Uila bona* (VF 13, VI).
- c) un texto posibelmente redixido arredor de 1228 en Castro Caldelas (Doc. 3), en que se rexistra a secuencia *mays in ipsa uilla conplan juizo sobre ipsa pignora* (DG 18, CC).
- d) un documento escrito en 1259 en Caaveiro (Doc. 4) en que se encontran exemplos como *damos aisse Pedro, chante isse Pedro, uoz diste Pedro, á iste moesteyro, que a iste prazo*, e, tamén, *ista peea* (DG 44-45, CAA).
- e) un texto escrito no ano 1258 na localidade de Zolle, Lugo (Doc. 5), en que achamos *Quantos ista carta uirĩ [...] Et quẽ contr ista carta uéer et nũ créer sega maldito et pectet altera parte C.m soldos et ista carta sempre ualla* (HGP 71-72, ZO).
- f) un documento redixido no mesmo ano do que o anterior en Freán, Lugo (Doc 6), no cal aparece *conuẽtu de jpsj mismu lugar e a britar ista carta* (HGP 72, FRE).
- g) un outro redixido no ano 1275 por un notario do Deza (Doc. 7), en que se le *Ego M. Unianj notario jurado in Deça uj carta de procuraçõ a Johan Sauaschães do Abade et do conuento sobre dito para preyto iste que auia cũ Johan Garcia et scriuj iste prazo et confirmo* (DG 71, SO).

Posibelmente, hai quen defenda unha interpretación dos exemplos anteriores como os preludios das actuais variantes dialectais, teoría que, do noso punto de vista, semella ser fácil de máis para ser plausíbel. Aínda, ese mesmo postulado podería basearse na equivalencia para as formas invariábeis, que en certas rexións de Galiza e en todo o país irmán, segundo se dixo, mudaron a súa vogal radical; mais é preciso salientar que os procesos de hipercaracterización duns e doutros pronomes, ou sexa, dos invariábeis a respecto dos que presentan flexión, deben ser considerados evolucións independentes, isto é, cada unha delas ten de buscar a súa explicación en si propia e non noutros demostrativos do paradigma. Preferimos pensar, deste modo, sen risco de estarmos errados, que en todos e en cada un dos casos expostos estamos diante de latinismos ou de flutuacións gráficas orientadas cara ao latín. Imos ver a seguir os motivos que nos inducen a termos esta opinión:

- 1º) Os exemplos citados encóntranse en textos que, do punto de vista gráfico, aínda renden unha certa preitesía ao latín. Os casos de *ipsa* (Doc. 3) ou *jpsj* (Doc. 6) son ben clarificadores neste sentido mais, con efecto, outras probas poderían ser nomeadas, como *in nome, octra, eo quod, quotum, abbas*, etc., que se achan nalgúns dos documentos referidos. Se o escribían sabía que a preposición *en* se

escribía *in* porque así o aprendera, tamén debía coñecer que os pronomes demostrativos se grafaban con <i> na lingua do Lacio. Eis a primeira proba, ao noso ver, para tales graffas seren consideradas latinizantes. Aliás, os exemplos aludidos concorren ás veces coas formas con vogal <e> no radical (Doc. 2), feito que cómpre tamén termos en conta, dado que, se se consideraren os pronomes con <i> como variantes dialectais, a utilización dunhas e doutras formas manifesta que tal particularidade xeográfica aínda non estaba suficientemente asentada e que, en consecuencia, (co)existían varios resultados para unha única función pronominal no mesmo territorio.

2º) Os casos expostos son, de todos os documentos notariais que manexamos, mostradas escasamente representadas, mesmo nunha obra (*VF*) en que se editaron textos pertencentes ás actualmente áreas en que vigoran as variantes *iste*, *ise*, *aquil*. Por outro lado, non deixa de nos chamar a atención que os exemplos que expuxemos aparezan no século XIII, unha época en que o galego-portugués comeza a se escribir coas consabidas fluctuacións gráficas antes referidas, mais non durante os séculos seguintes até finalizada a Idade Media e iniciada a Idade Moderna. Sería lóxico imaxinarmos, pois, que á medida que ía avanzando o tempo máis abundosa fose a documentación testemuñal, sobre todo en *VF*, e non ao contrario, en que segundo se suceden os séculos medievais o número de mostradas devala progresivamente.

3º) As formas do masculino con raíz hipercaracterizada son hoxe típicas da maior parte da provincia de Ourense e do sur de Lugo (véxase 4.1.1.1), mais as correspondentes femininas, a pesar de se poderen atestar nesas mesmas zonas, posúen unha presenza na lingua certamente moi lateral e esporádica a respecto das masculinas. Por iso contemplamos con moita desconfianza os exemplos citados para o feminino, pois dubidamos de que nos séculos dos trobadores un sistema de demostrativos aínda relativamente incipiente xa posuise unhas particularidades diatópicas desta índole que na actualidade son singularmente puntuais. Nótese que o caso das formas invariábeis é distinto por se poderen hoxe comunmente rexistrar nalgúns partes de Galiza en que xa se documentaba o seu uso na altura e, asemade, por se encontraren en textos certamente temperáns, como *FR*, sen que exista ningún testemuño de masculinos ou femininos hipercaracterizados en <i>. Por outra parte, defendermos unha presenza medieval de *ista* ou *isa* lévanos a considerar, dado que a súa vogal tónica é unha propagación analóxica a partir do masculino¹³³, que dita raíz estaba consolidada nos correspondentes masculinos, circunstancia que non nos parece críbel á luz dalgúns argumentos citados anteriormente: ao se non poder subscribir un medieval *iste*, ¿como se vai defender, por analoxía, o seu equivalente feminino *ista*?

¹³³ Así opina Ferreiro (1999: 262, nota 322) ao considerar os actuais *ista* e *isa*. Véxase tamén 4.1.1.2.

4º) Finalmente, falarmos de dialectoloxía lévanos a ver se na actualidade se verifica unha continuidade lingüística e territorial entre tales testemuños e o estado moderno da lingua. Nalgúns casos, cal os documentos de Lugo, podería ser así, mais noutros non sería posíbel, como os textos de Caaveiro (Doc. 4), do Deza (Doc. 7) ou o *Testamento de Estevo Peres*. Aínda presupóndomos que, de feito, puidese haber unha continuidade xeográfica e lingüística nas mostradas anteriores, cabe a posibilidade de xulgarmos que a realidade moderna das falas do galego non tivo de ficar delimitada polas mesmas isoglosas, pois estas puideron estreitecer ou alongar as áreas en que determinados fenómenos eran recorrentes, encanto que a situación que hoxe temos pode ter sido orixinada a partir dun reducido núcleo desde onde se espallaría o fenómeno. No apartado seguinte veremos como, durante os séculos XVI-XVIII, as formas *iste*, *ise* e *aquil* posúen testemuños que son bastante fiábeis canto á súa procedencia dialectal e que se corresponden, *grosso modo*, coa división actual da realidade da lingua.

No entanto, a pesar de os catro argumentos citados poderen identificar ben ás claras cando estamos perante un latinismo, non son aplicábeis a algúns outros exemplos, como os seguintes, datados en 1500: *non avedes de vender iste dicho foro* (DG 163, SO), *apena pagada o non pagada toda vja iste dicho foro* (DG 164, SO). Con efecto, deixándomos de parte os castelanismos que se achan no texto¹³⁴, que redundan na adscripción do documento aos derradeiros anos do Medievo, a data en que aquel foi escrito pertence a unha época en que comeza a ser discutíbel pensarmos que se tratan de formas latinizantes dada a distancia cronolóxica existente entre estas mostradas e as que citamos nos parágrafos anteriores. Por outra parte, o texto foi escrito en Sobrado dos Monxes por un notario de Cesuras, zonas en que non se encontran actualmente as formas masculinas hipercaracterizadas, e isto, a simple vista, invalida o criterio de continuidade lingüístico-territorial a que antes aludíamos. Perante estas circunstancias, pois, só nos parece viábel pensarmos nun lapso do escribán ou, quizá, nunha relativa vixencia dos masculinos con <i> no radical nesas áreas, aínda que contemplemos tal posibilidade bastante discutíbel datos os inexistentes testemuños noutros documentos das susoditas rexións e a súa nula documentación actual.

¹³⁴ O escribán autor do documento, segundo se desprende da lectura deste, non domina a nova lingua en que se tiñan de redixir os textos legais, pois unha característica do texto é precisamente a hibridación entre o galego e o castelán: *nasçemjento*, *quijnjentos* (DG 161); *aforamjento*, *abbad del monesterio*, *del dicho monesterio*, *avjendo nuestro acuerdo*, *vendo y entendjendo*, *en la heredad* (DG 162); *la dita vosa moler e las dichas uozes* (DG 163); etc.

Capítulo 3. Os séculos XVI-XVIII: preludio da situación (dialectal) moderna

3.1. Introducción: dificultades textuais

Após o esplendor da literatura galega medieval, a lingua, nos territorios de Galiza, perde a súa condición de idioma escrito na Idade Moderna como primeira consecuencia doutros procesos de maior magnitude¹³⁵ e só sobrevive nos usos orais da coloquialidade e das relacións familiares, ao contrario do que aconteceu en Portugal, en que se continuou a empregar sob o nome de portugués producindo unha das literaturas máis notábeis canto á cantidade e canto á cualidade de cantas hai no contorno europeu. Xorde aquí a primeira eiva con que nos enfrentamos, isto é, a escaseza dos textos conservados en galego; os datos que puidemos extraer a respecto do uso desta ou daqueloutra forma dos pronomes demostrativos ficarán, por tanto, subordinados a esta situación de parquidade documental encanto non se descubran ou recuperen novos textos que amplíen o cómputo de obras e que faciliten termos unha visión máis precisa do estado da lingua.

Durante os séculos XVI-XVIII consolídanse algúns dos fenómenos emerxentes no solpor da Idade Media que veñen afastar as falas galegas das portuguesas¹³⁶, aque-

¹³⁵ O feito de deixar de se producir literatura en galego non pode ser contemplado isoladamente, mais intimamente relacionado co proceso secular de alienación política, cultural e económica en que o noso país se ve submerso durante este período e que se perpetúa até os nosos días. Neste sentido, afirma Freixeiro Mato (1998a: 45) que “Galiza afronta o fin da Idade Media e o paso do reinado dos Reis Católicos ao dos Austrias convertida nunha provincia case tan remota como as ultramarinas [...]; economicamente Galiza vai ser saqueada polo fisco, tendo que soste as cada vez maiores necesidades dunha nobreza establecida na corte e duns bispos maioritariamente foráneos e absentistas. Mentres boa parte da nobreza galega ten que loitar ao servizo dos reis de Castela tanto na Península como fóra dela, Galiza é gobernada por xente forasteira, sendo vítima periódica da fame e das pestes, coa súa poboación castigada ademais pola leva de soldados, a emigración e os saqueos dos piratas nas súas costas; durante os reinados dos Austrias Galiza vai andar ao ritmo que lle marquen intereses alleos, encerrada en si mesma e sen poder desenvolver a súa propia personalidade política nen cultural”. Para unha visión dos séculos XVI-XVII do punto de vista sociolingüístico, véxase tamén Freixeiro Mato (1998a: 42-46, 53-70), Mariño Paz (1998: 195-329) e Monteagudo (1999: 197-288).

¹³⁶ Con todo, a situación da lingua canto ás modificacións sufridas e á súa caracterización aínda é hoxe un asunto lonxe de se poder abarcar na súa totalidade, pois nin os textos que chegaron a nós “nin o estado actual dos nosos coñecementos sobre o tema, aínda precarios, nos autorizan a tratar a fondo e con extensión os cambios lingüísticos habidos en galego entre a época medieval e a contemporánea” (Mariño Paz 1998: 265).

las carentes dunha norma culta de referencia e estas cunha tradición literaria de singular transcendencia. En parte debido a isto, nos territorios de Galiza evolúen libremente solucións dialectais que non se atestan en Portugal, como os xa coñecidos pronomes masculinos con hipercaracterización na raíz, ao paso que no país luso as obras literarias, segundo se dixo, non permiten intuírmolos a existencia de certos alo-morfes de marcado carácter antigo, cal as formas invariábeis con radical <e>. A ruptura da continuidade nos textos literarios e mesmo tabeliónicos condicionou, pois, a lingua das obras que hoxe coñecemos, e tal fendedura lingüístico-cultural non se vería parcialmente superada até fins do século XIX, en que os escritores galegos descubren a literatura medieval. Aliás, o proceso de españolización desenvolvido no noso país coaduxa nun maior grao de afastamento entre o norte e o sur do Miño en relación á lingua, situación que cómpre termos en conta como posíbel árbitro entre resultados galegos dos cales un coincide formalmente coa lingua foránea, véndose, por este factor, respaldado pola lingua “cultu” ou “máis prestixiosa” do que aqueles que non participaban do mesmo decorrer diacrónico no castelán.

A estes dous puntos de partida convén acrecentármolles máis unha circunstancia, como é o case nulo coñecemento que do galego teñen as persoas que transmitiron os textos a través da tradición manuscrita, coa subsecuente problemática de (in)fidelidade lingüística que conleva esta situación. Para alén dos casos en que a literatura dos séculos XVI-XVIII é de orixe tradicional e anónima, só posteriormente compilada por escrito, podemos afirmar, facéndonos nosas as palabras de Freixeiro Mato (1996: 7), que as poucas mostras de obras en galego “presentan algúns problemas de transmisión textual [...] por nos chegaren a través de textos apógrafos, ás veces reproducidos en obras feitas fóra de Galiza e por persoas descoñecedoras do noso idioma”.

A lingua empregada en certas obras españolas e portuguesas en que existe unha personaxe galega, por outra parte, entra dentro destas dificultades interpretativas, pois, consoante Pensado (1985: 294), o idioma en que se vehiculiza esa literatura, nos textos españois, é antes un castelán agalegado, en que se aprecia “un leve tinte gallego manifesto en unas cuantas palabras” e é utilizado neses casos como unha mera marca xocosa en que se ridiculiza tal protagonista a través da fala¹³⁷. No entanto, en seccións seguintes faremos algunha observación a determinados textos polos datos que nos ofrecen, sempre coa lóxica cautela e coidado.

¹³⁷ Pénsese en obras castelás cal *Mari Hernández la gallega*, de Tirso de Molina, a que se lle acrecentou a peza de Francisco de Castro *Baile de la gallegada*, estreada co texto de Tirso no ano 1704 conforme indica Pensado (1985: 294); no *Entremés de los gallegos*, redixido no século XVII, ou nun *Entremés del gallego*, escrito na centuria seguinte; repárese tamén na portuguesa *O gallego lorpa* (dado a lume en 1879, ficando fóra, por tanto, dos nosos límites cronolóxicos), etc. Para o referente a estes textos, véxase Pensado (1985: 37-40, 62-64, 294-300) e Mariño Paz (1998: 264-265).

Así e todo, escasa ou cuantiosa, de alta valía literaria ou de nula expresividade artística, a literatura galega do comunmente denominado período medio é a única que nos pode proporcionar informacións para sabermos cal era o estado en Galiza dos pronomes demostrativos, e non só, no que di respecto ao suceso de determinadas formas, ao ocaso doutras e ao preludio da realidade dialectal da lingua nos nosos días. A ela nos remeteremos mais sen obviarmos as dificultades mencionadas e valorándomola en virtude de tales condicionantes.

3.2. Os textos conservados como unha posíbel antesala da situación dialectal contemporánea

3.2.1. Teorías sobre o aparecemento das formas hipercaracterizadas no masculino

Desbotándonos pensar que os exemplos medievais en que os pronomes presentan unha raíz <i> no xénero masculino se deban atribuír a un testemuño temperán da vixencia dialectal de tales formas, é agora o momento de comprobarmos se documentacións posteriores ofrecen datos fiábeis canto ao suceso das antecitadas variantes e de vermos como ten sido explicada esta particularidade nos estudos filolóxicos galego-portugueses. Non parece existiren demasiados problemas para acreditarmos en que o primeiro aspecto acha argumentos a favor: por un lado, a tradición gráfica latina xa non producía unha influencia tan acusada nos textos dos séculos XVI-XVIII como na etapa medieval, e menos aínda nunha lingua como a galega, que sobreviviu sen apenas cultivo literario ningún e lonxe dunha especulación científica na orde doutros idiomas do seu contorno; non lles interesaba aos autores do período medio saberen se estaban a empregar unha variante dialectal, por non teren consciencia de que o que usaban era ou non estándar, como tampouco parece que tivesen unha vontade de conformaren unha lingua unificada no que di respecto á súa morfoloxía pronominal. Por este motivo, a rexeitarmos algunhas creacións no paradigma dos demostrativos que se tratarán máis adiante, como as de *istos* en Sarmiento, coidamos que, en xeral, os exemplos que de *iste*, *ise* e *aquil* se poidan encontrar durante a Idade Moderna son espellos do variacionismo diatópico que naqueles séculos debía de existir, máis fiábeis, se cabe, no século XVIII do que nos derradeiros anos da seguinte centuria e nos comezos do XX.

O segundo dos temas, o porqué da aparición dos masculinos con <i>, préstase máis á diversidade de opinións de modo similar ao que acontecía coa forma invariábel. A primeira explicación procede de Saco Arce (1868: 59), que en nota a rodapé semella idenficar a orixe de *iste* e *ise* cunha continuidade desde o latín: “El origen latino de nuestros adjetivos *iste*, *ise* (que viene de *ipse*) es fácil de conocer”; naturalmente, non se sustén a afirmación do presbítero a termos en conta os resultados habituais de i en galego, [e], tamén aplicábeis ao paradigma dos demostrativos.

Unha outra teoría ten tido certa subscripción nalgúns ámbitos. Como víamos anteriormente, García de Diego (1984: 60, nota 5) atribuíu o triunfo de [‘i] no radical dos pronomes a un proceso metafónico a partir dun -i final secundario (*ese* > *esi* > *ise*), cuxa explicación foi posteriormente asinada por Cavacas (1920: 140) e por Vasconcellos (1966: 54). Parécenos un proceso complicado de máis para se poder concordar con el, á parte de non termos noticias de se isto dar verificado na lingua antiga ou nos seus albores. O investigador español pon en relación o caso galego con outros “dialectos próximos”, como os asturo-leoneses, e co castelán, cuxas argumentacións non nos serven, pois cada evolución lingüística nun territorio determinado non hai que a pór en relación obrigatoriamente cos aconteceres da mudanza diacrónica noutras áreas por estes non precisaren de ter un paralelismo exacto cos procesos evolutivos das rexións próximas.

Tamén á posibilidade dunha inflexión metafónica se ten referido Ferreiro (1999: 36, 262), se ben non acudindo a un -i secundario mais ao influxo de -e final primario consoante o decorrer diacrónico da lingua. Este autor, a tratar a acción exercida polo -e final en máis casos alén dos demostrativos, afirma que “o efecto metafónico de -e final sobre [é] debeu estar estendido antigamente por un territorio máis amplo do que o sul pontevedrés, explicando deste xeito as formas do pronome persoal *il* [...] e dos demostrativos masculinos *iste*, *ise* e *aquil* [...] da área lucu-auriense, así como as formas imperativas de verbos da segunda e terceira conjugación con [í] como VR en falas ourensás e do sul lugués”.

O mesmo investigador exemplifica o proceso con máis casuísticas, como BÍBE > *bebe* > *bibe* ou MÍTE > *mete* > *míte* ou aínda coa desinencia -iche a respecto de -eche (Ferreiro 1999: 36, nota 16). A teoría de Ferreiro foi secundada por Freixeiro Mato (1998b: 90-91), aínda que sen a asumir completamente e cualificándoa de “posíbel influxo metafónico de /e/ final no sul de Pontevedra e na parte máis suroccidental da provincia de Ourense”. Con todo, “o feito de que [...] tal influencia comprenda tamén formas verbais afástanos da delimitación do fenómeno de inflexión á categoría nominal e pode cuestionar a cualificación desta alteración fonética como metafonía de -e”.

Aínda se poden citar outras hipóteses, como a de Souto Cabo (1993: 537), que ve o paso de [‘e] > [‘i] nos demostrativos masculinos, “talvez, como reforço da oposição este / este (< a este)”. Non obstante, se realmente a oposición era operativa non precisaba de ningún apoio ou reforzo por o timbre dos dous casos respectivos ser xa abondo para permitir a distinción. A este respecto, como sinalou Freixeiro Mato (1998b: 200), merece ser citado o caso de Curros¹³⁸, pois non raro marca co uso do acento agudo (´) a crase entre o nexo prepositivo *a* e o radical [‘e] cando o

¹³⁸ Para a lingua de Curros Enríquez, véxase López Varela (1998, I: 195-305) e López Varela (2001a: 105-127).

fenómeno produce o fonema vocálico palatal de grao medio aberto [‘ɛ]: *¿Qu’e sinon responder ésas preguntas / En resvesgados xeroulifos pérsicos* (Curros, AMT 4); *É o pasado que morre! A lira dayme, / E si canto ése morto... perdonayme* (Curros, AMT 9)¹³⁹.

Mariño Paz (1998: 275), pola súa parte, prefire ver as formas *iste*, *ise* e *aquil* orixinadas igualmente por unha oposición, aínda que non como a que sinala Souto Cabo, mais baseada no “valor hipercaracterizador da oposición de xénero”, de forma que os masculinos se identificarían non só pola respectiva desinencia como tamén polo radical.

Na nosa opinión, sen rexeitarmos completamente algunhas das teorías e desbotádomos certas hipóteses, cal as de Saco Arce e García de Diego, xulgamos plausíbel o postulado que ve na hipercaracterización dos masculinos a acción dun proceso metafónico exercido por -e final. Dito con outras palabras, a tendencia á identificación dos referidos pronomes foi antes a consecuencia do que a causa de se producir tal inflexión. Non debe ser posto en relación, aínda, cos motivos que mudaron o radical nas formas invariábeis; para estas, consoante o comentado máis arriba, o seu singular carácter no paradigma dos demostrativos, isto é, ao seren uns pronomes que non presentan flexión de xénero nin de número, tornouse o factor motriz de se hipercaracterizaren.

3.2.2. A documentación nas obras

3.2.2.1. Textos redixidos en galego

Segundo vimos, poucos son os testemuños documentais que se conservan de tal época¹⁴⁰. O primeiro deles pertence aos finais do século XV e trátase dunha composición anónima¹⁴¹. O “Pranto da Frouseira”, así chamado, non posúe ningunha

¹³⁹ Exemplos tirados da exposición de Freixeiro Mato (1998: 200). Tamén semella aparecer, moi puntualmente, nalgún texto do galego medio, aínda que é dubidoso: *E fezerō vnha mor e esta chamã Asia,... Africa* (HS 51). Véxase Souto Cabo (1996c: 543, s.v. [‘ESTE]).

¹⁴⁰ A totalidade dos textos de que dispomos na actualidade non se corresponde coa cantidade que debía de haber nos séculos XVI-XVIII: ademais das case seguras obras que pasaron inadvertidas ou que ningún fixo referencia a elas e que hoxe se descoñecen, Mariño Paz (1998: 328-329) cita un *Vocabulario*, de Losada, escrito a fins do século XVIII, unha *Disertación sobre el Origen de la Lengua Gallega*, escrita con mucha erudición por el gallego Josef Labrada, vecino de La Coruña, tamén de finais do XVIII, un *Diccionario de la Lengua Gallega*, composto por un médico chamado Lobarías, ou aínda un outro traballo de idéntico título dun eclesiástico coñecido por Padre Gregorio. Nótese que, aínda estando escritas en español, sen dúbida poderían ofrecernos algún dado de interese sobre o estado da nosa lingua nunha época determinante para a súa conformación moderna.

¹⁴¹ Dada a súa complexa explicación e as circunstancias en que se documentan, non contamos cos exemplos expostos anteriormente provenientes da prosa tabeliónica achados en *DG* (163-164, SO, 1500).

singularidade de relevo a exceptuarmos o emprego da forma reforzada para T1 nunha única ocasión e a utilización do arcaico *elo*: *por aquestes treidores* (SEI 15); *A Deus dará conta delo* (SEI 16).

Da correspondencia do conde de Gondomar, datada entre 1598 e 1605, por súa vez, tiramos algúns datos de particular interese para o asunto que nos ocupa. Deste modo, nunha carta escrita por Juan de Lançós y Andrade, achamos a forma *esos* (*A esos meus señores*, SEI 97), a cal, de a non considerarmos pervivencia dos plurais etimolóxicos ou influencia dalgunha área dialectal do leste do país, non resta outra explicación do que a atribuírmos ao influxo do español. Nun outro texto escrito por dona Briatís da Serra rexístrase a forma *iste* (*co'iste mensajero*, SEI 98)¹⁴², encanto na correspondencia redixida por Diego Sarmiento de Sotomaior aparece a forma invariábel hipercaracterizada de T1 *isto* (*E isto pode dezer por Vm.*, SEI 98; *e mais que fixese isto nesta lingoaje*, SEI 99; *E así naon poso deixar de dezer isto*, SEI 100); porén, cómpre apuntarmos que na carta de dona Briatís non falta algún exemplo de masculinos sen hipercaracterización (*deste Reino*, SEI 98), e esta misiva, xuntamente coas de Sotomaior, foron redixidas en Baiona, zona, por tanto, en que son descoñecidos os demostrativos masculinos con <i> mais onde se atestan os invariábeis hipercaracterizados coa vogal palatal fechada.

Nos versos do anónimo “Saqueo de Cangas polos turcos”, composto ao redor de 1617, aparecen igualmente algunhas formas dialectais, como *ises* (*Mira que ises por ti non chaman*, SEI 19), paralela a *il*¹⁴³ (*Todo arrasaron, e estaba il*, SEI 17), ademais de se encontrar unha formación de plural, máis unha vez, sospeitosa de se considerar castelanismo, como *aqueles* (*Aquelos homes eran us demus*, SEI 17). Outros trazos que se achan veñen correspondéndose coas formas dialectais ourensás e luguesas, como *eí* por *ái* (SEI 17) ou aínda *us* no canto de *uns* (SEI 17), feito que permite acreditarmos en que a vogal palatal no demostrativo masculino plural de T2 é un dado fiábel a termos en conta.

A *História de Dom Servando*, falso cronicón escrito entre 1625 e 1635 por Juan Francisco Fernández de Boán y Araújo, é singular dentro do conxunto textual galego polas circunstancias e condicionantes que xiran ao redor da súa composición¹⁴⁴: por un lado, o autor deita un verniz propositadamente arcaico na lingua para a obra

¹⁴² Aínda que a tradición editorial moderna leva preferindo *iste* en tal exemplo, parece ser que, segundo información que nos foi proporcionada polo profesor Ramón Mariño Paz, no orixinal figura *este*, motivo polo cal cómpre relativizarmos este testemuño.

¹⁴³ O feito de se documentar o pronome masculino de P3 con vogal *i-* pode ser considerado un indicio da existencia dos demostrativos hipercaracterizados no radical mediante o mesmo procedemento: de confrontarmos as rexións actuais en que se produce o fenómeno, seguindo Fernández Rei (1991: 73), obsérvase que a “distribución do pronome persoal tónico *el(es)* / *il(es)* [...] é semellante á de *este* / *iste*”.

¹⁴⁴ Para un estudo lingüístico de *HS*, véxase Souto Cabo (1996b: 364-484).

se confundir cunha xénese medieval, aínda que, seguindo Souto Cabo (1996b: 384), o “fingimento arcaizante resultava até certo punto desnecesario a pensarmos que a utilización insólita do galego bastava para lle dar um ar pretérito”. Por outro lado, tamén se pode “suspeitar uma certa dose de artifício linguístico segundo denunciam vários indícios, aos quais podemos imputar a finalidade de demonstrar o carácter remoto cronologicamente do texto” (Souto Cabo 1996b: 383), cal os antropolónimos *Geneveyra* por *Genevera* ou o emprego case exclusivo de formas como *fez* ou *côog*, de improbábel vixencia na oralidade do século XVII. Por último, unha outra característica vénnos dada pola considerábel interferencia do español, feito que, en ocasións, se traduce na hibridación dos dous idiomas e nunha “passagem contínua” de unha lingua para a outra.

Alén deste punto de partida, e coas naturais prevencións, interesa sabermos a rexión con que se podería identificar a lingua do autor. Neste sentido, Souto Cabo (1996b: 386), en base aos aspectos lingüísticos do texto, non hesita en a facer corresponder coa “depressão do Minho ourensano e a zona circundante”, ademais de apuntar que a vida do autor transcorreu ligada aos “actuais concellos de Chantada, Coles e Ourense”. Deste modo, pois, atéstanse formas propias da área como *aquil*, *aquiles* ou *il* (*pidiu câpo ò rey cõtra aquil home*, HS 145; *E finirão aquiles dous irmaos*, HS 65; *era cruel e maluado para iles*, HS 116; etc.), que, no entanto, concorren minoritariamente a carón dos comúns coa vogal <e>, ao paso que as formas de T1 sempre aparecen con este elemento vocálico na raíz. Non falta algún exemplo de pronome reforzado (*predicaseamos a Pelayo que deixase aquesta loucura*, HS 174), que “obedece no texto a um discurso enfático” (Souto Cabo 1996b: 432), e tamén non se descoñecen plurais que, posibelmente, dada a españolización que presenta a lingua en moitos aspectos, fosen tirados deste idioma (*que hé isla a dõde juntã estos mares*, HS 51; *aquelos Montes Setubales*, HS 65; etc.)¹⁴⁵.

Finalmente, outro aspecto que nos parece salientábel é a nula documentación de T2, a non ser na forma invariábel, tamén infrecuente, que, ás veces, presenta a vogal hipercaracterizada no radical (*E por eso os nobres que ja ala estauã*, HS 167; *e por yso tomou moyto enojo*, HS 101; etc.). O pronome invariábel de T1, en confronto, unicamente se documenta coa raíz máis antiga: *E quẽ esto quijer ver leyã a Ydacjo* (HS 55); *Por esto oubo has gueras entre Pompeo e Julio Cesar* (HS 57); etc.

Da poesía de temática relixiosa podemos apuntar máis testemuños canto á diversidade dialectal do masculino na súa raíz. Curiosa é, neste sentido, a panxoliña inti-

¹⁴⁵ Véxase Souto Cabo (1996b: 432) cando sinala que da “mesma maneira que no caso do pronome suxeito de 3ª persoa, para o masculino [dos demostrativos] conviven dois sistemas: (i) o próprio da área do texto com hipercaracterização das suas formas (raiz em *i-* e terminação *-e*), (ii) outro, originado pelo influxo do castelhano, se não é simplesmente o próprio desta língua, com plural em *-os*.”

tulada “Asturiano y gallego a la Navidad”, escrita a mediados do século XVII por Manuel Bravo de Velasco y Pantoja; o texto, con anacos en galego, asturo-leonés e español, proporcionáanos, nas súas partes galegas, o exemplo seguinte, en que alternan tanto unha forma hipercaracterizada como unha outra sen esta particularidade: *Muito quero este miniño, / mais estes soldados hoxe / non deixan fraco serviço* (SEI 71).

O resto das composicións enmarcadas nesta corrente relixioso-popular non ofrece máis singularidades salientábeis: nunha composición anónima de 1666, por exemplo, unicamente se acha a variante máis xeral (*co’este foeiro*, SEI 76), encanto que as outras non proporcionan ningunha mostra pertinente.

A *Contenda dos labradores de Caldelas*, escrita por Gabriel Feixó de Araújo no ano 1671, fornécenos mostras do pronome invariábel de T1 e T2 sempre coa innovación na raíz tanto nos parlamentos das personaxes galegas (*¡Iso non, meu pregoeiro!*, SEI 88; *Ora ben, isto está feito*, SEI 91; etc.) como nos dos protagonistas portugueses (*Isto sen dávia nenhuma*, SEI 82; *Não faleis mas niso*, SEI 94; etc.). Esta situación vén enlazar os exemplos do galego-portugués medieval a respecto da documentación de tales formas na área pontevedresa coa vitalidade actual nesa mesma rexión de ditas variantes, verificando deste modo a continuidade lingüístico-territorial para estes demostrativos sen flexión; os masculinos, como era de esperar, posúen sempre unha raíz <e>: *¿Este que estará facendo?* (SEI 86); *alá van estes penedos* (SEI 90); etc.

Diferente testemuño é o do texto de 1679 coñecido como “Relazón da carta xecutoria e copia de os que venderon a Frouseira”, en que se aborda a traizón de que foi vítima Pardo de Cela, pois nel unicamente se documentan os pronomes invariábeis con <e> no radical: *co esso andavan a mal facer* (SEI 103); *E esto sirva de exemplo* (SEI 104); etc. O correspondente masculino presenta o mesmo fonema vocálico (*este trouxo consigo a Dona Isabela de Castro*, SEI 103), a pesar de encontrarmos un pronome persoal con vogal palatal fechada (*coíl*, SEI 102) que concorre a carón da forma pronominal máis común (*coel*, SEI 102); finalmente, un único caso de plural para T1 permite interpretármolo quer por conservación etimolóxica, quer por interferencia do español (*todos estos sete*, SEI 101).

Nos *Romances das Festas Minervais*, de 1697, documéntanse formas que voltan a insistir na pertinencia xeográfica de certas variantes pronominais. Así, aparece *il* nos metros do Padre José Gil Taboada nun contexto en que non hai lugar para a hesitación (*Ela o sustentou no berzo, / il escola lle fundou*, SEI 39), e nos versos de José Guerrero Lasso, a carón de *eiquí* (SEI 44) e *il* (SEI 45), rexístranse os exemplos *as obras diste papel* (SEI 44) e *iste é o fallo e será* (SEI 46). Merece tamén citárense os casos de formas reforzadas, unha que non presenta problemas canto á súa autoctonicidade, como a proveniente da composición de Francisco Antonio del

Valle *aquesta* (saco *aquesta* consecuencia, SEI 33), empregada ao lado de *esta* (*desta enfeita* SEI 31); e unha de máis dubidosa autoctonía, cal *aquestos*, tirada da poesía de Ignacio Rodríguez (*¿Son aquestos fundamentos / de máis alta consecuencia*, SEI 54).

Paralelamente, os “Versos gallegos a Nuestra Señora de Reza”, do ourensán Noguerol y Camba, posúen, en 1708, o pronome *iste* (*que en iste pobo se adora* [...]). */ Que estes versos sejan meus*, SEI 115). No texto concorren outras formas tipicamente da rexión, como *ladrós* (SEI 117), *eiquí* (SEI 117) ou aínda algunha máis propia do oriente do país, cal *hoi* e *quatro* (SEI 115), circunstancia que non nos ofrece dúbidas a respecto da autenticidade dos testemuños.

Do fragmentario texto de Pablo Mendoza de los Ríos, datado en 1731, pouca información se pode extraer, a non ser o testemuño unánime de radicais con vogal <e> (*con esso tèn respondido à moytos tontos*) e o participio *aquestado* (véxase Mariño Paz 2000: 38), que terá unhas palabras máis abaixo.

En último lugar, é preciso referírmonos a unha das obras escritas e conservadas durante os séculos XVI-XVIII que máis interesante nos parece para o asunto que nos ocupa, como é o *Coloquio de vinteatro galegos rústicos*, escrito polo bieito Martín Sarmiento en 1746¹⁴⁶. Efectivamente, ao longo dos parlamentos dos protagonistas vai aparecendo unha considerábel diversidade formal¹⁴⁷ dos pronomes demostrativos, algunha certamente novidosa, como o feminino con <i> para T2, outra con reminiscencias medievais, cal as variantes reforzadas para T1, de que só temos un caso. Así as cousas, dado que a cantidade de exemplos, pola extensión do *Coloquio*, é relativamente alta a respecto de obras anteriores, podemos esquematizar a clase deíctica que se documenta no texto do modo que segue, en que, como se pode apreciar, son notábeis determinadas ausencias:

a) Formas de T1

	Masculino	Feminino	Forma invariábel
Singular	<i>aqueste, este, iste</i>	<i>ista</i>	<i>esto, isto</i>
Plural	<i>estes, estos, istos</i>	<i>estas</i>	

¹⁴⁶ Para un estudo das características lingüísticas da obra, véxase Mariño Paz (1995: 9-95).

¹⁴⁷ Nas palabras de Mariño Paz (1995: 72), a variedade de formas do pronome pode deberse a que Sarmiento “mesturou paradigmas diversos que escoitaría nas súas distintas viaxes por Galicia”, hipótese que nos semella satisfactoria para explicarmos a penetración no *Coloquio* de diversos substratos dialectais. A este respecto pode verse Álvarez (1997: 131-154), quen analiza o polimorfismo xeolinguístico do popular *Coloquio*.

b) Formas de T2

	Masculino	Feminino	Forma invariábel
Singular	–	–	iso, eso
Plural	isos	esas, isas	

c) Formas de T3

	Masculino	Feminino	Forma invariábel
Singular	aquel, aquele ¹⁴⁸	–	–
Plural	aqueles	aquelas	

Ora ben, aínda que a polimorfía é a principal característica dos demostrativos no *Coloquio* (ás veces tamén existen oscilacións ortográficas, como *ystos*, C 166 e 259), os comentarios que nos merecen non se reducen só a esta circunstancia, mais antes xorden outras cuestións que se non teñen de obviar. Unha delas é, segundo se dixo, a nula documentación de determinadas formas, como as esperábeis *ese* e *ise* ou aínda de T3 no masculino *aquil* e na súa forma invariábel *aquelo* ou *aquilo*, ao paso que é tamén salientábel a documentación dos pronomes femininos de T1 e T2 hipercharacterizados *ista* (*distá ben me lembro*, C 192; *por ista, pois, rua*, C 194) e *isas* (*acá non hay disas*, C 194), mais con poucos casos.

Outro dos aspectos que pide unhas palabras é, máis nunha ocasión, o testemuño da forma reforzada *aqueste* (*rezein a outros santos / de aqueste terrèu*, C 263), feito que gostamos de interpretar como unha pervivencia de tal demostrativo. Nos séculos que se corresponden co galego medio acentúase aínda máis o carácter esporádico do pronome reforzado, que, segundo dixemos máis arriba, xa non era demasiado frecuente nos últimos tempos medievais, e, en consecuencia, prelúdiase a escasa representación de épocas posteriores a respecto da vixencia de dita forma. Mais, a pesar desta situación, non hai ningún motivo que nos faga pensar que o seu ocaso se produciu ao mesmo tempo en todo o territorio, pois parécenos, a teor dalgúns datos xa sinalados, cal os exemplos de Francisco Antonio del Valle, ou como

¹⁴⁸ É digna de nota a etimoloxía que o bieito propón para a forma *aquel*, que aparece na súa *Colección de voces y frases gallegas* (Pensado 1970). O frade, a comentar a copla 7, indica o que segue: “*Aquel de aliquis ille*, como de *aliquis unus* alguno; v. g.: de *aliquis <ille> alqui <el>* y de *aque illa, aquella*” (Pensado 1970: 169). Máis adiante, facendo o mesmo coa copla 25, repite o mesmo étimo, mais “si no gusta *aliquis ille* para *aquel* podrá venir de *hic ille*, y viene mejor con el francés” (Pensado 1970: 248).

outros a que nos referiremos en apartados posteriores, que a súa marxinalización non aconteceu ao mesmo tempo en toda a Galiza lingüística, senón que debeu de haber zonas en que o seu ocaso veu demorándose de vagariño. Por outro lado, ao non podermos contar cunha visión real da lingua que nos facilitase establecermos características fiábeis en todo o tipo de variedades, isto é, sociais e xeográficas, tamén non nos podemos aventurar a asociar o uso de *aqueste* a unha determinada modalidade; os exemplos de que dispomos pertencen sempre ao rexistro literario, que non ten, como é natural, de reflectir todas e cada unha das características do idioma. De aí que nos pareza defendíbel acreditarlos nunha certa existencia dos pronomes reforzados, malia non podermos determinar, como se dixo, o seu grao de recorrencia dialectal ou social.

Ao mesmo tempo, nas páxinas do *Coloquio* documéntanse casos de plurais sospeitosos de seren españolismos (*estos homes*, C 242) e exemplos de pronomes con esta flexión de número que non presentan dúbida canto á súa falta de autoctonicidade e á súa invención partindo do castelán se repararmos no radical *<i>* (*A istos seguina [...] ystos con camisas*, C 166; *Vagar pidem istos*, Sarmiento, C 186)¹⁴⁹, alternando co común *estes* (*Ben è que estes homes*, Sarmiento, C 187; *de estes calzóns vellos*, Sarmiento, C 260; etc.) Obsérvese que, de acreditarmos no influxo da, na altura, única lingua oficial para *istos*, hipótese que nos parece defendíbel, estaríamos perante as primeiras criacións diferencialistas a respecto dos demostrativos, inexistentes e de exclusiva e infrecuente utilización literaria.

O feito de alternaren as formas invariábeis de T1 e T2 con vogal *<e>* e *<i>* ao longo de toda a obra e en ocasións unha seguindo a outra (*E iso que importa? / Que tèmós con eso*, Sarmiento, C 130) ten de se pór en relación cos límites dialectais que xa na época, segundo se apuntou para o caso da *Contenda dos labradores de Caldelas*, demarcarían territorialmente o emprego dos demostrativos innovadores e dos máis arcaizantes. Para Mariño Paz (1995: 72), en harmonía coa casuística da obra de Feixó de Araújo, os abondosos casos en que se empregan os pronomes con vogal palatal fechada debe ligarse ao suceso que na maior parte da actual provincia de Pontevedra ten sancionado na lingua común a utilización de *isto*, *iso* e *aquilo*; o relixioso, pois, atense ao “uso común na zona en que transcorreu a súa infancia”. A respecto da dualidade en *esto* e *isto*, hai que pensar na mestura de esquemas que ouviría durante as súas viaxes polo país. Nesta recorrencia de distintos paradigmas poden incluírse os masculinos con *<i>* ao lado dos que posúen *<e>* no radical (*E que iste nacira*, Sarmiento, C 258; *estes homes*, Sarmiento, C 187; etc.), aínda que

¹⁴⁹ Repárese, porén, en que a zona en que naceu Martín Sarmiento é a do galego oriental, concretamente a do Bierzo galegófono. Non rexeitamos, por tanto, que a forma *estos* poida estar relacionada con esta circunstancia, dado que nunha boa parte deses territorios vigoran tales plurais, mais non defendemos o mesmo postulado para os testemuños de *istos*, que nos parecen criacións do bieito influídas polo español a combinar algunhas das isoglosas dialectais vixentes na altura.

tal vacilación, conforme Mariño Paz (1995: 16) pode estar relacionada cunha outra persoa que serodidamente participaría na composición das coplas¹⁵⁰.

En último lugar, *C* aínda nos agasalla co testemuño doutros pronomes demostrativos compostos, isto é, dos formados entre a forma simple e o identificador *outro*, aínda que unicamente nun caso: *E pois que en Madril / estoutros dous nenos / se acharon testigos / que falen primeiro* (Sarmiento, *C* 187).

Dado que nos textos medievais só se rexistran marxinalmente e en épocas posteriores á criación dos textos líricos, consoante o tratado máis arriba (véxase 2.3.5), todo parece indicar que a consolidación definitiva destas formas parece corresponderse cos séculos da Idade Moderna no espazo lingüístico galego-portugués, en que só se conservaron actualmente na linguaxe corrente de Galiza: a pesar de algúns estudos especializados contemporáneos, cal o de Cuesta / Luz (1989: 399) ou de Teyssier (1989: 140), lles concederen rango de combinacións morfolóxicas da lingua estándar¹⁵¹, non faltan autores que salientan o feito de seren evitados na moderna lingua portuguesa, como Cunha / Cintra (1992: 336). No caso galego teremos de agardar até os comezos do século XIX para podermos achar novas mostras literarias, como a seguinte: *Eu cando me estoutro día vin* (LGPR 37).

3.2.2.2. Outros testemuños

Ficaría incompleta esta visión xeral se non contásenos aquí con outras informacións non xa provenientes dos textos galegos, mais da preocupación pola lingua que se manifesta nos eruditos do século XVIII, as cales veñen confirmar algúns aspectos da diversidade dialectal da época. Neste sentido, son ben acaídas as palabras de Sobreira que, sendo breves, nos proporcionan datos de interese: na súa obra *Papeletas de un diccionario gallego*, editada hai algúns anos (Pensado 1979), infórmasenos de que os pronomes demostrativos *aquel*, *aquela* e *aquelo*, típicos de Ribadavia, presentan as variantes *aquil*, *aquila* e *aquilo* na Ribeira Sacra, concretamente en Lemos e en Ribasil (Pensado 1979, I: 243-244). O chamativo non é

¹⁵⁰ Así parece desprenderse do estudo deste autor: “Ademais, na continuación empréganse os demostrativos con hipercaracterización do xénero masculino [...], dos que só temos un caso nas 1201 primeiras estrofas”, acrecentando que o “uso de *iste* unido ó do pronome *tu* parecen apuntar cara unha pluma ourensá. ¿Sería o Padre Sobreira o autor desta continuación?” (Mariño Paz 1995: 16 e nota 25). Véxase tamén Álvarez (1997: 150), quen apunta a posibilidade de estas fluctuacións se deberen á “vacilación é procura dun paradigma regular”. Di tamén Álvarez (1997: 150) que no frade “semella que cría que *i-* caracterizaba tódalas formas dunha modalidade de galego e non un dos xéneros”.

¹⁵¹ Seguindo así a tradición gramatical lusitana, en cuxas obras tamén veñen referidos, como por exemplo en Vasconcellos (1966: 53). Popularmente, a partir das novas formas, xeráronse *soutro*, *sôtro*, *soi-tro*, *aquelôtro*, etc. (< *essoutro*, *aqueloutro*), detectados en falaes dialectais portugueses (véxase Vasconcellos 1985: 87 e Vasconcellos 1987: 108; tamén Sequeira (1958: 113) para a rexión miñota, quen pondera a locución *s'outro dia* como unha “redução proclítica da expressão *esse-outro-dia*”).

tanto a concreción xeográfica, que continúa hoxe en día a se verificar para o masculino, como antes, en primeiro lugar, o testemuño de *aquila*, forma certamente insólita en textos e en obras anteriores e aínda hoxe marcadamente puntual, e, en segundo lugar, o pronome invariábel *aquilo*, na actualidade maioritariamente rexistrábel en áreas distintas á Ribeira Sacra. Se non quixermos crer na fidelidade do eclesiástico á lingua da rexión debemos considerar o feminino e o elemento invariábel como resultados formados analoxicamente polo presbítero, aínda que, segundo se verá no seguinte capítulo, nos nosos tempos aínda se poden atestar tales variantes na rexión lucu-auriense.

Máis un interesante dato que nos facilita Sobreira é a pervivencia de *aqueste* e *aquesta*, mais utilizados coa polivalencia de significados que hoxe posúen os comodíns *aquel* e *aquela*: “AQUESTE, TA. S. m. y fem. Aquella cosa que no se quiere o no se acierta, a decir”. E aínda, para *aquesta*: “La calidad de una cosa que no se quiere nombrar, como: *Fulano he bo bó mozo, sin aquesta ningunha*”. E tamén: “La calidad de alguna cosa que no se quiere nombrar, como: *Fulano hé bò, pero ten unha aquesta que...*”. Xunto a estes peculiares usos do demostrativo reforzado, en certa congruencia, cita a existencia de *aquestar* e *aquestarse*, que en Ribadavia “significa hacer una acción que no se quiere nombrar por su nombre o no se acierta, como *aquestar* los santos, por adornarlos”¹⁵². Nalgún texto redixido na altura é posíbel acharmos a utilización de *aquestar* con estes valores, como o xa adiantado anteriormente da autoría de Pablo Mendoza de los Ríos¹⁵³: *digalle (pois está mais aquestado en essas cousas,) que primeyro é saber falar Español, que deprendelle Frances* (en Mariño Paz 2000: 38). Posteriormente, e xa saíndomos desta época, voltaríase a documentar este participio nos populares *Cantares* de Leiras Pulpeiro, o que parece corroborar que continuou a existir, polo menos residualmente, até século e medio máis tarde: *antes que verme aquestada, / morrer cen veces quixera* (Leiras Pulpeiro, *OC* 180).

Con todo, a carón de tal verbo, Sobreira recolle asemade *aquelar* e *aquelarse* identificándoos coa fala da Mariña coruñesa, na zona de Betanzos, a lles atribuír o valor de desenvolver “una acción distante que no se quiere nombrar”.

Por outra parte, falamos no anterior apartado da posibilidade de certas obras escritas en español en que aparecen personaxes galegas nos poderen proporcionar algún dato de interese. A lingua dos protagonistas galaicos é propositadamente unha má imitación, burlesca e con afán de os ridiculizar, do modo de falar dos habitantes de

¹⁵² Nalgúns falares populares portugueses, como o da zona de Castelo Rodrigo, o verbo *aquestar* chegou até época contemporánea. Así semella ter sucedido a acreditarmos en Vasconcellos (1985: 256), que acrecenta que “parece relacionar-se com o português arcaico *aquesta*, que significa *acontecimento, caso*”.

¹⁵³ Para un estudo lingüístico deste singular texto, véxase Mariño Paz (2000: 35-65).

Galiza, aínda que non unicamente¹⁵⁴. Téndomos presente esta situación e relativizándomola por tales escritores non teren coñecemento real do idioma alén de contadísimas particularidades, citamos a dubidosa documentación que nos proporciona os referidos escritos: nun *Entremés de los gallegos* do século XVIII rexístease un verso en que se le *por aquestos bericuetos* (tirado de Pensado 1985: 39), que non nos ofrece demasiadas dúbidas canto á súa foraneidade a termos en conta outras características da lingua¹⁵⁵ presentes na obra. Por outro lado, no *Baile de la Gallegada*, escrito por Francisco de Castro ao redor de 1704 e incluído en *Mari Hernández la Gallega*, aparece un demostrativo reforzado de T2, xa raro na lingua medieval: *Dexad aquessa cantiña* (tirado de Pensado 1985: 299). As dúas formas reforzadas, que concorren ao lado das simples, ben poden estar en relación antes coas necesidades métricas do que con outros condicionantes; porén, dado que a lingua en que se utilizan, como dixemos, tenta ser identificada co modo de falar dos galegos e galegas, non descartamos totalmente que ambos os testemuños estexan, na realidade, a nos indicar unha relativa existencia dos pronomes reforzados na oralidade galaica, sobre todo se unirmos esta impresión a outros datos de que dispoñemos, como as documentacións que se atestan nos textos galegos da época e os do anteriormente citado Padre Sobreira.

3.2.3. Conclusión: as variantes dos pronomes demostrativos e a situación dialectal contemporánea

De todo o apuntando até agora, confrontado co dito para o período medieval, parécenos oportuno sintetizar os datos que fomos sinalando e proporcionar unhas pautas para unha visión congruente da diversidade dialectal durante os séculos XVI-XVIII. A primeira destas ten a ver con considerarmos latinismos, segundo vimos, os casos de formas con <i> rexistrados no Medievo e acreditarmos unicamente como mostras fiábeis os casos que na época da Idade Moderna se van atestando. Achamos que os exemplos documentados xa non poden ser debidos a un afán lati-

¹⁵⁴ Pensado (1985: 39) refírese á circunstancia de outras áreas seren identificadas como galegas para producir o riso. Tratando a imaxe do galego na emigración española, apunta o feito de galegos, asturianos e leoneses, cos seus trazos identitarios a respecto do idioma identificados como propios de Galiza, seren xeralmente considerados naturais deste país: “Pero entonces [nos séculos XVII e XVIII], no lo olvidemos, gallego y asturiano occidental y leonés de las montañas estaban medidos por el mismo rasero y asimilados en un único patrón lingüístico, caricaturesco y fantástico en su mezcolanza”. E tamén: “En resumen *gallego* y *gallegada*, para el centro peninsular tenía un contenido lingüístico que desbordaba los límites reales de la lengua de Galicia, también incluía el *asturiano* y el *leonés*, sin que se quisieran precisar las variantes occidentales, naturalmente más próximas al gallego” (Pensado 1985: 296).

¹⁵⁵ Eis o extracto da composición de onde tiramos o exemplo: *¡O, mala rayba le beña / ao primeiro que de los celos / trago ao mundo, pues me traen / por aquestos bericuetos! / El meu home, as meas beziñas / me an digto, que beue o bento / por Jila; e, miray, por quen / no é mays fermosa por certo / que eu...* (en Pensado 1985: 39).

nizante, mais á rendibilidade oral que os autores coñecen; a isto debe sumarse o feito de tales documentacións non seren nin esporádicas nin isoladas, mais que se encontran cunha certa, non moita, regularidade.

No entanto, temos de contar coa oscilación que se manifesta nalgúñas obras acerca das casuísticas en que ora se usa a variante conservadora, ora a hipercaracterizada, situación que pode estar relacionada cun emprego aínda non completamente definido do punto de vista xeográfico canto á utilización dunhas ou doutras formas pronominais. Neste sentido seméllanos ser defendíbel establecermos dúas etapas, que comprenden, a primeira, os séculos XVI e XVII, e a segunda a centuria seguinte; no primeiro período tería lugar a transformación de vagariño dos radicais demostrativos, sen podermos saber con que zonas se correspondían na altura nin se en determinadas rexións o uso alternaba no que di respecto a ambas as variantes; ignoramos, á semellanza, se a alteración se produciu ao mesmo tempo en todo o país ou se se deu sucesivamente ao longo e largo das diversas comarcas. Na segunda etapa, que iría aproximadamente desde 1700 até 1800, perfílase definitivamente a situación contemporánea, e aínda nos atreveríamos a pensar que a territorialidade dos masculinos con <i> podería abranxer unha xeografía máis ampla. Do que si parece non haber ningunha dúbida é que no sur de Lugo e na maior parte de Ourense, neste século, a distribución dialectal viña coincidir a grandes trazos coa estritamente moderna, pois outros fenómenos característicos da zona (*eiquí, il*, etc.) rexístanse nestes textos. Concordamos así, en liñas xerais, coa opinión de Mariño Paz (1996: 97) cando sostén que o “sistema *iste / esta / esto* era o empregado, xa desde antes do século XVIII, non só na Pontedeva, senón tamén noutros puntos da actual provincia de Ourense e, quizais, basicamente xa en tódalas terras que conforman a que a nosa dialectoloxía actual chama ‘área lucu-auriense’”.

Para o uso dos radicais femininos con <i>, que se explican como formas analóxicas co masculino (Ferreiro 1999: 262, nota 322), unicamente xulgamos posíbeis dúas explicacións: dado que na actualidade son formas certamente minoritarias, non descartamos que nos autores en que se rexistran, Sarmiento e Sobreira, se botase man deses mesmos criterios analóxicos para as criaren: o testemuño antes citado de *istos*, no bieito, semella corroborar este parecer. A segunda ten a ver cunha relativa vixencia na oralidade da época, aínda que nos pareza non tan plausíbel como o anterior punto de vista; con todo, Saco Arce (1868: 58-59), gramático a quen lle non presupomos ningún afán diferencialista nin tampouco o feito de poder inventar formas inexistentes na galegofonía decimonónica, rexistra *ista* e *isa*, coa respectiva flexión de plural, xunto aos pronomes masculinos hipercaracterizados, circunstancia que cómpre ponderármola con xusteza e que vén relativizar o outro postulado.

Noutra orde de cousas, pensamos que as formas reforzadas de T1 e T2, esmorecentes desde os derradeiros séculos da Idade Media e progresivamente moito máis

residuais, debían de coñecer un uso, loxicamente marxinal, na altura: testemuños como os apuntados para as composicións líricas e aínda a información que nos proporciona Sobreira sobre os valores de *aqueste*, *aquesta* e *aquestar* parécennos argumentos a favor da súa existencia, unidos, como veremos en apartados seguintes, ao feito de se poder encontrar dialectalmente na actual Galiza lingüística e nalgúns obras literarias contemporáneas. Non obstante, tamén ten de se contemplar a posibilidade de nos textos en que se conservou deberse a unha licenza expresiva condicionada pola simetría rítmica, mais nestes casos, aliás, xulgamos que de se non coñeceren tales formas, aínda que só fose residualmente, non se tirarían como recurso estilístico nin se empregarían nos ditos contextos. É por este motivo que nos parece discutíbel o sinalado por Rábade Castinheira (1989: 825-826) cando, sen negar que *aqueste*, *aquesta*, etc. puidesen ser mostras de conservación de formas arcaicas, apunta que tamén poden tratarse de formas “influenciadas polo español clásico ou culto”¹⁵⁶; e reiteramos que nos parece discutíbel por que, efectivamente, a lingua literaria do español na altura pode ter axido en certa medida nos escritos galegos que chegaron aos nosos días, o que non é sinónimo de que exercese a mesma influencia en todos os testemuños que se teñen dos pronomes reforzados, nin nos datos que apunta Sobreira, nin nos versos de Leiras Pulpeiro nin tampouco noutros autores do século XIX que empregaron tales variantes e de que nos ocuparemos máis adiante.

No que se refire aos plurais aparentemente etimolóxicos (*estos*, *esos* e *aquelos*), encanto non se poida demostrar o contrario, parecen antes integrantes dunha tabe-la de españolismos do que trazos característicos dalgúns falaes orientais. Con efecto, para os considerarmos propios do leste do país deberían atestarse outros fenómenos lingüísticos idiosincráticos de ditas rexións ou termos o coñecemento certo de que os autores proviñan desas áreas. Alén de Sarmiento, único que nos parece discutíbel por ter nacido no Bierzo e por ter efectuado numerosas viaxes por Galiza, sen aínda isto todo poder borrar a sospeita de castelanismo, nos casos restantes non nos parece erróneo atribuír a devandita flexión de número á lingua española; acrecénteselle a este punto de vista que nas obras concorren outros exemplos de castelanismos e que nalgunha, como *HS*, son notabelmente abundantes tales interferencias.

Finalmente, é na etapa estudada cando triunfa un distinto esquema de demostrativos compostos, do tipo *estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro*, que vén reforzar o primitivo sistema inicial ao se incorporaren novas formas. Con efecto, se durante o perí-

¹⁵⁶ Véxase Penny (1998: 146), quen, ao estudar a situación de *este* ~ *aqueste* e *ese* ~ *aquese* no español clásico, matiza que as formas reforzadas deixan de ser empregadas por volta deses séculos: “Aunque en rigor sólo se precisaba el prefijo diminutivo *ACCU en la 3ª persona, en el español de la Edad Media y del Siglo de Oro se aplica con frecuencia a los restantes demostrativos, de manera que *est(e)*, y *es(e)* alternaban con *aquest(e)* y *aques(se)*, si bien las variantes expandidas fueron abandonadas a partir de esa época”.

odo medieval non son pronomes de que se teña un número abondoso de exemplos (véxase 2.2.5), e se hoxe figuran nos mais recentes traballos e manuais de lingüística galega sincrónica, como Álvarez / Regueira / Monteagudo (1993: 209), Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 106), Freixeiro Mato (2000: 199, 2002: 145), todo indica sen demasiadas dúbidas que foron os séculos XVI-XVIII a época en que se tornaron de uso corrente. En contrapartida, se o paradigma ve acrecentar os seus componentes, outros pronomes defécticos e anafóricos asinan durante o século XVI e XVII o seu irreversible óbito: a variante *atal* (‘tal’), *ende* e *elo*, a pesar de que en certas obras, conforme o visto, aínda se poden achar documentación ao respecto, posibelmente por arcaísmo ou pola interferencia do español.

3.3. As gramáticas portuguesas como fonte de información

Foy este ó movil principal que m'impeleu a publicar este libro que, mais que naide, conoço que necesita á indulxencia de todos. Sin gramática nin regras de ningunha clás, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que dio-soarán ôs oídos d'un purista; pró ô menos, e prá desculpar en algo estes defectos, puxen o mayor coidado en reproducir ó verdadeiro esprito d'ô noso pobo, e penso qu'o conseguín en algo...

(Rosalía, CG 11)

Con estas palabras Rosalía denunciaba en 1863 o abandono e a deixadez en que se atopaba o noso idioma no tocante a estudos gramaticais especializados durante a Idade Moderna e no propio século XIX¹⁵⁷. Con efecto, se as linguas do noso contorno comezan a ser obxecto de especulación lingüística por volta dos fins do século XVI e dos principios da centuria seguinte¹⁵⁸, o galego tivo de agardar até a segunda metade do XIX para poder contar con obras homólogas ás francesas, italianas, espa-

¹⁵⁷ Con anterioridade a esta declaración de Rosalía, os ilustrados galegos do século XVIII xa apuntaran a necesidade de que en Galiza se elaborasen os traballos lingüísticos pertinentes para un mellor coñecemento do idioma. Un daqueles persoeiros foi Sarmiento, quen, a partir dos textos antigos, demandaba a realización de tres glosarios ou vocabularios, o primeiro que tivese en conta os “instrumentos latinos que hay en Galicia”, o segundo que se basease nos documentos galegos “que se hallan en los archivos” e o terceiro concibido como resultado do labor de campo efectuado por doce galegos “curiosos y eruditos, esparcidos y de asiento en doce distintas partes” do país (tirado de Pensado 1974: 28).

¹⁵⁸ Lémbrense, neste sentido, a *Gramática de la lengua castellana* de Antonio de Nebrija, publicada en 1492, a obra *Le Regole della Lingua Fiorentina*, redixida por Lorenzo de Medici en 1495, a *Grammatica da Lingoagem Portuguesa* de Fernão de Oliveira, dada a lume en 1536, ou *Le Tretté de la Gramme Française*, escrita por Louis Megret no ano 1550 (dados extraídos de Freixeiro Mato 1998a: 114). De aí que fagamos nosas as palabras de Mariño Paz (1998: 392) cando di que a “lingua galega [...] coñeceu no século XIX o que o portugués, o castelán, o francés ou o italiano coñeceran nos finais do XV e no XVI”.

ñolas e portuguesas, isto é, cunha demora considerábel que inevitabelmente repercutiu na inexistencia dunha modalidade común aceita maioritariamente polos escritores e escritoras. Partindo, pois, desta situación, pensamos que algunhas das gramáticas portuguesas dese período, época certamente escura para Galiza en múltiples facetas, podían proporcionarnos algún dato de interese a respecto do sistema de pronomes demostrativos por galego e portugués seren, na verdade, dúas pólas do mesmo sistema lingüístico, máis próximas canto máis se recuar no tempo. A nosa pesquisa, no entanto, orientada polos mesmos obxectivos, acudiu tamén a certas obras gramaticais lusitanas publicadas no abrente do século XIX e tamén a algunhas posteriores, período en que ou aínda non se tiña escrito ningún tratado homólogo sobre o galego ou os que comezaban a saír do prelo perseguían outras finalidades do que a pura descrición lingüística. Coa mesma arela, botamos man, por outro lado, de certos contributos provenientes do español, antigos e recentes, por, quizá, nos poderen fornecer algún apuntamento de relevo que se tornase útil para as nosas finalidades.

No tocante aos tratados portugueses, dada a cantidade de títulos que foron redixidos durante os séculos XVI-XVIII¹⁵⁹, estimouse oportuno escolmar só algúns, ao noso ver representativos, porque un levantamento de datos de todas e cada unha das obras sobardaría con moito os obxectivos pretendidos nesta sección e sería ben merecente dunha monografía académica á parte. As liñas que se seguiron para desenvolvermos este apartado foron, primeiramente, comprobarmos se no portugués clásico se tiñan en conta os pronomes reforzados *aqueste*, *aquele* e, nun segundo plano, se durante esa época os tratadistas comentaron modos de falar que se afastasen da norma padrón lisboeta (dialectalismos, popularismos, deformacións, etc.), referencia do estándar lusitano moderno¹⁶⁰, e que tivesen en conta os demostrativos en xeral.

A primeira obra a que temos de nos remeter é a *Grammatica da Lingoagem Portuguesa*, de Fernão de Oliveira, publicada no ano 1536 (Nogueira 1933: 11-108). Este texto, con que se inicia a especulación lingüística no país veciño, é “un

¹⁵⁹ Para unha exhaustiva relación cronolóxica das obras destinadas ao estudo da gramática, retórica, ortografía, etc., no Portugal dos séculos XVI-XVIII, véxase Cardoso (1994: 241-262). Son de utilidade, para un coñecemento das correntes lingüísticas deste período, os traballos de Buescu (1978) e Buescu (1984b), dedicados ao século XVI, e o de Fávero (1996), consagrado ao XVIII.

¹⁶⁰ É durante os séculos en que se enmarca este apartado cando o portugués, a raíz da progresiva deslocalización da corte para o sul, dá en escoller como estándar a variedade falada entre Lisboa e Coimbra, que permance considerada como padrón até os nosos días. Cfr. neste sentido Vasconcellos (1987: 15): “A partir des XVe-XVIe siècles, la langue littéraire présente quelques caractères qui sont en désaccord avec le langage de la province du Minho, et d'accord avec le langage actuel du Centre du pays (Beira) et du Sud, par exemple la terminaison a dans les noms de la IIIe déclinaison latine. Ainsi l'origine de notre idiome littéraire pourrait être, plutôt qu'ailleurs, cherchée à Coïmbre ou à Lisbonne”. Véxase tamén Vázquez Corredoira (1998: 57-63) e Teyssier (1994: 40-74), este último para as mudanzas lingüísticas canonizadas no portugués contemporáneo en que figuran moitas das innovacións meridionais.

conjunto de curiosas e judiciosas reflexións, de tipo ensaístico [...], uma miscelânea lingüística e cultural” (Buescu 1984b: 15) e, tal vez por este motivo, nada ou moi pouco interesaban ao seu autor aquelas formas pronominais demostrativas que se afastasen do que, na altura e xa con anterioridade, viñan sendo as unidades básicas desa serie de pronomes. Deste modo, ao falar das flexións dos nomes e, por extensión, dos demostrativos invariábeis, unicamente considera *isto*, *isso* e *aquilo* (Nogueira 1933: 94), sen facer ningún comentario ás formas reforzadas ou a outras variantes que puidesen existir na oralidade seiscentista portuguesa.

Do legado de Duarte Nunes do Leão, isto é, da *Orthographia da Lingoa Portuguesa*, publicada en 1576 (Buescu 1983: 43-186) e da *Origem da Lingoa Portuguesa*, que sae do prelo en 1606 (Buescu 1983: 189-326), poucos datos se poden extraer dadas as finalidades e obxectivos elementares que persegue o autor, que non son outros que, como se desprende de cada título, indicar como se debe escribir “correctamente” en portugués e clarificar de onde procede este idioma. Aínda así, de forma indirecta, podemos tirar algunha información a través de determinados aspectos que trata o humanista. Por exemplo, cando desenvolve o tema das letras que “dobram por corrupção” (Buescu 1983: 114), ou sexa, do grupo romance -ss- (< -ps-), exemplifica, alén de máis palabras, con *ipse* e *esse* e *ipsum* e *isso*, sen pór mostras destes pronomes co reforzo *ACCUSATIVE, ao paso que lle parece “nojenta escritura e fora de razão a dos que dizem [...] *epse*, por *esse* (Buescu 1983: 133). Un outro elemento a temos en conta é a súa opinión sobre o uso do apóstrofo (Buescu 1983: 157), en que, reparando na utilización que se fai deste sinal ortográfico, acode, máis unha vez, aos demostrativos, de cuxa listaxe non hai ningún arcaico: *esse*, *este*, *aquele*, *outro*. Finalmente, como información aparentemente contraditoria, lembrémonos de que na tabela de palabras que el considera en desuso figura *medês* (Buescu 1983: 293), mais non así as formas *aqueste* ou *aquele*; o carácter arbitrario de tal relación de formas, por un lado, e o feito de que *medês* é pronome moito máis esporádico na lingua antiga do que os demostrativos reforzados, por outro, pode explicar que figure aquel e non estes, que con certeza aínda eran empregados popular e dialectalmente conforme o visto nas páxinas precedentes.

Xa do século XVIII é a interesante *Orthographia* de Madureyra Feyjó, que sae do prelo en Lisboa no ano 1734. Ao longo das súas páxinas, e como vén sendo de regra nos tratados e traballos anteriores, só se contemplan os pronomes máis comúns (Madureyra Feijó 1743: 76, 198), sen se faceren referencias a outras formas afastadas da variedade padrón lisboeta. Unha década máis tarde, Franco, no seu *Promptuario de Syntaxe latina*, continúa as directrices marcadas pola tradición gramatical, que non consideran os demostrativos reforzados; a obra deste eclesiástico mesmo obvia facer referencias aos resultados romances produto da aglutinación de *ecce* e dos pronomes deícticos, tirando os exemplos do latín mediante as formas *eccum*, *eccam*, *eccas*, etc. (Franco 1743: 447-449). Aliás, en 1770 Freire da Cunha dá a lume o seu *Breve*

Tratado da Orthografia, que non considera senón *este*, *esse* e *aquelle* coas respectivas flexións de xénero e de número (Freire da Cunha 1770: 7, 38).

Ao longo destes anos finais do século XVIII van aparecendo, porén, máis estudos especializados. Un destes é a *Grammatica Philosophica da Lingua Portuguesa*, de Bacellar, publicada en 1783 (Torres 1996: 47-242). En tratando os artigos, pon en relación o pronome identificador *o* co demostrativo simple *esse* (Torres 1996: 88) sen que figure o equivalente reforzado, como tamén non ten en conta esta serie cando describe os demostrativos, xa que unicamente considera *este*, *esse* e *aquelle* (Torres 1996: 89-90). Tamén pertencente ao solpor dezaoitoeiro, concretamente aos anos de 1798-1799, é o *Elucidário* de Joaquim Santa Rosa de Viterbo, en que figuran, afinal, os demostrativos medievais *aqueste*, *aquesta*, *aquesto* e *aquisto*, mais xa identificados ás claras como antigos e a que se engaden os seus valores no portugués da época (Fiúza 1993, II: 544, 545 e 546, s.v.). Parécenos significativo que se consideren nunha obra como esta, por se consagrar a indicar cales formas xa non eran usuais na lingua corrente da altura, ao paso que nos semellan curiosas as palabras do frade destinadas a *aquesto*, forma aínda máis antiga do que *aquisto* ou *isto*, cando interpreta tal pronome como “mais espanhol que português” (Fiúza 1993, II: 546, s.v.).

Pertencentes á seguinte centuria son, entre outras, a voluminosa *Grammatica Philosophica da Lingua Portuguesa*, de Barboza, publicada na súa segunda edición no ano 1830, e a *Arte da Grammatica da Lingua Portuguesa*, saída da imprenta en 1837 e redixida por Lobato. Tanto nunha como noutra verifícase a ausencia, en cada aparato descritivo, de referencias aos pronomes demostrativos reforzados ou a outras posíbeis variantes de índole popular ou dialectal¹⁶¹; así, Barboza, por exemplo, expón un cadro (1830: 163) en que só figuran as formas comúns. No entanto, chama a nosa atención que o primeiro, á parte de incluír os compostos modernos *estoutro*, *essoutro*, *aquelloutro* (tidos tamén en conta por Lobato), dé conta de ter coñecementos do galego-portugués arcaico, pois, entre parénteses, incorpora para T1 *ésto* a carón de “*éso*, ou *ello*” para T2; a fortuna das súas apreciacións, porén, non é plausíbel cando afirma, en certa consonancia co autor do *Elucidário*, que os “demonstrativos Neutros [as formas invariábeis]” foran tomados polos “nossos Antigos [...] da Lingua Castelhana, em que ainda subsistem, a saber: *Esto*, *Esso*, *Ello*, *Aquello*”¹⁶².

De 1849 data o *Novo Dicionario da Lingua Portuguesa*, da autoría de Faria, obra en que, polo seu carácter máis recompilativo do que selectivo, se inclúen “todas as

¹⁶¹ Repárese en que Barboza (1830: 50-54), falando dos “vícios de pronúnciação”, adscribe algunhas destas variacións de índole popular a determinadas rexións portuguesas, mudanzas que son fundamentalmente fonéticas e que non contemplan outros fenómenos de variacionismo que afecten a morfoloxía.

¹⁶² No que se refire á mudanza da vogal tónica [‘e] > [‘i], por outra parte, loxicamente alleo ás teorías posteriores que pretenden explicar esta pasaxe (véxase 2.1.2.2.), afirma que se debe ao “uso” o feito de se ter alterado o radical.

vozes da lingua portuguesa, antigas ou modernas”. É por este motivo que tanto *aquello*, como *aquesse*, *aqueste* e *aquesto* lle merecen ser incluídos con xusteza na listaxe de formas que reciben a denominación de “antigos” (Faria 1849: 165). A fronteira entre diacronía e sincronía percíbese, aínda, con maior clareza nun outro *Diccionario* portugués, publicado nos comezos do século XX e consagrado á lingua arcaica, cuxo coordinador xa non parte da acumulación de voces mais daquelas que caracterizaban o portugués antigo; así as cousas, de *aquelho*, *aqueste*, *aquesto* e *aquisto* o responsábel da edición ofrece os seus equivalentes na lingua estándar da altura, ou sexa, as formas *aquillo*, *este*, *isto* e *isto* (Brunswick 1910: 34, s.v.).

Por outra banda, no tocante ao español, temos datos aparentemente contrapostos. O castelán antigo, como se dixo anteriormente, coñeceu tamén os pronomes reforzados coa partícula *ACCU, dos cales, conforme se tratou na sección precedente, algún estudioso insinuou que a súa documentación no galego podería deberse a unha influencia da linguaxe literaria dese idioma, como postula Rábade Castinheira (1989: 825-826). Para este asunto en particular, voltamos a apelar ás palabras de Penny (1998: 146) cando defende que *aqueste* e *aquesse* foron abandonados a partir do coñecido como Século de Ouro español.

Ora, aínda tendo sido desbotadas progresivamente polos utentes desa lingua, isto non é sinónimo de que o seu aparecemento en tratados gramaticais fose nulo. Vexamos unicamente tres exemplos en que se constata a súa existencia. O primeiro deles procede de Jerónimo de Texeda, autor da *Gramática de la lengua española compuesta en español y francés*, publicada en 1619; nesta obra, ao expor o paradigma dos pronomes que nos ocupan (Lope Blanch 1979: 64-67), constan tanto as series simples como as reforzadas e a elas van unidas as correspondencias en francés, de tal modo que *este* e *aqueste* equivalen a *cesluy-cy*, *esse* e *aquesse* son traducíbeis por *celuy-là* e, analogamente, *aquel* fai corresponderse con *celuy-là*.

O segundo dos testemuños que traemos a estas páxinas provén da *Arte Kastellana*, de Gonzalo Correas, que sae do prelo no ano 1627. Como xa fixera Texeda, o autor ofrece o paradigma completo en cada unha das dúas series (Taboada Cid 1984: 128-129), e aínda clarifica que *aqueste*, *aquese* e *aquel* “son compuestos de *a*, entrepuesta *qu*”. Outra información curiosa que nos proporciona ten a ver cos compostos modernos formados polo demostrativo e o pronome identificador *outro*: con efecto, o español coñeceu as aglutinacións *estotro*, *esotro* e *aquelotro*, que hoxe son certamente pouco utilizadas¹⁶³; na época de Correas, segundo deducimos do que

¹⁶³ Deixando de parte a súa consideración como arcaísmo, dialectalismo ou popularismo, o certo é que, en consonancia con Fernández Ramírez (1987: 99), hoxe non se emprega alén da linguaxe literaria. Variante de que se ten unha documentación tamén escasa é a forma *quillotro* ou *quellotro*, usada, como sinala este autor, por Pérez Galdós, mais que xa fora condenada no amañecer do século XVII por Correas: “Los rrusticos dicen *el quillotro*, o *quillotre*, un *quillotro*, i forman verbos *quillotrar*, como se llamar, *llotrar*, i feminino *quillotra*, la como se llama” (Taboada Cid 1984: 141).

figura exposto, era tamén posíbel documentar *aquestotro* e *aquesotro*, formas paralelas ás anteriores (Taboada Cid 1984: 129) en que se combina a forma reforzada co antecitado elemento identificador¹⁶⁴.

A derradeira obra que imos ter en consideración procede non xa dos séculos do español clásico mais dos fins do XIX. Embora sobarde os nosos marcos cronolóxicos, coidamos que non teñen perda os breves comentarios que nos brinda o seu autor, Commelerán (1881: 43), cando matiza que “con los pronombres *este* y *ese*, y el indefinido *otro*, se forman los demostrativos *estotro*, *estotra* y *esotro*, *esotra*; y con los demostrativos *aquel* y *ese*, ó *este*, se forman *aquese*, *aquea*, *aqueso*, y *aqueste*, *aquesta*, *aquesto*, demostrativos que ya no se usan en buena prosa y sólo tiene aplicación en verso”.

Para alén dos seus errados presupostos etimolóxicos, que fan retrotraer as formas *aqueste* e *aquese* a unha aglutinación de *aquel* + *este*, *aquel* + *ese*, seméllanos ser interesante que condene o emprego dos demostrativos reforzados na prosa que el considera de cualidade e que permita, polo contrario, a súa utilización en textos poéticos. É esta unha apreciación que se non pode pasar por alto e que dá idea da vixencia de tales pronomes adscrita á lírica, en que condicionantes de rima, de medida ou até de expresividade toleran a utilización de elementos pronominais identificados na época pola súa marcada natureza antiga.

De todo o exposto tanto para o portugués como en menor medida para o español, xorde unha cuestión elemental, cal é o feito de naquela lingua non seren considerados os pronomes arcaicos como formas de uso lexítimas a pesar de se manteren na oralidade a teor do que exporemos en 4.1.1.5. Os estudos en que se contemplan, como vimos, son obras de carácter lexicográfico, e en todas elas non se hesita en as facer corresponder con particularidades da lingua antiga, en contraste co que acontece co castelán, en que mesmo se chegan a adscribir á poesía. Para explicarmos esta circunstancia, e a modo de síntese e comparación co tratado para Galiza durante os séculos XVI-XVIII, coidamos que se deben ponderar os seguintes factores:

1º) Os diversos obxectivos a que aspiran os autores dos tratados gramaticais portugueses comentados poden explicar, nun primeiro achegamento, o porqué de non consideraren nin os demostrativos reforzados nin aínda outras variantes dialectais e populares que decerto existirían na altura. Se o que se pretendía describir ou sobre aquilo que se ía reflectir era o portugués común, en particular a variedade meridional do eixo Lisboa-Coimbra, parece nalgunha medida

¹⁶⁴ Mais dun uso certamente minoritario, segundo lemos en Fernández Ramírez (1987: 99, nota 238): “Solo encuentro *aquellotro* (y *aquestotro*), como pronombre sustantivo y adjetivo en Francisco de las NATAS, *Comedia llamada Tideia* [...] y en dos pasajes de Torres Naharro”.

lórico presupormos que non lle merecesen unhas palabras á parte ao respectivo autor todos aqueles fenómenos que se afastasen da modalidade descrita. Certo é que, en ocasións, se fixeron referencias aos “falares do povo” ou “rústicos”, por veces proporcionando pegadas para a súa correspondencia xeográfica, mais non é menos certo que na maioría dos casos tales observacións dicían respecto ás diverxencias de pronunciación e non ás particularidades morfolóxicas dun estrato social determinado ou dunha rexión concreta; non é isto de estrañar se repararmos en que, aínda hoxe, o que primeiro chama a atención dun linguaxar que se presenta distinto ao que se considera común é a componente fonética, ao paso que a caracterización morfolóxica non vén senón logo de se reflectir naquela.

2º) En certa coherencia coa idea apuntada no parágrafo anterior, podemos pensar que os autores, ao estaren a desenvolver o modo en que a xente da corte falaba ou debía de se expresar, decidisen obviar as formas que non correspondían a tales estratos. Lémbrese que desde os fins da Idade Media a forma *aqueste* ve reducida súa presenza nos textos sen que por iso deixase de se utilizar en niveis populares e dialectais; non cabe dúbida, pois, que na época que vimos de tratar era identificada como unha característica deses rexistros ou como un arcaísmo, tal e como se desprende do feito de figuraren *aqueste*, *aquesta*, etc. entre a relación de formas que son sentidas como antigas no *Elucidário*, no *Diccionario* de Faria ou na obra de Brunswick. Mais o que nos parece curioso é que, se era considerada como tal, non apareza na tabela de palabras que Duarte Nunes do Leão dá como antigas ou que, aliás, Barboza non se referise a elas como variante pronominal en desuso como fixo cos arcaicos, no portugués, *esto* ou *esso*. É posíbel, pois, que na época do humanista lusitano aínda non se tivese consciencia de tales formas seren máis propias da lingua medieval do que da renacentista, situación que mudou nos dous séculos posteriores segundo se pode deducir da súa constatación no vocabulario de Santa Rosa de Viterbo ou nos estudos lexicográficos a que nos acabamos de referir.

3º) Como terceiro factor para termos presente, cabe a posibilidade de que os gramáticos e tratadistas lusitanos considerasen as formas reforzadas do demostrativo, independentemente de se as identificaban ou non con variantes locais, como trazos da linguaxe literaria, isto é, como licenzas expresivas de que os escritores portugueses se servían para comporen as súas obras; de aí pode desprenderse, subsecuentemente, que non todos os recursos estilísticos existentes nunha lingua achan un paralelo na linguaxe normal descrita nunha *gramática*, do mesmo modo que esta rara vez se reduce aos niveis orais ou literarios. A este respecto, nótese que o español, idioma que ve esvaírense os testemuños de *aqueste* e *aquese* por volta do século XVII, posúe tratados gramaticais que, nesa mesma centuria, describían o paradigma dos pronomes deícticos a incluí-

ren as formas arcaicas; en relación a esta lingua, dada a información que proporcionan, ás veces aparentemente contraditoria, Alvar / Pottier (1983: 108) sinalan que os datos de que se dispón non facilitan saber cal era a situación exacta a teor das distintas opinións que se coñecen¹⁶⁵. Os comentarios de Commelerán son certamente precisos ao identificaren o uso literario de *aqueste* e *aquese* con textos líricos, mais ultrapasa os lindes temporais de que partimos e por tal circunstancia pouco ou nada nos pode indicar a respecto da situación nos séculos anteriores.

¹⁶⁵ Sosteen ao respecto estes dous investigadores: “En los tratadistas gramaticales de la edad de oro hay referencias muy heterogéneas que señalan cuán poco clara estaba la situación en los siglos XVI y XVII y cómo debió darse más de una diferencia de tipo social o regional. Para Juan de Valdés, *aqueste* figura entre las palabras ‘que algunas personas en su habla usan ordinariamente, las cuales ni se scriben ni tampoco me acuerdo de otraslas dezir jamás a vos [Valdés]’. La *Útil institución* no se plantea ningún problema (‘también dezimos en el singular *aqueste*, en el plural *aquestos*, etc.’, p. 3)” (Alvar / Pottier 1983: 108).

Capítulo 4. O galego dos séculos XIX-XX

4.1. Variantes e subsistemas de paradigmas no galego contemporáneo

4.1.1. Estado moderno das variantes dialectais

Herdeiros da lingua antiga, os pronomes demostrativos modernos, co tránsito cronolóxico dos séculos XVI-XVIII, en que, como vimos, se transparenta o estado diatópico da actualidade, aparecen distribuídos morfolóxicamente, e, en menor medida, foneticamente no que di respecto ás diversas formas espalladas polo territorio. Estas, quitando algún caso isolado de aparente pertinencia funcional (véxase 4.1.1.8), non afectan a súa consideración como un paradigma ben delimitado dentro da lingua, de modo análogo ao que acontece nas outras clases de pronomes galegos. As súas diferenzas máis representativas non alteran o esquema, ou sexa, non modifican o sistema trimembre de tres graos de sinalamento (en cuxo caso contrario estaríamos perante unha mudanza de considerábel magnitude) e redúcense, basicamente, ao emprego de certas formas hoxe moi marcadas diatópicamente, e, en menor medida, á conservación dalgunhas outras consideradas arcaicas. Podemos concluír a afirmar, deste modo, que a variabilidade dialectal que se aprecia nos nosos pronomes non é demasiado notábel do punto de vista dos utentes, como acontece en xeral co pensar maioritario dos fenómenos que na actualidade se identifican e se adscriben territorialmente¹⁶⁶.

Unha outra particularidade debe ser adiantada, cal é a falta dunha correspondencia precisa entre os fenómenos que afectan as variantes dialectais e a súa materialización nuns paradigmas concretos. Aínda que no final deste apartado serán propostos uns esquemas que pretenden dar conta de cantos subsistemas de demostrativos existen no noso país, cómpre matizarmos que as isoglosas non sempre os poden reducir e que, en consecuencia, determinadas formas ocorren nalgunhas rexións

¹⁶⁶ Esta afirmación, defendida en liñas xerais desde os comezos da nosa tradición filolóxica, é aplicábel a todo o conxunto do galego pois “convén salientalo feito de que a unidade do galego vivo é moi grande; non pode fálarse de fragmentación dialectal ó non sentiren os falantes como profundas e definitivas as diferenzas lingüísticas” (Fernández Rei 1991: 36).

sen por iso constituíren singularidades de relevo. Partindo desta situación, pois, debe contemplarse a síntese que se ofrece ao final destas páxinas cun valor aproximativo en sentido amplo e non con carácter exclusivo a termos presentes tales condicionantes e puntos de referencia.

Para a nosa exposición optamos por a estruturarmos tomando como punto de partida as flexións de xénero e número, a sobrevivencia de formas antigas e os resultados fonéticos máis relevantes, aínda que tamén foron tidas en conta outras circunstancias que, ao noso ver, podían resultar igualmente de interese.

4.1.1.1. Formas masculinas hipercaracterizadas no radical

A primeira referencia explícita canto á diversidade dialectal para os demostrativos vénnos da man de Saco Arce (1868: 232-234), que en pleno Rexurdimento sinalaba a existencia de dúas modalidades de galego: a primeira, denominada polo autor setentrional, caracterizárase por posuír formas, entre outras, como *aquí*, *perdechies*, *mañán*, *livián*, *naser*, *chan*, *man*, *cans* e *este*, *ese*, *aquel*; á segunda, chamada meridional, pertencerían as homólogas *eiquí*, *perdiches*, *mañá*, *liviau* e *liviá*, *nacer*, *chao*, *mau*, *cas* e *iste*, *ise*, *aquil*. Aínda que non posúe demasiado rigor científico, pois o que se transloce é unha comparación entre o galego da faixa occidental e o do centro e interior de Galiza¹⁶⁷, non deixa de ser interesante esta primeira aproximación a identificar os pronomes con vogal <i> co sur do país, en que, *grosso modo*, continúan aínda hoxe a vigorar.

Con efecto, estudos recentes rexistran *iste*, *ise* e *aquil* nas bisbarras do mediodía de Lugo, nas da maior parte de Ourense excepto na súa banda máis oriental e no extremo noroccidental da provincia e, aliás, nalgún punto do leste pontevedrés (ILG 1995: 248-249, 252-253, 256-257); tamén esporadicamente, T2 aparece baixo a forma *ise* na zona da Chímparra, en Cedeira, no norte de Ferrolterra. No resto do territorio lingüístico galego, o pronome documéntase coa forma *este*, *ese* e *aquel*, con vogal [‘e], aínda que se poidan achar algúns testemuños en que o fonema vocálico tónico se corresponde con [‘ɛ]: os primeiros deles teñen a ver coa pronuncia da conxunción copulativa *e*, a cal, transformada na semivogal [j] diante de vogal, adoita abrir un grao os demostrativos de T1 e T2 ([‘jɛ]ste, [‘jɛ]se, etc.). As segun-

¹⁶⁷ Indica Santamarina (1982: 169) que a “ídea que dá Saco da composición dialectal de Galicia é falsa [...]. Os únicos puntos de Galicia que tivo ocasión de observar directamente foron Ourense e Santiago [...]. Dos datos extraídos desta limitada observación e da contraposición do galego das cidades de Santiago e de Ourense, na medida en que a primeira está ó N. da segunda, deduce que hai un galego septentrional e outro meridional. Pero Santiago e Ourense opóñense por estar unha ó occidente da outra, máis que por estar unha ó da N. outra”.

das mostras afectan unicamente o pronome de T3, pois de maneira asistemática, nalgúns lugares nomeadamente da Galiza atlántica sen continuidade territorial, encóntranse variantes do tipo [a‘kɛɭ] (ILG 1995: 256-257) cando o pronome se utiliza como un substantivo con valor de imprecisión (ILG 1995: 257, nota 3: *ten un aquel que namora*; dado que no plural sempre se acha [‘e], pensamos que a orixe desta singular pronuncia pode deberse a unha propagación analóxica da cualidade tímbrica das palabras acabadas en *-el*, que en galego presentan como elemento tónico o fonema palatal medio aberto (*papel* [pa‘pɛɭ]).

É posíbel, por outro lado, que nos case douscentos anos que median entre os comezos do século XIX e na actualidade as áreas de *iste*, *ise* e *aquil* teñan reducido a súa extensión territorial: un autor como Noriega Varela, cuxa fala mindoniense, propositadamente moi cercana da oralidade, se caracteriza hoxe en día por non posuír masculinos hipercaracterizados, emprega nunha ocasión isolada *iste* (*quen iste mundo non o toma a chanza*, Noriega, OC, I 244); na lingua de Curros, poeta natural de Celanova, tamén se achan puntualmente as susoditas formas (*morrerá sen deixar xiquer ise eco*, Curros, PG, I 321), etc. En todos estes casos, porén, tampouco se pode descartar a hipótese de se trataren de influencias doutros autores ou dunha imprecisa recollida da oralidade dialectal, irregular dada a carencia de estudos dialectolóxicos na altura (véxase 4.3).

Alén deste estado de cousas, os testemuños contemporáneos da literatura tradicional parécennos máis fiábeis por se corresponderen con áreas en que vigoran os demostrativos masculinos con <i>¹⁶⁸: temos así exemplos procedentes da Limia Baixa (*Niste lugar de Facós / non entra carro ferrado*, CPL 108; *Ise que anda no baille / ten o beillar moi agudo*, CPL 90; *quén será aquil que se queixe / sen que che lle doia nada*, CPL 170; etc.), mostras provenientes da Mezquita, en Ourense (*A miña fouciña corta / ai por iste panciño raro*, CPO 53), casos tirados do cantigueiro oral da luguesa comarca de Chantada (*non veñas con ises contos / porqu’entonces non te quero*, CPO 109) ou documentacións xeograficamente máis imprecisas, se ben presumiblemente pertencentes á área lucu-auriense (*Heime de casar ist’ano / C’unha señora de manto*, LPG 110; *Ises son os becerriños / Que che curten o tinteiro*, LPG 121; *Sale a ventana e mira / Que son aquil desgraciado*, LPG 89; etc.).

¹⁶⁸ De todos os exemplos conservados de literatura tradicional, quizá o máis representativo, por coñecido, sexa a primeira estrofe do famoso “Romance de Don Gaiferos”, cantado durante a ditadura franquista por Faustino Santalices e popularizado modernamente por Amancio Prada: *I onde ira aquil romeiro, / meu romeir’a donde irá, / camiño de Compostela / non sei s’alí chegará*. Repárese en que, a vulgarmos polo pronome de T3 que se encontra no primeiro verso e pola forma *iste* do antepenúltimo (*ist’ é un dos moitos milagres*), o cantar podería ter a súa orixe na área lucu-auriense ou ser transmitido por xentes procedentes desa zona (véxase CPO 130-131 para a melodía e CPO 132 para o texto). Mais, sobre este particular, agunhas opinións xulgan que o seu aparecemento no noso folclore procede non da transmisión oral mais dun autor; é o caso de Fornoiro Pérez (2001: 179), quen atribúe a Manuel Murguía a súa composición.

Para acabarmos coa literatura de transmisión oral, gostaríamos de traer a estas páxinas non máis testemuños lingüísticos de fenómenos dialectais, mais algunhas das impresións que os compiladores, no referente ás solucións *este / iste*, deixaron en nótulas ou en introducións. Deste modo, José Pérez Ballesteros, quen parece evidenciar que coñecía a gramática de Saco Arce (1968)¹⁶⁹, afirmaba nos finais do século XIX, mediante unha nota a rodapé do seu *Cancionero*, que na provincia de Ourense “se dice eh”, para a seguir acrecentar que “también dicen *il, aquil, iles, eiquí, eilí*, mientras en la de la Coruña se dice *él, aquél, eles, aquí, alí*” (CPG, II 311, nota 3) [a negra é nosa]. Un outro exemplo, finalmente, procede unha escola dun século máis tarde, realizada por Xaquín Lourenzo, quen indicaba dos cantares tradicionais da Limia que neles, pese “ao seu relativo isolamento [da comarca limiá], as terras alleas infruíron no idioma, especialmente Portugal, creando certas variantes que os indíxenas perciben [...]”. Polo demáis, no noso Cantigueiro atópanse vacilacións debidas a estas influencias ollándose *alguén e alguien, el e il* [...], *iste e este*, etc.” (CPL 7) [a negra é nosa].

4.1.1.2. Formas dos femininos de T1 e T2

No galego común, o feminino dos pronomes da primeira e segunda serie presentan, consoante os étimos latinos, a vogal palatal media fechada. No entanto, tal resultado non é unánime en todo o dominio lingüístico galego, pois, por un lado, en comarcas de Lugo en que se documentan as formas coa vogal <i> no masculino, isto é, no sur da provincia, nalgún punto da costa de Cedeira, así como tamén na Limia, poden rexistrarse, moi esporadicamente, os correspondentes femininos hipercaracterizados con ese mesmo fonema (ILG 1995: 250-251, 254-255). Por outro lado, nunha pequena área limítrofe con Portugal, nos concellos de Tomiño e da Guarda, as formas femininas aparecen hipercaracterizadas co fonema palatal medio aberto (Fernández Rei 1991: 71-72), do mesmo xeito que acontece na norma padrón lisboeta¹⁷⁰. E tamén poden documentarse con [‘ε], paralelamente ao masculino, se a conxunción copulativa *e* se pronunciar fechándose dous graos ([‘je]sta, [‘je]sa).

¹⁶⁹ Así se parece desprender a teor dalgúns comentarios que lles fai aos cantares compilados, como os seguintes: “Una de las diferencias que separan los sub-dialectos gallegos es la *n* en lugar de la *u*. El subdialecto septentrional dice *irmán, man, chan*, y los plurales *uns, cans*; mientras que el meridional prefiere decir *hirmau, mau, chau ó chao, us cas*” (CPG, I 38, nota 1) [en redonda no orixinal]; “En cambio, como queda dicho, todos los sonidos *ge, gi* franceses los expresamos con la *x*, aun en palabras que en su origen tengan *j* [...]”; el señor Saco y Arce, conocedor de las lenguas clásicas y de la Filosofía del lenguaje, adoptó en su notable Gramática igual sistema que el que aquí adoptamos” (CPG, II 123, nota 1). Repárese en que se a segunda nótula é ben explícita, non o é menos a anterior, pois cita as dúas modalidades en que Saco Arce, como xa vimos máis arriba, subdividiu os falares galegos.

¹⁷⁰ A transformación de [‘e] en [‘ε] no portugués estándar é un proceso de mudanza fonética aínda non completamente espallado por toda a xeografía lusitana, xa que en certos falares o resultado continúa a ser o tradicional (véxase Vasconcellos 1985: 72, 107, etc.; Vasconcellos 1987: 108).

Canto á súa consideración por parte dos estudiosos, a primeira referencia explícita que aparece nunha gramática para os femininos con vogal palatal fechada procede de Saco Arce (1868: 58-59), a quen, como xa dixemos, non lle presupomos ningunha vontade de defender falsidades lingüísticas nin tampouco ningunha ansia de afastar o galego do español sempre que posíbel. Neste sentido, é significativo que no paradigma das formas de T3 non inclúa unha esperábel *aquila*, o que semella ser proba, dun ou doutro modo, da veracidade do sistema de deícticos exposto. En todo o caso, o testemuño de gramáticos posteriores xa nos parece máis dubidoso, como tamén nolo semella a utilización que de *ista* e *isa* (e *aquila*) se fixo por parte dalgúns escritores do século XX hoxe considerados clásicos, cuxos vínculos directos coa oralidade popular pasaran polo funil do diferencialismo a respecto do español (véxase 4.3).

No que se refire ao seu uso por parte de autores modernos, convén salientarmos o feito de se non poderen rexistrar os femininos hipercaracterizados con <i> nas compilacións de lírica tradicional con que traballamos feitas con certo rigor (LPG, CPO), nin mesmo nas zonas en que se rexistran na actualidade, de aí que os exemplos que aparecen nun outro traballo desta natureza en que se recolleron cantares populares do meridional concello lugués de Carballo, realizado en 1976, poidan estar relacionados máis con ese uso literario do que con mostras reais de tales pronomes: *O carneiro beiro, beiro, / non hai home nista vida / que sete veces o diga* (EC 47); *mociño que és tan sabido / contéstame a ista pregunta* (EC 73); etc.

4.1.1.3. Formas do feminino de T3

A partir de *ACCU + ILLA xerouse a forma romance *aquela* que, seguindo a evolución fonética esperábel, derivou no actual [a‘kela]. Esta é a solución que se encontra hoxe en día nas provincias de Lugo e de Ourense, paralela ao resultado do pronome feminino de P3 [‘ela]. No entanto na Coruña e en Pontevedra, así como tamén no galego de León, na parte máis occidental de Ourense e no concello de Vilardevós, sito nesta mesma provincia, o resultado fonético que se documenta non é o etimolóxico, mais unha solución caracterizada por posuír como elemento tónico o elemento vocálico palatal medio aberto¹⁷¹ (ILG 1995: 258-259). O fenómeno ficou corroborado xa no século XIX, cal é o caso de Valladares, cando en 1892 grafou o demostrativo sob a forma *aquèla* (Valladares 1970: 18), e tampouco lles pasou desapercibida a outros estudiosos da centuria seguinte, como Cornu (1906b: 29) ou García de Diego (1984: 99), pois, co mesmo sinal gráfico (˘), indicaron a abertura da vogal tónica.

¹⁷¹ Cosoante acontece co portugués padrón, en que tamén o pronome posúe [‘ε]. Dialectalmente, aínda, poden atoparse zonas en que o timbre da vogal é o etimolóxico (véxase Vasconcellos 1985: 25, 83, 124, 128, 164, etc.).

A explicación para tal evoluir continúa na actualidade a non ter unha única explicación. Unha das teorías máis recorrentes é a que apunta a posibilidade de ter sido orixinada por un proceso metafónico, segundo se desprende do exposto en Carballo Calero (1979: 197, nota 35) ou en Freixeiro Mato (1998a: 87), en cuxas opinións a vogal postónica final tería axido na mudanza de [‘e] > [‘ε]. Non obstante, non faltan estudos en que se barallan outras hipóteses, como a sinalada por García de Diego (1984: 80), Porto Dapena (1977: 535) ou por Álvarez Blanco (1988a: 147), segundo as cales a transformación sufrida pode deberse a unha propagación analóxica do sufixo *-ela*, pronunciado [‘ela] en todo o territorio.

Outras formas, minoritarias en relación ás dúas anteriores, aínda poden ser sinaladas. Unha destas é *aquila*, que se encontra só moi irregularmente no sur da provincia de Lugo e nalgún punto da fronteira administrativa entre Ourense e Portugal (ILG 1995: 258-259). A primeira referencia que se ten de tal variante procede de Sobreira, que, conforme se viu, ofrece o paradigma *aquil*, *aquila* e *aquilo* adscribindo á zona de Ribasil e Lemos (Pensado 1979, I: 243-244); ulteriores traballos gramaticais, con todo, omitirían este pronome, como Saco Arce (1868: 59), Valladares (1970: 45), Lugrís Freire (1931: 34) ou Couceiro Freijomil (1935: 135), ao paso que noutras obras, cal a de Carré Alvarelos (1967: 67), seguramente polo suceso que tivo na escrita literaria, se incluíu nas páxinas dedicadas aos demostrativos.

Por último, unha outra variante de moita menor transcendencia mais de interese polo estraño que resulta é a forma que na actualidade se acha na fala de Goián, no pontevedrés concello de Tomiño. Con efecto, seguindo a exposición de Pousa Ortega (1991: 407), aos pronomes do galego común *ela* e *aquela*, con [‘e] ou con [‘ε] dependendo das rexións, correspóndelles *iala* e *aquiala*, ditongación decerto insólita no resto de Galiza. Tal aparecemento do ditongo, non obstante, non é exclusivo dos demostrativos, mais afecta outras categorías gramaticais distintas aos pronomes, como os nomes e os verbos, e tamén non é homoxéneo, pois existe máis dun único resultado subordinado ao contexto fonético da vogal tónica¹⁷². Algúns etnotextos, editados recentemente, proporcionan inequívocos exemplos do fenómeno: *Aquialas do Correo* [...], *aquialas baldranas*, *aquialas baldranas cheas* (tirado de Fernández Rei / Hermida Gulías 1996: 73-74).

4.1.1.4. Formas dos pronomes invariábeis

Na oralidade actual distínguense dúas formas para os pronomes invariábeis conforme acontecía na Idade Media: as primeiras, *esto*, *eso* e *aquelo*, vigoran na maior

¹⁷² As formas resultantes da ditongación non se limitan a unha única solución, mais producíronse tres distintos resultados, a saber: [‘je], que “aparece en posición final ou cando a palabra remata en vocal *-e* ou nas consoantes *-l*, *-s*, *-r*” (*pé* [‘pje], *quer* [‘kje], etc.); [‘ja], que se rexistra “cando a palabra remata nas vocais *-o*, *-a* ou consoante *-n*” (*ela* [‘jala], *quen* [‘kjān], etc.); e [‘jo], “de máis escaso rendemento”, que se documenta antes de *-u* ([w]) (*meu* [‘mjow], *deu* [‘djow], etc.), aínda que neste contexto tamén se poidan encontrar “as outras variantes” (Pousa Ortega 1991: 403).

parte do país, motivo por que non lle dedicaremos máis espazo; as segundas, *isto*, *iso* e *aquilo*, rexístanse, alén de en todo o dominio lingüístico lusófono, na metade sur da provincia de Pontevedra, na Limia Baixa, no noroeste máis setentrional da Coruña e zonas colindantes de Lugo, en puntos isolados meridionais desta mesma provincia (ILG 1995: 246-247) e, xa fóra da Galiza administrativa moderna, no galego de Cáceres, onde tamén se encontran a variante *ixo* e a forma reforzada *aquiso* (Frías Conde 1998: 50). No sur de Lugo aínda merece ser apuntado que, tendo *isto* e *iso* un carácter esporádico, máis minoritario é o correspondente pronome de T3, en certa coherencia co exposto por García de Diego (1984: 99), quen afirmaba o feito de a mudanza de *aquel* > *aquil* “rara vez” se verificar na forma invariábel¹⁷³.

Mais a súa adscripción xeográfica a esas rexións non impide que factores extralingüísticos axan para que tales formas se non poidan documentar sistematicamente: na fala de Ortigueira, zona que pertence a unha área en que vigora o demostrativo *isto*, tamén non é descoñecida a variante arcaica, *esto*, que predomina sobre a máis innovadora (Blanco 1973: 227), ao paso que en toda a Ferrolterra os falantes “máis castellanizantes tienden a usar las formas coincidentes con las castellanas” (Porto Dapena 1977: 157). Un testemuño oral desta vacilación moderna é o que segue, tirado dunha escolma de textos dialectais: *Iso nada* [...] *¿non sabes? A min eso non...* (adaptado de Fernández Rei / Hermida Gulías 1996: 107). En consonancia con esta flutuación, os textos literarios redixidos por autores oriúndos desas zonas fornecen ás veces a dupla posibilidade: deixándonos de parte o caso xa comentado de Sarmiento, no pontevedrés Xoán Manuel Pintos detéctase o uso das dúas variantes: *Mais isto ten outro rabo* / *Que enrosca asoballamento* (Pintos, *GG* 37); *Mais ti como bo cristiano* / *Penso que non farás eso* (Pintos, *GG* 7); etc.

Do mesmo modo, nas obras de Ramón Armada Teixeira, natural de Ortigueira, rexión en que se documentan *isto*, *iso* e *aquilo*, se rexistran igualmente ambas as formas sen flexión de número e de xénero: *Non digas iso, que eu logo volvo* [...]. / *Non podo ver isto* (*PRO* 239); *Eso quero, que homes somos os dous* / *i ó fin...* (*PRO* 227); etc.

Consoante acontecía cos testemuños para o masculino hipercaracterizado na raíz, tamén a literatura de transmisión oral proporciona exemplos ao respecto: posiblemente recollidos no mediodía de Lugo, temos uns metros en que se pode ler *Millor che fora calar*; / *E non vir acá con iso* (*LPG* 114), mentres que da localidade ourensá de Vilardevós proceden os versos *non fagas iso meu home...* / *que van derramar* (*CPO* 161). Á súa vez, nas narracións orais recollidas en Frías Conde (1998: 104)

¹⁷³ Anteriormente, xa Saco Arce (1868: 58-59) recollera *esto* / *isto* e *eso* / *iso*, mais unicamente *aquelo*, o que parece confirmar a menor presenza de *aquilo*. Na mesma liña, Carballo Calero (1979: 197), sinalando as variantes dialectais dos demostrativos, afirmaba que das “formas en *i*, la neutra *aquilo* y la femenina *aquila* se oyen poco”, acrecentando aínda que as “demás son muy comunes”.

e correspondentes ao galego de Cáceres, poden, asemade, atestarse os pronomes con <i>; o seguinte texto é unha boa mostra desta vixencia na oralidade da zona: *Isto foi un pai [...]. Nisto entra un mu onde a lagareta e dá un coice que se escuta en todha a casa. [...]. O pai, ao oivilo, pregunta desde arriba: – E ló, ¿que foi iso?*

Por outra banda, a flutuación a que fixemos referencia entre as formas con <e> e as homólogas con <i>, orixinada polo español, semella estar igualmente presente nos textos tradicionais. Así, nun romance popular de que se dispoñen dúas versións achamos, na primeira delas, *esso*, á vez que na outra documentamos *isso* (CPO 146); a posibilidade do influxo do español non tería consistencia argumentativa de non ser o feito de que na versión en que aparece *esso* se rexistran formas como *ties*, *que te mate*, *donde*, *traicións*, ao tempo que na segunda se encontran as correspondentes galegas *tes*, *que t'eu mate*, *onde*, *traísóns*, etc.¹⁷⁴.

4.1.1.5. Pervivencia das formas reforzadas de T1 e T2

Modernamente, os pronomes *aqueste*, *aquese* só se poden achar nalgún punto esporádico do galego do Bierzo, concretamente en Carracedo (ILG 1995: 248-261)¹⁷⁵, e na variedade meridional de Cáceres, aínda que unicamente para o caso de T2 (Frías Conde 1998: 50). Ora, o feito de só se poderen rexistrar nestas zonas citadas non é óbice para presupormos que durante todo o século XIX e nos comezos do XX, a pesar de estaren en progresivo e acusado esmorecemento desde unha época tan remota como a Idade Media, a situación dialectal fose a mesma, como antes pensamos que, minoritariamente, debían de ser coñecidas por un universo da galegofonía máis amplo do que as modernas zonas en que se rexistran. Os motivos en que nos baseamos para facermos esta afirmación son os que a seguir referimos:

1. A presenza na literatura decimonónica e nas obras dos primeiros anos do século XX.

Se ben é certo que no século pasado non son pronomes fortemente representados nos textos, tampouco é falso pensarmos que *aqueste* e *aquese*, coas súas respectivas flexións de xénero e número, carecesen dunha utilización máis ou menos consciente por parte dos autores. De todos estes, o que nos ofrece uns testemuños de maior fiabilidade é Fernández y Morales¹⁷⁶, natural de Astorga mais criado no

¹⁷⁴ Porén, aínda que nos parece cuestionábel como hipótese, cabería tamén a explicación de as formas galegas se conservaren por se trataren de formas tiradas do portugués, dado que a localidade en que se recolleu o romance, Entrimo, fica moi perto do estado viciño.

¹⁷⁵ Lóxicamente, o seu testemuño xa se pode procurar en textos medievais provenientes desa rexión, como o seguinte: *E eu Alfonso Fernández, por aquesto, renuncio quantas demandas eu podria aver contra vos* (CAR 7, SM, 1275).

¹⁷⁶ Para un achegamento ás particularidades lingüísticas de Fernández y Morales é de interese Álvarez (1996: 157-202), que conclúe o seu estudo a afirmar que EP constitúe “un espléndido retrato do galego berciano da época, moi semellante, polo demais, ó que aínda hoxe se fala no territorio”.

Bierzo¹⁷⁷, en cuxas poesías se documentan cunha relativa frecuencia sobre todo as formas de T1: *E de propina ô gañán / dalle **aqueste** outro tamen* (Fernández y Morales, EP 163); *Se acaso **aquesta** carta / se perde no correo* (Fernández y Morales, EP 134); *Liso q' **aquesto** catóu / bailándolle a alma de gloria, / c'o seu pano ll'a limpóu* (Fernández y Morales, EP 277); y *entre as estrelas d' **aquese** Cielo / te puxo á ti* (Fernández y Morales, EP 186)¹⁷⁸; etc.

A lingua de Rosalía de Castro proporcionanos máis exemplos do emprego dos demostrativos reforzados, tanto nas formas de T1 como nas de T2; eis algunhas mostras desta escritora: *Dios santo premita / Qu' **aquestes** cantares / D' alivio vos sirvan* (Rosalía, CG 19); ***Aquesto** m'eu repetía / N' aquela tarde, recordo / De negra malencolía* (Rosalía, FN 127); *Mais á mamoria preguizosa, tarde, / Trouxera ô teu recordo / Que **aquezes** cambios bruscos / Raros e intempestosos / De loitos e pesares, n' esta vida, / Sinal segura sempre fonon* (Rosalía, FN 95); etc.

Para a explicación de tales pronomes da lingua da poetisa lévase sinalado algunha teoría que, do noso punto de vista, non é completamente satisfactoria: o responsábel dunha edición moderna de *Cantares Gallegos*, por exemplo, pensa que a utilización dos demostrativos arcaicos en Rosalía se debe a unha vontade diferencialista por parte da autora (Rodríguez Baixeras 1992: 51), opinión con que non concordamos por, primeiro, haber unha proximidade certamente notábel entre as características lingüísticas de CG e a fala da comarca compostelá, e, segundo, por dubidarmos de que a escritora tivese fortes preocupacións de afastar o galego do español sempre que lle fose posíbel.

Ademais de Rosalía, Leiras Pulpeiro e Armada Teixeira¹⁷⁹ empregaron os pronomes reforzados, que tamén se documentan, por outra parte, nalgúns cantares tradicionais compilados nos fins do século XIX, circunstancia que, do noso punto de vista, parece vir probar a súa existencia na altura; nótese, por outro lado, que no exemplo de Leiras *aqueste* parece estar substantivado consoante co que que apuntába-

¹⁷⁷ Na zona do Bierzo de fala española pode atoparse aínda hoxe no cancionero tradicional, como o exemplo seguinte, que tiramos dun romance recitado en castelán aínda que con interferencias do galego (*sodes, para ti dar, tengo de ir*, etc.): – *Si **aqueste** caballo fuera de mi primo don Roldán, [...] / siete batallas de moros él bien las sabe ganar* (LTOb 256).

¹⁷⁸ Outros exemplos son *Deixay póis ya pra sempre **aquestes** vicios* (Fernández y Morales, EP 230) ou aínda *Como **aquésta**, con Picotes, / dando botes, / salíu correndo e caéu* (Fernández y Morales, EP 233). A totalidade de casos de demostrativos reforzados que detectamos nos textos galegos da obra con que traballamos ascende a dezaioito mostras de T1 face a un único verso en que aparece o correspondente de T2.

¹⁷⁹ Dada a devoción que por Rosalía parecía sentir Ramón Armada Teixeira, non sería estraño pensarmos que os exemplos en que emprega os demostrativos reforzados se deban, na realidade, á influencia da lingua da poetisa. Con todo, non descartamos outras posíbeis proveniencias, como a da oralidade popular da época.

mos en 3.2.2.2. de acordo coas indicacións de Sobreira: – ¡*Non calo; / díamo aqueste primeiro!* (Leiras Pulpeiro, *OC* 367); *Garridas mulleres / D'aqueste / Verxel* (Armada, *DT* 180); *Cando o tiro primeiro / de aquesta obriña / agóiranme us poucos que en popa iría* (*PRO* 206); *Panadeiriña –d'aquesta ribeira / de día moe –de noite peneira* (*CPG*, II 208); etc.

Finalmente, a poesía de Aquilino Iglesia Alvariño, por súa vez, proporciónanos un curioso exemplo de pronomes reforzados, mais para o feminino de T2, o cal nos chama poderosamente a atención dado o pouco documentada que era esta forma xa na Idade Media: *Eu vin aquesas nubes (as nubes outonnales) / Extendérse no céio, cal palios despregados* (Iglesia Alvariño, *PGC* 42).

Non rexeitamos totalmente a idea de se tratar dunha licenza expresiva do ilustre autor tirada directamente do galego medieval ou doutras fontes, aínda que nos parece ser máis defendíbel supormos que extraíu a forma da lingua falada porque, para alén do seu escaso testemuño no idioma antigo, a linguaxe de Aquilino non dista demasiado da oralidade corrente¹⁸⁰. Repárese, por último, en que dificilmente puido tirar esta variante de autores que, caso de empregaren os pronomes medievais, se decantaron maioritariamente pola forma de T1 *aqueste*, segundo vimos en Rosalía, Armada Teixeira ou Leiras Pulpeiro.

2. A documentación en falares dialectais portugueses.

Sabido é que as linguaxes populares do norte de Portugal, nomeadamente as do Minho e as de Trás-os-Montes, forman un heteroxéneo *continuum* dialectal que serve de ponte entre o portugués meridional e os falares galegos, até o punto de se ter sinalado que, dun ángulo “estrictamente lingüístico, ás dúas marxes do Miño fálase o mesmo idioma” (Fernández Rei 1991: 17). Apelándonos, pois, a tal progresiva sucesión diatópica, resulta fácil considerar que unha boa parte dos fenómenos da lingua vixentes a un lado da fronteira administrativa terían ou tiveron o seu correlato na outra beira; de se esta premisa ter presente, aínda que sen a dogmatizarmos, no portugués dialectal do nordeste do país irmán tales pronomes reforzados chegaron até a época contemporánea e, subsecuentemente, é doado deducirmos que tamén se poderían encontrar en certos lugares do territorio burocráticamente galego¹⁸¹: seguíndomos as informacións proporcionadas por Vasconcellos,

¹⁸⁰ Neste sentido, repárese na fidelidade que o poeta manifestou gardar á oralidade da Terra Chá: “Os meus modos de expresión poética afíncanse na Terra Chá (S. de Abadín, Cospeito, Castro de Rei, Vilalba... Outeiro de Rei), inda que con variantes fonéticas de outras rexións. Na dialectoloxía galega prefiro a fonética da parte mariñeira e a lexicoloxía montañesa, máis rica, máis imaxinativa” (Iglesia Alvariño, *PGC* 26).

¹⁸¹ Deixándonos de parte o portugués setentrional, convén salientarmos que en falas ponte entre o galego-portugués e o castelán, cal os dialectos asturo-leoneses, é posíbel documentarmos as formas refor-

nalgúns puntos desas rexións poden acharse formas como *naquestas* (1985: 65) ou *aquisso* (1987: 108), ao paso que é revelador que o estudioso declare, tratando a fala da localidade de Parada de Infanções, que “não se diz *aqueste*” (Vasconcellos 1985: 31), sinónino bastante clarificador de que noutras zonas si se utilizaba.

Mais o testemuño na lingua portuguesa do século XX non se limita ás súas variedades estritamente setentrionais: o mesmo autor localizou exemplos en certos falares beiráns, cal o do concello do Fundão, en que se rexistrou *aqueste*, *aquesta* e *aquisso* (1985: 414) ou aínda *aqueste* en Castelo Branco (1985: 420). Tamén na Beira Baixa, en Monsanto, o xa citado traballo de Buescu (1984a: 107) fornécenos todo o paradigma completo, isto é, *aqueste(s)*, *aquesta(s)*, *aquisto* e *aguesse(s)*, *aguesa(s)* *aquisso*, aínda que sen ser exclusivo, pois é igualmente empregado o esquema simple maioritario *este*, *esse*, etc. Un outro exemplo é o que nos facilita Cordeiro (1939: 93), que, en estudando os trazos da linguaxe popular e a literatura tradicional do igualmente beirán concello de Penamacor, recolle todo o sistema e apunta que nesas terras tales formas antigas “decaíram e desapareceram da linguaxe falada e escrita [da variante corrente ou común do portugués], mas o povo ainda as mantém no seu falar simples, natural e des preocupado”.

Destas dúas argumentacións, o testemuño literario en Galiza e a documentación nalgunhas áreas lingüisticamente conservadoras de Portugal, parécenos máis fiábel a segunda por ser estritamente lingüística. A primeira, moi suxestiva, non deixa de ser unha documentación literaria cos problemas que isto implica, isto é, os casos citados de Rosalía, de Leiras ou de Armada Teixeira ou do escritor berciano poden mesmo ter a súa orixe en liberdades expresivas condicionadas pola medida dos versos, aínda que os exemplos que figuran en Fernández y Morales poidan reducirse sen problemas ao galego falado no Bierzo, en que continúan hoxe a vigorar os susoditos pronomes. Do que non temos dúbidas é do testemuño proveniente da muiñeira tradicional citada logo dos versos de autoría culta, pois reflicte un estado de lingua máis próximo da oralidade popular do que as outras documentacións.

Por outra parte, tamén en relación ao uso literario, cabería aínda a posibilidade de se tratar dun uso tirado da lingua medieval pois, segundo estudos actuais (López 1991), cómpre ir desbotando a idea de que as noticias referidas aos nosos cancioneros medievais se produciron en épocas ben posteriores ao Rexurdimento, como tamén debemos ter en conta que algunhas composicións do devalo da Idade Media,

zadas. Así as cousas, Vasconcellos (1900: 355) rexistrou *aquesto* no mirandés, encanto que en Asturias, nalgunhas zonas, “tamién se conserven formes arcaiques de 1ª y 2ª persones”: *aquesti*, *aquesta*, *aquesto* e *aguesi*, *aguesa*, *agueso* (ALA 1998: 104); neste sentido, a súa documentación nos falares leoneses, como acontece no idioma galego, xa se retrotrae á época medieval: no *Fuero de Avilés*, documento redixido nun latín moi afastado dos cánones clásicos e con influencias provenzais e asturo-leonesas, rexístrase, por exemplo, *de-aquestas uoltas* (FAV 104).

cal as de Macías, eran coñecidas mercé á súa publicación en certas revistas periódicas; referíndose a unha destas, López (1991: 24) infórmanos de que certos textos do referido autor foran publicados a mediados do século XIX: “Da nosa tradición lírica medieval só aparecen no *Album de El Miño* as “Cántigas de Macías”, precedidas dunha breve nota (asinada M.) que atribúe a fama de Macías máis ao seu triste fin que aos seus poemas”.

Para os intereses que nos ocupan, non está de máis lembrármonos de que as antecitadas “Cántigas” do infeliz Macías nos proporcionan exemplos de demostrativos reforzados, como os que expomos a seguir: *Aquesta lança sin falla / ¡ai coitado! / no me la dieron del muro* (CD 253); *Con pesar que tenno migo / e tristeza todavia, / aqueste trebello digo* (CD 268); etc.

Mais, a pesar do suceso que tiveron algunhas das cantigas deste autor do outono medieval¹⁸² ou aínda que os autores do XIX puideren ter noticias da tradición literaria da Idade Media, continuamos a propugnar que tales formas non debían de ser absolutamente descoñecidas na oralidade finisecular nalgunhas rexións do país, tal e como hoxe acontece coas áreas de fala galega en que se manteñen no uso cotián, pois, se se admitir o postulado contrario, ou sexa, se se defender que no século XIX eran posibilidades esgotadas, haberá que explicar como é que se conservaron nestas zonas galegas até a actualidade e no portugués do norte até, polo menos, a época contemporánea. Non podemos desbotar, con todo, que algúns autores do Rexurdimento ou dos comezos do século XX empregasen os antecitados pronomes sen que existise unha nivelación paralela na lingua oral, como tal vez poida ser o caso de Armando Cotarelo Valledor (*somente a vos deciréi aquesta flebedá*, Cotarelo Valledor, *H* 18); mais, á luz dos datos ofrecidos a través do portugués setentrional, do galego do Bierzo e de Cáceres, non nos parece arriscado de máis presupormos unha relativa (e minoritaria) vixencia de tales demostrativos aínda no solpor do século XIX e nos primeiros anos da centuria seguinte.

Cousa ben distinta son as documentacións literarias da segunda metade do XX, como as que aparecen na prosa de Cunqueiro, non tan abundantes se as comparamos cos pronomes simples¹⁸³: *De aqueste incerto sono que chamamos vida, ningún*

¹⁸² López (1991: 27), a tratar a repercusión na Galiza decimonónica da figura e do mito de Macías, escribe que “non podemos pasar por alto o feito de ser [...] a figura máis coñecida daquelas das que se tiña noticia de obra en galego, denominando-se a nosa lingua en non poucas ocasións como a ‘*del enamorado Macías*’”.

¹⁸³ Sendo formas certamente minoritarias en toda a prosa de Cunqueiro, e tal vez por ese carácter lateral, non aparecen comentadas en Fernández Rei / González González (1982: 207-208), a pesar de que en dito traballo se sinalan elementos igualmente pouco testemuñados mais característicos do autor mindoniense, como *delambos* ou *deloutro*. Por súa vez, Montero Santalha (1993: 107), a falar dos pronomes *iste*, *ise*, *aquil*, etc., indica que tamén se pode “incluir neste apartado a presenza de algun arcaísmo de procedencia literaria”, aínda que non fai mención explícita ás formas reforzadas.

ten o fío (Cunqueiro, *MF* 96); *sempre o traguía vestido de azul e marelo, que eran aquestas as bearnesas cores* (Cunqueiro, *CS* 13); etc. Para este caso en particular parécenos plausible pensarmos que, moi probabelmente, se tratasen xa de formas propositadamente empregues por vontade de estilo e/ou diferencialista. E asunto tamén diferente son algúns testemuños en certos traballos e estudos gramaticais do presente século, os cales, desbotando calquer precisión entre os parámetros diacronía / sincronía, arcaico / moderno, non hesitan en incluír os referidos pronomes na súa descrición, algúns, con toda a certeza, inventados; tal é o caso de García de Diego (1984: 187), que, consciente da existencia das variantes con raíz tónica <i>, non tivo reparos en “regularizar” os contidos de gramática histórica con instábeis coordenadas dialectais: para T1 ofrece as solucións *este*, *iste*, *aqueste* e *aquiste*, *esta*, *ista*, *aquesta* e *aquista*, *esto*, *isto*, *aquesto* e *aquisto*, algunhas sen ningunha documentación, nin medieval, nin media, nin contemporánea (*aquiste*, *aquista*).

4.1.1.6. A flexión de número nos pronomes masculinos

Xunto ás formacións de plural máis comúns criadas analoxicamente a partir do singular (*este* → *estes*, *ese* → *eses*, *aquel* → *aqueles*), xa tratadas en apartados anteriores, existen outras solucións cunha desigual transcendencia na lingua contemporánea e cunha orixe igualmente variada. Algunhas, como se ha de ver, están máis próximas de componentes que son doadamente reducíbeis ao estudo dialectolóxico, encanto outras participan máis de contextos en que operan factores sociolingüísticos.

A primeira destas flexións de xénero a que temos de facer referencia é o resultado etimolóxico *estos*, *esos*, *aqueles*, característica das zonas máis occidentais das provincias españolas de Asturias e León¹⁸⁴, que xa se pode encontrar no galego-portugués medieval (véxase 2.2.1.1). Porén, é posíbel escoitármolas ocasionalmente en puntos ben afastados desas áreas, o cal nós interpretamos como máis unha penetración do español¹⁸⁵, en harmonía con Fernández Rei (1991: 73), pola presión a que

¹⁸⁴ Nos Ancares leoneses documéntanse, xunto ao par xa rexistrado na lingua antiga *aquel* / *aquele*, tanto os plurais históricos como os analóxicos: *estos* / *estes*, *esos* / *eses*, *aqueles* / *aqueles* (Fernández González 1981: 109); no entanto, no último estudo dialectolóxico en que se aborda o galego desas terras (Frías Conde 1998: 49) unicamente se rexistran as formas etimolóxicas. Por outro lado, sobre a documentación de *estes* en textos medievais da comarca berciana, hai que sinalar xa se poden encontrar naquela altura: *rendas destes vossos lugares* [...], *destes dineros que vos eu devo* (CAR 42, SM, 1286); sobre tais exemplos, con todo, quizá se non deba obviar que, de acordo coa edición que manexamos, a persoa que fai a doazón a que se refire o documento procedía de Lugo, concretamente de Cervantes, aínda que fose freire no mosteiro berciano de Santa María de Carracedo.

¹⁸⁵ Documentada tamén na linguaxe literaria contemporánea: *A cencia d'estos tempos / Qu'é com'el augua crara* (Rosalia, *CG* 117); *Eu ben sei d'estos secretos / Que s'esconden nas entrañas* (Rosalia, *CG* 120); *son estos álbores símbolo / d'a inmortalid'e gloria* (Lamas Carvajal, *SG* 63); *¡E isos xurifaces que che veñen gandar!* (Otero Pedrayo, *FT* 175); etc.

está submetida a lingua de Galiza. Con todo, este mesmo investigador apunta a posibilidade de esas mesmas formacións poderen ser restos das formas etimolóxicas inclusive na costa máis occidental da Coruña por se tratar, en xeral, dunha área lingüísticamente conservadora¹⁸⁶; mais nótese que outros fenómenos característicos da rexión canto ao mantemento de certos trazos, cal a pervivencia do *seseo* ou aínda a rendibilidade funcional entre unha realización ápico-alveolar e unha predorso-dental (*casa* [ˈkaʃa] / *caza* [ˈkasa]) do fonema fricativo alveolar xordo en posición explosiva, están en progresivo esmorecemento, feito que parece corroborar que o conservadorismo nesa zona nin é estábel¹⁸⁷ nin pode aplicarse a toda a descrición gramatical.

Plural aínda máis insólito na norma da lingua é o que se recolle, moi raramente, nalgún punto do occidente da provincia da Coruña. Así, en confronto coa forma xeral *aqueles*, aparece nesa área un plural en que a acusada relaxación do *-e* pos-tónico final provoca a súa queda, ficando o demostrativo na estraña forma *aquels*¹⁸⁸ (ILG 1995: 256-257), non constituíndo, con todo, unha variante de singular relevo do punto de vista dialectal: o fenómeno da queda do *-e-* non se produce unicamente no demostrativo de T3, mais pode darse en máis contextos e até é posíbel rexistrármolo na linguaxe literaria contemporánea: *N'os mals que me matan*, / *N'a dor que me dan* (Rosalía, FN 9); *o camiño vai a modo feito de pedras ben traballadas entr'os cotos inzados de piñeirals* (Otero Pedrayo, D 13)¹⁸⁹; etc.

Outras formas do plural son as analóxicas coas palabras acabadas en *-el*, as cales, criadas modernamente¹⁹⁰ e dun uso moi raro, parecen provir unha do galego orien-

tal e a restante do galego centro-occidental a termos en conta como forman o plural as palabras acabadas en *-l* na oralidade moderna (*animal* → *animais*, *animás*): *aqueis*, *aqués*. Que a presenza desta última na lingua contemporánea parece ter vigorado máis hai cen anos do que na actualidade, se é que continuar a existir¹⁹¹, é o que desprendemos do confronto dalgunhas gramáticas, como a de Saco Arce (1868: 59), que inclúe *aqués* no paradigma dos demostrativos; outros testemuños posteriores puideron basearse no presbítero para a incorporaren ao seu aparato descritivo, como García de Diego (1984: 99) ou Couceiro Freijomil (1935: 137). Aliás, tamén aparece en ocasións na lingua literaria decimonónica (*Cal fán aqués que non saben* / *Direitamente unha cousa*, Rosalía, CG 201; *Aqués que têm fama d'honrados n'a vila* / *Roubaronme tanta brancura qu'eu tiña*, Rosalía¹⁹², FN 57), de onde moi probablemente o extraísen autores do noso século, cal Cunqueiro, a quen lle non era unha forma descoñecida, ou Celso Emilio, que o utiliza moi puntualmente¹⁹³; para o caso do poeta de Celanova, Hermida (1992a: 306) non ten dúbidas en atribuír a súa utilización á “influencia literaria, en especial de Rosalía de Castro”: *Seu pai era daqués mais naturais De Crozon do solar de Paimpont* (Cunqueiro, CS 11); *Por fin, un día, nunha terra de folgado, nun daqués outeiros beira do Lea* (Cunqueiro, XA 27)¹⁹⁴; *Irmán maor. Bandeirante / de aqués que / labouramos no misterio / da palabra viva* (Celso Emilio, OC, I 128); etc.

Das mesmas fontes literarias deben ter bebido Amado Carballo ou Viqueira, autores que, en ocasións, tamén empregaron a referida forma de plural: *aqués espritos fechados no máis profundo de si mesmos tiñan prós arrepiantes cancos e gangrenas* (Amado Carballo, OPV 62); *Os grandes serán aqués que saiban andar á procura da sua e nosa alma* (Viqueira, EPO 106); *ergue as sempre verdecentes ponlas, / que ao vento tremam cal tremaron / as d'aqués que, rejos e amorosos, / aquí cantaron* (Viqueira, EPO 218); etc.

¹⁸⁶ Véxase Fernández Rei (1991: 73): “As formas *estos*, *esos* da área fisterá poderían ser restos das formas etimolóxicas; nesta área hai moitos fenómenos conservadores que se rexistran tamén no galego oriental”. A hipótese do investigador da universidade compostelá foi posteriormente asumida por Rodríguez Valcárcel (1995: 34): “Para o plural dos demostrativos masculinos podemos atopar, amais das formas recollidas no estándar, as correspondentes etimolóxicas, *estos esos aqueles*, no galego oriental e na área fisterá”, aínda que, tamén en coherencia con Fernández Rei a respecto das evidencias da españolización que sofre a lingua, pondera que o “resto das aparicións, relativamente frecuentes no galego moderno, trátanse dun castelanismo morfolóxico”.

¹⁸⁷ Repárese, por outra parte, en que outros fenómenos idiosincráticos das falas desa rexión son modernos, como a palatalización en posición silábica posnuclear do fonema fricativo /s/ (*mulleres* [muˈl̪eɾes]) ou mesmo a *gheda*.

¹⁸⁸ Nótese a forma de P6 *els* no canto de *eles*, rexistrado nalgúns falares trasmontanos (Vasconcellos 1985: 180).

¹⁸⁹ Xa García de Diego (1984: 89-90) facía notar a comezos de século a existencia dun plural “raro” en *-als*, *-ols*, *-uls* para os nomes acabados en *-al*, *-ol* e *-ul*. Para un estudo das particularidades morfolóxicas da lingua de Rosalía, véxase Carballo Calero (1972), quen denomina estes plurais a “solución catalana” (1972: 24-25), variante do plural españolizado en galego.

¹⁹⁰ Coidamos que se equivoca Carballo Calero (1972: 21) cando, tratando a formación do plural no galego de Rosalía, cualifica de solución “antigua” o resultado *aqués* pódoo en relación con *anxes*, *azúes* ou *taes*, presentes na obra da escritora.

¹⁹¹ Véxase González Seoane (1992: 94), que, estudando os determinantes nominais na obra de Celso Emilio Ferreiro, indica que se trata dunha “forma en desuso” actualmente.

¹⁹² Tense apuntado para o exemplo de Rosalía extraído de FN que o emprego de *aqués* por *aqueles* está condicionado polas necesidades métricas (García 1987: 99). Este caso en particular tamén foi citado por Freixeiro Mato (2000: 199), quen, tratando a morfoloxía moderna dos pronomes demostrativos, considera a variante *aqués* propia da lingua literaria.

¹⁹³ Segundo González Seoane (1992: 94), o poeta de Celanova unicamente a utilizou en tres ocasións, cuxo uso semella xustificarse “a través da literatura” e non tirado da oralidade contemporánea.

¹⁹⁴ En relación a *aqués* no poliédrico escritor mindoniense, afirman Fernández Rei / González González (1982: 208) que sorprende “o plural *aqués*, que Cunqueiro formou probablemente por analogía coa solución *és* dos pronomes agudos rematados en *-el*”, malia ser maioritaria na súa escrita a forma do galego común *aqueles*. Sen rexeitarmos completamente esta hipótese, que do punto de vista morfolóxico é congruente, parécenos ser máis plausíbel atribuírmos o seu testemuño nas obras cunqueirianas á relativa tradición literaria de que gozou dita flexión de número, ao que habería quizá que sumar unha certa vontade diferencialista por parte do autor de Mondoñedo.

A respecto da outra forma analóxica coas regras de formación do plural, *aqueis*, pouca cousa se pode acrescentar a non ser a súa presumíbel adscrición á faixa oriental da galegofonía moderna consoante outros resultados (*animal* → *animais*, etc.). Tanto desta como da anterior forma, Ferreiro (1999: 260, nota 316) salienta a súa emerxencia en época moderna; e tamén en épocas recentes se ten sinalado o seu aparecemento no portugués dialectal trasmontano como máis unha particularidade lingüística de dita rexión xunto a outras do portugués setentrional, embora non exclusivas, no referente aos pronomes demostrativos¹⁹⁵: as numerosas localidades en que o filólogo José Leite de Vasconcellos, a finais do XIX e a comezos do XX, puido rexistrar o alomorfe de plural *-is* para o masculino de T3 (véxase Vasconcellos 1985: 15, 31, 79, 128, 135, etc.) levárono a afirmar taxativamente que en “Trás-os-Montes on dit *aquel*, *aqueis*, ce qui est symétrique avec *el*, *eis*” (Vasconcellos 1987: 108)¹⁹⁶.

4.1.1.7. O fonema lateral palatal en T3

Malia en todo o dominio lingüístico galego-portugués se ter producido no decorrer diacrónico a simplificación da xeminada latina *-LL-* > *-l-*, sendo un dos seus trazos característicos face a outras linguas peninsulares, a evolución parece non ter sido unánime a xulgar por algúns datos procedentes do galego de Asturias¹⁹⁷. Á marxe dos presumíbeis exemplos tirados da lingua medieval que apuntábamos máis arriba, nalgunhas falas setentrionais desa zona os pronomes de T3 presentan, no masculino plural, no feminino e no demostrativo invariábel, as formas *aquellos*, *aque-lla*, *aquellas* e *aquello* (ILG 1995: 258-259), coincidentes cos resultados espa-

¹⁹⁵ Posibelmente, unha das máis rechamantes variantes pronominais de T3 sexa *asquel* ~ *asquele* e *asque-la*, de uso máis frecuente no plural, que tal vez se criase a partir do cruzamento de *este* e de *aquel*, ou, segundo a opinión de Cordeiro (1939: 93), interpretando que a primeira sílaba posúe flexión de número (*aquela* → *asqueles*, etc.). O susodito pronome documéntase nalgúns puntos do portugués trasmontano, como en Tralhariz ou no concello de Ribeira de Pena (Vasconcellos 1985: 79, 197), así como noutras rexións de Portugal, cal as comarcas de Penamacor (Cordeiro 1939: 93) ou Monsanto, as dúas na Beira: *Só se parderão asqueles que se no quejeram salvar*; – *Olhai, asqueles pastoras sã todas minhas*, etc. (exemplos tirados de Buescu 1984a: 125, 127).

¹⁹⁶ Repárese en que estas formacións portuguesas de plurais analóxicos para o demostrativo e para o pronome persoal de P3 fannos remeter obrigatoriamente para o mantemento, nas zonas lusitanas onde se deron, do arcaico *aquel*, marxinalizado do padrón a favor da tamén medieval forma *aquele*. No entanto, a vitalidade de tales formas, xunto aos plurais respectivos, debe ter murchado considerabelmente ao longo do século XX polo influxo da escolarización maioritaria e, máis modernamente, pola influencia dos medios de comunicación audiovisuais, vehiculizados, a primeira e os segundos, a través do estándar meridional lisboeta en detrimento dos falares setentrionais.

¹⁹⁷ Para unha visión histórico-dialectal doutros resultados (CABALLU > *cabalo*, CEPULLA > *cebola*, VALLE > *val* / *vale* e FOLLE > *fol* / *fole*), véxase ILG (1999: 336-339). Segundo estes estudos, alén do galego de Asturias, en puntos do sur de Pontevedra poden ouvirse na actualidade resultados con palatalización no vocábulo *fole* (fo[λ]e).

ñois¹⁹⁸. Trátase dun fenómeno ben raro no resto do territorio, aínda que non totalmente isolado, pois o paso de *-LL-* > [λ] semella estar presente na zona sur de Pontevedra nalgún vocábulo concreto.

4.1.1.8. Outras particularidades dos demostrativos: relación entre forma e función na FN

Para alén da morfoloxía dialectal que presentan na actualidade os pronomes demostrativos, parece existir unha outra consideración diatópica que se refire non á simple pertinencia xeográfica dos elementos do paradigma, mais á pertinencia funcional que presenta o emprego dunha forma con radical <e> ou con raíz <i>. Neste sentido, Carballo Calero (1979: 197-198, nota 35) apuntaba que nalgunha comarca “ha sido señalada la distribución de las formas en *e* y en *i* según sea el uso sustantivo o adjetivo del pronombre”. Probabelmente estivese a falar do galego do Val de Verín, pois, tal e como nos informa Taboada (1979: 68), constitúe “un caso extraño la alternancia de la vocal tónica, que sucede solamente en el masculino de los demostrativos cuando son adjetivos frente a los que son pronombres”.

Trátase, sen dúbida ningunha, dunha sorprendente funcionalidade de que non temos noticia no que di respecto á súa produtividade noutras áreas do noso país. Nas narracións orais que o estudioso ofrece ao final do seu traballo pode verificarse esta particularidade; os exemplos seguintes, adaptados do código de transcripción fonética da RFE que utiliza o autor, permiten comprobarmos como se produce esta alternancia: *¡Ehí vou cos eixadós! ¡ quitaime alá ises piós* (extraído de Taboada 1979: 182-183); *¿El é ese? ¡ Non, ese inda o vai sere* (tirado de Taboada 1979: 178-179); etc.

No entanto, segundo se pode ver a partir doutros etnotextos que figuran na obra, tal distribución de formas a depender da súa funcionalidade gramatical non semella ser absolutamente regular nesa rexión: *Pois ensiname ese bicho-home* (extraído de Taboada 1979: 178-179); *Aquel fulano vivía con uniforme* (collido de Taboada 1979: 186-187); etc.

Pola nosa banda, coidamos que, sendo decerto sorprendente esta distribución, as súas causas tal vez sexan atribuíbeis a unha azarosa coincidencia. Nótese, a este respecto, que non se trata dun fenómeno xeral, como ben o demostran as mostras expostas, e que parece ser unicamente unha exclusividade do Val de Verín, non se achando, até onde chegan os nosos coñecementos, en máis zonas de Galiza.

¹⁹⁸ Véxase García García (1983: 175) cando afirma que os pronomes demostrativos no galego do Franco, no occidente asturiano, “constituyen un sistema básico idéntico al castellano”.

4.1.1.9. A transformación da raíz <e> en <i> por analoxía

Unha cuestión resta por tratar do panorama dialectal dos deícticos no territorio galego, como son as influencias analóxicas que operaron na mudanza [‘e] > [‘i] no paso de *iste*, *esta* → *iste*, *ista*, primeiramente, e de *isto*, *este* → *isto*, *iste* e de *iste*, *esto* → *iste*, *isto*, en segundo lugar. Non parece existiren moitas dúbidas cando se atribúe o aparecemento de *ista* a unha extensión do radical do masculino, conforme xa apuntamos anteriormente (véxase Ferreiro 1999: 262, nota 322), e en liñas xerais pensamos que algúns testemuños de *isto* ou de *iste* na época actual se deben explicar por similares forzas analóxicas.

Neste sentido, conforme o exposto nos apartados precedentes, as formas masculinas con raíz <i> poden aparecer en rexións en que vigora o pronome invariábel con ese mesmo radical, cal é o caso do norte da comarca cedeíresa, en que se ten sinalado a existencia de masculinos (e mesmo femininos) coa vogal palatal fechada como elemento tónico. Por súa vez, nalgúns puntos do mediodía da provincia lucense documéntase o pronome invariábel hipercaracterizado na raíz (<i>), situación que, do noso punto de vista, ten de se explicar a partir do masculino, consoante xa anotou Mariño Paz (1996: 97); este, tratando a comentada información de Sobreira matiza que o relixioso puidese “escoitar *aquilo* por terras de Ribas de Sil e Lemos, pois, así como *í* tónico se traslada analoxicamente do masculino para o feminino, podería facelo tamén desde o masculino ou feminino ata o neutro. O que habería que dilucidar é se isto se producía de maneira constante, como parece dar a entender Sobreira, ou se se trataba dun fenómeno esporádico”.

No entanto, para outras zonas non podemos discernir con claridade que presumíbel forma influenciou na restante, se o masculino no pronome invariábel ou viceversa, aínda que todo pareza indicar que foi o masculino o causante da transformación. Nestas circunstancias se encontra a comarca da Limia Baixa, pois en dita área tanto teñen presenza os masculinos hipercaracterizados no radical como tamén os demostrativos invariábeis co mesmo elemento vocálico na raíz. Aínda así, se acreditarmos, con Souto Cabo (1993: 544, mapa 4), en que a nosa bisbarra durante a Idade Media aínda non proporciona exemplos de *isto*, *iso* e *aquilo*, a interrogante fica resolta a orientarmos a resposta cara ao masculino como responsábel da transformación da forma invariábel. Aliás, é necesario sinalarmos máis dous datos a respecto da propagación a partir dunha das formas, a saber: a) o triúnfo do radical <i> no demostrativo invariábel é notabelmente anterior aos primeiros testemuños fidedignos dos masculinos hipercaracterizados, pois aqueles aparecen xa na Idade Media encanto estes, rexeitándonos evidentes casos de latinismos, só se comezan a encontrar no século XVII; b) a explicación que se postular para o feito de existir actualmente unha rexión máis ou menos compacta, a área lucu-auriense, en que vigoran os pronomes masculinos hipercaracterizados, e sexa cal for o punto de vista adoptado (a teoría metafónica por -e final ou a hipótese da hipercaracteriza-

ción a partir do xénero), non implica que o proceso que xerou *iste*, *ise* e *aquil* non puidese ser operativo en máis territorios de Galiza; de aí que non rexeitamos que na área limiá se producise unha evolución desta índole.

Por outra parte, en certa consonancia con Sobreira, non deixa de ser curioso que autores do século XIX tivesen a ben presentaren un esquema de pronomes co masculino e coa forma invariábel identificados, alén de pola terminación, polo radical. Deste modo, o xa citado Saco Arce (1868: 58-59)¹⁹⁹ apunta *este* / *iste*, *esta* / *ista* e *esto* / *isto*, etc., mais unicamente *aquelo*, ao paso que Valladares (1970: 45), por súa vez, apenas considera *iste*, *ista* e *isto*, etc., mais só *aquelo*.

4.1.2. Síntese: subsistemas de paradigmas no galego moderno

De todo o exposto nas páxinas precedentes conclúese que existen na lingua actual distintos subsistemas dos pronomes demostrativos, non todos coa mesma relevancia xeográfica e, case consecuentemente, tamén non todos coa mesma transcendencia na oralidade contemporánea. Ofrecemos a seguir uns cadros que pretenden reflectir a distribución xeográfica do sistema pronominal²⁰⁰ obxecto de estudo nestas páxinas; neles pretendeuse conxugar os fenómenos de maior relevo coas particularidades que xulgamos interesantes, obviándonos algunhas outras que non se consideraron pertinentes²⁰¹ e que decerto que virían complicar desnecesariamente o posíbel número de sistemas de paradigmas.

¹⁹⁹ Véxase Mariño Paz (1996: 98, nota 77), que, confrontando o testemuño de Sobreira con Saco Arce, afirma: “Creo que comete o mesmo abuso J. A. Saco Arce [...], cando, ó lado de *este* / *esta* / *esto*, propón tamén como sistema demostrativo galego *iste* / *iste* / *isto*, *ise* / *isa* / *iso* e, sorprendentemente, *aquil* / *aquela* / *aquelo*”.

²⁰⁰ Outras propostas actuais de clasificación son as das *Bases* (1977: 34, nota 11), Fernández Rei (1991: 69-73), ILG (1995: 260-261), ILG / RAG (1995: 96), Rodríguez Valcárcel (1995: 34), que segue moi de perto a de Fernández Rei, e Sánchez Rei (2000: 885-902), todas elas tidas en conta na elaboración da presente. A principal diferenza que presentan entre si fica subordinada ás finalidades da obra en que figuran, pois encanto algunhas só pretenden proporcionar unha visión aproximada, outras reflecten a maior parte dos fenómenos dialectais que se atestan no sistema pronominal deíctico. Tamén se tiveron en conta os datos proporcionados por Frías Conde (1998: 50) para o galego “meridional” de Cáceres.

²⁰¹ Deste modo, non se contou co esporádico aparecemento de *iste* ou *ista* no norte do concello de Cedeira, nin co posíbel influxo do español nalgúns zonas de Galiza que semella condicionar a utilización dos demostrativos invariábeis con <e> cando os estudos dialectolóxicos salientaron a vixencia das equivalentes formas con <i>, nin tampouco variantes de realización que afectan os fonemas /e/ e /ɛ/ (isto é, pronuncias máis fechadas ou máis abertas de ditos fonemas que non son pertinentes do punto de vista funcional), nin aínda outras particularidades minoritarias que non modifican os paradigmas xerais de deícticos vixentes en Galiza (como o plural do occidente coruñés *aquels* ou a forma usada como un substantivo polisémico [aˈkɛl]).

Paradigma A1: conservación dos demostrativos medievais de T1 e T2, mais competindo coas homólogas formas simples. É o sistema que se documenta nalgúns puntos do galego oriental, como en Carracedo (O Bierzo), en que, por outro lado, a vogal tónica do feminino de T3 presenta timbre aberto:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este ~ aqeste</i>	<i>esta ~ aqesta</i>	<i>esto ~ aqesto</i>
	Plural	<i>estes ~ aqestes</i>	<i>estas ~ aqestas</i>	
T2	Singular	<i>ese ~ aquese</i>	<i>esa ~ aquesa</i>	<i>eso ~ aqueso</i>
	Plural	<i>eses ~ aque ses</i>	<i>esas ~ aquesas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aqu[‘ε]la</i>	<i>aquelo</i>
	Plural	<i>aqueles</i>	<i>aqu[‘ε]las</i>	

Paradigma A2: mantemento das formas reforzadas mais unicamente para T2, raíz <i> no pronome invariábel e fonema palatal medio fechado para o feminino de T3. É característico do galego de Cáceres:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>isto</i>
	Plural	<i>estes</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ese ~ aque se</i>	<i>esa ~ aquesa</i>	<i>iso ~ ixo ~ aquiso</i>
	Plural	<i>eses ~ aque ses</i>	<i>esas ~ aquesas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aqu[‘ε]la</i>	<i>aquilo</i>
	Plural	<i>aqueles</i>	<i>aqu[‘ε]las</i>	

Paradigma B1: presenta raíz tónica [‘e] en todas as formas do demostrativo e é un dos sistemas maioritarios na actualidade. Aparece no norte da provincia de Lugo e en puntos de Ourense que non coñecen as formas *iste*, *ise* e *aquil*:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>esto</i>
	Plural	<i>estes</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ese</i>	<i>esa</i>	<i>eso</i>
	Plural	<i>eses</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aquela</i>	<i>aquelo</i>
	Plural	<i>aqueles</i>	<i>aquelas</i>	

Paradigma B2: posúe radical tónico [‘e] no masculino e nos demostrativos invariábeis, mais raíz [‘ε] no feminino de T3. Rexístrase, a grandes trazos, na maior parte da provincia da Coruña, excepto no extremo noroccidental, e tamén na meta-de norte da de Pontevedra.

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>esto</i>
	Plural	<i>estes</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ese</i>	<i>esa</i>	<i>eso</i>
	Plural	<i>eses</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aqu[‘ε]la</i>	<i>aquelo</i>
	Plural	<i>aqueles</i>	<i>aqu[‘ε]las</i>	

Paradigma C: sistema que hipercaracteriza os pronomes invariábeis cunha raíz [‘i] en que os femininos de T3 posúen a vogal palatal media aberta. Aparece no extremo noroccidental da provincia da Coruña e en puntos colindantes de Lugo; nestes, aliás, é posíbel que o feminino da terceira serie presente [‘e] no radical ao se non producir a abertura da raíz polo influxo metafónico de -a final:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>isto</i>
	Plural	<i>estes</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ese</i>	<i>esa</i>	<i>iso</i>
	Plural	<i>eses</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aqu[‘ε]la</i>	<i>aquilo</i>
	Plural	<i>aqueles</i>	<i>aqu[‘ε]las</i>	

Paradigma D1: hipercaracterización do xénero do mesmo modo do que a lingua padrón portuguesa contemporánea, isto é, [‘e] para o masculino, [‘ε] para o feminino e [‘i] para as formas invariábeis. Dáse no extremo sur da provincia de Pontevedra, en puntos próximos a Portugal, como nos concellos de Tomiño e da Guarda.

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	[‘ε]sta	<i>isto</i>
	Plural	<i>estes</i>	[‘ε]stas	
T2	Singular	<i>ese</i>	[‘ε]sa	<i>iso</i>
	Plural	<i>eses</i>	[‘ε]sas	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aqu[‘ε]la</i>	<i>aquilo</i>
	Plural	<i>aqueles</i>	<i>aqu[‘ε]las</i>	

Paradigma D2: variante do anterior, mantén as mesmas marcas hipercaracterizadoras mais presenta nos pronomes femininos de T3²⁰² a ditongación en [‘ja]. Dáse na fala de Goián, no concello de Tomiño:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	[‘ε]sta	isto
	Plural	<i>estes</i>	[‘ε]stas	
T2	Singular	<i>ese</i>	[‘ε]sa	iso
	Plural	<i>eses</i>	[‘ε]sas	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aquiala</i>	aquilo
	Plural	<i>aqueles</i>	<i>aquialas</i>	

Paradigma E1: hipercaracterización dos demostrativos masculinos cun radical [‘i]. Óvese no sur da provincia de Lugo e na maior parte da de Ourense:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>iste</i>	<i>esta</i>	esto
	Plural	<i>istes</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ise</i>	<i>esa</i>	eso
	Plural	<i>ises</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquil</i>	<i>aquela</i>	aquelo
	Plural	<i>aquiles</i>	<i>aquelas</i>	

Paradigma E2: variante do anterior en que se hipercaracteriza o masculino e o feminino, aínda que no caso dos pronomes de T3 tal trazo identificador é practicamente inexistente. Rexístrase principalmente en puntos esporádicos do mediodía lugués.

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>iste</i>	<i>ista</i>	esto
	Plural	<i>istes</i>	<i>istas</i>	
T2	Singular	<i>ise</i>	<i>isa</i>	eso
	Plural	<i>ises</i>	<i>isas</i>	
T3	Singular	<i>aquil</i>	<i>aquela (aquila)</i>	aquelo
	Plural	<i>aquiles</i>	<i>aquelas (aquilas)</i>	

²⁰² En congruencia co exposto en Pousa Ortega (1991: 407), sería tamén lóxico esperarmos uns hipotéticos *iesta* e *iesa* ou aínda *iasta* e *iasa* por tales pronomes posuñen [‘ε] na Guarda e en Tomiño, fónema non xustificado pola etimoloxía que ditonga neste último concello. No entanto, nin a estudiosa os considera nos casos de ditongación antietimolóxica (1991: 407) nin tampouco veñen recollidos polo ILG (1995: 248-249, 254-255), motivo polo cal non foron tidos en conta na nosa descrición.

Paradigma E3: variante, así mesmo, de E1, presenta hipercaracterización no masculino e na forma invariábel. Aparece na comarca da Limia Baixa:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>iste</i>	<i>esta</i>	isto
	Plural	<i>istes</i>	<i>esta</i>	
T2	Singular	<i>ise</i>	<i>esa</i>	iso
	Plural	<i>ises</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquil</i>	<i>aquela</i>	aquilo
	Plural	<i>aquiles</i>	<i>aquelas</i>	

Paradigma E4: vogal tónica <i> en todos os xéneros e tamén no demostrativo invariábel. Documentábase nalgúns puntos sen continuidade xeográfica entre si, como na Pobra de Brollón, en Lugo, ou en Padrenda, Viana do Bolo e Calvos de Randín, en terras ourensás:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>iste</i>	<i>ista</i>	isto
	Plural	<i>istes</i>	<i>istas</i>	
T2	Singular	<i>ise</i>	<i>isa</i>	iso
	Plural	<i>ises</i>	<i>ises</i>	
T3	Singular	<i>aquil</i>	<i>aquela ~ aquila</i>	aquilo
	Plural	<i>aquiles</i>	<i>aquelas ~ aquilas</i>	

Paradigma F1: presenta como particularidades o radical [‘e] para todos os pronomes e o plural etimolóxico para as formas do masculino. Encóntrase no galego de Asturias e nalgún punto de Lugo limítrofe con esta provincia:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	<i>esta</i>	esto
	Plural	<i>estos</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ese</i>	<i>esa</i>	eso
	Plural	<i>esos</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aquela</i>	aquelo
	Plural	<i>aquelos</i>	<i>aquelas</i>	

Paradigma F2: plural etimolóxico para o masculino e radical feminino [‘e] en todas as unidades pronominais agás nas de T3, que posúen [‘ε]. Aparece na maior parte do galego de León, excepto en Carracedo:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>esto</i>
	Plural	<i>estos</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ese</i>	<i>esa</i>	<i>eso</i>
	Plural	<i>esos</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aqu[‘ε]la</i>	<i>aquelo</i>
	Plural	<i>aquelos</i>	<i>aqu[‘ε]las</i>	

Paradigma F3: o seu trazo indentificador consiste no resultado [λ] para a xemina-da latina intervocálica -LL-. Aparece nomeadamente en puntos setentrionais do galego de Asturias:

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>esto</i>
	Plural	<i>estos</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ese</i>	<i>esa</i>	<i>eso</i>
	Plural	<i>esos</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aquella</i>	<i>aquello</i>
	Plural	<i>aquellos</i>	<i>aquellas</i>	

4.2. As variantes dialectais a través dos estudos lingüísticos e a súa incidencia na elaboración da norma común

Xa vimos como o idioma galego comezou a contar con estudos gramaticais só na segunda metade do século XIX, cun retraso secular en relación a outras linguas do noso contorno. Mais as circunstancias sociopolíticas e culturais da altura determinaron desde os seus comezos a nosa tradición filolóxica, cuxas obras, alén de serodias, están focadas para o castelán como elemento constrastivo: nas palabras de Freixeiro Mato (1998b: 33), as nosas gramáticas son “diglósicas, non só por estaren redixidas en español boa parte delas, senón porque en case todas, incluídas as

escritas en galego, o español está sempre presente como lingua de constante referencia ou como pano de fondo”²⁰³.

Por outra parte, a desigual altura científica das obras que conforman a nosa tradición gramatical, as súas distintas finalidades ou os diferentes postulados descritivos de que parten tradúcense, necesariamente, nunha diversa consideración do paradigma pronominal dos demostrativos: encanto hai traballos certamente exhaustivos, en que se inclúen practicamente todas as variantes dialectais e aínda pronomes que os autores consideran pertencentes á mesma serie, outros estudos limitan a exposición de tales formas ao galego da súa zona ou ao que eles consideran propio da lingua común, sen tampouco faltar algún traballo en que se omiten como entidades morfolóxicas. En estreita relación con estas circunstancias, convén acrecentarmos a falta de delimitación entre lingüística prescritiva e descritiva que se manifesta nos diferentes estudos que fan parte da nosa tradición gramatical e, tamén, o feito de non teren contado, quitando as obras actuais, cunha necesaria socialización e cun acatamento por parte dos escritores e escritoras, que continuaron a empregar aquilo que xulgaban máis oportuno.

Neste apartado imos ver, por un lado, como se translocen as variantes xeográficas dos demostrativos nos estudos de galeguística, para o cal contamos con tratados gramaticais, dicionarios e con algúns estudos de menor envergadura, e, por outro, como se foron adoptando progresivamente, no proceso de elaboración do estándar dos anos 70-80 do século pasado, unhas determinadas formas dialectais até o punto de se lles conceder o rango de padrón.

4.2.1. Os demostrativos a través das gramáticas, dicionarios e outros traballos

Para a exposición que agora comeza pensamos que cumpría diferenciarmos dúas etapas dado o contexto sociocultural de cada respectiva época; no primeiro período, que abranxe o Rexurdimento e o primeiro terzo do século XX²⁰⁴, optamos, dada

²⁰³ Os traballos de Mirás (1864), Cuveiro Piñol (1868), Saco Arce (1868), Valladares (publicada en 1970 mais redixida en 1892), Cornu (1906a, 1906b), Carballo Calero (cuxa primeira edición é de 1966) ou Carré Alvarellos (1967), por exemplo, están escritas en español; contrastan con este grupo de estudos os traballos de R. A. (1919) e de Lugrís Freire (1931; editado pola primeira vez en 1922), que están escritos na nosa lingua. E cos primeiros e cos segundos contrastan, igualmente, as obras de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1993; a primeira edición é do ano 1986), Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988) ou Freixeiro Mato (1998b, 1999, 2000 e 2002), vehiculizadas na lingua propia do país e orientadas desde e para o galego. Para un achegamento á filosofía lingüística de cada traballo e á súa valía científica, véxase Freixeiro Mato (1998b: 32-37); tamén Mariño Paz (1998: 489-513) para unha visión xeral dos estudos lingüísticos alén dos propiamente gramaticais. É tamén de utilidade, para as gramáticas do XIX, Henríquez Salido (1986: 443-467).

²⁰⁴ Sobre os traballos dedicados á lingüística galega do período comprendido entre 1913 e 1936 pode verse Fernández Salgado (2000).

a escaseza, particularidade e idiosincrasia dos traballos referidos á lingüística galega, por ofrecermos unha panorámica o máis exhaustiva posíbel, non tanto pola información filolóxica que cada obra puiden ter como polo valor historiográfico que cada contributo posúe. Para a segunda etapa, no entanto, tivemos en conta non o criterio de exhaustividade mais o de selección daqueles títulos máis sobranceiros da literatura gramatical galega por seren, do noso punto de vista, se non todos, polo menos os máis representativos.

4.2.1.1. Do século XIX até 1936

Comezándonos este percurso polas obras de lingüística galega do século XIX, cómpre facermos mención a Rodríguez, autor do primeiro dicionario galego-español (1863), que recolle unha parte das variantes dialectais existentes na Galiza da época. Así as cousas, rexistra para T1 e T2 unicamente as formas con <i> no radical (1863: 78, s.v.), exemplificándoas con *iste*, *isto* e *iso*, a pesar de que figura tamén *estoutro* (1863: 63, s.v.); para T3 recolle a dupla posibilidade no radical, isto é, *aquelo* e *aquilo*. Dos pronomes invariábeis cita tamén a circunstancia de se daren no portugués, ao paso que do correspondente de T2 apunta o feito de se poder encontrar en Sarmiento.

No que se refire ás gramáticas, o primeiro contributo de que temos noticia é o de Mirás (1864), obra certamente de escuálido rigor²⁰⁵. Nas páxinas dedicadas a desenvolver o sistema pronominal da nosa lingua (1864: 14-16) unicamente trata os persoais, motivo por que non sabemos se tiña constancia da existencia de variantes xeográficas no paradigma dos demostrativos nin, se fose o caso, por cales formas se tería decantado. No entanto, o galego que está a describir correspóndese co da comarca de Compostela, en que son exclusivas, como en máis partes de Galiza, os pronomes con radical <e>; isto pode estar ligado ao feito de que nos textos que figuran ao final da obra, provenientes da pluma do propio autor, non aparezan formas marcadamente dialectais ou de natureza arcaica: *De estes sempre con tres acompañado* (Mirás 1864: 78); *Aquel rey do inferno asi firido* (Mirás 1864: 70); *Así desía aquela chusma infame* (Mirás 1864: 66); etc.

A gramática de Saco Arce (1868), dunha maior profundidade científica a respecto do traballo de Mirás, dedica tres páxinas a describir as formas da serie obxecto do noso estudo (1868: 58-60), nas cales, conforme o xa tratado máis arriba, nos faci-

²⁰⁵ Concibido como un manual destinado a aquelas persoas que descoñecían a lingua galega e que, “mientras no llegue un tiempo en que la civilización [...] nos haga por así como formamos una sola nación, también de un mismo lenguaje” (Mirás 1864: 6), tiñan, por motivos varios, de falar acotío cos labregos e mariñeiros, non é máis do que unha mostra da fala popular compostelá moi influída polo español. Incluímolo, non obstante, polo seu contraste con ulteriores e máis dignas gramáticas, séndomos sabedores da súa practicamente nula valía filolóxica.

lita, brevemente, interesantes datos morfolóxicos e diatópicos. Unha destas informacións ten a ver coa regularización das raíces tónicas <e> e <i>, pois Saco, consciente dunha relativa mais imprecisa diferenciación territorial da lingua, non dubida en ofrecer as dúas posibilidades como perfectamente válidas, mesmo no caso das hoxe esporádicas formas femininas: *iste* / *este*, *iso* / *eso*, *istas* / *estas*. En coherencia coa súa descrición, o autor inclúe os pronomes compostos modernos *estoutro* / *istoutro*, *esoutro* / *isoutro*, etc. (1868: 59). De secundarmos a hipótese de Carballo Calero (1979: 198), para quen as susoditas formas na lingua actual “se sienten ya como arcaísmos”, tales pronomes debían de posuír unha relativa vixencia de utilización na oralidade decimonónica, motivo que debeu de levar Saco Arce a consideralas parte integrante do esquema de deícticos.

Mais, finalmente, o que nos semella ser máis interesante é a inclusión dentro da clase pronominal dos demostrativos, aínda que non propiamente no paradigma, dos identificadores *tal* e *mesmo* (Saco Arce 1868: 59-60) que, ao noso ver, si se comportan como auténticos demostrativos nas relacións intratextuais de anáfora²⁰⁶: “Son también demostrativos el adjetivo *mesmo*, mismo y *tal*, cuando no es correlativo, como en la siguiente frase; *eu que tal vin, espanteime* [...]. Este adjetivo puede usarse sin sustantivo, á manera de neutro, como en el ejemplo propuesto”.

No mesmo ano de 1868 o relixioso Cuveiro Piñol, nun elemental tratado sobre as particularidades do galego, prescinde de tanta descrición e unicamente ten en conta os pronomes con raíz <e> e os seus compostos modernos (*estoutro* e *esoutro*), destacando, aliás, que o demostrativo galego se distingue do español nos plurais dos masculinos, na forma *aquela* e nos susoditos compostos (1868: 13). Algún tempo despois, o mesmo autor tería en conta certos fenómenos de índole diatópica, aínda que, por a nova obra se tratar dun dicionario, pouco ou nada di en relación ao estado e suceso dialectal: recolle *iste* e *isto* (1876: 169, s.v.), *aquela*, *aqueles* e *aquilo* mais non *aquel* (1876: 25), e ofrece, para *iso*, a información de que se ouve “en varios pueblos de la raya con Portugal” (1876: 169, s.v.). Para explicar as ausencias de *este* e *ese* coas súas respectivas flexións de número e de xénero, tamén notábeis en Rodríguez (1863), pensamos que se pode defender a hipótese de que os autores só incluíron aquelas formas distintas do español, a pesar de que no caso de Cuveiro, dadas as palabras a modo de prólogo que inician a obra, non semella tirarse esta conclusión²⁰⁷.

²⁰⁶ No entanto, a súa consideración dentro dos pronomes demostrativos sería esquecida case por completo en posteriores gramáticas, do noso punto de vista infelizmente, pois unha boa parte das funcionalidades que poden desempeñar as formas comúns é, asemade, susceptible de se encomendar a estes pronomes: *Nunca dixerá esas palabras* vs. *Nunca dixerá tales palabras* / *Nunca dixerá tal*, etc.

²⁰⁷ Véxase Cuveiro Piñol (1876: [2] “Al lector”, no final), quen declara: “Por último, también notará el lector algunos términos castellanos”, nomeadamente no mundo da botánica e da flora.

O apendiciario traballo de Martínez González (1883: 122-123), quizá debido á natureza da obra²⁰⁸, nada acrecenta ás exposicións anteriores, estando latente un marcado carácter diglósico en todo o aparato descritivo: “Los pronombres yó, tú, ese, este, aquel, mio, tuyo, suyo, que, quien, cual, cuyo, uno, alguien, nadie, **se pronuncian** *eu, ti, él, este, ese, aquel, meu, teu, seu, que, quen, cal, cuyo, un, alguén* e *ninguén* [a negra é nosa]”. O único que lle chama a atención dos pronomes demostrativos, en certa consonancia con Cuveiro Piñol (1868: 13), é a diverxencia na flexión de número entre o galego e o español, xa que as “palabras este, ese y aquel, son iguales en gallego que en castellano, pero si cambian á plural, debe decirse *estes, eses, aqueles*, en vez de *estos, esos y aquellos*”²⁰⁹. Máis unha vez, conforme acontecía con Mirás ou co traballo do eclesiástico Cuveiro de 1868, o autor semella descoñecer as formas con <i> no radical, feito que, tal vez, teña a ver coas súas ideas sobre o que é galego culto face a un galego popular²¹⁰ ou, máis probablemente, coa área en que transcorreu a súa vida.

O dicionario de Valladares (1884) segue de perto o seu antecesor, o de Rodríguez, ofrecéndonos, para T1 e T2, só as formas con radical <i> (1884: 328, s.v.) (*iste, isto, ista, ise, isa* e *iso*), encanto que nun idiomatismo popular que cita (*esta si que a è, esta si que a foi*, 1884: 229, s.v. *esta*) e nun pronome composto moderno recollido (*estoutro*, 1884: 231, s.v.), o demostrativo aparece coa raíz <e>. Nos deícticos de T3 unicamente se documentan as formas con <e>, cuxo feminino presenta vogal palatal media aberta (*aquèla*). As mesmas preferencias morfolóxicas veñen rexistradas nos seus *Elementos*²¹¹ de 1892, aínda que con algunhas diferenzas: por un lado, ofrece como demostrativos galegos de singular unicamente as formas con

²⁰⁸ Así parece ser a termos en conta que as nótulas gramaticais que elaborou están concibidas como unha primeira aproximación á lingua galega, estando incluídas cara ao final dos seus *Poemas gallegos*. Neste sentido, cómpre clarexarmos que non teremos en conta outros contributos residuais que se poden achar nalgúns textos literarios, como o de Cabo Pastor (1929: 7-11), dado que a información que achegan non centra o noso interese máis inmediato.

²⁰⁹ Como tamén ponderaría Pérez Ballesteros nun comentario a rodapé: “El demostrativo plural masculino *esos* en castellano tiene el equivalente gallego *eses*” (*CPG*, II 56, nota 2).

²¹⁰ Cfr.: “También deploramos que nuestros vates contraigan el decidido empeño de escribir (aun cuando no se trate de asuntos vulgares) en vez del gallego culto ó perfeccionado de las poblaciones, el rudo y mal escogido que emplean nuestros aldeanos, creyendo ser más exactos al descender á lo tosco, que al usar el estilo escogido del gallego bien hablado” (Martínez González 1883: 130). A respecto destas afirmacións, Carballo Calero (1981a: 450), comentando a obra de tal autor e dadas as condicións en que estaba a lingua nas cidades, afirma que non “se comprende ben cál podería ser, en tempos de Martínez González, ‘o galego culto [...] das grandes poboacións’”.

²¹¹ O testemuño de Valladares pode ter a súa relevancia dadas as ideas que sobre o galego tiña o autor, en cuxa obra é notoria unha propositada nivelación co español e un inxustificado rexeitamento de fenómenos tipicamente galegos, como o infinitivo flexional. Concordamos así con Moralejo Álvarez (1977: 86) cando sinala que Valladares “rexeita unha serie de construcións enxebres que ten por deturpacións rústicas: pra il o galego estaba máis perto do castelán do que di a boa filoloxía e proba a realidade”.

raíz <i> (se ben coa excepción xa vista de *aquèla*), cuxos respectivos plurais, non obstante, alternan o anterior radical co máis común en <e> (*estes / istes, eses / ises*, etc., mais somente *aquèlas*); aliás, aplica estas variantes, con Saco, ás combinacións con *outro*, producindo deste modo *estoutro / istoutro, estoutra / istoutra*, etc. É curioso, neste sentido, que para os singulares de T1, T2 e T3 só proporcione as variantes lucu-aurienses en <i> encanto que para os compostos modernos acuda á dupla posibilidade dialectal, como, aliás, tamén non deixa de ser chamativo que unha particularidade tipicamente occidental ([a'kɛla]) figure ao lado dun fenómeno dialectal do centro do país (*iste, ise*, etc.) en que se non rexistra o demostrativo feminino de T3 con vogal palatal media aberta.

Cornu, á súa vez, partindo do traballo de Saco Arce²¹², explica que “los pronombres y adjetivos demostrativos suenan poco diferente de los portugueses” (1906b: 29) e describe un sistema de deícticos en que tanta cabida teñen os radicaís coa vogal palatal media fechada como aqueles co fonema palatal fechado. Deste modo, ofrece dous paradigmas, o primeiro deles coa raíz <i> mesmo para *aquila*, que alterna con *aquèla*, e o segundo con radical <e>, en que o feminino de T3 pode ter as variantes *aquèla* e *aquèla*. Os compostos modernos participan da mesma duplicidade canto ao elemento palatal (*estoutro / istoutro*, etc.), concluíndo a subliñar, máis noutra ocasión, as súas débedas coa gramática de Saco cando di que as “formas en *i-* se emplean en el Sur de Galicia” (1906b: 29).

Máis datos nos ofrece García de Diego²¹³ no seu traballo de 1909 (1984: 99). Del ponderamos, primeiramente, o feito de equiparar todas as formas reforzadas medievais coas simples, vernizadas todas elas cos óleos das isoglosas dialectais caracterizadoras do radical vocálico; deste modo, partíndomos da súa descrición, existirían no galego de comezos de século as seguintes variantes para a primeira persoa (a segunda non presenta o reforzo *ACCU): *iste, este, aquiste, aqueste / ista, esta, aquista, aquesta / isto, esto, aquisto, aquesto*. Canto á súa adscripción xeográfica, en parcial consonancia con Saco Arce embora se mostrando un bocado máis preciso, fai constar que as variantes co radical <i> “son peculiares” da provincia de Ourense (1984: 156).

Mais, a pesar da información que nos proporciona, debemos ser cépticos e contemplar coas naturais reservas o que alí figura escrito dada a especial singularidade

²¹² O propio autor así o declara (1906a: 7) cando escribe que na súa exposición “he tenido en cuenta la excelente *Gramática Gallega* de Juan A. Saco Arce, publicada en Lugo en 1868”, mais sen ser exclusivamente, xa que algúns “preciosos datos suplementarios me los proporcionó la lectura de considerable número de modernos textos gallegos, publicados en su mayor parte, en la *Biblioteca Gallega* de La Coruña”.

²¹³ A pesar de que se trata dun estudo eminentemente diacrónico, o único desta índole que había en Galiza até a *Gramática histórica galega* de Ferreiro (1999, 1997), e que, por aquel motivo, non lle correspondería figurar aquí, decidimos usalo por nos facilitar datos dialectolóxicos que si se axustan ás finalidades deste apartado.

de dalgunhas formas, como *aquiste* ou *aquista*²¹⁴, probabelmente inexistentes na oralidade de hai cen anos. O feminino de T3 figura baixo a forma *aquela*, aínda que tamén apunta, residualmente, a variante *aquila*, de que se limita a afirmar en nota a rodapé que se documenta no idioma arcaico e “alguna vez en la lengua actual “ (1984: 99, nota 1). A información para o feminino de T3 dificulta a consideración dos demostrativos *aquiste* e *aquista*, pois habería que explicar por que os incluíu no paradigma e por que rexeitou *aquila*; sabido é que este pronome é ben raro, circunstancia que clarifica a súa referencia en nota, mais moito máis estrañas son, do noso punto de vista, as anteriores formas reforzadas con radical <i>.

Alén do anterior, temos de facer referencia obrigada ao seu testemuño sobre os plurais para o masculino de *aquel* por nos facilitar a información, xa coñecida, das dúas posibilidades morfolóxicas de plural, isto é, a histórica e a analóxica coas palabras acabadas en -l: *aquiles*, *aqueles* / *aqués* (García de Diego 1984: 99). Por outra banda, seguindo outros gramáticos da época, fai referencia aos demostrativos compostos modernos *istoutro* / *estoutro*, mais coa particularidade de incluír mesmo as formas sen flexión *istoutro* / *estoutro* (< isto / esto + outro), *isoutro* / *esoutro* (< iso / eso + outro) e *aqueloutro* (*aquelo* + *outro*).

Do inconcluso dicionario galego-español da RAG (1913-1928), precisamente por se tratar dunha obra inacabada, non podemos saber se tería en conta unha gama dialectal tan ampla como a de García de Diego, aínda que, á luz que nos proporciona o texto que se chegou a publicar, non semella que desmerecese demasiado a cantidade de variantes consideradas polo filólogo burgalense²¹⁵: os demostrativos de T3 figuran coas formas *aquel*, *aquele* e *aquil* e co composto moderno *aqueloutro*, encanto que para T1 e T2, nesa mesma correlación alfabética, se recollen os reforzados *aqueste* e o *aquese* (1913-1928: 207-208, s.v.). O pronome reforzado antigo de T1 é exemplificado con textos trobadorescos e notariais, como tamén se acode ás mesmas pretéritas lexitimacións para expor casos de *aquisto*.

²¹⁴ O galego da zona de Pontevedra foi o que maiormente escoitou García de Diego, área de que actualmente parte unha das isoglosas para *isto* / *esto*. Pode ser que de aquí se dese unha propagación analóxica para o masculino e feminino, hipótese que, sen a reprobarmos, a cuestionamos, ou que, efectivamente, a fala pontevedresa de hai case cen anos tivese nos seus paradigmas do demostrativo esta diversidade de formas, situación que aínda nos custa máis admitir dado o seu nulo testemuño ao respecto. Por outra parte, repárese en que, mesmo dándonos por asente a vixencia oral, coas naturais diferenzas de frecuencia na espontaneidade oral decimonónica, se torna suxectivo acreditarmos na utilización das formas reforzadas arcaicas, máis aínda, se cabe, ao vérmolas cruzadas coas isoglosas dialectais *iste* / *este*, de onde saen uns resultados certamente insólitos se os confrontarmos coa lingua actual.

²¹⁵ Véxase López Varela (2001b: 124), quen, analisando como é que se debía levar a cabo o proceso de elaboración do *Dicionario*, salienta que debían aparecer todas as variantes, tanto no que se refire ao variacionismo semántico para un mesmo vocábulo como para as formas dialectais. Sobre os dous proxectos da RAG, o da *Gramática* e o do *Dicionario*, véxase López Varela (2001b: 121-136).

Santiago y Gómez (1918: 187-188) enmárcase no contexto dos anteriores estudos de natureza semellante, aínda que non idéntica, no que di respecto ás variantes formais, pois ofrece, para os tres graos da deixé, quer as formas con <i> (agás no feminino de T3), quer as variantes maioritarias con <e>. Os radicais dos masculinos e femininos en <e> merécenlle ser considerados particularidades “de algunas comarcas”, xa que parte, erradamente, de que a forma innovadora é aquela que transformou as vogais tónicas latinas nesta raíz en <e>. Tamén recolle os demostrativos compostos, tanto os coñecidos como medievais, mais unicamente en T1 (*aqueste*, *aquesta*, *aquesto*), como os de criación posterior, resultado da combinación dos primitivos simples con outro (*est-outro*, *es-outro*, *aquel-outro*).

O galego da comarca da Coruña está presente no *Compendio* de R. A. (1919), siglas empregadas por Leandro Carré, xa que unicamente se limita a citar, por un lado, as formas máis comúns con raíz tónica <e> en todos os casos, vestidas parcial e incongruentemente con traxes foráneos nas marcas diacríticas: *éste*, *ésas* vs. *ese*, *aqueles*, etc. (1919: 13); por outro lado, continúa a dar conta da existencia dos compostos *estoutro*, *esoutro*, etc. (1919: 13) e nada apunta a respecto doutras variantes como as medievais ou as que posúen radical <i>.

Na mesma liña de R. A., Luguís Freire, que publica a súa obra primeiramente en 1922, baséase na lingua da bisbarra da Coruña e das Mariñas para a súa descrición gramatical. Quer isto indicar que lexitimiza as formas con raíz tónica <e> en todos os casos, ao paso que tamén apunta seren “dialectás” as que presentan o radical <i> excepto nos pronomes invariábeis, pois se “teñen certo sentido neutro e non se refiren a persoas, poden escribirse *isto*, *iso*”²¹⁶, acrescentando que “nos demais casos [*iste*, *ise*, etc.] non sería correito” (1931: 34). Temos, así, o primeiro posicionamento acerca do que debe ser empregue como estándar realizado desde unha gramática, cuxo autor prescribe aquelas formas con radical en <i> por as considerar particularidades locais e lexitima un modelo ou paradigma de pronomes coa raíz <e>, aínda que permite que os elementos invariábeis posúan <i>.

Cómpre, asemade, anotarmos a feliz circunstancia de incorporar o identificador *mesmo* no paradigma dos demostrativos en consonancia con Saco, de quen Luguís, segundo opinan algúns investigadores actuais²¹⁷, se apropiase moi probabelmente dunha substancial parte da súa *Gramática* de 1868: “O pronome demostrativo *mesmo*, *mesma* têm varias apricaciós na morfoloxía da nosa fala. Úsase tamén como adxectivo, como adverbio, e como equivalente de formas adverbias” (Luguís Freire 1931: 34).

²¹⁶ O coñecemento da lingua portuguesa puido tal vez influír na sentenza deste autor, pois el rexeita por incorrectas outras variantes diatópicas con radical <i> aínda que autoriza a utilización das formas invariábeis coa raíz <i> en coincidencia co estándar lusitano.

²¹⁷ Véxase Santamarina (1974: 194), Carballo Calero (1979: 34) e Freixeiro Mato (1998b: 35).

Noutra orde de cousas, continúan a se corroborar as variantes dialectais noutros traballos de índole semántico-lexical: o dicionario de Carré Alvarellos (1928-1931) recolle *iste*, *ista* e *isto* (mais *estoutro*, 1928-1931, II: 81, s.v.), *ise*, *isa* e *iso* (1928-1931, II: 162, s.v.) e *aquele* ~ *aquil*, *aquela* e *aquelo* ~ *aquilo* (1928-1931, I: 157, s.v.). Pola súa parte, en IF (1933) aparecen, para os pronomes españois *este*, *esta* e *esto*, os equivalentes galegos *este*, *esta* e *esto*, *iste ista* e *isto* e tamén *aqueste*, *aquesta* e *aquesto* (IF 1933: 127, s.v.); os correspondentes casteláns de T2 identifícanse con *ese*, *ise* (1933: 123, s.v.) e *eso*, *iso* (1933: 124, s.v.); e dos equivalentes para T3, en confronto, unicamente se recollen as formas con radical <e>, marcando a vogal palatal media aberta, conforme outros traballos anteriores, coa grafía *aquèla*.

Finalmente, a multidisciplinar obra de Couceiro Freijomil (1935) dedica, nas súas páxinas destinadas á gramática da lingua, unhas breves palabras a desenvolver o tema que nos ocupa, englobado baixo o epígrafe dos adxectivos. Na liña dos estudos anteriores, manifesta a tolerancia a respecto das formas máis comúns co radical <e> e das que presentaren vogal palatal fechada, excepto, tamén en congruencia con traballos precedentes, para o caso de *aquela*; por outra parte, é de destacar o seu testemuño sobre o plural *aqués* (1935: 137), tamén constatado en obras anteriores como na de Saco Arce.

4.2.1.2. De 1936 até a codificación normativa dos anos 70-80

Após o hiato dos sucesos acontecidos nos anos 1936-1939 e das súas consecuencias ulteriores, temos de agardar algunhas décadas para encontrarmos obras relativas á lingua galega. Unha destas é o dicionario de Rodríguez González, publicado en 1958, o cal, participando da nosa tradición filolóxica, recolle todas as posibilidades dialectais, como *este* (1980, II: 205, s.v.) e *esto* (1980, II: 298, s.v.) ao lado de *iste*, *ista* e *isto* (1980, II: 500, s.v.), *ise*, *isa* e *iso* (1980, II: 500, s.v.) e mesmo *aquele* ou *aquila* (1980, I: 207, s.v.), etc. Para as segundas das variantes convén salientarmos que se mostra bastante preciso na súa correspondencia xeográfica ao adscribilas ao “uso común de la provincia de Orense” e a “otras comarcas gallegas”. No que se refire aos pronomes compostos, Rodríguez González inclúe os medievais *aqueste*, para que dá como outra posibilidade a forma *aquiste*, e, inclusive, *aquese*, mais indicando deles o seu escaso uso (1980, I: 207, s.v.). Tamén recolle os modernos *estoutro* e *esoutro*, ao paso que sinala que na provincia ourensá son frecuentes as variantes *istoutro* e *isoutro* (1980, I: 500, s.v.).

Outro daqueles traballos é a gramática de Carré Alvarellos (1967), que nos proporciona unha singular descrición do paradigma de demostrativos, insólita nalgúns aspectos até o momento: reiterando, máis unha vez, a xa tradicional duplicidade da vogais tónicas <e> e <i> no radical, inclusive para o feminino de T3 (1967: 66), e corroborando, tamén en máis nunha ocasión, a vixencia das variantes compostas *estoutro*, *esoutro*, etc. (e *istoutro*, *isoutro*, etc.), inclúe nos deícticos *o*, *a*, *os*, *as*

“cuando van antes de *que* o *de*: *todo o que Xan lle dixo é mentira*” (1967: 66). Acrecenta, aliás, a posibilidade de se poder comportar como un demostrativo se for “antes o después del verbo: *fixéchel-o ti* [...]”; *que ti és honrada ninguén o pon en dúbida*” (1967: 67), e ten en conta, por outro lado, as formas *mesmo* e *outro* como palabras merecentes de faceren parte dos demostrativos se precedidas dun artigo, dun pronome persoal ou dun deíctico: “*Antón ten dous fillos: un é bô, mais o outro ninguén o atura* [...]”. *Este libro é o mesmo que ti querías lêr*” (1967: 67).

Máis información nos brinda a gramática de Carballo Calero, publicada primeiramente en 1966, obra que, con certeza, foi toda unha referencia durante os anos setenta. A necesidade de establecer uns parámetros para a codificación normativa que por aqueles anos comeza a abrollar lévao a propugnar como pronomes demostrativos do galego común un sistema en que o masculino e o feminino presentan raíz <e>, ao paso que para o pronome invariábel prefere a hipercharacterización co radical a través da vogal <i> (1979: 197)²¹⁸; no entanto, nota que a extensión daquel a todas as formas dos pronomes constitúe para el “un sistema máis coherente desde el punto de vista fonético”. Por outra parte, apunta que na linguaxe literaria teñen particular suceso as variantes *iste*, *iste*, etc., insinuando así unha distinción entre a expresión escrita e a realidade dialectal da lingua, encanto que os demostrativos compostos, tanto os antigos como os modernos, lle merecen a opinión de seren, na literatura, “poco o nada usados” e de se percibiren “ya como arcaísmos”.

Finalmente, os traballos sobre o léxico galego que nestes anos voltan a se dar a estampa son partícipes, así mesmo, da variabilidade dialectal dos nosos pronomes. É o caso, por exemplo, de Franco Grande, cuxa obra sae do prelo en 1968, o cal bota man da diversidade de radicais no seu dicionario, circunstancia verificábel en todo o paradigma até para o feminino de T3: *este* (1975: 483, s.v.) ~ *iste* (1975: 568, s.v.), *aquel* ~ *aquil*, *aquela* ~ *aquila* (1975: 106-107, s.v.), etc. En consonancia con este estudioso, a obra de Crespo Pozo apunta tanto as formas con radical <e> como as que presentan <i>, sinalando para estas, como xa antes fixera Rodríguez González, a súa procedencia lucense e ourensá (1972, I: 115, s.v.; 588, s.v.; 600, s.v.); canto aos pronomes compostos, figuran *estoutro*, *isotoutro*, para T1, e *esoutro*, *isoutro*, para T2, mentres que, marxinalmente, recolle *aqueste* e *aquista*, do primeiro a explicar que é forma típica da lingua trobadoresca (1972, I: IV, s.v. “Cos.”) e do segundo argüíndo que se documenta en LCA a pesar de esta sigla non vir recollida nas indicacións iniciais (1972, I: VII, s.v.)²¹⁹.

²¹⁸ Empregamos a derradeira edición en vez da primeira por, logo de a gramática ter sido editada en sete ocasións, existiren diferenzas entre ambas as actuacións editoriais que se translocen nunha distinta filosofía da lingua en certos aspectos do que debe ser a variedade padrón.

²¹⁹ As tendencias seguidas após a codificación normativa da década de 70 e 80 fixo que na maior parte dos dicionarios posteriores non figurasen as variantes dialectais con vogal radical <i>, como é o caso, entre outros, da obra de Navaza Blanco / Lastra Muruais (1994) ou de García / González González (1997). No entanto, a vinte anos logo da aprobación das actuais normas ortográficas e morfolóxicas, os pronomes

4.2.1.3. *Síntese: cadro esquemático dos paradigmas de demostrativos nos traballos sobre a lingua galega*

Do confronto dos diversos tratados gramaticais, compendios, dicionarios, así como dos traballos doutra índole, axiña xorden algunhas consideracións que, coidamos, deben ser apuntadas. A primeira está relacionada co diferente status que se lles outorgou ás variantes diatópicas pois, encanto a maioría dos estudiosos son conscientes da súa existencia, algúns padronizan unicamente unhas determinadas formas, como LUGRÍS Freire, mentres outros dan en conceder igualdade de rango ás variantes coa dupla posibilidade na raíz, cal Saco Arce, Cornu, Valladares ou Carré Alvarellos, sen faltaren descrições en que figuran os demostrativos reforzados medievais, como por exemplo García de Diego ou Santiago y Gómez. Dous factores axiron seguramente neste distinto tratamento: por un lado, os obxectivos do autor condicionan a escolla de unicamente unhas formas; o feito de describir o idioma galego sen, aparentemente, pretender erixirse en autoridade normativa, é detectábel nalgúns estudiosos (Valladares, García de Diego, Crespo Pozo, etc.), ao paso que tentar proporcionar indicacións morfolóxicas concretas implica facer unha selección de entre as variantes existentes na oralidade da época, tal como semella ser o caso de LUGRÍS Freire ou aínda de Carballo Calero. Por outro lado, a rexión en que naceu o respectivo autor pode estar detrás da preferencia manifesta por estas ou por aquelas variantes; o exemplo de LUGRÍS, coñecedor dos pronomes co radical <i>, así o parece indicar cando afirma que non é correcto empregar os demostrativos con esta raíz agás na forma invariábel.

En segundo lugar, chama tamén a atención o desigual tratamento que inspirou a correspondencia xeográfica da morfoloxía dos demostrativos, en moitos casos inexistente (cal nalgúns dos dicionarios), en ocasións certamente imprecisa (como se deriva do exposto por Saco Arce, Cornu ou Cuveiro Piñol). No entanto, non é isto de estrañar a termos presente o estado dos estudos de lingüística galega naquela altura, dos cales a dialectoloxía é unha das disciplinas²²⁰, como tampouco é de estra-

con tal raíz voltan a aparecer en Carballeira Anllo (2000), aínda que cun corpo de letra menor que os secundariza en relación ás formas do galego estándar. Na “Introducción” da devandita obra figuran as explicacións que motivaron o regreso de *iste*, *ise*, etc. ás súas páxinas: “Que termos usuais da fala e da escrita non aparezan recollidos nestas obras lexicográficas [aquelas en que só se lles daba prioridade ás variantes do padrón] porque o modelo de lingua que se reproduce é o estándar, crea desamparo e inseguridade no usuario que, non entendendo as razóns, acaba descualificando o dicionario que ten nas mans e, por extensión, a lingua [...]. A pretensión é que este dicionario poida resolver calquera dúbida sobre o léxico que aparece nas obras escritas contemporáneas e que recolla tódalas palabras de uso común no idioma actual, sexan estas galegas ou non, normativas ou non, estándares ou non” (Carballeira Anllo 2000: VII-VIII). Mais, con anterioridade á publicación destes traballos na actualidade, noutros dicionarios modernos, que non seguen as liñas do galego normativo, podemos, aliás, achar as entradas para os pronomes dialectais, como é o caso de Alonso Estravís (1986, I: 237, s.v. *aquil*; 1986, II: 1561, s.v. *ise*; etc), aínda que remete para as formas do galego común *aquel*, *ese*.

²²⁰ Secundamos así a opinión de Carballo Calero (1981b: 123-124, nota 1) cando se referiu ás divisións dialectais dos fins do XIX e dos comezos do XX afirmando que aínda que en tales “propostas de determinación dialectolóxica non falem univocamente intuicións interesantes, nengunha, nem a do mes-

ñar, partíndomos da desigual formación filolóxica dos autores, a repararmos nas finalidades perseguidas en cada obra respectiva e, tamén, no suceso literario das formas co radical <i>, posibelmente recollidas nalgunha gramática ou traballo pola súa presenza na literatura contemporánea. Obsévese, con todo, que as obras de Rodríguez González ou Crespo Pozo non estaban demasiado erradas cando atribuían as formas con <i> ás comarcas de Lugo, nunha época en que a xeolingüística galega aínda se encontraba a saír do berce e comezando a camiñar.

Falarmos do éxito na linguaxe literaria de determinadas variantes lévanos a comentar a derradeira das cuestións a que facíamos referencia ao principio. É moi probábel que a motivación dialectolóxica a respecto do paradigma dos demostrativos na obra de Carré Alvarellos de 1967, e non só, estivese supeditada polo peso con que foron empregues as formas lucu-aurienses por unha boa parte dos nosos clásicos modernos, e tamén é bastante probábel que a situación na oralidade desde os tempos do dicionario de Rodríguez até Carré Alvarellos se modificase ao diminuír a extensión territorial de tales variantes. Por este motivo, quitando algúns datos certamente singulares, como os *aquiste* e *aquista* de García de Diego, Rodríguez González ou Crespo Pozo, pensamos que a información que neste sentido nos poidan proporcionar os diferentes estudos será tanto máis certa canto máis nos retrotraermos no tempo e, subsecuentemente, somos da opinión de que cómpre relativizarmos certos contributos modernos, cal os tres antecitados traballos.

Mais os que deben ser relativizados en primeira orde antes das gramáticas, a pesar de nos informaren da existencia de variantes, son os dicionarios, pois non se conciben como obras selectivas mais como traballos de índole compilativa. En harmonía con González Seoane (véxase Monteagudo 1999: 357), tales contributos parten antes da recollida do que da escolma²²¹, baséanse nos feitos que diferencian o galego do español e non aspiran a dar conta ordenadamente da componente lexical da nosa lingua. Así e todo, o que se lles non pode negar son os testemuños que nos proporcionan para os nosos obxectivos, e a eles apelamos, sen os dogmatizarmos, pola información que nos ofrecen.

Na tabela que ofrecemos a seguir non se pretende senón ilustrar esquematicamente as distintas consideracións que a clase mostrativa tivo nos nosos estudos gramaticais até a codificación normativa dos anos 70-80; non entramos a valorizar as preferencias do

mo Saco possui verdadeira validez”, acrescentando que son “superficiais, ou incoerentes, ou arbitrarias, ou, simplesmente, infundadas”. Para unha visión dos estudos de dialectoloxía galega desde os meados do século XIX até a actualidade, véxase Carballo Calero (1981b: 122-123, nota 1), Santamarina (1982: 153-187) e Fernández Rei (1991: 31-34).

²²¹ Así, o dicionario de Cuveiro Piñol (1876) afirma ser o “más completo de lo publicado hasta el día” (1876: 1), como tamén o de Crespo Pozo (1972, I: 1) pondera o feito de incorporar o galego-portugués antigo (“con inclusión del gallego literario (galaico-portugués)”). Sobre este particular, véxase Mariño (2000: 45), quen sinala que na tradición lexicográfica galega sempre predominou o carácter compilativo antes do que un estritamente de utilización ou selectivo, tamén verificábel no tocante aos demostrativos compostos.

autor, nin o que se recomenda como padrón, se fose o caso, nin aínda se o radical <i> é aplicado a todas e cada unha das formas ou, polo contrario, somente a unha parte do paradigma. Reducimos, pois, o cadro comparativo aos seguintes índices, como son a) o testemuño da vogal palatal de grao medio aberta no feminino de T3 e/ou o fonema vocálico de grao medio fechado; b) a documentación de radicais en <e> e/ou o testemuño da raíces con <i>; c) a atestación dos pronomes reforzados medievais; d) o coñecemento dos compostos modernos; e e) as referencias ao plural *aqués*:

	Feminino T3 [‘ε]	Raíz <e>	Raíz <i>	Reforzados medievais	Compostos modernos	Plural <i>aqués</i>
Rodríguez (1863)	–	+	+	–	+	–
Mirás (1864)	–	(+)	–	–	–	–
Cuveiro Piñol (1868)	–	+	–	–	+	–
Saco Arce (1868)	–	+	+	–	+	+
Cuveiro Piñol (1876)	–	+	+	–	+	–
Martínez González (1883)	–	–	–	–	–	–
Marcial Valladares (1884)	+	+	+	–	+	–
Marcial Valladares (1892)	+	+	+	–	+	–
Cornu (1906)	+	+	+	–	+	
García de Diego (1909)	+	+	+	+	+	+
RAG (1913-1928)	–	+	+	+	+	–
Santiago y Gómez (1918)	–	+	+	+	+	–
R. A. (1919)	–	+	+	–	+	–
Carré Alvarellos (1928-1931)	–	+	+	–	+	–
Lugrís Freire (1931)	–	+	+	–	–	–
IF (1933)	+	+	+	–	–	–
Couceiro Freijomil (1935)	–	+	+	–	–	+
Eladio Rodríguez (1958)	–	+	+	+	+	–
Carré Alvarellos (1967)	–	+	+	–	+	–
Crespo Pozo (1972)	–	+	+	(+)	+	–
Franco Grande (1975)	–	+	+	–	+	–
Carballo Calero (1979)	+	+	+	+	+	–

En relación aos datos que barallamos para a elaboración deste cadro comparativo, restan dúas últimas reflexións: en primeiro lugar, obsérvase que moi poucas obras fan referencia á pronuncia con [‘ε] no feminino de T3, como tamén moi poucos traballos consideran os pronomes reforzados medievais ou a formación de plural analóxica *aqués*; e en segundo lugar, hai que notar, aliás, que, en confronto, non se achan na mesma situación nin o testemuño das variantes con radical <i> nin tampouco a constatación dos compostos modernos tipo *estoutro*. Destas particularidades, como pode comprobarse no cadro, fixéronse eco a maior parte dos estudiosos con que traballamos, uns posibelmente por describiren a lingua oral da época, como Rodríguez ou Saco Arce, outros pola inercia da tradición filolóxica, cal Couceiro Freijomil ou Carré Alvarellos.

4.2.2. Do substrato dialectal á conformación do estándar moderno: breve repaso ás consideracións normativas

As necesidades de codificar congruentemente a ortografía e a morfoloxía do galego, sempre presentes ao longo do século XX, tórnanse máis acusadas nos anos setenta e, maiormente, a partir da década seguinte, en que a nosa lingua recupera usos escritos oficiais até ese momento vehiculizados exclusivamente en español. En paralelo a este acrecentamento de funcións, temos de citar a incorporación do galego ao currículo escolar e, consecuentemente, o aparecemento das gramáticas escolares, destinadas nomeadamente a ese ámbito, que por estes anos comezan a se publicar. Todo este proceso, en fin, fixo necesario seleccionar, de entre os diferentes modelos que proporcionaba a oralidade e a literatura culta, unicamente unhas variantes a que se lles concedeu o rango de estándares, das cales, como é lóxico, non ficaron á marxe os pronomes demostrativos.

A primeira precisión que cómpre facermos é o feito de, a pesar de unha boa parte dos escritores e escritoras continuaren a empregar as formas que consideraban máis oportunas, se escolleran como estándares prioritarios dous dos esquemas de defécticos tratados anteriormente: por un lado, houbo posturas que regularizaron o paradigma coa raíz <e>, que é un dos maioritarios, encanto outros postulados, os mais subscritos na actualidade, preferiron como normativo o sistema en que a forma invariábel resulta hipercaracterizada a través do radical <i>. O primeiro é o único que figura descrito en ILG (1975: 92)²²², manual concibido para os escolinos aprenderen o noso idioma; no mesmo traballo, consoante a tradición gramatical galega, tamén se rexistran os compostos *estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro*.

²²² No entanto, é de xustiza facermos referencia ao feito de posteriores edicións deste manual de aprendizaxe recollen unicamente o sistema con hipercaracterización no pronome invariábel: no ano 1984, en que sae a quinta entrega deste traballo, xa unicamente figura o paradima *este, esta e isto* (ILG 1984: 93).

Anos máis tarde, como froito das conversas levadas a cabo entre o ILG, escritores, filólogos, etc., danse a lume as *Bases* (1977), en que os posicionamentos a respecto das formas padrón dos demostrativos, sen se teren alterado substancialmente, recomendan como estándar un sistema en que a forma invariábel presentase a súa vogal tónica hipercharacterizada, “cousa nada estraña á lingua, por ser [un sistema] diferencial do castelán e achega-lo galego ó portugués” (*Bases* 1977: 34, nota 11). Con todo, a igualación de radicais en <e> para todos os xéneros non “se rexeita [...], que ten na fala de hoxe unha extensión considerábel”. A dupla posibilidade ten sido a adoptada desde organismos oficiais, aínda que sempre a lle daren unha certa preferencia á solución máis harmónica coa lingua portuguesa: as últimas revisións das normas ortográficas e morfolóxicas vixentes na actualidade, aprobadas en 1982, ofrecen os dous paradigmas como variantes perfectamente válidas nunha lingua canónica (ILG / RAG 1995: 96), mais recollendo *esto*, *eso* e *aquelo* entre parénteses. En ambos os traballos, isto é, *Bases* (1977) e ILG / RAG (1995), as outras formas do galego actual *iste*, *ise*, etc., son referidas en nota a rodapé explicando que se trata de variantes xeográficas do idioma e que, por este motivo, non se deben proxectar para a lingua escrita común.

É digno de nota que, seguramente por un acaso, a mesma duplicidade morfolóxica que se observa nestas obras xa tivera un defensor por volta dos anos vinte e trinta. Con efecto, conforme o exposto na sección precedente, un autor como Luguís Freire (1931: 34) defendera tales sistemas de demostrativos, cuxa única particularidade diferencial a respecto dos traballos citados no parágrafo anterior consiste no estatus prioritario que o mariño lle confere ao paradigma *este*, *esta*, *esto* no canto de ao outro sistema alternativo, tal como figura nas propias *Bases* ou en ILG / RAG (1995).

Por outro lado, desde posicións máis ou menos diverxentes cos principios da normativa en vigor, ou sexa, desde aquelas posturas que advogan por un (maior) achegamento ao portugués contemporáneo, o número de posibilidades morfolóxicas fica reducido ao paradigma *este*, *esta* e *isto*. Así se recolle en AS-PG (1980: 32), clarificando que se non debe “empregar as formas de masculino e feminino con *i* [...] propias do galego ourensano das que tanto se abusou por diferencialismo” (AS-PG 1980: 32, nota 2); tamén en AS-PG’ (1980: 35), traballo criado a partir da cisión da primixenia Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, no cal figura como alternativa a forma *aquele*; do mesmo modo, é o único paradigma defendido pola AGAL (1989: 104, 222) ou por Castro López (1998: 112), este último a prescribir como canónica só *aquele* e a AGAL proporcionando as posibilidades *aquel* / *aquele*.

Durante as recentes décadas de 70, 80 e 90 foron desbotándose progresivamente as formas dialectais *iste*, *ise*, *aquil*²²³, etc., e concedéndoselle unha especial prioridade

²²³ Aínda que, como veremos no apartado seguinte, o seu rexeitamento non correu paralelo na linguaxe literaria, en que algúns autores continuaron a empregar tales variantes xeográficas mesmo até tempos ben recentes.

ao esquema *este*, *esta* e *isto*, inclusivemente desde posicionamentos oficiais²²⁴. Común ás dúas tendencias na elaboración dun padrón escrito moderno é, asemade, o feito de obviaren calquer referencia aos pronomes medievais *aqueste* e *aquese*, dada a residual presenza con que se conservan na oralidade moderna. Ficaron moi superadas pois, algunhas das descrições dos gramáticos do século XIX ou aínda do XX, como Santiago y Gómez (1918), Couceiro Freijomil (1935) ou Carré Alvarellos (1967). Unha feliz consecuencia que verifica a prioridade antes aludida reside no influxo que o estándar vixente operou nos hábitos das xeracións máis novas, as primeiras que tiveron a posibilidade de estudaren galego como disciplina do ensino; paralelamente a outros fenómenos de influencia da norma padrón, como a flexión de número tipo *animais*, *papeis* ou *funís*, en ocasións é notábel a acción da lingua normativa nos pronomes que nos ocupan, como acontece no galego de Santiago de Compostela segundo Dubert García (1999: 116): nas súas propias palabras, “o galego estándar comeza xa a sobreporse como variedade teito e a pasar formas ó galego popular de Santiago a través de fenómenos de variación lingüística. Esta penetración do galego estándar é posible seguila na morfoloxía dos demostrativos, pois no masculino indeterminado observamos que algúns informantes alternan a propiedade INDET simplemente a través da terminación /o/ (a vía que lles corresponde dada a situación xeográfica de Santiago [...]) coas hipercharacterizadas, que expresan a propiedade INDET ademais de coa terminación /o/ coa elevación da vocal radical a /i/”.

Convén subliñarmos, con todo, que a influencia da lingua padrón, polo menos nos demostrativos da fala coloquial compostelá, non é significativamente notábel, pois o mesmo autor (Dubert García 1999: 118), describindo os índices de aparecemento, declara que “son moi baixos” en relación aos propios informantes (en sete ocasións) e tamén a respecto doutros falantes (unicamente se documentan en dúas persoas, ambos os informantes de pouca idade).

Pola nosa parte, e como punto final para este apartado, coidamos que se debe recoller unicamente un sistema *este*, *esta*, *isto*²²⁵, para o cal, de lle buscarmos unha correspondencia xeográfica, vén coincidir co que nós denominamos máis arriba “Paradigma C”, rexistrado no extremo noroccidental da provincia da Coruña e en zonas colindantes da de Lugo. Neste sentido, no ilusionante proceso de unificación das propostas normativas modernas para a nosa lingua, levado a cabo durante case dous anos por membros destacados dos Departamentos de Filoloxía Galega das tres

²²⁴ Así, por exemplo, en obras non conceptualmente normativas mais destinadas, partindo da oficialidade, á aprendizaxe do galego, só se recolle o paradigma *este*, *esta* e *isto*. Tal é o caso de Arias López (1993: 115), o cal, no apartado das contraccións dos nexos preposicionais cos demostrativos, recolle as formas invariábeis co radical <i>

²²⁵ Este é o modelo que figura nas obras especializadas máis recentes, como Freixeiro Mato (2000: 198) ou Freixeiro Mato (2002: 114).

universidades do país e por integrantes do ILG, moderados e convocados todos eles pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, un dos puntos de acordo a que se chegou foi a supresión dos dobretes *isto / esto*, *iso / eso* e *aquilo / aquilo* a favor dos primeiros²²⁶. Logo de numerosas reunións entre eses investigadores, o texto foi levado coas propostas á Real Academia Galega para a súa consideración e esta, nunha decisión que deixou perplexos os profesionais do ensino, escritores, editores e os propios autores do acordo, rexeitouno por votación o día 17 de Novembro de 2001. No debate que se produciu na prensa a raíz dese rexeitamento, houbo moitas voces que criticaron a resolución da RAG por decembrar un proxecto desa transcendencia e importancia para a lingua galega, mais tamén se deixaron ouvir opinións, as menos, en que se apoiaba o resultado da votación, non unánime, dos académicos. Precisamente un destes, Ferro Ruibal (2001), argumentaba nun rotativo coruñés a favor da manutención dos citados dobretes a expor, entre outras cousas, que as formas con vogal palatal media fechada (*esto*, *eso* e *aquelo*) xa se encontraban nos textos medievais, e, con efecto, segundo vimos anteriormente, tales pronomes xa se achan no galego antigo, como tantos outros feitos de lingua documentados tamén na actualidade. Mais facer unha defensa de *esto*, *eso* e *aquelo* por este motivo pode levar a apoloxizarmos certos resultados medievais (gráficos, fonéticos e fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e lexicais) por, precisamente, se xa poderen rexistrar na Idade Media; se se partir de tal principio, por exemplo, haberá que se perguntar os motivos por que non escribimos como o facían os autores medievais, o que, sendo lexitimamente galego, había de nos aproximar ortograficamente do modo en que se escribe hoxe en día en Portugal, no Brasil e nos PALOP.

Por outro lado, o mesmo autor pondera que un sistema *este*, *esta* *isto* é minoritario, cousa que é obvia e, á vez, matizábel, pois é tamén certo que un paradigma *este*, *esta* e *esto* non abranxe un territorio tan amplo como opina Ferro Ruibal, xa que en toda a área lucu-auriense, conforme vimos, vigora o innovador *iste* en detrimento de *este*. Aliás, hai casuísticas e fenómenos recollidos polo estándar en vigor que fan parte del, e son ben máis minoritarios que o sistema de demostrativos que a nós nos parece máis adecuado: os casos da preposición *agás* ou da locución prepositiva *agás de*, dos igualmente nexos prepositivos *perante* ou *ata*, dos futuros de subxuntivo, da solución *o irmán / a irmá* (masc. e fem.), etc., constitúen exemplos de solucións contempladas no modelo de lingua culta con pouco apoio na oralidade actual (non tanto na tradición literaria moderna), sen que por iso haxa que pensar en que se deben eliminar desa variedade unificada.

En síntese, e enlazando co anteriormente dito, o modelo que propomos é o que segue:

²²⁶ Para un cadro das modificacións que conlevaba o froito dese traballo dos tres departamentos universitarios, do ILG e da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, véxase ANT (29-11-2001) e Fernández Rei (2001: 539-546).

		Masculino	Feminino	Forma invariábel
T1	Singular	<i>este</i>	<i>esta</i>	<i>isto</i>
	Plural	<i>estes</i>	<i>estas</i>	
T2	Singular	<i>ese</i>	<i>esa</i>	<i>iso</i>
	Plural	<i>esos</i>	<i>esas</i>	
T3	Singular	<i>aquel</i>	<i>aquela</i>	<i>aquilo</i>
	Plural	<i>aqueles</i>	<i>aquelas</i>	

No tocante á caracterización fonética, dáse como válida, desde postulados normativos oficiais, tanto unha pronuncia [‘ɛ] como [‘e] para o feminino de T3²²⁷, que ten a ver, na liña do exposto en 4.1.1.3, coas particularidades dialectais de cada zona. Na nosa opinión, na procura dun estándar fonético, e sen pretendernos invalidar ningún fenómeno diatópico fóra dese modelo de lingua culta, tal vez se debería ir promocionando nun futuro a curto e a medio prazo o demostrativo (e, congruentemente, o pronome persoal tónico feminino de P3 e P6, así como tamén o adverbio *daquela*) co fonema vocálico palatal medio aberto, xa que corresponde, do punto de vista demográfico, ás rexións máis densamente poboadas de Galiza (as actuais provincias da Coruña e Pontevedra), ao paso que, dunha perspectiva xeográfica, abranxe a metade do dominio lingüístico galego. Non se esqueza, aliás, que o portugués padróon escolleu as pronuncias abertas nestes pronomes e que identifica como características da linguaxe popular de certas áreas conservadoras, como Tras-os-Montes, as discrepancias dialectais, feito que cómpre valorármolo de cara a un maior achegamento coa lingua de Alén Miño.

4.3. Achegamento á rendibilidade dos demostrativos dialectais na literatura contemporánea: os demostrativos con radical <i>

Xa vimos no anterior apartado que o profesor Carballo Calero (1979: 197), tratando a morfoloxía moderna dos nosos pronomes, facía referencia á congruencia fonética que representa un sistema de deícticos cuxas formas posúen <e> no radical,

²²⁷ Así se recolle en Álvarez / Regueira / Monteagudo (1993: 159) cando, expondo o cadro dos pronomes persoais, se lexitima tanto unha pronuncia [‘ɛ]la / [‘e]las como [‘ɛ]la / [‘ɛ]las para P3 e P6 respectivamente, casos análogos aos femininos de T3. Véxase tamén Regueira (1994: 55), quen, logo de afirmar que na procura dun estándar fonético para o galego os criterios etimolóxicos deben ficar en segundo plano a respecto da extensión demográfica e xeográfica, dá por aceptábeis para ese modelo padróon tanto [‘ɛ]la e [‘ɛ]la ou *daqu*[‘ɛ]la e *daqu*[‘ɛ]la: “Nestes casos, hoxe por hoxe, non parece aconsellable recomendar unha das formas sobre a outra, por estaren ambas amplamente implantadas na fala e por non representaren ningún problema de comunicación, aínda que no futuro probablemente se opte por unha delas como máis representativa”. Por súa vez, Ferreiro (1999: 260) recolle unicamente na súa exposición a forma típica do occidente do país *aqu*[‘ɛ]la.

mais matizando que “en el gallego literario compiten con ellas las formas en *i*: *iste*, *ise* *aquil*”. Deste modo, estaba a constatar a presenza que tiveron na literatura contemporánea os demostrativos hipercaracterizados no radical coa vogal palatal fechada²²⁸: con efecto, ao longo do século XX déuselle a esta particularidade inicialmente dialectal unha transcendencia e unha canonización a través das obras literarias, sen dúbida orientada por vontade diferencialista a respecto do español, que non decorre paralela á realidade da lingua e que significa, aparentemente, do punto de vista do panorama de sistemas de paradigmas, unha desmesurada autorización para o esquema de demostrativos E2, visto nas páxinas precedentes.

Ora, é preciso clarificarmos, con boa lóxica, que os autores e autoras do presente século que se decantaron por ese sistema non coñecían con exactitude as variantes xeográficas de tales pronomes, de onde se infire que non adoptaron tal paradigma propositadamente, mais que empregaron aquel que estaba menos próximo do español, para cuxa elaboración (ou creación) o regularizaron sistematicamente. Tampouco parece defendíbel, dado o relativo descoñecemento que tiñan das formas dialectais dos demostrativos, pensarmos que acudisen á oralidade da época para a peneiraren e, logo, extraeren cada unha das variantes de que fixeron uso, senón que, na liña do anterior, semella ser máis críbel a sistematización do paradigma guiada pola procura de afastaren o galego da, na altura, única lingua oficial.

Para explicar o longo proceso de elaboración da lingua literaria contemporánea, Carballo Calero (1974: 35-37) dividiu a historia do galego escrito en tres etapas principais: a) galego dialectal, en que abrollan con naturalidade nas obras fenómenos de índole diatópica e que abranxe desde os inicios do XIX até a publicación de *Follas Novas* (Rosalía, *FN*); b) galego interdialectal, en que a lingua dos textos non se reduce unicamente ás particularidades dunha rexión mas que participa de trazos dialectais e que se corresponde coa edición de *FN* até a época das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos ou da Xeración Nós; e c) galego supradialectal, que parte deste período e se proxecta nos anos seguintes á Guerra Civil.

Cos mesmos obxectivos do que o filólogo ferrolán, Fernández Salgado / Monteagudo Romero (1995: 99-176), conxugando a presenza na lingua literaria contemporánea de popularismos, arcaísmos, dialectalismos e hiperenxebrismos, así como aínda o distinto éxito con que vigoraron os españolismos, dan en establecer catro períodos na conformación da lingua literaria común: a) galego popularista, adscrito cronoloxicamente ao século XIX; b) galego enxebrista, que se correspon-

²²⁸ De similar opinión é Graña Núñez (1993: 113): “Polo que ó pronome respecta, tal vez sexan os demostrativos os que presentan as formas dialectais cun maior índice de penetración tanto na fala como na escrita, moi especialmente aquelas formas que levan *i* no masculino: **iste*, **ise*, **aquil*”.

de desde os fins do XIX até o ano 1936; c) galego protoestándar, que abranxe desde este ano até os anos setenta; e d) galego estándar, paralelo cronoloxicamente ao derradeiro terzo do presente século. Aínda que con matices²²⁹, como trazos xerais respectivos de cada época son de salientar, para o primeiro estadio, a forte presenza de fenómenos da linguaxe popular na escrita; para o segundo, o consciente emprego de formas que diferisen no posíbel das homólogas españolas; para o terceiro, unha certa depuración de ambas as tendencias anteriores, que vai preludando un galego común; e para o cuarto, finalmente, o triunfo xeral de determinadas solucións lingüísticas e ortográficas, unhas veces por vía literaria e en ocasións por seren consagradas polas normas actuais en vigor.

Aplicándonos estes parámetros ao suceso literario que tiveron os paradigmas de defécticos, especialmente os sistemas con vogal tónica hipercaracterizadora ora no masculino (e no feminino), ora no pronome invariábel, ningunha das dúas clasificacións anteriores nos pode satisfacer totalmente, pois, por exemplo, o paradigma de demostrativos que se observa nunha boa parte dos escritores de preguerra participa antes dunha selección prioritaria de formas do que dunha vontade supradialectal de escolma morfolóxica, ao paso que en moitas obras dos anos 50, 60 e 70 do século XX latexa máis ben unha vontade enxebrista e diferencialista do que se atestan estruturas formais reducíbeis á norma padrón. Para o caso que nos ocupa, no entanto, semella acaer con maior rendibilidade unha división tripla, seguidora en boa medida da de Carballo Calero, cuxo esquema, sen o pretendemos consagrar indebidamente, foi modificado para os nosos obxectivos; así, é posíbel facermos un pequeno percurso en que tal clasificación cobra sentido, se ben esta correlación non é sempre verificábel, nomeadamente na primeira e na terceira etapa. Deste modo, tomando como referencia os investigadores citados, mais especialmente o lingüista da cidade departamental, podemos diferenciar tres períodos de uso, emerxencia e triunfo de paradigmas de demostrativos, por outra banda paralelos a outros fenómenos lingüísticos: 1º estadio, en que os demostrativos se axustan xeralmente ao galego da zona (practicamente todo o século XIX excepto nos seus derradeiros anos); 2º período, en que se coñece o progresivo e constante avance das formas con raíz <*i*> en toda a condición de xéneros (desde finais do XIX até os recentes anos 70 e 80); e 3º estadio, en que, mercé á elaboración e posterior adop-

²²⁹ Se todas as clasificacións presentan problemas, non son estas dúas unha excepción. Efectivamente, a proposta presentada por Carballo Calero atopa en *Prozas de Galicia* (Fernández y Neyra, *PG*), poñámonos por caso, innúmeros exemplos de dialectalismos non reducíbeis a unha única rexión, circunstancia que a afastan da denominación “dialectal”. Por outro lado, sobre a periodización de Fernández Salgado / Monteagudo Romero, é moi discutíbel pensar que a lingua das *Follas* rosalianas sexa simetricamente equiparábel a un galego popularista, e non ofrece menos discusión pensarmos que a lingua dos *Queixumes* do bardo da Ponteceso (Pondal, *QP*), que se caracteriza, entre outras cousas, pola pefeita harmonía con que se conxuga a introdución no galego de cultismos de diversa procedencia cos trazos máis xenuíños do noso idioma, poida ser enmarcada baixo o título de “galego popularista” (para un estudo das particularidades lingüísticas de Pondal, véxase Ferreiro 1991: 49-70).

ción das formas estándares, se coñece un acusado retroceso de tales particularidades dialectais. Vexamos cun pouco máis de detemento esta tripla clasificación²³⁰.

1º Estadio: os demostrativos son reducíbeis ás solucións dialectais da rexión en que naceu o autor ou autora.

Durante todo o século XIX, principalmente nos seus tres primeiros cuarteis, existe unha relación bastante precisa entre as singularidades lingüísticas de cada obra literaria e os trazos diatópicos que vigoran na zona de nacemento do autor ou autora, de forma que unha boa parte da caracterización dos textos é recoñecíbel diatopicamente á luz que nos proporcionan os estudos dialectolóxicos modernos²³¹. No paradigma dos demostrativos, congruentemente, é posíbel así mesmo detectar tal correspondencia, como nos *Diálogos* e *Tertulias* composteláns de principios do XIX, en que unicamente se documentan os pronomes con vogal tónica <e>, típicos dunha boa parte do país en que se engloba a comarca de Santiago: *Eso está moi ben* (LGPR 43); *Esa évos senreira* (LGPR 50); *Foise aquel tempo* (LGPR 54); etc.

Outrosí, a lingua que aparece en *CG* e en *FN*, da nosa máis universal poetisa, Rosalía (1837-1885), non presenta, alén dos casos citados máis arriba de *aqués* e *aquesto*, particularidades de relevo, isto é, as formas que figuran en ambas as obras é o esperábel segundo o galego da comarca compostelá. Do mesmo xeito, a *roburenta* e sempre interesante linguaxe literaria de Pondal (1835-1917), concretamente a de *QP*, carece de variantes dialectais que non correspondan aos trazos lingüísticos de Bergantiños, patria pequena do excelso bardo. Ambos os autores, pois, usan un sistema coincidente en liñas xerais cun dos maioritarios na actualidade, *este, esta* e *esto*: *Esto cantaron. En tanto / Có á Virxe desapareceran / Os anxeliños* (Rosalía, *CG* 109); *pois n'é modo / Aquel de queima-l-a xente* (Rosalía, *FN* 126); *levad'esta filla vosa, / levá desta terra* (Pondal, *QP* 44); etc.

²³⁰ Dadas as finalidades deste traballo, non é o noso obxectivo ofrecermos unha exhaustiva relación de autores en que a lingua se axusta a esta clasificación ternaria, fin que se non persegue e para cuxa elaboración se precisaría doutra focaxe e orientación investigadora, mais ilustrarmos, na medida en que se xulgar oportuno, a través de exemplos literarios, como cobra sentido a tripla distinción cronolóxica. Con anterioridade á redacción destas páxinas, Rodríguez Valcárcel (1995: 33-51) estudou a utilización dos demostrativos no galego contemporáneo baseándose tanto en textos dialectais como nalgúns obras literarias, aínda que sen se tratar, dadas as finalidades propostas do traballo, a progresiva expansión das variantes en <i>; é de notar, no entanto, a impresión da investigadora, con que concordamos parcialmente, cando afirma que nos textos literarios en relación aos dialectais "adoita haber unha mestura de diferentes paradigmas, sobre todo en Cunqueiro e Méndez Ferrín", aínda que parece máis atinado falarmos de propagación da raíz <i> do que mestura ou hibridación de sistemas de décticos: certamente, non son os paradigmas os que se mesturan, mais un trazo concreto duns determinados esquemas identificado por posuír a vogal palatal fechada como elemento tónico.

²³¹ Carballo Calero (1974: 36) caracteriza de dialectal a maior parte da lingua escrita no século XIX até a publicación de *FN*, época en que, segundo el, comeza un outro estadio de conformación da lingua literaria.

Por súa vez, o berciano Fernández y Morales (188-188), xa citado en seccións anteriores, utiliza un paradigma cuxa principal singularidade²³² radica no emprego das formas reforzadas medievais, que alternan coas simples: *y os dentes 'n aqueste lance / 'n unha orella lle enclavou* (Fernández y Morales, *EP* 328); *aqueste para acometelo, / metéuse por unha cova* (Fernández y Morales, *EP* 336); etc.

O caso do ourensán Lamas Carvajal (1849-1906), con todo, non se axusta á tripla distinción citada máis arriba. Con efecto, no texto *EFF*, cuxa derradeira edición no século XIX é do ano 1877, son absolutamente maioritarios os demostrativos con radical en <i> inclusive tamén no pronome invariábel, mais coa excepción do feminino de T3. Para se explicar o motivo de tal regularización só resta pensarmos dúas causas: ou o poeta cego sistematizou analoxicamente o demostrativo sen flexión e o feminino a partir do masculino, que é o postulado que nos parece máis digno candidato ao aplauso, ou o escritor empregou un dos sistemas de décticos presentes na lingua contemporánea que tamén presentan propagación do radical masculino ás outras entidades pronominais, sistema que, como se tratou, aparece en puntos esporádicos do sur de Lugo e en certas zonas de Ourense sen continuidade xeográfica a respecto das terras lucenses en que se rexistra: *N'ise linguaxe brando e melosiño / Cal son 'os fillos d'ista nobre terra* (Lamas Carvajal, *EFF* 23); *Todos iles saben isto* (Lamas Carvajal, *EFF* 83); *Isto nos tempos perdéuse xá* (Lamas Carvajal, *EFF* 99); etc.

Contrastivamente, en *SG*, obra dada a lume en 1880, os únicos pronomes que se atestan son os que presentan todas as formas con vogal <e>, circunstancia que impide adscribirmos este texto á nosa división. Tal vez a lectura doutros autores da época nados na faixa occidental do país puido axir e, subsecuentemente, condicionar as escollas do escritor ourensán: *Fai dous anos, naiçiña, que d'abade / n-esta parroquea estou: n-estes dous anos, / se ll'ei contar verdade, / a centos recibín os desenganos* (Lamas Carvajal, *SG* 56); *Aqueles q'as suas fondas / Saudades adquiriron* (Lamas Carvajal, *SG* 88); etc.

Pola súa parte, en autores secundarios do Rexurdimento, cal o vigués José María Posada y Pereira (1817-1886), continúa a se observar a utilización de formas dialectais da zona; para o caso concreto deste poeta, áchanse os pronomes invariábeis hipercaracterizados na raíz e o resto do paradigma co radical <e>, tal e como acontece na rexión: *Isto pensaba, Isolina, / Andando por esas veigas / Con teu pai e Don Jusé* (IG, I 68); etc.

²³² Aínda se podería citar como particularidade dialectal a utilización puntual do plural etimolóxico, característico dunha boa parte do galego oriental (*os infernos 'n estos días*, Fernández y Morales, *EP* 284), mais o emprego maioritario das formacións de plural analóxicas aconsellan sermos prudentes neste sentido e non rexeitarmos completamente a orixe española para tal flexión de número: *pedíu o rapaz q'a gracia / lle fixese de levar / aqueles zapatos* (Fernández y Morales, *EP* 346); *despóis os fatos contéin, / y atopo un d'estes de máis* (Fernández y Morales, *EP* 350); etc.

Na mesma situación achamos José García Mosquera (1817-1868), nado na ourensá localidade de Maceda, a respecto dos demostrativos masculinos con vogal <i>, ou aínda Andrés Muruais (1851-1882), natural de Pontevedra, en relación aos pronomes invariábeis con idéntica raíz: *Iste sutil compostelano vento, / Ist'aire susurante / Que os arboriños peina / A púrpura bicou da nosa Reina* (IG, I 154); *A isto os relós da vila / Guindou zoando na brétema* (IG, I 55); etc.

2º Estadio: as formas *iste, ise, ista*, etc., ultrapasan a súa primitiva procedencia dialectal e son empregues con especial suceso por autores en que tales particularidades non tiñan motivo que as xustificase do punto de vista lingüístico.

A partir aproximadamente dos anos 80 do século XIX os pronomes característicos da zona lucu-auriense comezan a ser utilizados por autores que orixinariamente non procedían de dita rexión, ao paso que tamén se dá unha forte tendencia á regularización de todos os deícticos co radical <i>. As causas, ao noso parecer, xiran ao redor dos seguintes feitos: primeiramente, non podemos rexeitar a posibilidade de que algúns dos escritores que utilizaron un paradigma con raíz hipercharacterizada non estivesen ao tanto dos traballos que sobre a nosa lingua principiaron a aparecer na época do Rexurdimento. Aínda que estudos que se fixeron do galego non teñen unha transcendencia notoria na época en que saíron do prelo, semella ser moi arriscado imaxinarmos que os protagonistas da renacemento literaria de Galiza (e non só renacemento no ámbito das letras), polo menos algúns deles, non coñecesen os primeiros pasos da filoloxía galega²³³, aínda a non os teren demasiado en conta noutros aspectos. Neste sentido, ignoramos o debate privado que as gramáticas e dicionarios que naquela altura comezaban a abrollar puideron levantar nas tertulias literarias, mais resulta un punto certamente discutíbel presupormos que nesas reunións de eruditos non se falase cousa do asunto que nos ocupa.

En segundo lugar, o peso da tradición literaria debeu de influír na escolla orientado por condicionantes diferencialistas, e tampouco parece ser moi defendíbel que, neste caso, haxa que imaxinar que as obras, na súa medida, non circulasen por cer-

²³³ Así se pode desprender dos seguintes comentarios de Antonio de la Iglesia, datados en 1886, en que o investigador compostelán dá conta de estar ao tanto dos principais traballos sobre a nosa lingua: “Publicáronse *Diccionarios gallego-castellanos*, primeiro el de Francisco Javier Rodríguez, editado por nosotros con la *Galicia*, año de 1863; en 1864 publicó Francisco Mirás su *Gramática*, uniendo a ella su *Vocabulario* [...]. En 1876 Juan Cuveiro Piñol, y en 1885 Marcial Valladares imprimieron sus *Diccionarios* respectivos. Dióse á luz la *Gramática gallega* de Juan Saco y Arce en 1868, y en el mismo año *El Habla gallega, observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, por Juan Cuveiro Piñol ” (Iglesia 1977, III: 259). Anteriormente a este autor, outros comentarios sobre as obras gramaticais do XIX apareceran publicados nalgúns medios, como, por exemplo, as críticas de Soto Campos de 1877 ao dicionario de Cuveiro Piñol aparecidas en *El Heraldo Gallego* (véxase Hermida 1992b: 165-173).

tos cenáculos ilustrados e que case seguro, por dedución, non fosen coñecidas²³⁴. Por outra banda, en estreita relación con isto, quizá mereza ponderarse a posíbel influencia que puideron exercer algunhas publicacións periódicas luguesas e ourensás, de común suceso entre o público, tales como *A Monteiro* ou *O Tío Marcos da Portela*. Tamén neste contexto, non podemos máis do que deixar de rexeitar a hipótese de tales rotativos non seren coñecidos polo menos en determinados ámbitos, e non só²³⁵, a teor do que sabemos do éxito dalgunhas destas publicacións.

Con efecto, por pormos un caso, na primeira das publicacións que citamos pódense achar, a carón do predominio das formas máis comúns, algúns exemplos de pronomes coa raíz <i>: *Lonxe ista canga pesada* (MON, XXV 194); *n-iste chan castellán* (MON, XXV 195), *pro ise non é autoridá n'a materia* [...] *isa léngua rica y-armoniosa* (MON, XLVI 361), *y-él como se toma isto* (MON, LVI 27); etc. Mesmo nalgúns rotativos da Galiza emigrante, como AGA, que se publicaba na Habana, é posíbel encontrarmos os pronomes hipercharacterizados: *Iso é custion de fortuna* (AGA, XIII 7); *Isas limachas, com'as suas conxéneres* (AGA, XV 8); *D'iste entusiasta y-aprecirabre poeta* (AGA, XVI 2); etc. Anos despois outras publicacións periódicas en galego, de comezos do século XX, imitarían ás veces tales usos morfolóxicos, como o mensal TP, editado na Fonsagrada: *O cinco d'iste mes* (TP, XII 5); *Con iste nome tan churrusqueiro* (TP, XIII 6); *D'aquil qu'alexado l d'a senda d'omal* (TP, XVII 2); *Botai ise ladrón fora l botai ise condenado* (TP, XIX 49); etc.

Mais esta diversidade dialectal do século XIX non pasou desapercibida a algunhas persoas atentas ao decorrer literario e cultural de Galiza, explicitando, en ocasións, as súas ideas ao respecto. Unha destas é a de Martelo Paumán, que en 1885, criticando certas formas que se usaban daquela na renacente literatura galega, ora por seren formas populares ou vulgares, ora por se trataren de palabras que el considerou incorrectas, escribiu, pondo en cursiva o que nós marcamos con caracteres redondos, as seguintes liñas, en que un dos elementos afectados resulta ser o pro-

²³⁴ É ben clarificador neste sentido Iglesia (1977, III: 259) ao citar as obras de Rosalía de Castro, Pondal, Fernández y Morales, Pintos, Curros, Lamas Carvajal, Portela Pérez, etc., amosando deste modo ter coñecemento delas.

²³⁵ Repárese nas seguintes palabras aparecidas en *El Heraldo Gallego* no ano 1876: “Por último, con la publicación de la hoja O TIO MARCOS D'A PORTELA, hemos podido apreciar prácticamente la inmensa utilidad que reporta á nuestros campesinos la propaganda del habla gallega [...]”, acadando ser “leída, no solo en las ciudades, si no también en las poblaciones rurales, y no es pena haber conseguir el despertar la afición á la lectura en localidades donde apenas habían recibido la visita de una publicación periódica” (tirado de Hermida 1992b: 119). Tamén Iglesia (1977, III: 260), dez anos máis tarde, salientaría a publicación do susodito rotativo: “En medio de este progresivo movimiento literario sostiénese en Orense desde 1876 *O Tío Marcos da Portela*, periódico todo él escrito en gallego, lo mismo que otro en Pontevedra de igual índole desde 1884 con la denominación de *O Galiciano*”.

nome invariábel de T2: “Irande treidor, *non veñas* fijurando / **Iso** *non* fui jallejo, *é* lingua *mesta* / Pro á yalma, *xuramos que era yesta*. / *Decirlle que falades co á* lindura / *Dos que ó gallego neto agora falan* / *Aló nos campos, donde a lingua é pura*, / *Decirlle que*, vesibre, bunitura, / Yalma, *fogo, empesaron, pátreas, hestoria*, / Guntsar, Imposibre, Las, mamoria / Son vouces que esprendecen *dend’á altura*” (Martelo Paumán, ADE 12)

Outra desas opinións acerca da variabilidade dialectal é a de Pesqueira Crespo, datada en 1888, o cal, ponderando que en Curros, Lamas Carvajal ou García Ferreiro se achán “as mesmas palabras escritas diferentemente por cada un d’eles”, pasa áspera revista ás publicacións periódicas, en que, ao seu modo de ver, a “anomalía estará de corpo presente; n’un lado escriben ‘reiseñor’, n-outro ‘rousñol’, eiquí ‘tenreza’ acolá ‘tenresa’; xa poñen ‘côr’, ‘coor’ é ‘color’ indistintamente; xa nos dicen co-a mesma frescura ‘isto’ que ‘esto’, ‘precesión’ que ‘percesión’ ou ‘procesión’” (tirado de Hermida 1992a: 325); conclúe a sinalar que, por estas fluctuacións morfolóxicas, “non se vay á ningunha parte, y-o úneco que se consegue e poñer en ridículo a nosa fala, facéndoa inestudiabre á própeos e alleos”. Notemos, máis nunha ocasión, que, do mesmo modo que acontecía con Martelo Paumán, tamén os demostrativos invariábeis, neste caso o de T1, entran niso que o autor considera unha eiva para se a lingua prestixiar e aprender, a saber: a diversidade xeográfica existente no idioma.

Deixándonos de parte as críticas que determinadas formas populares ou o polimorfismo suscitaban nalgúns autores, podemos verificar como as formas orixinariamente do sur de Lugo e da maior parte de Ourense fan gañando novos subscritores, ao paso que o radical <i> ía propagándose a todo o sistema pronominal dos demostrativos. Un caso en que se aprecia aínda vacilación canto á raíz é o de Antonio de la Iglesia González (1822-1897), natural de Santiago de Compostela, que non hesitou en utilizar ambas as raíces: *ise lauro* xunto a *aquel pazo* (IG, I 26), *D’esa pascua* a carón de *ila* e *aquila* (IG, I 27). A mesma lexitimación para as dúas posibilidades é a que se dá en José Benito Amado (1822-1886), natural de Marín, ao empregar *esta* (IG, I 32) e *ista* (IG, I 34), *iso* (IG, I 38, 44) e *eso* (IG, I 47), etc.

Posteriormente, situándonos xa no século XX, un dos exemplos máis representativos ao respecto vénnos dado polo galego de Dieste (1899-1981), o cal, sendo natural de Rianxo, na costa occidental da Coruña, empregou comunmente os demostrativos hipercharacterizados, aínda que sen exclusividade, pois “dáse un predominio das formas con vogal tónica *i* nos tres xéneros en contra [...] do esperado pola influencia dialectal do autor” (Freixeiro Mato 1995: 312): *A diferenza que eisiste entre iso e maillo que se chama “estilizaceón” radica na cras de “insinias” escolleitas* (Dieste, ATC 20); *Se non eisiste ise modelo, folga escribir* (Dieste, ATC 46); *Istas homildes ouservaceóns que agora me propoño pór en orde* (Dieste, ATC 90); etc.

Os que, con certeza, lle deron unha considerábel consagración literaria aos demostrativos lucu-aurienses a través dunha abrumadora obra cuantitativa e cualitativamente foron os escritores ourensáns Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), Vicente Risco (1884-1963) e, en menor medida, Florentino López Cuevillas (1886-1958). No primeiro destes autores, segundo temos afirmado noutro lugar (Sánchez Rei 1999: 99), aparecen case sistematicamente os pronomes con radical <i>²³⁶: *e diulle o antoxo de comiscar d’aquil pan centeo* [...]. *Ó igual qu’en total-as eirexas postas lonxe dos logares n’ista adequire o cemiterio unha gran importancia* (Otero Pedrayo, P 126); *Todos istes viaxeiros van no mesmo coche* (Otero Pedrayo, D 56); etc.

No caso de Risco, sen se descoñeceren as formas comúns, obsérvase unha predominancia das dialectais: *enfesto chantado no piso coma unha coluna, hermético polo tanto niste respeito* (Risco, OPP 46); *Se non son aquiles tempos / tempos millores virán* (Risco, OPP 80); *En política hai sempre os outros, e ten que habelos; con iso xa se conta* (Risco, OPP 81); etc.

E por súa vez, o galego do terceiro dos escritores ourensáns, Cuevillas, oferécenos tamén abundantes exemplos de pronomes en que a raíz corresponde ao fonema palatal fechado: *¿Tí non sabes que isas aldeas da fonda son illas de Brandubriga e que os fillos herdan sempre dos seus pais?* (Cuevillas, PGAL 118); *¿Qué tén que ver ningún dises acobillos de paixós ruís, cas nosas valentes brigas?* (Cuevillas, PGAL 118); *¿Qué vida foi a que corréu en tempos lonxanos por iste mar, que nos arredaba e nos xunguía, por iste mar que, namentras o Mediterráneo falaba, aínda non tiña verba nin voz?* (Cuevillas, PGAL 153); etc.

Unha das poucas propositadas manifestacións literarias en que se fai referencia á diversidade dialectal dos demostrativos, e non unicamente, provén do mundo das personaxes de Ánxel Fole (1906-1986), que nos ilustran, mediante os seus comentarios, sobre certos fenómenos de índole lingüística en que figuran os nosos pronomes: *CILISTRO. – E non hai dúbida que “seica” é outra enclítica que vén de “sei que”, como “caseque” é enclítica de “case que”. / O FIDALGO. – E logo “il”, “ila”, “iste”, “aquil”... Ou “el” ou “ele”, “ela”, “aquela”... E “chao” ou “chan”, “irmao” ou “irmán*” (Fole, TB 61).

Para alén destas reflexións que fan os protagonistas e do seu acerto ou imprecisión (repárese en que *ila* é unha forma absolutamente puntual no galego moderno), o seu demiúrgo narrativo é outro claro exponente da rendibilidade que o paradigma con

²³⁶ Véxase tamén Monteagudo (1998: 186) que, a sinalar os principais trazos lingüísticos de LA, apunta a utilización de *iste, ise, aquil* e *il* como “un dos riscos máis distintivamente dialectais”. Para a lingua do escritor de Trasalba poden consultarse igualmente os traballos de Álvarez Blanco (1988b: 9-23) e Sánchez Rei (1999: 63-126).

vogal tónica <i> nos deícticos tivo na literatura de posguerra: *Iso xa é outra cousa* (Fole, LC 90); *Había falas coma ísta* (Fole, LC 91); *De iste home non teño duelo. Mais de aquil que atormentei en Bos Aires e que metimos nun avión... Aquil parecíase moito [...] a un amigo meu* (Fole, HNC 77); etc.

No entanto, a súa derradeira obra de relatos, *HNC*, presenta unha certa fluutuabilidade a respecto do emprego dos dous radicais e nela son utilizadas, en bastantes ocasións, as variantes máis estendidas xeograficamente, que, con todo, continúan a ser cuantitativamente minoritarias en relación ás lucu-aurienses. É moi posíbel que isto teña a ver coa época en que sae do prelo, no ano 1981, etapa en que xa se ían perfilando as grandes tendencias na normativización do galego: *Mais a broma máis gloriosa do Troitiño sería aquel mesmo ano* (Fole, HNC 90); *¿E qué sociedade é esa?* (Fole, HNC 90); etc.

A lingua do mindoniense Álvaro Cunqueiro (1911-1981) serve de testemuño, máis noutra ocasión, do éxito que tivo o radical <i>, xa que en toda a súa produción narrativa é notábel “un uso indiscriminado das formas con vogal tónica *e* ou con vogal tónica *i*, predominando quizais as formas con *i* nos tres xéneros” (Fernández Rei / González González 1982: 207): *Isto dixo, e deixou o escano recollendo arredor do brazo esquerdo a cola do seu manto negro* (Cunqueiro, MF 96); *Ista danza púxena por papel pró baile das bodas* (Cunqueiro, MF 83); *e un nariz coma a dos tíos do Profeta, desproporcionado e afiado naquil rostro redondo* (Cunqueiro, XA 48); etc.

Tamén Eduardo Blanco-Amor (1897-1979), nado en Ourense, fai que os habitantes de Auria, á súa vez, empreguen un paradigma de demostrativos con vogal palatal fechada na súa raíz: *Iste non pode andar nistas cousas. Iste é o máis novo de dona Felicitas* (Blanco-Amor, OB 24); *Por todo isto, a min, xa de moi novo, viñame traballando unha pencha* (Blanco-Amor, OB 18); *¿E pra que fai iso?* (Blanco-Amor, OGC, II 200); etc. Mais, ás veces, déixalles liberdade para se expresaren como mellor preferiren: *Aquelo era vida* (Blanco-Amor, OB 19); *Que te cres ti eso* (Blanco-Amor, OGC, II 263); etc.

O celanovés Celso Emilio Ferreiro (1912-1979) fixo uso nos seus poemas dos que hoxe vigoran aínda na área lucu-auriense, ou sexa, un sistema en que os maculinos presentan o consabido radical <i> e o resto das formas a raíz <e> (González Seoane 1992: 93). Mais, ao longo da súa obra, foi dándolles progresiva preferencia aos radicais en <i>, segundo nos informa Hermida (1992a: 306)²³⁷: “o paradigma maio-

²³⁷ Similares conclusións son as extraídas por González Seoane (1992: 94), que finda o apartado correspondente aos pronomes demostrativos coas seguintes palabras: “En resumo, [...] podemos concluír que o sistema de demostrativos que emprega Celso Emilio é basicamente o característico do galego falado no seu lugar de orixe, aínda que en ocasións bota man de formas alleas a este, probablemente por causa dun afán diferencialista e quizais tamén por imitación de formas con certa tradición no galego literario”.

ritario é o da subárea lucu-auriense, o que presenta as formas *iste, esta, esto*, que aparece nas primeiras obras, para máis adiante introducir outro con formas hiper-caracterizadas nos tres xéneros e sobre todo nos demostrativos coincidentes co español, os referentes á P1 e P2, nunca na P3, xa de por si ben diferenciada”. Os seguintes exemplos ilustran a utilización destes deícticos por parte do ilustre escritor: *Iste é o mar das dornas e solpores / con balbordos de torres sulagadas* (Celso Emilio, OC, I 66); *Deixa ise tufo acedo que te abafa, / esquece istas mortaxas* (Celso Emilio, OC, I 140).

Houbo, porén, autores que se non deixaron levar por esta corrente de propagación do radical <i> para todas as formas dos pronomes demostrativos. Tal é o caso do poeta Antonio Noriega Varela (1869-1947), pois a súas opinións sobre a lingua estiveron á marxe de “condicionantes ideolóxicos á hora de realizar as escollas ortográficas, morfolóxicas ou léxicas”, identificándose, congruentemente, cun modelo lingüístico que non é outro do que “o galego rural da Montaña lucense, aínda que depurado” (Freixeiro Mato 1993: 51). Con efecto, na súa obra son absolutamente dominantes as formas con radical <e>, malia se poder achar algún caso concreto de *iste* (*quen iste mundo non o toma a chanza*, Noriega, OC, I 244) e de *iso* (*Por iso viandante / que a estes ermos chega*, Noriega, OC, I 309); *e fuxían da taberna, / naqueles vellos de cerna / com'a freba dos caxigos!* (Noriega, OC, I 203); *Eses gallardos brañegos / que contestaban ós cegos / i atestaban ás rapazas* (Noriega, OC, I 206); etc.

3º Estadio: a forza niveladora da norma padrón subordina as variantes dialectais, que deixan de se documentaren con maior notoriedade conforme se avanza no tempo.

Se antes sinalábamos que a influencia do estándar moderno se pode atestar na fala dalgúns estratos etarios composteláns, nomeadamente os máis baixos, o influxo da norma común operou igualmente nunha considerábel parte dos escritores modernos que, quitando algunhas excepcións, foron adoptando progresivamente o paradigma da lingua normativa. A partir, pois, dos inicios dos anos 80, e nomeadamente no decenio seguinte, é notábel unha preferencia polo sistema *este, esta, isto*, tal e como se pon de manifesto nos exemplos que citamos a seguir: *E ese mesmo día xa souben o por qué de tanto luito [...]. Con aquela caloriña suave non se paraba no meu cuarto [...]. – Mui ben, isto está mamado* (Alcalá, ANC 66); *Nestas casas vellas, xa se sabe [...]. – Non estou de acordo. Iso sería na túa [...]. Naqueles tempos a xente acababa mal* (Graña, FM 53); *Esta vez a despedida tiña que ver comigo [...]. Por iso se mostran frías [...]. Iso significa que pensas estar fóra* (Heinze, CAS 15-16); *Deste xeito nunca principiarei o meu diario. [...]. Isto é a historia* (Caneiro, IS 13); etc.

No que se refire ás traducións, volta a predominar o esquema preferido pola lingua padrón, tal e como se observa nos seguintes textos, postos en galego nos anos 80-90; os dous primeiros exemplos estaban orixinalmente en francés, o par seguinte foi composto en italiano e os derradeiros foron traducidos do español: *E Deus ben sabe como traballa o demo nesta parróquia* (Ghelderode, MV 15); *Señor... todo isto... todo isto é moi real?* (Ghelderode, MV 28); *Esta roupa fíxena para as persoas principais* (Goldoni, PO 31) *Iso pasa por ter boas maneiras* (Goldoni, PO 33); *porque tras este alento espiritual advirían como efecto inmediato e xusto aqueles elementos de vitalidade* (Blanco Torres, DO 35); *Pero isto non é senón unha metonimia* (Blanco Torres, DO 36).

Mais, segundo dicíamos, houbo autores que se non decidiron completamente polo sistema da lingua común e que continuaron a utilizar aquilo que, con maior ou menor coherencia, viña sendo empregue nas súas obras. O recentemente falecido Uxío Novoneyra, o “poeta do Courel”, é un exemplo de como, ao longo da súa escrita, obviou modas, tendencias e influencias da lingua padrón canto aos demostrativos se refire, sempre se deixando levar polas directrices da súa propia expresividade artística. O texto de *E*, tantas veces escolmado e revisto, presenta unha considerábel polimorfía no paradigma dos deícticos: *Ista door! Ista door! Ista / door miña* (Novoneyra, E 147); *Esta door que se oi! / Iste cor meu!* (Novoneyra, E 148); etc. Mesmo en poemas compostos nos finais dos anos 80 e até na década seguinte, o poeta continuou a utilizar libremente as variantes que lle ofrecía a oralidade contemporánea, tal e como se evidencia nos exemplos seguintes: *Sabémolo riesgo i eso dánolo todo* (Novoneyra, PDC 23); *Nin a este sol do Nadal / nin a este aire / as bágoas / nin a ti te alcanzan* (Novoneyra, PDC 27); *Niste outono dos outonos / de tódalas follas derradeiras* (Novoneyra, PDC 27); etc.

Por outra parte, non faltan escritores en que, ao longo da súa traxectoria artística, se aprecia ben ás claras a adopción propositada do sistema de deícticos estándar. Un dos persoeiros da cultura galega actual en que se verifica esta mudanza é Carvalho Calero, lingüista, dramaturgo, estudioso da literatura, novelista, etc., pois de empregar durante todo o franquismo, segundo era o habitual, as formas con radical <i> pasou, nos derradeiros anos da súa vida, a decantarse polo sistema padrón en que se hipercaracteriza a forma invariábel con ese mesmo radical. Apropíámonos así das palabras de García Negro / Dobarro Paz (1990: 154), os cales, a comentaren dous textos do polígrafo ferrolán, un dos anos sesenta e outro da época actual, apuntan algúns dos cambios existentes na lingua do egrexio autor: “Se comparamos a línua desta cita [o segundo texto] coa do texto inicial veremos que hai certas diferencias: a acentuación daquel é a española e a deste unha máis acorde coa fonética galega, aos demostrativos dialectais (**iste**, **ista**, **ise**, **isa**) substituíennos os do galego comun (**este**, **estes**), desaparecen as formas reducidas (**esprito**, **pra**), os vulgarismos (**siñifica**, **innegabres**) e os diferencialismos arcaicos, vulgares ou hiperenxebristas (**ren**, **verbas**, **convencional**, **estormento**) [en negra no orixinal]”.

Con efecto, se, por exemplo, comparamos a primeira edición de *BAR* con outras posteriores realizadas en vida do autor, observaremos a asumción plena por parte do escritor do paradigma da lingua común²³⁸: *Istas cousas de todos os días cederan o seu posto nas conversas* (Carballo Calero, *BAR* 1 24) / *Estas cousas de todos os días cederan o seu posto nas conversas* (Carballo Calero, *BAR* 2 18); *Don Ramón dirixía, carraxento, todo o atafego aquil* (Carballo Calero, *BAR* 1 26) / *Don Ramón dirixía, carraxento, todo o atafego aquel* (Carballo Calero, *BAR* 2 19); *Da cociña de abaixo, chea de xente a aquila hora, rubían todos* (Carballo Calero, *BAR* 1 97) / *Da cociña de abaixo, chea de gente a aquela hora, subían todos* (Carballo Calero, *BAR* 2 77); etc.

O caso de Méndez Ferrín é tamén merecente dunhas palabras²³⁹. Como sinala Rodríguez Valcárcel para o texto de *ARN* (1995: 35), as formas do galego común alternan cos demostrativos *iste*, *ise*, *ista*, etc., aínda que estes non con tantos casos como os anteriores; similar oscilación é a que se dá ao longo da produción do escritor celanovense, como *CF*, publicada pola primeira vez en 1961, en que existe un claro predominio de masculinos e pronomes invariábeis con <i> sen que a outra solución sexa descoñecida (*E eu, niste intre do crepúsculo, véxoos dibuxados [...]. Deixo, lector, que ise bafo inapalpábel desfigure a miña imaxe*, Ferrín, *CF* 19; *deixaba case ás escuras aquil canellón senlleiro*, Ferrín, *CF* 31; *Non poden facer isto*, Ferrín, *CF* 32; etc.), tamén en *AA*, dada na súa primeira edición en 1982, en que alternan as formas lucu-aurienses coas do galego común (*Todo aquil verán fora moi fermoso, a non ser algunhas nubes, ciumes e inquedenzas que me nacían a causa da miña curmán. Aquel ano, os pais de Maribel partiran de viaxe*, Ferrín, *AA* 135; *esto é: no mesmo ano en que xorde a luz pública*, Ferrín, *AA* 92; *aquilo era o final para el*, Ferrín, *AA* 119; *Logo prendéronlle lume e, facendo funcionar centos de foles, convertiron aquilo nunha brasa viva*, Ferrín, *AA* 138; etc.), ou aínda en *ARRA*, obra publicada en 1991, en que xa se percibe unha maior nivelación conforme o modelo da lingua estándar, ou sexa, raíz <i> na forma invariábel e <e> no resto (*Aquel camiño era feito de pedras grandes e antitas*, Ferrín, *ARRA* 54; *Eu ía facer iso porque lle non batese a miña nai. Iso foi cando xa se fora o inverno*, Ferrín, *ARRA* 98; etc.). Na mesma liña, a última obra dada a lume polo escritor a día de hoxe, *VS*, saída do prelo en 1999, continúa a mesma tendencia no que ás formas dos deícticos se refire, isto é, o pronome invariábel presenta <i> no radical e o resto do paradigma aparece con <e> (*No meu cuarto, tan branco e*

²³⁸ Un modo máis doado de comprobar esta progresiva utilización do paradigma *este*, *esta*, *isto* no canto de *iste*, *ista*, *isto* consiste na comparación dos artigos de xornal recompilados en Carvalho Calero (1992), en que unha lectura minimamente atenta ilustra esta evolución na escrita do autor de Ferrol. O mesmo serve para *R*, para *ES*, etc., en que unicamente se emprega o sistema estándar.

²³⁹ Véxase Quiroga (2000: 774-803) para algunhas das flutuacións lingüísticas na obra de Ferrín, e, especialmente, Quiroga (2000: 793) para o relativo aos demostrativos. Este estudioso salienta que na produción escrita do autor celanovés “as formas en ‘i’ alternan com as outras desregadamente”.

horroroso coma este do sanatorio, eu fun sabedora do ocorrido, Ferrín, VS 81; *Que iso a mamá fixera sempre, até o día do pasamento*, Ferrín, VS 93; *Ela entón decátase de que aquilo lle pertence*, Ferrín, VS 155; etc.).

Para alén desta unificación na linguaxe literaria actual protagonizada libremente polos autores, non queremos deixar de comentar outro tipo de unificación, xa non escollida polos escritores, mais forzosa, orientada por areoentos alicerces editoriais e defendida, en ocasións, con argumentos de fráxil verniz pedagóxico. Estamos a falar, como se poderá deducir, da aplicación das normas ortográficas e morfolóxicas vixentes na actualidade, aprobadas en 1982, a persoeiros das nosas letras anteriores á oficialización de tales criterios convencionais. Non pretendemos negar a súa necesidade na Galiza actual, mais temos as nosas dúbidas de que a autores clásicos da literatura galega contemporánea conveña aplicarlles tales acordos canto á ortografía e á morfoloxía, borrando así todas as particularidades dialectais e igualando idiolectos individuais e contextuais e até rexistros de lingua. Os responsábeis destas accións editoriais, no que atinxe aos pronomes demostrativos, fan que unhas construcións como as catro primeiras que seguen se convertan “automaticamente”, sen o autor poder mediar palabra, nas catro derradeiras:

a) versións orixinais ou anteriores a 1982:

Isa pelica vella ténlle mais anos qu’a espadaña (Otero Pedrayo, LA 14); *viñeran pra D. Celidonio ises días de proba* (Risco, OPP 103); *ista vella e sentida intimidade* (Cuevillas, PGAL 109); *Dunha disas aldeas de nome bravo* (Dieste, DAT 55).

b) versións posteriores a 1982:

Esa pelica vella tenlle máis anos cá espadana (Otero Pedrayo, LA’ 59); *viñeran para D. Celidonio eses días de proba* (Risco, OPP’ 86); *esta vella e sentida intimidade* (Cuevillas, PGAL’ 101); *Dunha desas aldeas de nome bravo* (Dieste, DAT’ 51).

A respecto destas modificacións, a profesora Garcia Negro (1993: 107-112), entre outras voces²⁴⁰, non pode facer cousa que non sexa lamentar tales *correccións*,

²⁴⁰ A opinión de Garcia Negro non foi a única que se alzou en contra de semellantes actuacións lingüístico-editoriais, mais xa antes Carvalho Calero (1992: 305), criticando conversións á norma en vigor mesmo de obras poéticas, en que se desfai a rima ou a medida, ou aínda Senén (1988: 23), no caso concreto de Otero Pedrayo, fixeran pública a súa disconformidade con tales alteracións da lingua orixinal dos nosos clásicos. Na mesma liña, Freixeiro Mato (1995: 175) manifestou o pouco apropiado que lle parecen as operacións editoriais desenvolvidas por Galaxia na obra de Dieste a partir da súa morte, en especial en *Dos arquivos do trasno*, pois constitúen “un exemplo do que non se pode nen debe facer coa obra de calquer autor”.

expondo logo a seguir as consecuencias que isto implica, que suscribimos na súa totalidade: por un lado, tales mudanzas impiden coñecer a literatura galega tal e como foi composta polos respectivos escritores que, dado o contexto social, cultural e político en que desenvolveron a súa actividade literaria, é lóxico entendermos que utilizasen aquilo que consideraban máis axeitado para unha modalidade de galego culto; por outro lado, semellan infravalorar a capacidade de comprensión do público, pois non se torna fácil defender que os lectores e lectoras descoñezan o que significa *iste*, *aquil*, *ises* ou outras particularidades que vigoraron na lingua escrita durante unha boa parte do século XX, e non unicamente; e, en terceiro lugar, dificulta enormemente estudar o proceso de “emerxencia, elaboración e constitución do galego escrito ao longo da historia” (Garcia Negro 1993: 109), isto é, complica achegármolos á literatura galega contemporánea e verificarmos como, nun proceso que xa vai para dous séculos, determinadas formas e variantes (gráficas, fonéticas, morfosintácticas e semántico-lexicais) foron canonizadas polas elites ilustradas ou, polo contrario, rexeitadas conforme ían transcorrendo os anos e á medida que a literatura galega moderna se aproximaba da súa maioría de idade.

Enfín, fraco favor se lle fai á lingua e escuálido contributo á dignificación e reivindicación do valor dos nosos escritores, do noso punto de vista, se se axir pensando que teñen de ser corrixidos, por escribiren con ‘imperfeicións’, literatos como Dieste, Otero Pedrayo, Cuevillas e tantos outros que se viron obrigados a seren lidos a través duns parámetros lingüísticos que non eran os que agromaron do seu xenio como artistas do idioma.

Capítulo 5. Conclusións

Unha vez chegados a este punto, convén tecermos os principais fíos anotados nas páxinas precedentes relativos ao percurso histórico dos demostrativos, para así podermos proporcionar unha visión global de toda esa tea pronominal composta por vinte séculos. Neste sentido, como primeiro aspecto relevante, hai que diferenciar varios procesos evolutivos de grande transcendencia a partir da situación que tiñan no latín. Quizá o máis importante destes, correspondente á época de formación do galego-portugués, é aquel en que se observa unha recolocación das formas pronominais demostrativas latinas no seu paso á lingua medieval, mudanza que, así e todo, non foi quen de quebrar unha organización paradigmática trimembre; porén, é certo que nos primeiros tempos medievais se detecta unha inadecuación entre os tres pronomes resultantes e as súas funcións deícticas, en especial no que se refere a *esse*.

Esquemáticamente, o proceso evolutivo foi como segue:

Pronomes latinos		Pronomes galegos
HIC, HAEC, HOC (T1)	>	—
ISTE, ISTA, ISTUD (T2)	>	<i>este, esta, isto</i> (T1)
ILLE, ILLA, ILLUD (T3)	>	<i>aquel, aquela, aquilo</i> (T3)
IS, EA, ID (anafórico)	>	—
IDEM, EADEM, IDEM (de identidade)	>	—
IPSE, IPSA, IPSUD (de identidade)	>	<i>ese, esa, iso</i> (T2)

Mais este cadro, válido para sabermos como era a situación dos demostrativos na época latina e como é na actualidade, é un esquema xeral que non recolle outras mudanzas entre os dous estadios lingüísticos. Unha de obrigada referencia é, sen dúbida, a aparición dun tipo de pronome identificador *o, a, os, as*, coñecido comun-

mente como artigo, desde os usos debilitados de ILLE.; é unha innovación presente en todos os idiomas románicos, pois a lingua dos conquistadores mediterráneos non tiña esta tipoloxía de elementos gramaticais. Outra modificación é a fixación de ILLE como pronome persoal de P3, xa que en latín existían varias formas capaces de desenvolveren tal rol sintáctico-semántico e era moi común producírense certas oscilacións a respecto de que unidade adoptar (IPSE, IS ou ILLE). Isto explica que o pronome latino, por ter un emprego tan recorrente, precisase da partícula *ACCU (ECCE con influxo de AC ou ATQUE) para se poder converter no actual demostrativo.

Outrosí, a serie de HIC, HAEC, HOC desapareceu, só se conservando residualmente na conxunción adversativa *pero* ou *peró* (< PER HOC), nos adverbios temporais *hoxe* (< HODIE < *HOC DIE), *hogano* (< HOC ANNO) e *agora* (< HAC HORA) ou no adxectivo de procedencia culta *hodierno* (< HODIERNU). Tamén se esqueceron nesa viaxe lingüística secular os pronomes anafóricos e identificadores IS, ID e IDEM, que só se manteñen na actualidade, igual que acontece con HIC, HAC, HOC, como latinismos en determinadas frases feitas do tipo *id est*, *ad hoc*, etc.

Porén, non todas as alteracións consistiron no desaparecemento de formas, mais tamén deron en aparecer outros pronomes no percurso evolutivo: *mesmo*, pronome identificador, ten a súa orixe en METIPSIMU, que segue a tendencia popular do latín consistente en enfatizar un determinado elemento usando a partícula MET; os pronomes reforzados *aqueste*, *aquese*, continuadores igualmente dos niveis de fala coloquiais latinos que botaban man da partícula *ACCU, mantéñense aínda na época contemporánea, aínda que restritos a puntos moi concretos do espazo lingüístico galego-portugués; os demostrativos compostos tipo *estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro*, por outro lado, que se comezan a documentar moi esporadicamente nos fins do período medieval, constitúen outras das formas cuxa aparición se non pode obviar por continuaren aínda na actualidade sendo pertinentes dentro do sistema gramatical galego. No que se refire a *aqueste* e *aquese*, parece darse unha sorte inversa, pois encanto *aqueste* e *aquese* ían asinando día a día o seu óbito, os compostos modernos *estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro* ían, contrariamente, gañando peso no idioma. Ao sur do río Miño, esta mesma serie de *estoutro*, *essoutro* e *aqueloutro* é nomeadamente identificada con linguaxes dialectais ou populares, non faltando gramáticas, así e todo, que as recollen dentro do paradigma dos demostrativos a carón das unidades simples.

Unha outra modificación que temos de comentar é o paso da vogal radical <e> a <i> no pronome invariábel, xa atestada durante a Idade Media en épocas relativamente temperás e que hoxe corresponde xeograficamente, na Galiza, ao occidente do extremo setentrional da provincia da Coruña e á práctica totalidade da de Pontevedra. Tal evolución, á marxe das diferentes teorías, leva sido explicada pola influencia metafónica de -o final. No entanto, parécenos igualmente moi digna de

se considerar a hipótese que achega o profesor Ferreiro, segundo a cal o proceso de hipercaracterización parte do contraste existente entre as formas regulares (masculino e feminino) e o pronome invariábel.

Para o demostrativo invariábel, por outro lado, que tradicionalmente foi considerado “neutro” pola inercia clásica e polo influxo dos estudos sobre o español, bállanse hoxe en día as denominacións, ao noso ver máis coherentes, de masculinos invariábeis, segundo figura no estudo de Lagares Diez, ou de masculinos indeterminados, consoante defende Herculano de Carvalho. A principal causa que lexitima esta nova perspectiva é o mecanismo da concordancia, que, dado que en galego non existen nomes neutros, establece que o adxectivo ou aínda outra forma pronominal concorde con *isto*, *iso* e *aquilo* no masculino (*Isto é certo*, *Todo iso é moi bonito*, *Aquilo é teu*).

Por outra parte, non podemos deixar de comentar que algúns dos fenómenos dialectais que hoxe afectan os pronomes demostrativos proceden de moi antigo, como a flexión de plural *estos*, *esos* e *aquelos*, típica, actualmente, do galego falado en Asturias, ao paso que outros son relativamente modernos, cal a hipercaracterización dos masculinos con raíz <i> (*iste*, *ise* e *aquil*), que só comeza a ter testemuños fiábeis na época coñecida como Idade Moderna. Até que a lingua non acadou unha codificación, as escritoras e escritores galegos contemporáneos empregaron nas súas obras respectivas aquelas variantes que lles parecían máis adecuadas. E se antes sinalábase a existencia de certas formas dialectais, temos de apuntar agora o feito de algunhas destas hoxe consideradas rexionalismos, como *iste*, *ise* e *aquil*, iren espallándose desde fins do século XIX até ben entrada a centuria seguinte; do mesmo modo, hai que salientar que foron arrastrando os demais componentes do paradigma até daren case consolidado na lingua literaria galega un sistema en que todos os pronomes presentaban a vogal palatal fechada no seu radical. Deixando de parte autores como Lamas Carvajal, en que o emprego de *iste*, *ise* ou *aquil* está xustificado por nacer na provincia de Ourense, chama a atención como Dieste, por exemplo, natural da costa meridional coruñesa, ou Carvalho Calero, nado en Ferrol, empregaron as antecitadas variantes ourensás. O que explica o uso por parte destes dous literatos e aínda por outros moitos é, ao noso entender, a vontade diferencialista a respecto do español, que non coñece ningún demostrativo con raíz <i>. Por este motivo, porque foron empregados propositadamente, non nos parecen plausíbeis algunhas actuacións editoriais modernas en que se corríxen tales particularidades para acabar confluindo coa norma culta en vigor; coidamos que unha cousa é a lingua literaria contemporánea e unha outra a necesaria variedade estándar, que non ten de se corresponder obrigatoriamente con aquela e que non debe, segundo pensamos, varrer as características lingüísticas que o secular proceso de reemerxencia da literatura do país presenta.

Ora, non todas as variantes, ben dialectais ou ben de índole diacrónica, se documentan coa mesma frecuencia. Un caso especial neste sentido témolo nas formas arcaicas *aqueste* e *aquese*, as cales, posuíndo testemuños desde a Idade Media, foron coñecendo un progresivo esmorecemento que chega aos nosos días, en que se mantén, como dixemos, residualmente en puntos conservadores do sistema galego-portugués. *Aqueste* e *aquese*, por exemplo, aparecen nalgunhas das obras de Fernández y Morales, Rosalía, Aquilino Iglesia Alvariño ou Cunqueiro, aínda que no caso deste último pensamos que o seu emprego obedece máis á vontade literaria do que a un espello fidedigno da oralidade coloquial. Debemos ponderar, no que se refire á linguaxe literaria, a formación de plural *aqués*, que, sendo nun principio empregada por Rosalía, ultrapasou, como o resto do contido e da forma da súa obra, as páxinas en que o utilizou a ilustre autora para se documentar en escritores posteriores, como Cunqueiro ou Amado Carballo; o correlato de *aqués* en Portugal procede dalgúns falares trasmontanos de finais do século XIX e de principios do XX sob a forma *aqueis*, en que se fixou Leite de Vasconcellos en diversas ocasións.

Se os escritores e escritoras non pasaron por alto as diferentes singularidades morfolóxicas de natureza xeográfica que afectan os demostrativos, tamén se observa que os nosos primeiros gramáticos non foron indiferentes perante tales fenómenos diatópicos. A tradición gramatical galega, serodia a respecto das linguas do noso contorno por motivos alleos, posibilitou que, en ocasións, se lles concedese entrada no aparato descritivo aos pronomes que hoxe denominaríamos dialectais; así as cousas, Saco Arce, Valladares, Couceiro Freijomil ou Carré Alvarelos, entre outros, repararon en semellantes casuísticas e deste modo figuran nas súas respectivas obras. Convén indicarmos, porén, que non todos tiveron as mesmas consideracións e que tampouco todos se detiveron con idéntico vagar nos mesmos aspectos. En todo o caso, foron os primeiros en singularizaren as anteditas variantes e os iniciadores da nosa tradición filolóxica, o que, ao noso ver, constitúe un motivo de especial respecto cara unhas persoas que tentaron sistematizar e describir, con diferentes graus de suceso, o noso idioma.

En último lugar, non tanto nos gramáticos do XIX e dos primeiros anos do século XX como nos contributos da década de 70 e 80 é onde se principia a estudar o galego con maior rigor científico. A partir de aquí, irá cobrando forma o paradigma da lingua estándar, para o cal foron decisivos os traballos de Carballo Calero, de Álvarez / Regueira / Monteagudo ou de Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira, xa que na actualidade a relativa polimorfía dos pronomes demostrativos ficou reducida ao modelo que defendemos nestas páxinas, ou *sexa, este, esta, isto*.

Bibliografía citada

1. Estudos especializados

- AGAL [Associação Galega da Língua] (1989) [1983]: *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego* (A Corunha: AGAL).
- AGAL [Associação Galega da Língua] (1985): *Prontuário ortográfico galego* (A Corunha: AGAL).
- ALA [Academia de la Llingua Asturiana] (1998): *Gramática de la Llingua Asturiana* (Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana).
- Alonso Estravís, I. (dir.) (1986): *Dicionário da língua galega*. 3 vols. (Madrid: Alhena Ediciones).
- Alvar, M. / Pottier, B. (1983): *Morfología histórica del español* (Madrid: Gredos).
- Álvarez, R. (1996): “Na estrema do galego: a lingua do Bierzo Baixo transmitida por Fernández y Morales”, en Lorenzo, R. / Álvarez, R. (coords.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*: 157-202 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Álvarez, R. (1997): “Variación diatópica no Coloquio de Sarmiento”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento* (1695-1995). Vol. II. *Lingua, Folclore e Educación. Ciencias Naturais e Medicina*: 121-154 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela).
- Álvarez Blanco, R. (1988a): “Consideracións sobre a metafonía nominal galega”, en Kremer, D. (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por Ocasião do seu 85º Aniversário*: 141-157 (Lisboa / Santiago de Compostela: Instituto de Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega).
- Álvarez Blanco, R. (1988b) “Escribir en galego”, en Departamento de Filoloxía Galega (ed.): *Día das Letras Galegas 1988. Otero Pedrayo na Revista Nós. 1920-1936 (Escolma)*: 9-23 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Álvarez Blanco, R. / Regueira Fernández, X. L. / Monteagudo Romero, H. (1993) [1986]: *Gramática Galega* (Vigo: Galaxia).
- Álvarez, R. (1994): “As formas de dativo e expresión do número en galego medieval: *lle / lles, llo / llelo*”, *Verba*, 21: 133-166.
- ANT, 29-11-2001 = *A Nosa Terra*, nº. 1.010 (29-11-2001).
- Arias López, V. (1993): *Prontuario ortográfico de galego* (Vilaboa / Pontevedra: Edicións do Cumio).

- AS-PG [Asociación Sócio-Pedagóxica Galega] (1980): *Orientacións para a escrita do noso idioma* (Santiago de Compostela: Xistral).
- AS-PG' [Associação Sócio-Pedagógica Galega] (1980): *Orientações para a escrita do noso idioma* (Ourense: Galiza Editora).
- Badía Margarit, A. (1951): “Sobre IBI e INDE en las lenguas de la Península Ibérica”, *Revista de Filología Española*, 35: 62-74.
- Badía Margarit, A. (1952): “Los demostrativos y los verbos de movimiento en ibero-románico”, en *Estudios dedicados a D. Ramón Menéndez Pidal*. Vol. III: 3-21 (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Bases (1977): *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela de Compostela / Ediciones Anaya).
- Barboza, J. Soares (1830) [1822]: *Grammatica Philosophica da Lingua Portuguesa ou Principios da Grammatica Geral Aplicados á Nossa Linguagem* (Lisboa: Typographia da Academia Real das Sciencias).
- Bechara, E. (1974): “O sistema dos demonstrativos no português do Brasil”, *Archiv für das Studium der neueren Sprachen und Literaturen*, 126. Jahrgang / 211. Band: 320-333.
- Blanco, D. (1973): “Aspectos do galego da comarca de Ortigueira”, *Grial*, 40: 224-230.
- Boix Fuster, E. (1999): “A situación do catalán hoxe: cabeza de rato ou rabo de león”, en Fernández Rei, F. / Santamarina Fernández, A. (eds.): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*: 213-233 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Brunswick, H. (coord.) (1910): *Dicionario da Antiga Linguagem Portuguesa, Intercalado com Grande Número de Vocábulos Hodiernos de Obscura Significação* (Lisboa: Empresa Lusitana Editora).
- Buescu, M. L. Carvalhão (1978): *Gramáticos Portugueses do Século XVI* (Lisboa: Instituto de Cultura Portuguesa).
- Buescu, M. L. Carvalhão (ed.). (1983): Duarte Nunes do Leão, *Ortografia e Origem da Língua Portuguesa* (Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- Buescu, M. L. Carvalhão (1984a) [1958]: *Monsanto. Etnografia e Linguagem* (Lisboa: Presença).
- Buescu, M. L. Carvalhão (1984b): *Historiografia da Língua Portuguesa* (Lisboa: Livraria Sá da Costa).
- Cabo Pastor, F. (1929) [s.d.]: “Notas de gramática gallega”, en Cabo Pastor, F.: *Versos gallegos (Cántigas e cousas d-a nosa terra)*: 7-11 (Ferrol: Impr. El Correo Gallego).

- Calboli, G. (1991): “Les pronoms démonstratifs et la formation de l’article roman”, *Revue de Philologie, de Littérature et d’Histoire anciennes*, 65: 71-88.
- Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2000): *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (Vigo: Xerais).
- Carballo Calero, R. (1972): *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Carballo Calero, R. (1974): “La constitución del gallego como lengua escrita”, *Verba*, 1: 31-40.
- Carballo Calero, R. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).
- Carballo Calero, R. (1981a) [1963]: *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).
- Carballo Calero, R. (1981b): “Sobre dialectología do galego”, en Carballo Calero, R.: *Problemas da Língua Galega*: 121-128 (Lisboa: Sá da Costa).
- Cardoso, S. (1994): *Historiografia Gramatical (1500-1920). Língua Portuguesa – Autores Portugueses*. Anexo VII da *Revista da Faculdade de Letras*. Série: *Linguas e Literaturas* (Porto: Faculdade de Letras do Porto).
- Carnoy, A. J. (1983) [1906]: *Le Latin d’Espagne d’après les Inscriptions. Étude Linguistique* (Hildesheim / Zürich / New York: Georg Olms Verlag).
- Carré Alvarelllos, L. (1928-1931): *Dicionario galego-castelán*. 2 vols. (A Cruña: Edicións Lar).
- Carré Alvarelllos, L. (1967): *Gramática gallega* (A Cruña: Editorial Moret).
- Carvalho Calero, R. (1992): *Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Castro, I. (1991): *Curso de História da Língua Portuguesa* (Lisboa: Universidade Aberta).
- Castro López, M. (1998): *Manual de iniciación à língua galega. Sociolingüística, morfosintaxe, ortografia e léxico* (Ferrol: Fundação Artábria).
- Cavacas, A. d’Almeida. (1920): *A Língua Portuguesa e sua Metafonia* (Coimbra: Imprensa da Universidade).
- Cintra, L. F. Lindley. (1984) [reimpr. facs. da ed. de 1959]: *A Linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo. Seu Confronto com a dos Foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o Estudo do Leonês e do Galego-Português do Século XIII* (Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).

- Commelerán, F. A. (1881): *Gramática de la lengua castellana. Compuesta con arreglo al plan y método más generalmente seguidos en la enseñanza del latín, y para facilitar á los alumnos de segunda enseñanza el estudio de este idioma* (Madrid: Imprenta de D. A. Pérez Dubrull).
- Cordeiro, A. (1939): *A Língua e a Literatura Popular de Penamacor (Da Etnografia da Beira)* (Castelo Branco: Tipografia Portella Feijão).
- Cornu, J. (1906a): “Morfología del gallego moderno” [traducción realizada por Martínez Morás da parte correspondente ao Apéndice á Morfoloxía do Portugués que aparece na segunda edición da *Grammatik der Portugiesischen Sprache*], *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1: 7-9.
- Cornu, J. (1906b): “Morfología del gallego moderno. C) Pronombres” [traducción realizada por Martínez Morás da parte correspondente do Apéndice á Morfoloxía do Portugués que aparece na segunda edición da *Grammatik der Portugiesischen Sprache*], *Boletín de la Real Academia Gallega*, 2: 28-29.
- Corominas, J. (1976) [1955-1957]: *Diccionario crítico etimológico de la lengua castellana*. 4 vols. (Madrid: Gredos).
- Costa, J. Almeida / Melo, A. Sampaio e (1993) [s.d.]: *Dicionário da Língua Portuguesa* (Porto: Porto Editora).
- Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M. A. / Morán Fraga, C. / Rábade Castiñeira, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (A Coruña: Vía Láctea).
- Couceiro Freijomil, A. (1935): *El idioma gallego. Historia, gramática, literatura* (Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín).
- Coutinho, I. de Lima (1976) [s.d.]: *Pontos de Gramática Histórica* (Rio de Janeiro: Ao Livro Técnico).
- Crespo Pozo, J.-S. (1972-1979): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego, con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario (galaico-portugués)*. 4 vols. Vol. I (Ourense: La Región). Vols. II-IV (Sada / A Coruña: Edición de Castro).
- Cuesta, P. Vázquez / Luz, M. A. Mendes da (1989) [1971]: *Gramática da Língua Portuguesa* (Lisboa: Edições 70).
- Cunha, C. Ferreira da / Cintra, L. F. Lindley (1992) [1984]: *Nova Gramática do Português Contemporâneo* (Lisboa: Edições Sá da Costa).
- Cuveiro Piñol, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta de José Antúnez y Cía).

- Cuveiro Piñol, J. (1876): *Diccionario gallego, el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códigos, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares, y su pronunciación. Para la escuela de Diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso* (Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y C^a).
- Dalgado, S. R. (1998): *Estudos sobre os Crioulos Indo-Portugueses* (Lisboa: Comissão Nacional para as Comemorações dos Descobrimentos Portugueses).
- Dardel, R. de / Whüest, J. (1993): “Les systèmes casuels du protoroman. Les deux cycles de simplification”, *Vox Romanica*, 52: 25-65.
- Díaz y Díaz, M. (1960a): “El latín de la Península Ibérica. 1. Rasgos lingüísticos”, en Alvar, M. / Badía, A. / Balbín, R. de / Cintra, L. F. Lindley (dirs.): *Enciclopedia Lingüística Hispánica*. Vol. I: 153-197 (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Díaz y Díaz, M. (1960b): “El latín de la Península Ibérica. 3. Dialectalismos”, en Alvar, M. / Badía, A. / Balbín, R. de / Cintra, L. F. Lindley (dirs.): *Enciclopedia Lingüística Hispánica*. Vol. I: 237-250 (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Dubert García, F. (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela de Compostela*. Anexo 44 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Ernout, A. / Thomas, F. (1984) [1951]: *Syntaxe Latine* (Paris: Éditions Klincksieck).
- Fabbrini, F. (1990): “La cornice storica della ‘Peregrinatio Egeriae’”, en *Atti del Convegno Internazionale sulla Peregrinatio Egeriae*: 21-75 (Arezzo: Accademia Petrarca di Lettere, Arti e Scienze).
- Faria, E. de (1849): *Novo Dicionario da Lingua Portuguesa. Contendo Todas as Vozes da Lingua Portuguesa, Antigas ou Modernas, com as suas varias Acepções, Acentuados conforme á melhor Pronuncia, e com a Indicação dos Termos Antiquados, Latinos, Barbaros ou Viciosos. – Os Nomes proprios da Geografia Antiga e das Principaes Terras de Portugal. – Todos os Termos proprios das Sciencias, Artes e Officios, Etc. e sua Designação Analytica. Seguido de um Dicionario de Synonimos Recopilado, Copiado, Composto, Colligido, Redigido e Escrito por*. 2 vols. (Lisboa: Typographia Lisbonense).
- Fávero, L. Lopes (1996): *As Concepções Lingüísticas no Século XVIII* (Campinas: Editora da Universidade Estadual de Campinas).
- Fernández González, J. R. (1981): *El habla de Ancares (León)* (Oviedo: Universidad de Oviedo).

- Fernández Ramírez, S. (1987): *Gramática española*. Vol. 3.2. *El pronombre*. Preparado por José Polo (Madrid: Arco / Libros).
- Fernández Rei, F. (1991) [1990]: *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Fernández Rei, F. (2001): “A proposta de acordo normativo do 2001. Notas e documentos sobre a *Questione della lingua galega*”, *A Trabe de Ouro*, 48: 530-552.
- Fernández Rei, F. / González González, M. (1982): “Sobre a lingua de Álvaro Cunqueiro. II: Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro”, en Facultade de Filoloxía (ed.): *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*: 186-245 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Fernández Rei, F. / Hermida Gulías, C. (eds.) (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Fernández Salgado, B. / Monteagudo Romero, H. (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Monteagudo Romero, H. (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*: 99-176 (Vigo: Galaxia).
- Ferreira, J. de Azevedo (1987a): “Estudo lingüístico”, en Ferreira, J. de Azevedo (ed.): Afonso X, *Foro Real*. Vol. I. *Edição e Estudo Lingüístico*: 311-489 (Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica).
- Ferreira, J. de Azevedo (1987b): *Glossário*, en Ferreira, J. de Azevedo (ed.): Afonso X, *Foro Real*. Vol. II. *Glossário* (Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica).
- Ferreiro, M. (1991): “A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego”, *Cadernos de Lingua*, 4: 49-70.
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega*. Vol. II. *Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, M. (1999) [1995]: *Gramática histórica galega*. Vol. I. *Fonética e morfosintaxe* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferro Ruibal, X. (2001): “En defensa do galego e da Academia. A supresión de *eso, eso e aquilo*”, *La Voz de Galicia* (10-12-2001).
- Filho, L. de Azevedo (1975): *Para uma Gramática Estrutural da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Edições Gernasa / Novacultura Editora).

- Fiúza, M. (ed.) (1993) [1798-1799]: Frei Joaquim de Santa Rosa de Viterbo, *Elucidário das Palavras, Termos e Frases que em Portugal Antigamente se Usavam e Hoje Regularmente se Ignoram: Obra Indispensável para Entender sem Erro os Documentos mais Raros e Preciosos que entre nós se Conservam*. 2 vols. (Porto: Livraria Civilização).
- Forneiro Pérez, J. L. (2001): “Mais textos para a produción de Murguía en lingua galega: o seu romanceiro apócrifo”, en *Congreso sobre Manuel Murguía*: 169-188 (Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia).
- Franco, A. (1743): *Promptuario de Syntaxe dividido em duas partes; Na primeira se contem a Syntaxe pela mesma ordem da Arte; nos Scholios se poem a significação do nome, ou verbo, com o caso cōpetente. Na segunda se tratam algumas noticias congruentes á mesma Syntaxe, que se podem ver na página seguinte* (Évora: Oficina da Universidade).
- Franco Grande, X. L. (1975) [1968]: *Diccionario galego-castelán* (Vigo: Galaxia).
- Freire da Cunha, J. Pinheiro (1770): *Breve Tratado da Ortografia, Para os que não frequentáram os estudos; ou Dialogos Sobre as mais principaes regras da Ortografia uteis para o Povo menos instruido, e para os que não tendo frequentado as Aulas, se achão hoje empregados nos escritorios publicos, e dezejaõ acerrar na praxe sem grande multiplicidade de regras a que não lhes saõ faceis de comprehender, e muito mais proveitosos aos meninos, que frequentão as Escolas* (Lisboa: Oficina de Joseph da Silva Nazareth).
- Freixeiro Mato, X. R. (1993): *Da montaña o corazón (Producción literaria e lingua en Noriega Varela)* (Lugo: El Progreso Artes Gráficas, S. L.).
- Freixeiro Mato, X. R. (1995): *Rafael Dieste. Vida, personalidade e obra* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. (1996): “Nota preliminar”, en Freixeiro Mato, X. R. (ed.): *A Nosa Literatura*. Vol. 7. *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía*: 7-11 (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (1998a) [1997]: *Lingua galega: normalidade e conflito* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. (1998b): *Gramática da lingua galega*. Vol. I. *Fonética e fonoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (1999): *Gramática da lingua galega*. Vol. III. *Semántica* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega*. Vol. II. *Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).

- Freixeiro Mato, X. R. (2002): *Manual de gramática galega* (Vigo: A Nosa Terra).
- Frías Conde, F. X. (1998): *O galego exterior ás fronteiras administrativas* (Xixón: vtp Editorial).
- García, C. (1987): *Follas da lingua* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- García, C. / González González, M. (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega* (A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Galaxia / Xerais).
- García y Bellido, A. (1967): “La latinización de Hispania”, *Archivo Español de Arqueología*, 40: 3-29.
- García de Diego, V. (1981): *Gramática histórica española* (Madrid: Gredos).
- García de Diego, V. (1984) [reimpr. facs. da ed. de 1909]: *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Anexo 23 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- García García, J. (1983): *El habla de El Franco (una variante lingüística del Occidente de Asturias)* (Mieres del Camino: Instituto “Bernaldo de Quirós”).
- García Negro, M. P. (1993): *Sempre en galego* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- García Negro, M. P. / Dobarro Paz, X. M. (1990) [1984]: *33 aproximacións á literatura e á lingua galegas* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro).
- García Sanchidrián, M. L. (1995): “Notas sobre el empleo de demostrativos y relativos en Braulio de Zaragoza, en relación con el paso del latín a las lenguas romances”, en Pérez González, M. (coord.): *Actas del Ier. Congreso Nacional de Latín Medieval* (León: Universidad de León).
- Geraldo da Cunha, A. (1980) [1966]: *Índice Analítico do Vocabulário de Os Lusíadas* (Rio de Janeiro: Presença Edições / INL-MEC).
- González Seoane, E. (1992): “Determinantes nominais”, en Álvarez, R. (coord.): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Vol. I: 87-98 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Graña Núñez, X. (1993): *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega* (Vigo: Ir Indo).
- Henríquez Salido, M. C. (1986): “As gramáticas do galego do século XIX”, en *Actas do Iº Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*: 443-667 (A Coruña: AGAL).
- Herculano de Carvalho, J. G. (1984): *Estudos linguísticos*. Vol. III (Coimbra: Coimbra Editora).
- Hermida, C. (1992a): “O dialectalismo en Celso Emilio Ferreiro”, en Álvarez, R. (coord.): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Vol. I: 301-315 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

- Hermida, C. (1992b): *A reivindicación da Lingua Galega no Rexurdimento (1840-1891). Escolma de textos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Iglesia, A. de la (1977) [reimpr. facs. da ed. de 1886]: “XV. Conclusión. Resumen: Obstáculos vencidos por el idioma galiciano. –Otras pruebas de la antigüedad y precedencia del gallego. –Millones de personas que todavía lo usan. –Renacimiento literario de Galicia también en su idioma. –El Folk-Lore Gallego y esperanzas para el porvenir”, en Iglesia, A. de la (ed.): *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*. Vol. III: 253-261 (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Huber, J. (1986) [1933]: *Gramática do Porutuquês Antigo* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).
- IF [Irmandades da Fala] (1933): *Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala* (A Coruña: Imprenta Moret).
- ILG [Instituto de la Lengua Gallega] (1975) [1971]: *Gallego 1* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1977) [1972]: *Galego 2* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1980): *Dicionario básico da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1984) [1971]: *Galego 1* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1995): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. II. *Morfoloxía non verbal* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1999): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. III. *Fonética* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- ILG / RAG [Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega] (1995) [1982]: *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Iordan, I. / Manoliu, M. (1989) [1972]: *Manual de lingüística románica*. 2 vols. (Madrid: Gredos).
- Iso Echegoyen, J. J. (1974): “En torno al sistema deictico pronominal en latín y su paso a las lenguas romances”, *Revista Española de Lingüística*. Fasc. 2: 459-471).
- Iso Echegoyen, J. J. (1987): *La Peregrinatio Egeriae: una concordancia* (Zaragoza: Universidad de Zaragoza).
- József, H. (1997): *El latín vulgar* (Barcelona: Ariel).
- Lagares, X. C. (2001): *E por esto fez este cantar. Sobre as rubricas explicativas dos cioneiros profanos galego-portugueses* (Santiago de Compostela: Laiovento).

- Lagares Diez, X. C. (2000): *O xénero en galego*. Tese de Doutoramento (inédita). Universidade da Coruña. Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- Lapa, [M.] Rodrigues (1936): “[Recensão da obra de] Joseph Huber, *Altoportugiesisches Elementarbuch*. Heidelberg, Carl Winters Universitätsbuchhandlung, 1933, 356 páginas”, *Revista Lusitana*, 34: 300-312.
- Lapa, M. Rodrigues (1982): *Miscelânea de Língua e Literatura Portuguesa Medieval* (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Lausberg, H. (1981): *Linguística Românica* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).
- Leonetti, M. (1999): *Los determinantes*, en *Cuadernos de Lengua Española*. Vol. F. (Madrid: Arco / Libros).
- Lobato, A. J. dos Reis (1837): *Arte da Grammatica da Lingua Portuguesa. Composta e Offerecida ao Illmo. e Excmo. Senhor Sebastião Jose de Carvalho Melo, Ministro, e Secretario de Estado de sua Magestade Fidelissima da Repartição dos Negocios do Reino, &c* (Lisboa: Typographia Rollandina).
- Lope Blanch, J. M. (ed.) (1979) [reimpr. facs. da ed. de 1619]: Texeda, J. de, *Gramática de la lengua española compuesta en español y françes* (México: Universidad Autónoma de México).
- Lopes da Silva, B. (1984): *O Dialecto Crioulo de Cabo Verde* (Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- López, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- López Varela, E. (1998): “Estudio lingüístico”, en López Varela, E. (ed.): *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*. Vol. I: 195-305 (A Coruña: Deputación da Coruña).
- López Varela, (2001a): “Achegamento ao galego literario de Curros Enríquez”, *Revista Galega de Filoloxía*, 2: 105-127.
- López Varela, E. (2001b): *Unha casa para a lingua. A Real Academia Galega baixo a presidencia de Manuel Murguía (1905-1928)* (A Coruña: Espiral Maior).
- Lorenzo, R. (1977): *Glosario*, en Lorenzo, R. (ed.): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario*. Vol. II. *Glosario* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”).
- Lorenzo, R. (1985): “Introducción”, en Lorenzo, R. (ed.): *Crónica Troiana*: 5-211 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Lorenzo, R. (1987): “Algunhas consideracións sobre a *História do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia”, *Verba*, 14: 441-488.

- Lugrís Freire, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego* (A Cruña: Imprenta Moret).
- Machado, J. P. (1989) [1952]: *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa (Com a Mais Antiga Documentação Escrita e Conhecida de Muitos dos Vocábulos Estudados)*. 4 vols. (Lisboa: Livros Horizonte).
- Madureyra Feyjó, J. de Moraes (1734): *Orthographia ou Arte de Escrever, e Pronunciar com Acerto a Lingua Portuguesa. Para Uso do Excellentissimo Duque de Lafoens* (Lisboa: Officina de Miguel Rodrigues, Impressor do Senhor Patriarca).
- Maia, C. de Azevedo (1997) [1986]: “Estudo lingüístico”, en Maia, C. de Azevedo (ed.): *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno)*: 297-882 (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica).
- Mair Parry, M. (1991): “Le système démonstratif du cairese”, en Kremer, D. (ed.): *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*. Vol. 3: 625-631 (Tübingen: Max Niemeyer).
- Mariano, A. B. / Nascimento, A. A. (1998): “Determinação dos modos discursivos”, en Mariano, A. B. / Nascimento, A. A. (eds.): *Egéria. Viagem do Ocidente à Terra Santa, no Séc. IV* (Itinerarium ad loca sancta): 15-69 (Lisboa: Edições Colibri).
- Mariño Paz, R. (1995): “Estudio introductorio”, en Mariño Paz, R. (ed.): *Fr. Martín Sarmiento, Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*: 9-95 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Mariño Paz, R. (1996): “Aproximación ó mapa dialectal galego dos séculos XVIII e XIX”, en Lorenzo, R. / Álvarez, R. (coords.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*: 77-105 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Mariño Paz, R. (2000): “As liñas en galego do *Theatro Moral y Político de la Noble Academia Compostelana* (1731) de Pablo Mendoza de los Ríos”, *Revista Galega de Filoloxía*, 1: 35-65.
- Martínez González, M. (1883): “Tratado sobre el modo de escribir y hablar con propiedad el dialecto gallego”, en Martínez González, Manuel: *Poemas gallegos seguidos d’un tratado sobr’o modo de falar é escribir con propiedade ó dialecto*: 121-130 (Pontevedra: Tipografía de José M. Madrigal).
- Martínez-López, R. (1963): “Introducción”, en Martínez-López, R. (ed.): *General Estoria*. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O. I. i. del Escorial: IX-LXI (Oviedo: Universidad de Oviedo).

- Mattos e Silva, R. V. (1984): “*Pero e porém*: mudanças em curso na fase arcaica da língua portuguesa”, *Boletim de Filologia*, 29: 129-152.
- Mattos e Silva, R. V. (1989): *Estruturas Trecentistas. Elementos pra uma Gramática do Português Arcaico* (Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- Mattoso Câmara Jr., J. (1997) [1970]: *Estrutura da Língua Portuguesa* (Petrópolis: Vozes).
- Melo, G. Chaves de (1985): “A reintegração galego-portuguesa”, en *Lingüística e Sócio-Lingüística Galaico-Portuguesa (Reintegracionismo e Conflito Lingüístico na Galiza)*, I. Temas de *O Ensino*, 4/5: 51-56 (Braga: Oficinas Gráficas de Barbosa & Xavier).
- Menéndez Pidal, R. (1989) [1904]: *Manual de gramática histórica española* (Madrid: Espasa-Calpe).
- Meyer-Lübke, W. (1974) [reimpr. facs. da ed. de 1890]: *Gramaire des Langues Romanes*. Vol. I. *Phonétique* (Géneve / Marseille: Slatkine Reprints / Laffite Reprints).
- Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes temas. Un grandioso poema de 100 octavas titulado “La creación y la redención”. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor* (Santiago de Compostela: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás).
- Michaëlis de Vasconcellos, C. (1920): “Glossário do *Cancioneiro da Ajuda*”, *Revista Lusitana*, 23.
- Michaëlis de Vasconcellos, C. (1956): *Lições de Filologia Portuguesa Segundo as Preleções feitas aos Cursos de 1911/12 e de 1912/13 Seguidas das Lições Práticas de Português Arcaico* (Lisboa: Dinalivro).
- Monteagudo, H. (1998): “Notas sobre a língua”, en Monteagudo, H. (ed.): Ramón Otero Pedrayo, *A Lagarada. O desengano do prioiro*: 185-193 (Vigo: Galaxia).
- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Montero Santalha, J.-M. (1993): “Cunqueiro: da fala popular á língua literaria”, en Herrero Figueroa, A. / Penabade Rei, B. / Cordal Fustes, X. / Reimunde Noreña, R. (eds.): *Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro*: 99-113 (Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial).
- Montero Santalla, J. M. (2000): *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*. 3 vols. Tese de Doutoramento (inédita). Universidade da Corunha. Facultade de Filologia. Departamento de Galego-Português, Francês e Lingüística (Área de Filologías Galega e Portuguesa).
- Moralejo Álvarez, J. J. (1977): *A lingua galega hoxe* (Vigo: Galaxia).

- Navaza Blanco, G. / Lastra Muruais, X. (coords.) (1994) [1986]: *Diccionario Xerais da Lingua* (Vigo: Xerais).
- Neto, S. da Silva (1988) [1957]: *História da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Presença).
- Nocentini, A. (1990): “L’uso dei dimostrativi nella *Pergrinatio Egeriae* e la genesi dell’articolo romanzo”, en *Atti del Convegno Internazionale sulla Peregrinatio Egeriae*: 137-158 (Arezzo: Accademia Petrarca di Lettere, Arti e Scienze).
- Nogueira, R. Sá de (dir.) (1933): Fernão de Oliveira, *Grammatica da Lingoagem Portuguesa* (Lisboa: Tipografia Belezza).
- Nunes, J. J. (1989) [1919]: *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa* (Lisboa: Clássica Editora).
- Pensado, J. L. (ed.) (1970): Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas* (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- Pensado, J. L. (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII* (Vigo: Galaxia).
- Pensado, J. L. (ed.) (1979): Fr. Juan Sobreira, *Papeletas de un Diccionario Gallego*. 2 vols. (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”).
- Pensado, J. L. (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Penny, R. (1998) [1993]: *Gramática histórica del español* (Barcelona: Ariel).
- Pérez, M. R. / Veiga, A. (eds.): Amable Veiga Arias, *Estudios lingüísticos* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro / Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).
- Pérez González, M. (1985): *El latín de la cancellería castellana* (León / Salamanca: Universidad de León / Universidad de Salamanca).
- Polín, R. (1997): “A koiné galego-castelá: o galego na poesía *cancioneril*”, en Polín, R. (ed.): *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450)*. *Corpus lírico da decadencia*: 79-86 (Sada / A Coruña: Edicións do Castro / Seminario de Estudos Galegos).
- Porto Dapena, J. A. (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Posner, R. (1998): *Las lenguas romances* (Madrid: Cátedra).
- Pottier, B. (1958): “Les démonstratifs portugais”, *Revista Brasileira de Filologia*. Vol. 4, Tomo I-II: 33-35.
- Pousa Ortega, H. (1991): “O fenómeno da ditongación goianesa. Características principais”, en Brea, M. / Fernández Rei, F. (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. I: 403-417 (Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega / Universidade de Santiago de Compostela).

- Pullum, G. K. / Ladusaw, W. A. (1996) [1986]: *Phonetic Symbol Guide* (Chicago / London: University of Chicago Press).
- Quiroga, C. (2000): “Da anormalidade do campo literário galego e da centralidade de Ferrín”, en Rodríguez, J. L. (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Vol. I: 771-816 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).
- R. A. [Ramón Alvariño, pseudónimo de Carré Alvarellos, L.] (1919): *Compendio de Gramática Galega* (A Cruña: Imprenta Nova).
- RAG [Real Academia Gallega] (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano* (A Coruña: RAG).
- Rábade Castnheira, J. C. (1989): “As formas ‘proibidas’ em textos do galego médio”, en *Actas do IIº Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*: 460-520 (A Corunha: AGAL).
- Ramallo, F. (2000): “Pragmática”, en Ramallo, F. / Rei-Doval, G. / Rodríguez Yáñez, X. P. (eds.): *Manual de Ciencias da Linguaxe*: 443-512 (Vigo: Xerais).
- Regueira, X. L. (1994): “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de Lingua*, 10: 37-60.
- Rivas Quintas, E. (1994): *Lingua galega, níveis primitivos* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Rodríguez, F. J. (1863): *Diccionario gallego-castellano* (Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial).
- Rodríguez Baixeras, X. (1992) [1990]: “Introducción”, en Rodríguez Baixeras, X. (ed.): Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos* (Vigo: Xerais).
- Rodríguez González, E. (1980) [reimpr. facs. da ed. de 1958]: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. (Vigo: Galaxia).
- Rodríguez Valcárcel, M. X. (1995): “Consideracións verbo do uso dos demostrativos galegos”, *Cadernos de Lingua*, 12: 33-51.
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Sáez Durán, J. (1996): “Castellano medieval *esse* en textos literarios (c. 1150-c.1250)”, en Alonso González, A. / Castro Ramos, L. / Gutiérrez Rodilla, B. / Pascual Rodríguez, J. A. (eds.): *Actas del III Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española* (Madrid: Arco / Libros).
- Sánchez Rei, X. M. (1999): “Estudo lingüístico”, en Sánchez Rei, X. M. (ed.): *O fidalgo e o teatro. Tres textos dramáticos de Ramón Otero Pedrayo*: 63-126 (A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor” / Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña).

- Sánchez Rei, X. M. (2000): “Aproximación dialectal aos pronomes demostrativos no galego contemporáneo”, en Rodríguez, J. L. (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Vol. I: 885-902 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).
- Santamarina, A. (1982): “Dialectoloxía galega: historia e resultados”, en Kremer, D. / Lorenzo, R. (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*: 153-187 (Santiago de Compostela: Consellería de Cultura da Xunta de Galicia).
- Santiago y Gómez, J. de (1918): *Filología de la lengua gallega* (Santiago de Compostela: Tipografía de El Eco Franciscano).
- Senén, F. (1988): “Concerto barroco das verbas en Compostela”, en VV.AA: *A sombra imensa de Otero Pedrayo*. Extra 8 d’A Nosa Terra: 23-25 (Vigo: A Nosa Terra).
- Sequeira, F. J. Martins (1958): *Apontamentos acerca do Falar do Baixo-Minho* (Lisboa: Edição da ‘Revista de Portugal’).
- Souto Cabo, J. A. (1993): “Caracterizaçom dialectal da Galiza da Idade Média”, en Hilty, G. (ed.): *Actes du XXe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*. Vol. II: 531-545 (Tübingen / Bassel: Francke).
- Souto Cabo, J. A. (1996a): “Glossário do *Testamento de Estevo Peres*”, *Agália*, 45: 27-44.
- Souto Cabo, J. A. (1996b): “Estudo lingüístico”, en Souto Cabo, J. A. (ed.): *A História de Dom Servando. Edição do Manuscrito e Estudo*: 365-484. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Faculdade de Filologia. Departamento de Filologia Galega.
- Souto Cabo, J. A. (1996c): “Glossário”, en Souto Cabo, J. A. (ed.): *A História de Dom Servando. Edição do Manuscrito e Estudo*: 484-543. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Faculdade de Filologia. Departamento de Filologia Galega.
- Taboada, M. (1979): *El habla del valle de Verín*. Anejo 15 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Taboada Cid, M. (ed.) (1984): *Gonzalo Correas, Arte kastellana (1627)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Teyssier, P. (1981): “Le système de déictiques spatiaux en portugais au XIV^e, XX^e et XVI^e siècles”, *Cahiers de Linguistique Hispanique Médiévale*, 6: 5-39.
- Teyssier, P. (1989): *Manual de Língua Portuguesa (Portugal-Brasil)* (Coimbra: Coimbra Editora).
- Teyssier, P. (1994) [s.d.]: *História da Língua Portuguesa* (Lisboa: Sá da Costa).

- Torres, A. (ed.) (1996): Bernardo de Lima e Mélo Bacellar, *Grammatica Philosophica e Ortographia Rational da Lingua Portuguesa; Para se pronunciarem, e escreverem com acerto os vocabulos deste idioma*, en *Subsídios para a História Portuguesa*, 27: 47-242 (Lisboa: Academia Portuguesa da História).
- Väänänen, V. (1987): *Le journal-épître d'Égérie* (Itinerarium Egeriae). *Étude linguistique* (Helsinki: Suomalainen Tiedekatemia).
- Väänänen, V. (1988) [1968]: *Introducción al latín vulgar* (Madrid: Gredos).
- Valladares, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano* (Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario Conciliar Central).
- Valladares, M. (1970) [redixida en 1892]: *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia / Fundación Penzol).
- Vasconcellos, J. Leite de (1900): *Philologia Mirandesa* (Lisboa: Imprensa Nacional).
- Vasconcellos, J. Leite de (1927): “Observações ao ‘Elucidario’ do Pe. Santa Rosa de Viterbo”, *Revista Lusitana*, 26: 111-146).
- Vasconcellos, J. Leite de (1966) [1911]: *Lições de Filologia Portuguesa* (Rio de Janeiro: Livros de Portugal).
- Vasconcellos, J. Leite de (1985): *Opúsculos*. Vol. VI. *Dialectologia*. Organizado por Maria Adelaide Valle Cintra. Notícia introdutória de Orlando Ribeiro (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Vasconcellos, J. Leite de (1987) [reimpr. facs. da ed. de 1970 [1901]]: *Esquisse d'une Dialectologie Portugaise* (Lisboa: Instituto de Investigação Científica).
- Vázquez Corredoira, F. (1998): *A Construção da Língua Portuguesa frente ao Castelhana. O Galego como Exemplo a Contrario* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Veiga Arias, A. (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego* (Vigo: Galaxia).
- Wandruszka, M. (1976): *Nuestros idiomas: comparables e incomparables*. 2 vols. (Madrid: Gredos).
- Williams, E. B. (1975) [1961]: *Do Latim ao Português* (Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro).
- Wright, R. (1989): *Latín tardío y romance temprano en España y la Francia carolingia* (Madrid: Gredos).
- Wright, R. (1991): “La enseñanza de la ortografía en la Galicia de hace mil años”, *Verba*, 18: 5-25.

2. Desenvolvemento das abreviaturas e siglas utilizadas nas obras literarias

- AGA = Alonso Girgado, L. (dir.) (1999) [reimpr. facs. dos números da revista aparecidos en 1885-1889]: *A Gaita Gallega. Repinica muiñeras, alboradas e fandangos unha vez 'o mes* (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” / Xunta de Galicia).
- Alcalá, ANC = Alcalá, Xavier (1983): *A nosa cinza* (A Coruña: Ediciones Nós).
- Álvares, AS = Carrasco González, J. M. (ed.): Afonso Álvares, *Auto de Santiago* (A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor” / Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña). No prelo.
- Amado Carballo, OPV = Amado Carballo, Luís (1982) [1970]: *Obras en prosa e verso* (Vigo: Castrelos).
- Armada Teixeira, DT = Armada Teixeira, Ramón (s.d.) [reimpr. facs. da ed. da Habana de 1918]: *Da terriña (versos gallegos). A-la-lás. Milicroques. Caldo de grelos* (Ortigueira: Comité Organizador da Universidade Popular de Ortigueira / Concello de Ortigueira).
- Blanco-Amor, OB = Blanco-Amor, Eduardo (1995) [1962]: *Os Biosbardos. Contos praxeiros* (Vigo: Galaxia).
- Blanco-Amor, OGC, II = Blanco-Amor, Eduardo (1992): *Obra en galego completa*. Vol. II. *Poesía e teatro* (Vigo: Galaxia).
- Blanco Torres, DO = Carballo Soliño, X. (ed. e trad.) (1999): Roberto Blanco Torres, *Disto e do outro. Antoloxía* (Vigo: Galaxia).
- CA = Michaëlis de Vasconcellos, Carolina (ed.) (1990) [reimpr. facs. da ed. de 1904]: *Cancioneiro da Ajuda. Edição Crítica e Commentada*. 2 vols. Vol. I (Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- Camões, DC = Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Salinas Portugal, F. (eds.) (1994): Luís de Camões, *Doce Canto em Terra Alheia? (Antologia da Lírica Camoniana)* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Caneiro, IS = Caneiro, Xoán Carlos (1992): *O infortunio da soidade* (Vigo: Xerais).
- CAR = Martínez Martínez, M. (ed.) (1999): *Cartulario de Santa María de Carracedo (992-1500)*. Vol. II (Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos).
- Carballo Calero, BARI = Carballo Calero, Ricardo (1951): *A xente da Barreira* (Santiago: Bibliófilos Gallegos).
- Carballo Calero, BAR2 = Carballo Calero, Ricardo (1982) [1951]: *A gente da Barreira e outras historias* (Santiago de Compostela: Follas Novas).

- Carvalho Calero, *ES* = Carvalho Calero, Ricardo (1997): *A Nosa Literatura*. Vol. 33. *Escórpio* (Vigo: A Nosa Terra).
- Carvalho Calero, *R* = Carvalho Calero, Ricardo (1990): *Reticências (1986-1989)* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- CD* = Polín, R. (ed.) (1997): *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro / Seminario de Estudos Galegos).
- Celso Emilio, *OC* = Alonso Montero, X. (dir.) (1978) [s.d.]: Celso Emilio Ferreiro, *Obra completa*. 3 vols. (Madrid: Akal).
- CGC* = Lorenzo, R. (ed.) (1975): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario*. Vol. I: *Introducción, texto anotado e índice onomástico* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”).
- CI* = Carro García, J. (ed.) (1951): *Coronica de Santa Maria de Iria (Códice gallego del siglo XV)*. Anejo V de *Cuadernos de Estudios Gallegos* (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Lingüísticas / Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos).
- Cotarelo Valledor, *H* = Cotarelo Valledor, Armando (1926): *Hostia* (A Cruña: Editorial e Imprenta “Lar”).
- Cotarelo Valledor, *T* = Fontoira, L. / García, C. (eds.) (1984): Armando Cotarelo Valledor, *Trebón* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- CP* = R. Fernández, Generoso: “Colaboraciones de Prensa”, en *Cartafueyos de Lliteratura Escaecida*, 29: 8-26 (Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana).
- CPG* = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [reimpr. facs. da ed. de 1885-1986]: *Cancionero popular gallego*. 3 vols. (Madrid: Akal).
- CPL* = Lorenzo Fernández, X. (ed.) (1973): *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (Vigo: Galaxia / Fundación Penzol).
- CPO* = Schubarth, D. / Santamarina, A. (eds.) (1983): *Cántigas populares* (Vigo: Galaxia).
- CR* = Dias, A. F. (ed.) (1993): *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*. 4 vols. (Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- CSM* = Mettman, W. (ed.) (1986): *Cantigas de Santa María*. 3 vols. (Madrid: Castalia).
- CT* = Lorenzo, R. (ed.) (1985): *Crónica Troiana* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Cuevillas, *PGAL* = López Cuevillas, Florentino (1971) [1962]: *Prosas galegas* (Vigo: Galaxia).

- Cuevillas, *PGAL* = López Cuevillas, Florentino (1982) [1962]: *Prosas galegas* (Vigo: Galaxia).
- Cunqueiro, *CS* = Cunqueiro, Álvaro (1980) [1956]: *As crónicas do Sochantre* (Vigo: Galaxia).
- Cunqueiro, *MF* = Cunqueiro, Álvaro (1988) [1955]: *Merlín e familia* (Vigo: Galaxia).
- Cunqueiro, *FE* = Cunqueiro, Álvaro (1981) [1979]: *Os outros feirantes* (Vigo: Galaxia).
- Cunqueiro, *XAA* = Cunqueiro, Álvaro (1981) [1971]: *Xente de aquí e de acolá* (Vigo: Galaxia).
- Curros, *AMT* = Curros Enríquez, Manuel (1978) [reimpr. facs. da ed. de 1886]: *Aires d’a miña terra* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Curros, *PG* = López Varela, E. (ed.) (1998): *A poesía galega de Curros Enríquez. Estudio, edición, notas e apéndices*. 2 vols. (A Coruña: Deputación Provincial da Coruña).
- DCO* = Duro Peña, E. (ed.) (1996): *Documentos da Catedral de Ourense* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- DG* = Martínez Salazar, A. (ed.) (1911): *Documentos gallegos de los siglos XII al XVI* (A Coruña: Imprenta de la Casa de Misericordia).
- Dieste, *ATC* = Dieste, Rafael (1981): *Antre a terra e o ceo. Prosas de mocidade (1925-1927)* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro).
- Dieste, *DAT* = Dieste, Rafael (1973) [1962]: *Dos arquivos do trasno* (Vigo: Galaxia).
- Dieste, *DAT*’ = Dieste, Rafael (1995 [1962]): *Dos arquivos do trasno* (Vigo: Galaxia).
- DMP* = Academia Portuguesa da História (ed.) (1980): *Documentos Medievais Portugueses. Documentos Particulares*. Vol. IV. Tomo 1. A. D. 1116-1123 (Lisboa: Academia Portuguesa da História).
- EC* = Rielo Carballo, N. (ed.) (1976): *Escolma de Carballedo (Lugo)* (Vigo: Edicións Castrelos).
- FAV* = Academia de la Llingua Asturiana (ed.) (1991) [reimpr. facs. da ed. de 1865]: *El Fuero de Avilés. Discurso leído en junta pública de la Real Academia Española para solemnizar el aniversario de su fundación por Don Aureliano Fernández-Guerra y Orbe* (Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana).
- Fernández y Morales, *EP* = Fernández y Morales, Antonio (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano, por el comandante de infantería e inspector provincial de estadística, D. Antonio Fernández y Morales* (León: Establecimiento tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñón).
- Fernández y Neyra, *PG* = Fernández y Neyra, José (1984) [reimpr. facs. da ed. de 1810]: *Proezas de Galicia explicadas baxo la conversación rústica de los padres Chinto y Mingote* (Pontevedra: Bibliófilos Gallegos).

- Ferrín, AA = Méndez Ferrín, Xosé Luís (1982): *Amor de Artur e novos contos con Tago Ata ao lonxe* (Vigo: Xerais).
- Ferrín, ARN = Méndez Ferrín, Xosé Luís (1985): *Arnoia, Arnoia* (Vigo: Xerais).
- Ferrín, ARRA = Méndez Ferrín, Xosé Luís (1994) [1991]: *Arraianos* (Vigo: Xerais).
- Ferrín, CF = Méndez Ferrín, Xosé Luís (1993) [1961]: *O crepúsculo e as formigas* (Vigo: Xerais).
- Ferrín, VS = Méndez Ferrín, Xosé Luís (1999): *No ventre do silencio* (Vigo: Xerais).
- Fole, LC = Fole, Ánxel (1983) [1953]: *Á lús do candil. Contos a carón do lume* (Vigo: Galaxia).
- Fole, HNC = Fole, Ánxel (1987): *Historias que ninguén cre* (Vigo: Galaxia).
- Fole, TB = Fole, Ánxel (1997) [1955]: *Terra brava* (Vigo: Xerais).
- FR = Ferreira, J. de Azevedo (ed.) (1987): Afonso X, *Foro Real*. Vol. I. *Edição e Estudo Linguístico*: 123-309 (Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica).
- GE = Martínez-López, R. (ed.) (1963): *General Estoria*. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O. I. I. del Escorial (Oviedo: Universidad de Oviedo).
- Ghelderode, MV = Pillado Mayor, F. (trad.) (1985): Michel de Ghelderode, *Máxia vermella. Tres actos* (Sada / A Coruña: Gráficas do Castro / Moret).
- Gil Vicente, CO = Buescu, M. L. Carvalhão (ed.) (1983): Gil Vicente, *Copilaçam de Todalas Obras*. 2 vols. (Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- Goldoni, PO = Pazó, C. (trad.) (1987): Carlo Goldoni, *A Pousadeira* (Vigo: Xerais).
- Graña, FM = Graña, Bernardino (1989): *Fins do mundo* (Vigo: Xerais).
- Heinze, CAS = Heinze, Úrsula (1993): *Culpable de asasinato* (Vigo: Xerais).
- HGP = Maia, C. de Azevedo (ed.) (1997) [1986]: *História do Galego-Português. Estado Linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno)*: 41-295 (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica).
- HS = Souto Cabo, J. A. (ed.) (1996): *A História de Dom Servando. Edição do Manuscrito e Estudo*: 46-187. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Faculdade de Filologia. Departamento de Filologia Galega).
- IG = Iglesia, A. de la (ed.) (1977) [reimpr. facs. da ed. de 1886]: *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*. 3 vols. (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Iglesia Alvariño, PGC = Alonso Montero, X. (ed.) (1986): Aquilino Iglesia Alvariño, *Poesía galega completa* (Vigo: Xerais).

- Lamas Carvajal, EFF = Lamas Carvajal, Valentín (1877) [1875-1876]: *Espiñas, follas e frores. Colección de versos gallegos* (Madrid: Imprenta y Fundición de M. Tello).
- Lamas Carvajal, SG = Lamas Carvajal, Valentín (1981) [reimpr. facs. da ed. de 1880]: *Saudades gallegas* (A Coruña: Real Academia Gallega).
- Leiras Pulpeiro, OC = Alonso Montero, X. (ed.) (1983): Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras completas* (Santiago de Compostela: Sálvora).
- Lesta Meis, MR = Lesta Meis, Xosé (1926): *Manecho o da Rúa* (A Coruña: Lar).
- LGPR = Garcia Negro, M. P. / Gómez Sánchez, A (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 9. *A literatura galega do pre-renacemento (1808-1863)* (Vigo: A Nosa Terra).
- LP = Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. 2 vols. (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións lingüísticas e literarias “Ramón Piñeiro” / Xunta de Galicia).
- LPG = Saco Cid, J. L. (ed.) (1987) [1910]: *Literatura Popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce (Ourense: Deputación Provincial de Ourense).
- LTOB = Fonteboa, A. (ed.) (1992): *Literatura de tradición oral en El Bierzo* (León: Diputación de León).
- LVB = Calado, A. de Almeida (ed.) (1994): Infante D. Pedro / Frei João Verba, *Livro da Virtuosa Benfeytoria* (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Martelo Paumán, ADE = Martelo Pauman, Evaristo (1990) [reimpr. facs. da ed. de 1885]: *Os afillados do demo* (Santiago de Compostela: Edicións do Cerne).
- MON = A Monteiro. *Somanario de Intreses Rexionales e Literatura* (1989) [reimpr. facs. dos números da revista aparecidos en 1889]: (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección xeral de Política Lingüística).
- MS = Pensado, J. L. (ed.) (1958): *Miragres de Santiago*. Anejo LXVIII da *Revista de Filología Española* (Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Noriega, OC = Freixeiro Mato, X.R. (ed.) (1994): Antonio Noriega Varela. *Estudio e Edición da Obra Completa*. 2 vols. (Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo).
- Novoneyra, E = Rodríguez Fer, C. / Blanco, C. (eds.) (1990): Uxío Novoneyra, *Os Eidos* (Vigo: Xerais).
- Novoneyra, PDC = Novoneyra, Uxío (1994): *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras* (A Coruña: Espiral Maior).

- Otero Pedrayo, *D* = Otero Pedrayo, Ramón (1935): *Devalar* (Santiago de Compostela: Nós).
- Otero Pedrayo, *FT* = Sánchez Rei, X. M. (ed.) (1999): *O fidalgo e o teatro. Tres textos dramáticos de Ramón Otero Pedrayo*: 151-205 (A Coruña: Biblioteca-Arquivo teatral “Francisco Pillado Mayor” / Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña).
- Otero Pedrayo, *LA* = Otero Pedrayo, Ramón (1928): *A Lagarada* (A Coruña: Nós).
- Otero Pedrayo, *LA'* = Monteagudo, H (ed.) (1998) [1928]: Ramón Otero Pedrayo, *A Lagarada. O desengano do prioiro* (Vigo: Galaxia).
- Otero Pedrayo, *P* = Otero Pedrayo, Ramón (1993) [reimpr. facs. da ed. de 1929]: *Pelerinaxes I* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro).
- Otero Pedrayo, *PM* = Marco, A. (ed.) (1988): Ramón Otero Pedrayo, *Prosa miúda. Artigos non colecciónados (1927-1934)* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro).
- Otero Pedrayo, *TI* = Marco, A. (ed.) (1991): Ramón Otero Pedrayo, *Teatro ignorado* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Petronio, *S* = Dobarro Posada, X. A. / Gómez Quintas, D. (eds.) (1991): Petronio, *Satiricón* (Santiago de Compostela / Vigo: Servicio Central de Publicacións da Xunta de Galicia / Galaxia).
- Pintos, *GG* = Pintos, Xoán Manuel (1981) [reimpr. facs. da ed. de 1853]: *A gaita gallega tocada polo gaiteiro, ou sea, Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Pondal, *QP* = Ferreiro, M. (ed.) (1995): Eduardo Pondal, *Poesía galega complega. I. Queixumes dos Pinos* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- PRO* = Gómez Sánchez, A. / Lourenzo González, M. / Obelleiro, L. / Tato Fontañá, L. (eds.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 10. *A prosa e o teatro do primeiro renacemento* (Vigo: A Nosa Terra).
- Quintiliano, *IO* = Winterbottom, M. (ed.) (1991) [1970]: *M. Fabi Quintiliani Institutionis Oratoriae Libri Duodecim* (Oxford: Oxford University Press).
- RF* = Martínez Pereiro, C. P. (ed.) (1999): *Razões de fogo, versos fabricados (Sonetos portugueses dos séculos XVI, XVII e XVIII)* (A Coruña: Espiral Maior).
- Risco, *B* = Risco, Vicente (1928): *O bufón d’el-Rei* (A Coruña: Edicións Nós).
- Risco, *OPP* = Risco, Vicente (1972) [1928]: *O porco de pé e outras narracións* (Vigo: Galaxia).
- Risco, *OPP'* = Risco, Vicente (1982) [1928]: *O porco de pé e outras narracións* (Vigo: Galaxia).

- Rosalía, *CG* = Pociña, A. / López, A. (eds.) (1993) [1992]: Rosalía de Castro, *Poesía galega completa I. Cantares gallegos* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Rosalía, *FN* = Castro, Rosalía de (1982) [reimpr. facs. da ed. de 1880]: *Follas novas. Versos en gallego precedidos de un prólogo por Emilio Castelar* (Sada / A Coruña: Edicións do Castro / Real Academia Galega).
- RU* = Lagares, X. C. (ed.) (2001): “Anexo: as rubricas explicativas (edición crítica, reprodución facsimilar e glosario)”, en Lagares, X. C.: *E por esto fez este cantar. Sobre as rubricas explicativas nos cancioneros profanos galego-portugueses*: 99-258 (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Sarmiento, *C* = Mariño Paz, R. (ed.) (1995): Fr. Martín Sarmiento, *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- SEI* = Freixeiro Mato, X. R. (ed.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 7. *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).
- TC* = Andrade Cernadas, J. M. (ed.) (1995): *O Tombo de Celanova*. 2 vols. (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- TLL*, V, 2 = *Thesaurus Linguae Latinae*. Vol. V. Tom. 2, fasc. I-VI (Lipsiae in Aedibus B. G. Teubneri).
- TLL*, VI, 3 = *Thesaurus Linguae Latinae*. Vol. VI. Tom. 3, fasc. XIII-XVII (Lipsiae in Aedibus B. G. Teubneri).
- TLL*, VII, 1 = *Thesaurus Linguae Latinae*. Vol. VII. Tom. 1, fasc. I-VII (Lipsiae in Aedibus B. G. Teubneri).
- TLL*, VII, 2 = *Thesaurus Linguae Latinae*. Vol. VII. Tom. 2, fasc. I-VI (Lipsiae in Aedibus B. G. Teubneri).
- TP* = *O tío Pepe* [quincenario da Fonsagrada de 1913 publicado en ed. facs.] (A Coruña: Edicións Losa).
- VF* = Ferro Couselo, X. (ed.) (1996) [reimpr. facs. da ed. de 1967]: *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI* (Vigo: Fundación Penzol / Galaxia).
- Viqueira, *EPO* = Viqueira, Xohán Vicente (1974): *Ensaio e poésias* (Vigo: Galaxia).

ESTA OBRA
SAÍU DO PRELO
DE LUGAMI EN BETANZOS
O DÍA
25 DE ABRIL DE 2002



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Outras publicacións:

Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”

Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

1. Xaime Quintanilla: DONOSIÑA. Edición de Laura Tato.
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR. Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Boutet.
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e NOUTURNIO DE MEDO E MORTE. Edición de Emílio Xosé Ínsua López.
4. Oscar Wilde: ERNEST. Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero.
5. Aristóteles: POÉTICA. Edición bilingüe de Fernando Muñoz.
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES. Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz.
7. O FIDALGO E O TEATRO. TRES TEXTOS DRAMÁTICOS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO. Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei.
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS. Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet.
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996).
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO. Edición de Laura Tato.
12. António Ferreira: CASTRO. Edição de María Rosa Álvarez Sellers.
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA. Edición bilingüe de Xosé Carlos Santos Paz.
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDIOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I.
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO. Edición bilingüe de Xesús González Gómez.
17. Goretti Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA, *LA GALICIANA* E *MARÍA PITA*.
18. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO. Edição de Juan M. Camacho González.

Serie “Clásicos e Modernos”

Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

1. CLÁSICOS E MODERNOS / 1 (1999). Xosé Luís Méndez Ferrín (Álvaro Cunqueiro), Pilar Pallarés (Manuel Antonio) e Xosé M^a Álvarez Cáccamo (Celso Emilio Ferreiro).
2. CLÁSICOS E MODERNOS / 2 (2000). Manuel María (Ánxel Fole), Xosé Manuel Martínez Oca (Castelao), Xosé Carlos Caneiro (Otero Pedrayo) e María Xosé Queizán (Blanco Amor).
3. CLÁSICOS E MODERNOS / 3. (En preparación).

Actas

CASTELAO NA GALIZA DO SÉCULO XX (2000). En colaboración coa ASPG.

RICARDO CALVALHO CALERO, MEMORIA DO SÉCULO En colaboración coa ASPG.

Revista Galega de Filoloxía, nº 1.

Revista Galega de Filoloxía, nº 2.